

ACTA Nº 8/2018 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE LALÍN DO DÍA 27 DE XULLO DE 2018. EXPEDIENTE PLN/2018/8.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO (CxG-CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTOR: D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

Non asiste:

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).

ÍNDICE:

1.- Expediente 3923/2018. Decretos da Alcaldía. Dación de conta. Pleno 27072018.....	Páx.3
2.- Expediente 3819/2018.Expediente de Modificación de Crédito nº 8-P/2018. Crédito extraordinario-Suplemento de crédito.....	Páx.10
3.- Expediente 3855/2018. Expediente de Modificación de Créditos nº 9-P/2018. Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito.....	Páx.14
4.- Expediente 3869/2018. Expediente de Modificación de Créditos nº 10-P/2018. Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito.....	Páx.16
5.- Expediente 3848/2018. Expediente de Modificación de Créditos nº 11-P/2018. Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito.....	Páx.20
6.- Expediente 3861/2018. Expediente de modificación da Base de execución do orzamento nº 24.....	Páx.24
7.- Expediente 3828/2018. Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 12-2018.....	Páx.29
8.- Expediente 3680/2018. Expediente de Bonificación taxas Lixo.....	Páx.32
9.- Expediente 3774/2018. Corrección de erros de Informe aprobado en Expediente de bonificación das Taxas Lixo, aprobado polo Pleno celebrado no mes de febreiro de 2018.....	Páx.34
10.- Expediente 3681/2018. Comparecencia da Sra. Concelleira Delegada de Cultura acordada na sesión plenaria celebrada o día 29 de xuño de 2018.....	Páx.35
11.- Expediente 3865/2018. Moción do Grupo de Goberno para comprometer o seu apoio e o do Pleno á Reforma Integral da Pranta Baixa da Praza de Abastos de Lalín.....	Páx.68
12.- Expediente 3863/2018. Moción do PP relativa ao acondicionamento e reforma integral da Praza de Abastos.....	Páx.83
13.- Expediente 3862/2018. Moción do PP para articular un procedemento para o nomeamento de cronista Oficial de Lalín.....	Páx.85
14.- Expediente por urxencia 3953/2018. Expediente de Modificación de Crédito. Crédito Extraordinario e Suplemento de crédito Nº 12-P/2018.....	Páx. 102
15.- Expediente por urxencia 3992/2018. Renuncia de Tomás Vilariño Fidalgo (CxG-CCTT) ao seu cargo de Concelleiro.....	Páx. 108
16.- Expediente por urxencia 3959/2018. Moción do Concelleiro non adscrito en relación ao Padroado Cultural de Lalín.....	Páx. 109
17.- Expediente por urxencia 4008/2018. Moción do PP relativa á redistribución de parte dos remanente de Tesourería do exercicio 2017 recollidos na Modificación de Crédito 8-P/2018.....	Páx.
18.- Expediente 3924/2018. Rogos e preguntas. Pleno 27 07 2018.....	Páx.

Sendo as **nove horas** do venres, **día 27 de xullo de 2018**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuíña Aparicio, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora. Ás 11,39 horas, D. Rafael Cuíña Aparicio abandonou a Presidencia e o Concello, ocupando a Alcaldía o Primeiro Tenente de Alcalde, D. Nicolás González Casares.

A todos os asistentes entregúselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, D. Cesar López Arribas.

Actúa como Interventor, D. Fidel García Martul.

A Concelleira do PP, D^a. Eva María Montoto Méndez (PP), incorpórase no segundo punto da orde do día.

Non asiste D. Tomás Vilariño Fidalgo (CxG-CCTT).

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- EXPEDIENTE 3923/2018. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 27072018.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

2.- EXPEDIENTE 3819/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 8-P/2018. CRÉDITO EXTRAORDINARIO-SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 18/07/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de xullo de 2018.**

D. Rafael Cuíña Aparicio. Adiante

D^a Teresa Varela Fisteus. Bos días. Trátase de dotar de crédito as correspondentes aplicacións orzamentarias para a realización dos seguintes investimentos. En primeiro lugar as melloras nos seguintes camiños do rural por importe de 519.472,70. Trataríase da pavimentación do tramo pista Val do Carrio, a pista do campo de fútbol de Cercio, o acceso da pista de Cello á carretera de Brántega, pista de Cangas e pista de Cancelas, pista de Vilameá "Igrexa de Sello",

pista Castro de Abaixo, pista de Sampaio, pista de Castro de Arriba, pista da Saborida, camiño en Barciela, formigón en Bustelos, pavimentación e formigón camiño Casa do Monte de Bustelos, pista de Cristimil, reforzo pavimento en Cotarelo, afirmado do tramo do camiño do Montserrat, recrecido do pavimento na pista de Moneixas "local social, entorno da igrexa", pista estación de Botos "Casa de RENFE", recrecido con formigón no camiño de Donsión, reforzo no tramo da pista de Medela a Botos, reforzo no firme de acceso de Valado a Sello, reforzo de firme tramo de pista en Porto "Botos" rampa en Gondoriz Grande en Vilatuxe, acceso a Pradoxo "Prado", muro de sostemento da pista de Madriñán, camiño á Granxa de Madriñán, pista dende a estrada das Cruces a pista de Camposancos, pista do Espiño ao Polígono Lalín 2000, pista de Carballeda a Muimenta, pista de Barcia a Outeiro, e a pista de Carballeda a Muimenta.

Con respecto ás pistas e ao que vin hoxe en prensa, quero dicir que si por parte do Grupo Popular, a pista que da arranxo a Valado "Sello" se refiren como cacicadas, onde me queren dar unha lección de moralidade a min, non a acepto, porque en principio esa pista si da acceso á casa de miña nai, leva sen asfaltar tantos anos... bueno, non é asfaltado, é cemento, leva sen cementar tantos anos como teño eu. O técnico e o Concelleiro do Rural, cando lles pedín que a foran ver, quedaron asombrados do estado no que está, entón, que vós me veñades falando a min de cacicadas, cando as pistas que fixen en Sello dan acceso a familiares de concelleiros doutro grupo, e eu persoalmente me encarguei de solucionarlle un problema que tiñades na pista do Barreiro a familiares do Grupo Popular. Non acepto ningunha lección de moralidade, porque a pista do Barreiro estaba intransitable. Non daban nin accedido cos cargadores, e eu non miro o signo político; miro as necesidades, aparte vós...falando de cacicadas vamos.....

Pola parte que se refire á segunda parte do expediente, quérense investir 388.119,02 € para mellorar a circunvalación. A circunvalación presenta un cuarto xeneralizado con lixeiras deflexións, excepto en dous puntos singulares, que é no entorno da glorieta do Regueiriño e na glorieta de Donramiro, que presentan asentados importantes. O Concello encargou facer uns testigos para determinar a profundidade das fendas no espesor do pavimento. Os testigos marcáronse na marxe dereita. Non se puideron facer no centro por estar transitada, dos catro testigos que se sacaron. Tres desfixéronse. Aí móstrase a necesidade dese arranxo.

As as obras nesta circunvalación consistirían en eliminación parcial do firme, mediante o fresado e rebaixe do firme e recrecela no mesmo espesor igual que foi fresado. Pola miña banda...

D. Rafael Cuiña Aparicio. Moi ben. Intervencións? Teñen cinco minutos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben, moi bos días a todos. Nesta intervención voume reservar para a proposta alternativa que temos nós. Polo tanto para non repetir o mesmo, simplemente dicir que estamos en desacordo pola actitude do goberno, motivo polo que vamos a votar en contra. Porque non se trata de que unha pista vaia para un lado ou para outro. Eu o que non entendo é como vostedes, tendo un plan como teñen, o Plan Concellos, onde hai camiños, por que eses camiños non os meten nese plan? Non, non, e que quéreno meter no plan onde fai falta o noso voto para meternos inda por enriba o dedo no ollo.

Non estamos en absoluto de acordo co posicionamento do goberno, toda a vez, que xa se lles explicou aquí que, se querían negociar un paquete de obras onde estiveran o Plan Concellos, e máis os remanentes, que estaríamos dispostos.

Vostedes ignoráronnos por completo. Falando vulgarmente: tomáronnos o pelo. Tomáronnos o pelo en todo este tempo. Polo tanto nós non estamos dispostos a que nos tomen o pelo. Non estamos de acordo con esta proposta. Nós temos unha proposta alternativa que acabo de darlle ao Sr. Secretario como unha moción por urxencia, fora da orde do día, para que non poidan dicir vostedes que se atrasaron nas pistas por culpa nosa. E como vostedes a nós tómannos polo pito do sereno, e non contan connosco absolutamente para nada..., onte dicíalle na rolda de prensa aos medios de comunicación, comentaba textualmente unha comparecencia dun ilustre deputado de *Podemos*, onde lle dicía a *Pedro Sánchez* que a ver se se da conta que non está en maioría, que ten que negociar, e que ten que pactar. Iso significa baixar do pedestal onde está, e poñerse a traballar nunha negociación que as veces é difícil, case sempre é difícil, pero que é posible conseguir.

Mariano Rajoy para conseguir os Orzamentos do Estado tivo que baixar a orella e negociar con cinco grupos, e conseguíuno no seu momento. Non lle valeu para nada, pero conseguiu no seu momento obter uns orzamentos con maioría absoluta.

Vostedes pensan que están en maioría, como se non pasara nada. E vostedes non están en maioría; están en minoría, e encima queren facer da necesidade a virtude, e inda por enriba, inda nos queren meter o dedo no ollo e dicir; é que vostedes son tontos... Facemos un paripé. Chamamos aquí a uns cuantos pedáneos, etc, etc. Ben, eu direi o que teña que dicir na nosa moción no seu momento, pois a falamos despois da convocatoria de pleno con Juan Cruz, sendo coñecedores de que o voto de Juan Cruz é decisivo, porque conforma a maioría absoluta deste pleno. Polo tanto nós negociamos con el unha serie de obras que facían falta, que nos parecían necesarias. Hai moitas outras, pero obviamente non se da chegado a todas e máis o porqué de quitar unhas e meter outras. Reservome polo tanto para a nosa moción que vai por urxencia fora da orde do día, e aquí non temos nada máis que dicir, simplemente que imos a votar en contra.

Neste intre incorpórase á sesión a Concelleira D^a. Eva María Montoto Méndez (PP).

D. Rafael Cuíña Aparicio. Moitas gracias. Sr. Cruz, adiante.

D. Juan José Cruz García. Este Pleno está cargado de chapuzas, de malas intencións. Anteriormente o mes anterior foi un mes onde se veu manipulación das persoas, manipulación en prensa, e ao final vanse desmontar aquí unha serie de argumentos que falaran moi a favor do PP. Non me rasgo as vestiduras por dicir que está demostrando o PP o que nunca demostrou o goberno: capacidade de diálogo. Eu con eles simplemente síntome a gusto neste momento, para poder pactar unha serie de cousas que o goberno non tivo a ben ofrecéndolle diálogo dende o primeiro momento.

Aquela primeira frase, dos primeiros días de marchar do goberno, ao tráfuga nin auga, converteuse en: aos veciños nin auga. Hai veciños que creo que merecen o respecto e seren escoitados.

Cando falo de manipulación, falo de ver como se van vendendo os remanentes pos diferentes puntos, e sen ton nin son, e sen escrúpulos, os escrúpulos é o primeiro que debe ter unha persoa que pretenda pactar, a palabra, aquela persoa que perde a palabra pouco ten. Obviamente é un día no que vou a ser moi claro nalgunha das obras que hai, e deixaremos correr o tempo. Claro que neste Pleno non tedes a maioría, pero vamos a recalcar que hoxe si que a teriades se vós quixerades. Sen embargo o PP segue mantendo a súa palabra, sigue tentando loitar, e tratar a este concelleiro coma unha persoa normal, cousa que vós non fixestes. Atendedes a estas

consecuencias, que foi moitas veces o que falamos. Hai que intentar dialogar. Eu sigo aberto ao diálogo e aquí estou tamén para vós sen ningún tipo de resquemor.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Moitas gracias. Concelleiro do Rural, ten a palabra por un período de cinco minutos, e unha segunda intervención.

D. Miguel Medela Dobarro. Ola, bos días a todos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Por aclarar se hai algunha intervención máis da oposición, Son tres minutos. Adiante.

D. Miguel Medela Dobarro. Eu creo que neste paquete de pistas son todas necesarias. Non vin ningunha cacicada por ningún lado, porque logo temos que dicir que hainas polos dous lados, non? Porque o que falaba *Tere* da súa casa, pois esa pista é moi necesaria porque ademais debe levar... pois non sei, sobre quince ou vinte anos sen tocar. Para cacicadas podemos falar. Cando foi a transición, onde estaban as máquinas da Mancomunidade? Quere que llo diga eu? Onde estaban as máquinas da Mancomunidade? Estaban aí na parroquia de Catasós, nun muro privado, claro. Esa si que é cacicada. Iso si que é unha cacicada. Estas pistas son totalmente necesarias, e eu a verdade non mo cría, non mo cría que foran a votar en contra destas pistas, érame imposible. Pero bueno, vostedes verán o que van a facer. Despois debateremos logo có que traen. Ademais é curioso porque vostedes trouxeron a moción, por dicir unha...a de Praduxao. O non adscrito levaba meses e meses dicindo que facía falta a de Carballeda a Muimenta, e agora di que andamos mirando unhas si, unhas non, ou sexa, que metemos as de todos. Por iso eu pensaba que non faría falta falar nada con vostedes, porque verían que eran unhas pistas que ían de tódolos cores, como din vostedes. Nada máis.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Algunha intervención máis? Algunha intervención máis? Tres minutos.

D. Juan José Cruz García. Eu limitome a pedirvos tranquilidade. Todo mundo pasamos malos momentos por estes plenos. Tranquilidade e coherencia, porque antes de ninguén falar, xa estades poñendo os carros diante dos bois. Por favor tranquilidade, sosegarse. Hai que saber estar no goberno, hai que saber estar na oposición; hai que saber ser parte do goberno, e ser parte de maioría, e non ser parte de maioría. Primeiro tranquilidade. Segunda cousa: debaterase no seu momento o que se está dicindo aquí. Vexo que vides crispados. Que queredes facer? Agora petar coa cabeza contra as pedras? Petade contra o que queirades. Por favor: tranquilidade.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Moitas gracias. Procedemos a votación entón deste expediente.

Copiar parte dispositiva moción....

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo rexeitouse o expediente.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Antes de pasar ao segundo punto, porque seguramente eu ao final do Pleno non vou a estar, como xa anunciei en tempo, quería expresar de parte do goberno, hoxe estamos bastante afectados pola baixa do noso compañeiro *Tomás Vilariño*, por unha cuestión de saúde, eu atópome especialmente afectado, non teño moitas ganas nin de entrar en debates en cousas, e dicir en nome do grupo de goberno publicamente...bueno, xa levamos uns días visitando no hospital, dicirlle que o queremos moito, e que... e bueno, que o queremos moito, vale, e non quero dicir nada máis. Adiante, seguinte punto por favor.

3.- EXPEDIENTE 3855/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 9-P/2018. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 18/07/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de xullo de 2018.**

Dª Teresa Varela Fisteus. Ben, este expediente xa veu ó Pleno do mes pasado. Trátase de dotar de crédito as correspondentes aplicacións orzamentarias para a realización dos investimentos na Praza de Abastos de Lalín, conforme ao proxecto redactado polo arquitecto D. Jesús Bargados García a petición da Asociación de profesionais da Praza de Abastos, e a execución destas reformas sería por un importe de 86.361,54 euros.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Si, Grupo Popular. Ten cinco minutos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si. Antes de nada, desexarlle a *Tomás* o mellor no persoal, e agradecerlle que polo menos dentro do goberno, fose unha das persoas con mellor talante para poder falar con el, e que teña sorte no seu tema de saúde.

Con respecto ao punto tres de modificacións de créditos, como despois hai dúas mocións, unha de vostedes que nós vamos votar en contra, e unha nosa que obviamente vamos a votar a favor, pois como tamén despois o debate vai estar alí, obviamente para levar a cabo calquera desas dúas mocións, fai falta este expediente de modificación de crédito, polo tanto, estamos de acordo e vamos a votar a favor.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Moitas gracias. Seguinte intervención? Moitas gracias, procedemos a votación do expediente de modificación de crédito da cuestión da praza.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro

non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 9-P/2018, a financiar con superávit do Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2017, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades: En concreto, trátase de dotar de crédito ás correspondentes aplicacións orzamentarias para a realización dos seguintes investimentos, previa declaración, por esta Alcaldía, como Investimentos financeiramente sostibles:

- **“ACONDICIONAMENTO INTERIOR DA PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN”**, conforme ao Proxecto redactado polo Arquitecto D. Jesús Bargados García a petición da Asociación de Profesionais da Praza de Abastos de Lalín, cun orzamento de execución por contrata por importe de 86.361,54 €.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario , condicionado á declaración, pola Alcaldía, das obras que financia como investimentos financeiramente sostibles, financiado mediante superávit do exercicio 2017, do remanente líquido da tesourería do 2017, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
0.4312.632.38	Mercados, abastos e lonxas. Acondicionamento Interior da Praza de Abastos de Lalín	86.361,54

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 86.361,54 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: Fináncianse con Superávit e Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2017, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase

definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE 3869/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 10-P/2018. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 18/07/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de xullo de 2018.**

D. Rafael Cuíña Aparicio. Adiante.

Dª Teresa Varela Fisteus. Bueno, pois debido ao uso que ten o pavillón, presenta un deterioro considerable en algunhas das súas instalacións, como é o piso da pista interior, que presenta deficiencias no pavimento da goma, e o desconchado da pintura na pista onde se sitúan as gradas. Entón trátase de dotar de crédito para a correspondente aplicación orzamentaria e para poder realizar diversas actuacións no referido ao pavillón municipal, cun importe de 89.266,49. Estes cartos van permitir mellorar o aspecto do pavillón, levantando o pavimento de goma existente, o rascado da pintura existente da pista que está onde as gradas, e a retirada de paneis separadores das dúas pistas. Ademais vai permitir dotalo de infraestruturas que permitan o acceso a todo tipo de persoas, co cal é moi importante. Por iso preténdese realizar un acondicionamento dun espazo existente para crear un aseo adaptado, e unha rampa para que poidan acceder as persoas con mobilidade reducida as gradas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Moi ben. Intervencións? Algunha? Ten cinco minutos.

D. José Antonio Varela Quintela. Si. Bos días. Dikir que nós en contra disto non imos a estar, evidentemente. Como dirán vostedes, trouxemos unha moción a este pleno para este tipo de medidas, pero bueno... Non sei se a min se me traspapelou algo ou me falta parte do expediente, porque a memoria a verdade é que é cativa, cativa, cativa... Cativa a máis non poder, porque se as deficiencias que ten o pavillón municipal son estas: Ou aquí alguén non sabe como está o pavillón municipal, ou non quere saber. Ou queren deixarnos a nós tranquilos con este tema. Cousa que xa lle adianto agora que non; non nós imos quedar tranquilos con este tema. Pero bueno, para non facer da política esta de... o PP está en contra de todo, nós neste punto xa lle anuncio que nos vamos abster e seguiremos falando deste tema, porque este tema con estes 89.000 euros non se vai arranxar.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Algunha intervención máis? Ten cinco minutos.

D. Juan José Cruz García. Eu creo que nesta obra existen unha serie de premisas que había que poñer sobre a mesa para debater.

Demostrese outra vez que este proxecto é para meterlle un dedo nos ollos ao PP. Bueno, eu sinto moito, polos usuarios do pavillón, pero quería preguntar si se están arranxando as fugas de auga que hai no tellado que me parecen importantísimas. Se iso non se fai, se non se acondicionan os baños, eu tiven

moitísimas demandas de xente, ao mellor cercan tamén ao goberno, e véxome na obriga de non darlle para atrás a este proxecto, porque é moi necesario. Pero pediría que se revise o proxecto e que se vexan o que dicimos sempre: as prioridades dentro do mesmo. Agora ben, se a vosa intención é meterlle os dedos nos ollos ao PP ou a este concelleiro, levádelo mal, porque creo que o tempo dirá por onde anda a auga, por onde o río leva a auga e neste caso, as choivas. Tede coidado se estades a tempo, que non sei se estades a tempo de revisar o proxecto. Creo que vos vai ser mellor facer outro proxecto noutra orde de prioridades, primeiro empezade polas filtracións de auga do tellado.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias. Entendo que non vai haber máis intervencións. Procedemos a votación.

D. José Antonio Varela Quintela. Do goberno ninguén vai dar unhas explicacións?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Creo que son bastante claro. Se quere vostede intervir, adiante. Ten tres minutos.

D. José Antonio Varela Quintela. Si, si, pois logo vou intervir. Eu estaba esperando para que o concelleiro do ramo nos dera algún tipo de explicación. Eu dixen se a memoria era esta. Dábame a sensación de que se queda cativo. E claro, dicir que... como dixen antes, nós non imos opoñer a este tema, quédase cativo nun montón de partes, e xa lle adianto que van ter que inverter máis cartos dos que aquí marca, porque non teñen en conta algún tipo de motivación que hai agora. Non fai nada. O outro concelleiro de deportes fixo unha inversión en pintado de pistas de mini que agora non se ten aquí en conta. Non se teñen en conta os vestiarios, cando é imposible ducharse máis de tres persoas. Non se teñen en conta as filtracións. Non se teñen en conta un montón de cousas, un montón de carencias que son para os usuarios. Aquí cada un que o mire como o queira mirar. Por outra banda...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Eu ou remata este tema dos teléfonos e todo isto que está pasando, de quen sexa ou eu suspendo o Pleno. É dicir, suspendo o Pleno hasta que se solvente isto ou pido que apaguemos todos os teléfonos, pero isto non pode ser, pola cuestión da gravación. Eu non lle estou botando a culpa a ninguén en concreto que pode ser calquera, pero por favor miremos isto ben. De acordo? Veña, desculpe a interrupción, continúe. E o que menos o pensa, non se da conta. Evidentemente non hai mala fe, pero é así, veña.

D. José Antonio Varela Quintela. E despois outro tema que creo que non se tivo en conta ou se se tivo en conta, non se nos explica. Aquí ven tres meses para a obra, e tres meses que espero e desexo que non sexan durante o curso, como sexan durante o curso... A solución non lla vexo eu moi fácil, porque o nivel de usuarios que a instalación ten non é fácil de acomodar noutro lado. Bueno, como dixen antes estaremos aí. Supoño que dará moito que falar, porque xa digo: quédase cativo, é unha pena non? Porque cun pouco máis, sería un proxecto ambicioso, que deixaría unha instalación para... para bueno, para solucionar problemas que hai agora de horarios, para solucionar un montón de cousas, e que creo que estarían tódolos clubs e tódolos usuarios, encantados e contentos pola parte que lles toca. E dicir tamén, que xa que vexo que o proxecto queda cativo, se se consensuara ao mellor coas partes

que o utilizan a diario, non terían este tipo de problema. Eu aquí xa lle digo: véxolle falta de diálogo con esas partes: falta de consenso. Pero xa digo: nós non vamos a entrar noutro tipo de guerras. O noso voto vai ser de abstención, e a guerra virá despois porque isto é un pequeno, moi, moi pequeno parche a un cúmulo de deficiencias enormes que ten a instalación.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Moitas gracias Sr. Concelleiro. Algunha intervención máis?

D. Juan José Cruz García. Opinar que o muro de división que ides facer nos dous pavillóns paréceme unha aberración. Tanto que se ten demostrado que nese pavillón tense feito algún tipo de evento que permitía o uso dos dous pavillóns. Creo que nos mundos que corren, levantar agora de bloques iso non é o máis axeitado, porque dentro do ocio..... Digo que xa houbo actuacións e cousas que puido utilizar ese pavillón por ter ese espazo habilitado, recordo perfectamente o concerto de *Xulio Iglesias* e outras actuacións e cousas que houbo. Polo tanto, iso sendo nimio de importancia, eu valoro que é un proxecto totalmente improvisado. Xa vos digo que quero que quede constancia en acta que vou votar a favor deste proxecto, pero cun esteticismo total sobre o mesmo, porque me parece que vai haber moitísimas deficiencias.

As chapuzas vosas tédelas que arranxar vós, e os lalinenses terán que se dar conta dentro duns meses de que tirastes aí 90.000 euros, e que fostes vós os responsables desta aberración. Agora ben: tampouco me vou coa conciencia tranquila con este voto, porque sei que estamos traballando en contra dos intereses do pobo, pero eu, e ten que entendelo o pobo de Lalín, que non vou ser cómplice neste momento de intentar facer obras mal feitas para que a oposición sexa atacada. Polo tanto, reflexionade: poñede os puntos sobre as "is"; como se deixades eses cartos parados. Deixádeno facer os demais, ou consensuádeo como agora ben dixo o Concelleiro do PP. Ao mellor levades tanto tempo sen ir por ese recinto que non sabedes das carencias. Eu creo que neste momento se puxo en contacto comigo, e por favor estate tranquilo, porque eu estou moi tranquilo, e despois para que os micros teñan que coller cousas que non queredes dicir: non as digades. Entendido? Eu non me meto con ninguén. Si que vou eu por alí, e ademais de ir eu por alí teño moitas amizades que se dirixen a min para pedirme actuacións. Obviamente un concelleiro solo non vai chegar a poder visitar, nin a poder estar en tódalas instalacións, pistas, e demais problemáticas que hai no Concello, pero o que si que fago é escoitar, e ordenar as prioridades e ir por alí. Si que o fago, como xa sabes que o fixen, poñendo fotos en redes sociais. Polo tanto, paréceme unha aberración. Paréceme que estades desnortados. Éravos mellor en vez de falar polo baixo, tranquilizarvos, e non utilizar o ocio para tranquilizarse...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Rematou o seu tempo. Gracias. Procedemos a votación.

D. Juan José Cruz García. Espera por favor. Sr. Secretario.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non ten vostede a palabra.

D. Juan José Cruz García. Sr. Secretario quero volver votar, quero que conste en acta, que si este Alcalde, que chamamos por Alcalde, está nervioso e quere apurar

ou quere marcharse para algún lado, se ten moita présa, non sei que ten que facer hoxe para ter tanta présa. O primeiro que ten que facer é doar, doar os fondos que cobra neste Pleno...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Grazas veña.

D. Juan José Cruz García. Sr. Secretario, estame negando o voto.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Seguinte punto por favor. Chámolle a orde a primeira vez, non ten vostede a palabra, de acordo?

D. Juan José Cruz García. Estame negando o voto.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Veña.

D. Juan José Cruz García. Mira, tranquilidade.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón, perdón, pido un orde. Procedemos de novo a votación por se hai algunha dúbida.

D. Juan José Cruz García. Déixame votar.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP .

Xa que logo, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 10-P/2018, a financiar con superávit do Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2017, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de dotar de crédito ás correspondentes aplicacións orzamentarias para a realización dos seguintes investimentos, previa declaración, por esta Alcaldía, como Investimentos financeiramente sostibles:

- **“ACTUACIÓNS VARIAS NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE LALÍN”**, conforme ao Proxecto redactado polo Arquitecto Técnico Municipal Antonio Bernárdez Nogueira, cun orzamento de execución por contrata por importe de 89.266,49 €.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito

Extraordinario , condicionado á declaración, pola Alcaldía, das obras que financia como investimentos financeiramente sostibles, financiado mediante superávit do exercicio 2017, do remanente líquido da tesourería do 2017, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
0.342.632.39	Edificios e outras construcións. Pavillón municipal de Lalín	89.266,49
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		89.266,49 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: Fináncianse con Superávit con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2017, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- EXPEDIENTE 3848/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 11-P/2018. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 20/07/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de xullo de 2018.**

D. Rafael Cuíña Aparicio. Adiante por favor.

Dª Teresa Varela Fisteus. Con esta modificación de crédito poderase habilitar

unha partida de 25.000 euros destinada a financiar o programa de infravivenda municipal e mellora da habitabilidade en vivendas. Isto permitirá mellorar as vivendas do municipio que non reúnan as condicións precisas de habitabilidade e con esta modificación executase unha moción do grupo Popular, aprobada por unanimidade no Pleno.

Esta inversión en infravivenda ven a atallar a área de servizos sociais, na que estamos investindo constantemente e que sempre dixemos que durante o primeiro mandato deste goberno sería unha área prioritaria. Isto ben a reforzar o que levamos dicindo e reiterando, que para nós a área de servizos sociais é prioritaria.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Moitas grazas. Partido Popular.

D. Paz Pérez Asorei. Ola bos días. Efectivamente nós aceptamos esta modificación de crédito co noso voto a favor e en cumprimento dese acordo plenario a instancias dunha moción presentada polo noso grupo. De todos modos, temos tamén que reprochar e discrepamos que as políticas sociais tan abandeiradas por este goberno cuadripartito sexan unha prioridade, porque queda latente que no exercicio 2016 e 2017 fixeron caso omiso en sacar estas convocatorias concretamente para o programa de infravivenda municipal. Por iso nós tivemos que presentar unha moción a este Pleno, para que neste exercicio, pois, fose levada a cabo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Grazas. Algunha intervención máis?

D. Juan José Cruz García. Si, si, que teño que intervir. Comenzar a miña intervención, preguntándolle ao Sr. Alcalde se realmente estou apercibido ou non? Estou apercibido xa?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Por favor, proceda. Déixeme tranquilo. Mire non teño o corpo para discutir. Non me atopo ben moralmente, e non teño ganas de aguantarte. Podes dicir o que queiras, que non che vou entrar ó trapo. Ou sexa, o que queiras Juan. Ti es un tipo que non tes sentimentos; eu teño sentimentos. Polo tanto procede e di o que che dea a real gana. Non che vou entrar ao trapo.

D. Juan José Cruz García. Home, home, home, primeiro tranquilidade; Segunda cousa: quero saber se estou apercibido ou non, porque... Sr. Secretario, estou apercibido ou non?

D. César López Arribas. Si, así consta.

D. Juan José Cruz García. Así consta. Moitas grazas. Pois simplemente anunciar o meu voto a favor, e dicir que... tranquilidade, que non sexa o Pleno máis duro do que se che está facendo. Ten coidado con botarme deste Pleno, moito coidado. E se estás mal, eu sinto tamén moito. Tamén levo un mes facendo moitos esforzos para poder temperar a saúde dalgún familiar. Tamén sinto moito a posible baixa, agora xa non posible; máis que posible baixa dun amigo, dunha persoa a que lle quero, dunha familia a que lle quero, e dunha familia cá que sempre terán as portas da miña casa abertas, e aquí o victimismo... Vale. Eu vou crerte de que estás afectado. Pois ánimo e forza.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Tenente Alcalde, adiante.

D. Nicolás Rodríguez Casares. Ben. En primeiro lugar agradecer o voto favorable a esta moción. Di a oposición que non se cumpre con pactos ou con acordos. Bueno, isto é unha mostra máis de que este goberno si que cumpre, e como esas hai moitas. A min resúltame increíble que no primeiro expediente que vimos hoxe de modificación de crédito, onde se fala de algo tan simple como é conservar os bens municipais, conservar os bens que utilizan os cidadáns, para ir as súas casas, coa escusa peregrina de que non son os que a min me gustan, que prefería que foran outros, sendo moitos deles pedidos polos membros da oposición, a min a verdade e que sorpréndeme. Eu pensei que o talante nos outros puntos ía ser similar ó anterior e a este, porque manter servizos, manter viáis, é algo que non admite discusión. É dicir, eu a verdade é que estou completamente alucinado. Discutir si unha obra máis pequena ou máis grande, cando a redacta un técnico municipal e se lle di; fai todo o posible pois para que a circunvalación quede en bo estado, e o técnico di; pois é isto, e aquí ven e se discute iso..... É como non chamativo. Pero sen dúbida negar a maiores de que non se quere negociar ou non se pretende negociar. De feito, moitas destas cousa ademais de ser negociadas, pretendéronse negociar, e recibimos unha resposta negativa. Hai que dicilo claramente; a resposta é negativa. Concretamente o voceiro municipal díxome que non o chamara para nada. Vale, que non o chamáramos para nada e aparte foron citados persoalmente para negociar. Aquí estendemos a man; queda todo o mes de agosto. Se vos queredes sentar a negociar, sentádevos a negociar. Pero bueno, hoxe imos ver un paripé que se presenta dunha pistas que o único fin é deixar que pase o tempo e non se poida executar.

En canto ás axudas de infravivenda, pois é certo que en algún ano non as sacamos, porque tamén había que priorizar. E priorizamos ampliar a libre concorrencia; priorizamos ampliar as axudas as entidades sen ánimo de lucro que non existían antes, é dicir, fomos priorizando todo tipo de axudas e creando novos programas, como *Aquelar de prevención das drogodependencias*, é dicir, que sumaron nestes últimos anos moitos traballos ao programa de benestar social. Este é un máis que recuperamos, e recuperamos dotando de 5.000 euros máis, porque entendemos que pode ser necesario. Non tanto dedicalos a obras como se facían das outras veces, senón que hai que resolver tamén problemas en xente que ten discapacidade, que ten baños sen adaptar. Este tipo de cuestións que eu creo que deben ser tan prioritarias a veces como reparar unhas tellas. Entón trouxemos isto a Pleno. Evidentemente avisei á concelleira da oposición que o íamos a traer, creo que no mes de xuño. Se non da tempo en xuño, virá en xullo e, pois iso, agradecer que si, que neste caso nos poñamos de acordo polo ben dos cidadáns, cousa que o Partido Popular e o Concelleiro non adscrito obvian continuamente cando se trata doutros asuntos coma investimentos para obras.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Grazas. Partido Popular? Non hai máis intervencións? Digo do Partido Popular. Non hai? Vale. Concelleiro non adscrito?

D. Juan José Cruz García. Gustaríame que dentro do Pleno, se debatesen os puntos da orde do día, e nos limitáramos a falar das mocións que veñen neste momento a Pleno. Fora diso, anunciar o meu voto a favor do goberno, e insistir que si queren diálogo, no diálogo estábamos abertos, pero eses puntos de diálogo falaranse no seu momento nas mocións que teñan que ver cos puntos da orde do día.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Procedemos a votación.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 11-P/2018, a financiar con superávit do Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2017, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

-“POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE INFRAVIVENDA MUNICIPAL – EXPEDIENTE GESTIONA 3848/2018”, conforme as bases do programa de infravivenda municipal publicadas no BOP de 10 de setembro de 2015.

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario/suplemento de crédito.

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
0.231.780.04	Axudas infravivenda	25.000 €
	TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO	25.000 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:Finánciase con Remanente Líquido de Tesourería (Remanente de Tesourería para gastos xerais de libre disposición) dispoñible, procedente do exercicio 2017, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario do remanente líquido da tesourería do 2017, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario/suplemento de crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
0.231.780.04	Axudas infravivenda	25.000 €
	TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO	25.000 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:Finánciase

con Remanente Líquido de Tesourería (Remanente de Tesourería para gastos xerais de libre disposición) dispoñible, procedente do exercicio 2017, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

6.- EXPEDIENTE 3861/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO Nº 24.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 18/07/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de xullo de 2018.**

D. Rafael Cuíña Aparicio. Adiante.

Dª Teresa Varela Fisteus. Bueno, pois trátase de modificar esta base porque como estaba regulada anteriormente, solo establecía de forma taxada cales eran os anticipos de caixa fixa, que eran para cubrir os gastos de OBE, os das tarxetas de combustibles e para pagar as publicacións no DOGA. Agora case non se utilizan estas tarxetas e as publicacións no DOGA, pois se optou por outro medio de pago como son as transferencias. Entón agora o que se trata de establecer é unha regulación xenérica do que son os anticipos de caixa fixa; establécese un límite cuantitativo. Este límite cuantitativo son os importes da caixa do contrato menor e doutro lado 15.000 euros, e cada caixa individual vai estar dotada por un importe de 3.000 euros, que é o que se pode subvencionar ou dar a un particular, mediante unha subvención sen xustificación previa.

Establécese tamén o réxime de reposicións que se vai a establecer con estes anticipos de caixa fixa e o control dos mesmos. Si que os anticipos de caixa fixa se van establecer por decreto. Hai unha regulación xenérica, e despois si que se estableceran mediante decreto cales son as necesidades de dotar este sistema de caixa fixa esas contías.

Consideramos que esa modificación vai ser beneficiosa en varios ámbitos, o que máis nos leva a achegar esta modificación, é as axudas de emerxencia social, porque

agora levan un procedemento moi taxado, é dicir, o técnico informa, veñen a intervención, informa o Interventor e despois van a Xunta de Goberno á aprobación e despois destínanse. Agora, se hai un expediente por parte dos técnicos de servizos sociais, dado que son axudas de emerxencia social, vanse poder pagar. Despois este trámite non se vai obviar, é dicir, o trámite de revisión pola intervención, e o que vaia ó procedemento ó órgano competente para aprobar os gastos que a Xunta de Goberno vai a ser a posteriori. O que si é que se lle da unha saída máis áxil, e si que se vai a poder establecer. Tamén se nos dou outro caso, que moitas veces para material de oficina non inventariable, por exemplo, algunhas cousas do departamento de informática que si que tes que comprar, e tes que pagar, pois ter unha tarxeta de crédito para poder pagar e non despois pedir a devolución, e que teñamos aí unha problemática sempre en curso. Dicirvos que si que van estar regulados todos os procedementos, que estes anticipos de caixa fixa van estar sempre supervisados, tanto por un técnico como por un concelleiro, eses cheques nominativos ou esas transferencias que se fagan dende esa caixa que se vai a crear, restrinxida en pagos, van a ter que constar cas firmas de ambos, e que en ningún momento se obvia o proceso que ten que levarse a cabo, para facer calquera tipo de gasto por parte da administración.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias. Intervencións por favor?

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Bos días. Nós non nos opoñemos a que modifiquen esta base, se o que buscan é a axilidade na xestión do Concello, vamos absternos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Máis intervencións?

D. Juan José Cruz García. Valorar o traballo técnico dos funcionarios positivamente. Polo tanto, supoño que é preciso. O meu voto é favorable.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Procedemos a votación.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívoase o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

*Xa que logo, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE** do seguinte tenor:*

Conforme ao RD 500/1990, do 20 de abril nos seus artigos 73 a 76 régulanse os anticipos de caixa fixa e establécese que a súa regulación municipal realizarase a través das bases de execución do Orzamento.

A regulación actual contida nas bases de execución do Orzamento é a seguinte:

BASE 24.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Os anticipos de caixa fixa destinaranse exclusivamente a atenderen gastos imputables a calquera das aplicacións orzamentarias do capítulo II da clasificación económica do estado de gastos e ás aplicacións 231.480.00 e 231.1.480.00 (atencións benéficas e asistenciais).

Os límites cuantitativos dos anticipos serán os seguintes:

- Globalmente, os anticipos non poderán exceder no exercicio de 60.000 € .
- Individualmente, cada anticipo non poderá exceder de 3.000 €

Os habilitados como centros xestores de anticipos de caixa fixa serán:

- O Tesoureiro Municipal, para o que se establece un anticipo de caixa fixa por un importe máximo de 600 € para atencións correntes de carácter periódico e reiterativo que deban abonarse en efectivo.

- A Concelleira delegada de Facenda, para o que se establecen dous anticipos: un por importe de 2.000 para gastos de locomoción e outro por importe de 3.000 €; para situar os fondos correspondentes a este centro xestor como Anticipo de Caixa Fixa, procederase á apertura de sendas contas correntes nunha entidade bancaria, a primeira individualizada co título "Concello de Lalín, Concellería de Facenda. Anticipo de Caixa Fixa. Gastos de Locomoción", e a segunda denominada "Concello de Lalín, Concellería de Facenda. Anticipo de Caixa Fixa", sen que nelas se poidan efectuar outros ingresos que os procedentes da entidade, polas provisións ou reposicións de fondos.

As saídas de numerario das devanditas contas poderán mobilizarse mediante cargo en conta, tarxeta de débito, orde de transferencia bancaria ou mediante talón nominativo, e destinaranse exclusivamente ó pagamento dos gastos que motivaron o anticipo de caixa fixa.

Os fondos situados en tales contas terán para tódolos efectos carácter de fondos públicos municipais e os seus intereses ingresaranse nos conceptos do capítulo V do Presuposto xeral do Concello.

O seguimento contable dos anticipos farase na forma prevista nas regras 34 a 36 da Instrución de contabilidade para a Administración local aprobada por Orden EHA/4041/2004, do 23 de novembro de 2004.

O esquema xeral de funcionamento será o seguinte:

a) Mediante Decreto da Alcaldía-Presidencia outorgarase o anticipo e concretarase o seu importe, a súa finalidade, así como o centro xestor a quen se lle conceda.

b) Notificaráselle á Intervención a concesión, para os efectos da emisión da orde de pagamento, contabilización e control.

c) Emitida a orde de pagamento, a Tesourería procederá a realiza-lo ingreso na correspondente conta bancaria habilitada para o efecto.

d) A medida que o xestor do anticipo requira fondos realizará os pagos mediante cheque nominativo ou transferencia, para satisfacer o importe exacto ó acredor con ocasión das xestións municipais propias do seu cargo.

e) Periodicamente, o xestor do anticipo renderá contas dos pagamentos realizados.

f) Rendidas as contas parciais, fiscalizadas pola Intervención e aprobadas polo Sr. Alcalde, procederase a ordenar a reposición de fondos con cargo ás aplicacións orzamentarias vinculadas ó anticipo que corresponda.

Coa finalidade de adaptar esa regulación ao RD.424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público local, así como para facilitar o seu uso ante as novas esixencias da Lei de Contratos do Sector Público, Lei 9/2017, propónse que a contía global máxima permitida tome como referencia o límite dos contratos menores e a contía máxima individual o límite para poder anticipar o pago subvenciones e axudas a particulares sen necesidade de garantía previa.

Propónse unha nova redacción da base 24 xa contida na providencia de inicio do expediente e informe da Intervención municipal.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a modificación da base 24 das actuais bases de execución do orzamento , de acordo co seguinte detalle que quedará coa seguinte redacción :

Base 24ª.- Anticipos de caixa fixa.

1. Terán a consideración de anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter non orzamentario e permanente que se fagan a un habilitado para a atención inmediata e posterior aplicación ao orzamento do ano en que se realicen, dos gastos correntes periódicos e repetitivos.

2. Serán autorizados os anticipos de caixa fixa polo Sr. Alcalde ou Concelleiro delegado. Cos anticipos de caixa fixa o habilitado poderá atender os gastos imputables ao capítulo 2 do estado de gastos, e no seu caso, artigo 48, da clasificación económica do Estado de gastos.

3. Os límites cuantitativos dos anticipos son os seguintes:

- a) Globalmente os anticipos non poderán exceder no exercicio de 15.000 €
- b) Individualmente, cada anticipo non poderá exceder de 3.000 €

4. Os fondos destinados ao pagamento de anticipos de caixa fixa ingresaranse en contas correntes restrinxidas denominadas “Concello de Lalín conta corrente restrinxida de caixa fixa de “o habilitado que corresponda”. As contas abriranse constando como titular o Concello de Lalín e como autorizados/as os correspondentes habilitados de caixa. Estas contas figurarán no estado de tesourería do Concello e o seu control efectuarase do seguinte xeito:

- a) Trimestralmente, e como mínimo antes do 31 de decembro, a Tesourería

presentará á Intervención un estado de situación da conta corrente de anticipo de caixa fixa, onde figuren o saldo inicial da conta do período anterior, os ingresos e os pagamentos realizados. Tamén se acompañarán os extractos bancarios e un estado de conciliación se houber discrepancias entre o saldo bancario e o saldo da conta de anticipos de caixa fixa.

b) Por parte da Intervención, procederase a formalizar contablemente, se procede, os xuros que se devengaran.

5. Corresponde ó Concelleiro delegado da área na que se exista o Anticipo a autorización previa da disposición de fondos polo habilitado. A disposición de fondos efectuarase mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizados coa sinatura do caixeiro pagador habilitado en cada anticipo e do concelleiro delegado á que estea adscrita a caixa pagadora, ou dos seus substitutos, sen que en ningún caso poida ser unha mesma persoa a que realice ambas substitucións. No decreto de constitución do anticipo poderán establecerse outros medios de pago como as tarxetas de débito e se concretarán os demais termos de cada anticipo.

Os perceptores dos anticipos renderán contas dos gastos atendidos cos mesmos a medida que as necesidades de liquidez aconsellen a reposición dos fondos utilizados e, en todo caso, no mes de decembro de cada ano. As contas cos seus xustificantes serán aprobadas polo órgano competente que autorizou o gasto, previo informe de Intervención.

A fiscalización dos anticipos de caixa realizarase pola Intervención previamente á reposición dos fondos, a tal efecto, as facturas ou documentos equivalentes admitidos como xustificante no tráfico xurídico mercantil e comprobantes que servirán como xustificantes serán orixinais. Non se admitirán como xustificantes de anticipos de caixa fixa os albarás, co fin de evitar as duplicidades de pagamento cando o provedor presente a factura definitiva no concello.

6. Para a contabilización dos anticipos de caixa fixa atenderase ao estipulado no modelo normal da ICAL aprobado pola Orde HAP/1781/2013.

7. De conformidade co establecido no artigo 25 do RD 424/2017, de 28 de abril, os anticipos de caixa fixa están sometidos a fiscalización previa tanto na constitución como na modificación dos anticipos de caixa fixa e na reposición de fondos:

Na constitución ou modificación dos anticipos se verificará:

- A existencia e adaptación ás bases de execución do orzamento que regulan a distribución por caixas pagadoras do gasto máximo asignado.
- Que a proposta de pago basease en resolución de autoridade competente.

Na reposición de fondos se verificará:

- Que o importe total dos documentos xustificantes de gasto coincide cos documentos contables de execución do presuposto de gastos.
- Que as propostas de pagos baséanse en resolución de autoridade competente.
- Que existe crédito e o proposto é adecuado.

No que se refire ós xustificantes dos anticipos de Caixa fixa se comprobará:

-Que son gastos concretos e determinados realizados conforme ó procedemento aplicable en cada caso.

-Que son adecuados al fin do anticipo.

-Que se acredita la realización efectiva e conforme dos gastos.

-Que o pago realizouse ó acreedor determinado e polo importe debido.

8. Corresponde ó Alcalde ou Concelleiro delegado a aprobación da xustificación dos gastos e a consecuente reposición de fondos do anticipo de caixa fixa.

9. Establecerase un adecuado sistema de contabilización e control dos anticipos de caixa fixa a través do módulo específico da aplicación informática de contabilidade pública vixente.

Anualmente, coa liquidación orzamentaria, remitirase ao Pleno un informe cos resultados obtidos do control dos anticipos de caixa fixa.

Segundo.- Que este expediente de modificación de bases de execución do orzamento , que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Sendo as 09:44 horas abandonan a sesión os concelleiros D. José Antonio Varela Quintela (PP) e D. Antonio Rodríguez Rodríguez (PP), quedando o grupo popular composto por oito (8) membros e dezaioito (18) o número total de asistentes.

7.- EXPEDIENTE 3828/2018. EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 12-2018.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Facenda, de data 18/07/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de xullo de 2018.**

D. Rafael Cuíña Aparicio. Adiante.

Dª Teresa Varela Fisteus. Trátase de proceder ao recoñecemento extraxudicial por un importe de 4.321,20 que son dúas facturas: unha que son gastos de reparación e material do Lalín Arena, e a outra son os pellets. Isto é a aplicación da base 15 do orzamento do 2017: non haber acometido estes gastos conforme a un proxecto de contratación. Por exemplo: no caso dos pellets si que se fixeron tódolos pasos para que iso se puidera contratar, é dicir, houbo uns pregos, presentáronse, houbo ofertas,

e cando foi na parte final de firma do contrato non se presentou a empresa. Para que vexades, se ben é imposible ter tódolos procesos de gasto do Concello contratados. Nos casos de que inda se fai o esforzo de que haxa unha contratación, non sempre se pode realizar.

Dicirvos que respecto a estas facturas hai crédito, que o traballo foi encargado, que se fixo o traballo e o subministro do material chegou e que están tódalas facturas debidamente conformadas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Intervencións?

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Ben, como este é de ser un tema reiterativo en tódolos plenos, a postura nosa, do Partido Popular, mantemos a mesma que dixemos nos anteriores plenos. Neste temos xa un informe de intervención, no que nós, a través de unha moción, solicitamos a modificación da base 15, para que vostedes, xa que son os que executan todas as fases na contratación, pois tamén esta última non tivera que vir á Pleno.

Despois de ler o informe que presenta o Sr. Interventor, nós non vamos a entrar a valorar ese informe, pero si que consideramos de que non todas as facturas son iguais. Como vostede acaba de dicir, é dicir, non é o mesmo unha factura de subministro anual, que unha factura dunha reposición de pezas ou de material para unha determinada concellería, que iso si debería estar, segundo o que estamos vendo en todos os informes, si que se debería axustar ao procedemento xeral de contratación, e si que se debería realizar os correspondentes pregos.

Nós neste Pleno mantemos a mesma postura que nos anteriores: imos votar en contra deste expediente; imos levantarnos un dos nosos concelleiros para que sexa o Sr. Alcalde a través do voto de calidade o que aprobe ou rechace, que levante o reparo el. Nunha palabra, que é do que estamos falando

Como agora temos xa o informe da modificación da base 15, tamén lles anuncio que nos vindeiros plenos nós imos asumir a nosa responsabilidade. Se o Interventor considera de que todas as facturas, que el ve, que non se axustan ao procedemento xeral de contratación, as van traer a Pleno sen facer antes pois unha pequena escolma do que podían ser gastos anuais, ou de difícil xustificación, a nivel dunha contratación regular, como o que acaba de dicir vostede, nós o que lle vamos a pedir e a solicitar é que aparte da relación nominal das facturas, que é o que nos están entregando, a partir de agora tódalas facturas que traian a Pleno para levantar o reparo, nós pedímoslle que nos dean unha fotocopia compulsada de cada factura, onde claramente se vexa conformada polo Concelleiro que a conforma, e tamén polo técnico municipal encargado de realizar ese traballo.

Nós non poñemos en dúbida que os traballos estean feitos, e tamén temos claro de que se un empresario executa unha prestación, debe cobrar, e non o debemos meter nun problema, pois porque o procedemento non se axuste á contratación. O voto neste momento é en contra.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias. Máis intervencións?

D. Juan José Cruz García. Anuncio o meu voto desfavorable. Eu non teño competencias de goberno para estar pagando os pratos rotos dos concelleiros xa é a segunda vez case que se ve un "*excusatio non petita, accusatio manifesta*", eu... Parece que estamos de vítimas. Empézase este Pleno xa poñéndose por diante unha pista para unha casa dunha concelleira e bótaselle o peito a todo. Pois peito para todo. "A lo hecho, pecho", e o Sr. Alcalde é quen ten que levantar os reparos, e é o que ten

que velar porque tódalas obras que se están facendo estean cumpridas, ou tódalas facturas sexan cumpridas conforme dita a lei. E se non o fai, pois haberá que investigar nesas facturas, que xa no seu momento pedín o que está pedindo *José Antonio*. Paréceme correcto. Polo tanto o meu voto é desfavorable, e cada un que se ataña ás consecuencias do seu traballo. Xa repito que unha das cousa polo que se pedía ao mes de entrar no goberno a miña dimisión era que eu tivera problemas con intervención. Volvo a facer a mesma aposta de sempre: Calquera problema que crean vostedes que tiveren eu con intervención, están aí os xulgados para que me leven, e calquera problema que eu tivera con intervención nese primeiro mes ou durante todo o ano, poño o meu cargo a disposición do Alcalde, se é quen de demostralo. Xa é a quinta ou sexta vez que lle fago a aposta ao Sr. Alcalde, por diferentes temas, xogándome o meu cargo. Outra vez o tempo danos a razón, limpen as súas responsabilidades, e fágano co voto de calidade do Alcalde. Creio que vos tedes que levantar máis dun.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Procedemos a votación.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.

Votos en contra: nove (9), sendo oito (8) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Abstencións: dúas (2) do PP, por ausencia dos Concelleiros, por ausencia dos Concelleiros, sendo de D. José Antonio Varela Quintela e de D. Antonio Rodríguez Rodríguez, ausentes no intre da votación e por prescrición do ROF..

De acordo co disposto nos artigos 100.2 do ROF, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e 46. 2.d) da Lei 7/85, de 2 de abril, RBRL, sometida a unha nova votación o expediente, por existir empate de votos na primeira, obtívose o seguinte resultado:

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.

Votos en contra: nove (9), sendo oito (8) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Abstencións: dúas (2) do PP, por ausencia dos Concelleiros, sendo de D. José Antonio Varela Quintela e de D. Antonio Rodríguez Rodríguez, ausentes no intre da votación e por prescrición do ROF.

Por elo, **CO VOTO DE CALIDADE DA PRESIDENCIA, APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

Como consecuencia da existencia de determinados gastos realizados nos que concorren as seguintes circunstancias:

- Por omisión no expediente de requisitos ou falta de trámites esenciais., como no actual expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 12/2018 da relación de facturas 41, por importe total de 4.331,20 €.Tendo en conta que por parte deste Concello se debe considerar necesario proceder ó recoñecemento extraxudicial co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que efectivamente se trata de suministros prestados ó Concello durante o ano 2018.

De acordo coa Base 15 do presuposto de 2017 e prorrogado para 2018 que di : O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria no exercicio no que se realizou o gasto, ou cando existira, se se realizaron estes sen someterse ó **procedemento xeral de contratación**. Fóra destes supostos, o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderalle á Xunta de Goberno Local, logo da incoación do expediente polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o informe da Intervención municipal sobre a procedencia do recoñecemento extraxudicial nº 12/2018 , da relación de facturas 41 e previo ditame da Comisión de Facenda, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Levantar o reparo correspondente ás facturas que se indican.

Segundo: Proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de **4.331,20 €**, segundo a relación que acompaña á proposta (**Relación de facturas nº 41**):

Concepto	CIF	Razón social	N.º factura	Data	Importe
MATERIAL REPUESTOS	B15143258	MAQUINARIA AUTOMATICA	274	19/06/2018	697,57
LALIN ARENA		COMERCIAL, S.L.			
PELLET A GRANEL PARA	B94038106	GESTCALOR S.L.	0788	12/06/2018	3633,63000,
LALIN ARENA					
TOTAL					4331,20000,

D. Rafael Cuíña Aparicio. Seguinte punto. *Sr. Secretario*, dixen seguinte punto, por favor. Gracias.

Incorpóranse a sesión os concelleiros D. José Antonio Varela Quintela (PP) e D. Antonio Rodríguez Rodríguez (PP), quedando o grupo popular composto por dez (10) membros e vinte (20) o número total de asistentes.

8.- EXPEDIENTE 3680/2018. EXPEDIENTE DE BONIFICACIÓN TAXAS LIXO.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta d Concelleiro Delegado de Benestar Social, de data 12/07/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de xullo de 2018.**

D. Rafael Cuíña Aparicio. Adiante.

Dª Teresa Varela Fisteus. Bueno, este Concello ten establecido unha taxa para a prestación do servizo de recollida e tratamento do lixo e residuos urbanos, se ben, no artigo 15 da ordenanza, establécense diferentes tarifas, definindo si se trata de familias numerosas, familias con escasos recursos, ou ben de xente que está percibindo o RISGA ou calquera axuda de emerxencia social. Aquí simplemente se trata de aprobar o informe do técnico, que verificou que se daban estes requisitos para poder aplicar as taxas reducidas que se collen no artigo 5 da ordenanza de recollida do lixo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Intervencións?

D. Paz Pérez Asorei. Ben. Sendo este un expediente de trámite e que está informado polos responsables técnicos da área de servizos sociais, para nós ten a suficiente credibilidade, como para votar a favor destas bonificacións.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Máis intervencións?

D. Juan José Cruz García. O meu voto é favorable.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Procedemos a votación.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE do seguinte tenor:**

O Concello de Lalín, en virtude da Lei 39/1988, reguladoras das Facendas Locais, modificado pola Lei 25/1988, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Local das Taxas Estatais e Locais, establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, sendo suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria.

No artigo 5 da Ordenanza, de acordo coa modificación da mesma publicada no boletín oficial da provincia de 17 de decembro de 2013, establécense as tarifas da taxa en relación a vivenda, distinguindo entre familias con escasos recursos, familias numerosas nas súas categorías xeral e especial así como persoas beneficiarias de RISGA e/ou Emerxencia Social. Unha vez achegada a documentación que xustifique a

pertenza a cada un dos colectivos, producirá efectos a partir do trimestre seguinte ao da súa presentación. Así mesmo todos os colectivos deberán de presentar antes da finalización do primeiro trimestre a documentación acreditativa das situación que da lugar á aplicación da tarifa.

En vista do exposto, o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos de acordo cos informes técnicos que figuran no expediente Gestiona 3680/2018.

9.- EXPEDIENTE 3774/2018. CORRECCIÓN DE ERROS DE INFORME APROBADO EN EXPEDIENTE DE BONIFICACIÓN DAS TAXAS LIXO, APROBADO POLO PLENO CELEBRADO NO MES DE FEBREIRO DE 2018.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta d Concelleiro Delegado de Benestar Social, de data 12/07/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de xullo de 2018.**

D. Rafael Cuíña Aparicio. Adiante.

Dª Teresa Varela Fisteus. Ben, este tamén é un expediente de trámite, trátase simplemente de emendar un erro, emitido por unha colexiada, que aquí o reflicte, en canto ao número fixo de un recibo de taxa pola prestación de servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos, acompañáñanse os informes, e simplemente é subsanar ese erro.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Algunha intervención? Concelleiro non adscrito?

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE do seguinte tenor:**

O Pleno do Concello de Lalín, de 23 de febreiro de 2018, acordou aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos que se recollen na proposta de acordo cos informes técnicos que figuran no expediente 742/2018.

No informe emitido pola colexiada 969, en data 14 de febreiro de 2018, obsérvase un erro de forma en canto ao número fixo de un recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

En vista do exposto, o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Corrixir dito erro e a aprobar o informe técnico que figura no expediente Gestiona

3774/2018.

10.- EXPEDIENTE 3681/2018. COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA ACORDADA NA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2018.-

A presidencia deu paso á comparecencia da Sra. Concelleira Delegada de Cultura acordada na sesión plenaria celebrada o día 29 de xuño de 2018.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Ten a palabra o grupo que solicitou a comparecencia. Adiante. Bueno, perdón, isto non é o correcto. Non sei se a Concelleira quere dicir algo antes, ou simplemente contestar as preguntas.

Dª Lara Rodríguez Peña. Non.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Entón, os que presentan a comparecencia procedan coas preguntas, se son tan amables.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben. O lóxico sería que ela dera unha explicación. Digo porque tal e como reflectimos na moción que presentamos no pleno pasado; pero se non a quere dar é o seu problema...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Sr. Crespo, non quero ter ningún tipo de problemas, e menos hoxe con vostede. Si que lle quero dicir que como sabe...

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, mire...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón, perdón, perdón. Estou falando.

D. Xosé Crespo Iglesias. No, pero é que vostede doume a palabra a min. Mire vostede doume a palabra a min, e se me dou a palabra a min: ou ma quita ou non me interrompe cando lle da a gana.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Quítolla, quítolla.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, perfecto moi ben.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Quítolla, e dígolle que sabe mellor ca min o procedemento das comparecencias que son preguntas e respostas. Simplemente era aclarar isto, adiante, adiante, ten a palabra.

Dª Lara Rodríguez Peña. Bo día. Se queren que interveña agora, fago.

D. Xosé Crespo Iglesias. No pero se o alcalde di o contrario... non se preocupe.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Eu non dixen o contrario, dixen...

Dª Lara Rodríguez Peña. No, o Alcalde preguntoume a min se quería intervir.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Claro preguntéille antes se quería intervir e dixo que non.

Dª Lara Rodríguez Peña. Para facelo máis sinxelo, creo que, quizais, si que sexa conveniente que interveña ao principio, sobre todo para saber o que vos ides atopar na comparecencia.

Entendo que non é unha comparecencia unicamente, senón que son dúas. Non sei como van proceder a realizar isto, pero entendo que son dous temas diferentes aos que teño que aterme. Eu o que quero deixar claro por parte dun dos temas, que é o tema da denuncia, que realizamos como partido político, como Plataforma Aberta Cidadá, e non como grupo de goberno. En relación con isto, a miña intervención neste sentido, vai ser breve. Non vou responder ao maior parte das preguntas, por dous motivos fundamentais. Por iso considero necesario que sexan coñecedores do meu proceder. Por unha parte, non sei, teñen que ter en conta, se leron o regulamento de funcionamento dun pleno, e aquí xa me vou ater a ler literalmente o que pon. Vou facer unha tradución, aí pódese ler que; todo membro da corporación que por delegación do Alcalde ostente a responsabilidade dunha área de xestión, está obrigado ou obrigada a comparecer, para responder as preguntas que se lle formulan sobre a súa actuación. Con isto quero dicir que a comparecencia, ás preguntas as que me van someter agora, non proceden nun pleno municipal. Por que? Eu podo comparecer, e de feito así o fixen sempre, cando a comparecencia ten que ver coa miña xestión política, coa miña xestión pública, non cunha decisión tomada por un partido político. Se vostedes queren que compareza por algún tema relacionado coa miña xestión, eu vou comparecer. E neste caso, a segunda petición, si que ten que ver coa miña xestión política, co cal, cando iso sexa así, eu responderei segundo sexa oportuno. Agora ben, en relación ao tema da denuncia interposta nos xulgados no seu momento, é un tema que non ten nada que ver coa miña xestión de Concelleira de Cultura, Educación, desta corporación, co cal, unha vez sabido isto, vostedes xulguen por vostedes mesmos. Agora unha segunda cuestión e xa remato coa miña intervención inicial: Non sei se se acordan, no pleno levado a cabo en abril o Partido Popular presentou unha moción “in voce”, relacionada con este tipo de irregularidades que supostamente cometeron, e vostedes mesmos instaban ao goberno municipal a levar determinados casos de irregularidades, en relación a contratación de persoal, ós xulgados ou a fiscalía. Entón, o que non me parece normal, nin que teña ningún tipo de lóxica, é que nun primeiro momento insten ao goberno a levar determinados temas da Fiscalía ou do xulgado, onde creamos conveniente, e unha vez que se fagan, monten esta película, porque non é máis que unha película. As irregularidades están, e vostedes como persoas que estiveron gobernando durante vinte e cinco anos, sábeno. As irregularidades están, e así o dín os informes que se levaron aos xulgados. E agora que pretendan que eu compareza por un tema que para colmo, nin sequera ten que ver coa miña xestión política, porque eu repito, son Concelleira de Cultura e Educación do Concello de Lalín. Paréceme cando menos aberrante, sobre todo tendo en conta que vostedes mesmos así o manifestaron no Pleno, así o pediron no Pleno. Se queren podo lervos.

Nun primeiro momento, e para colmo, fan relación á miña persoa, e leo literalmente. Di vostede, Sr. Crespo: se cree que hai algunha anomalía póñao en coñecemento xudicial, e referíase a min, a min. Nunca me dixeron os técnicos, Interventor, e aquí é relacionado co caso do verán, Interventor ou Secretario, que fose ilegal o contrato de verán, se mo dixeran, non o houbera feito. Iso seguro. Póño en coñecemento da Fiscalía, a moción “in voce”. Fartámonos e esgotamos a paciencia.

Que a Fiscalía decida con luz e taquígrafos, non deixarlle a el potestade de pensar que estamos atrapados nunha trampa. Envíalle todo ao Fiscal, tamén como o conseguiron. Temos os nosos avogados. O Fiscal verá se hai responsabilidades, estaremos aí. Se non acabamos o conto, pedimos a urxencia e mandar todo o que atoparon aquí á Fiscalía.

A diferenza neste Pleno así se manifesta e manifestouno o Sr. Alcalde, é que eles non ían xudicializar nada, co cal, nós, coma Plataforma Aberta Cidadá, propuxemos facelo como partido e así foi. Nas preguntas que vostedes me fixeron no anterior pleno así o respondín. Entón agora mesmo valoren que preguntas me van facer. Pero eu estou no meu dereito para responder o que así considere, polas causas que acabo de explicar. Moitas grazas.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Partido Popular adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben, eu creo que vostede está mal informada de cales son as responsabilidades como Concelleira desta casa. Vostede non pode desligar a súa actividade, cando as acomete no exercicio dos seus lexítimos dereitos, cando vostede procede a unha actuación, que ten que ver co ataque ás persoas. Polo tanto, vostede pode dicir misa; pode dicir o que lle dea a gana, pero vostede foi a que deu a rolda de prensa e a que compareceu na denuncia contra nós. Unha denuncia política como intentarei demostrar totalmente. Eu quero dicirle que a súa comparecencia non ven por vontade de vostede, porque as preguntas que nos respondeu era como tomarnos por parvos. É evidente que, se non fora por obrigación, vostede non comparecería neste Pleno nin de broma. Hoxe non estaría aquí para dar explicacións, e responder sobre unha denuncia, que xa recoñeceu que non buscaba un recorrido xudicial, senón político, Á hemeroteca me remito; un percorrido político covarde e rastreiro, que é acabar cun rival político mediante a utilización espuria da xustiza.

Polo tanto, como hoxe a súa obriga é responder, por suposto o que lle dea a gana, faltaría máis, eu espero que responda con sinceridade ás preguntas que lle vou a formular.

Empezo. Se vostede xa ten recoñecido publicamente que a denuncia presentada posiblemente non teña percorrido penal; cales foron os motivos que a levaron a presentar esta denuncia política?

D^a Lara Rodríguez Peña. Vostede acaba de dicir que teño o deber de comparecer no Pleno. Eu repito, no Pleno comparezo para responder preguntas relacionadas coa miña xestión política como Concelleira de Cultura e Educación, non por unha denuncia que fixemos como partido político. Repito. Se vostedes queren saber motivos, ou queren saber algún tipo de cuestión relacionada con isto, eu formo parte dunha agrupación electoral que se chama Plataforma Aberta Cidadá, e todas aquelas cuestións que queiran saber pódenas remitir tanto a min coma aos meus compañeiros e compañeiras que fomos os que tomamos a decisión de facer iso nos xulgados.

Isto non ten que ver coa miña xestión política, e non ten que ver porque non ten relación, nin con cultura, nin con educación, nin co Padroado Cultural do que son Vicepresidenta. Iso para empezar. Isto foi unha decisión tomada pola agrupación de electores da que formo parte. Non foi unha decisión tomada por min nada máis. Iso para empezar, que é un xogo político desde logo, porque estamos aquí facendo política. Eu non vou por suposto a nada persoal, basicamente porque a vostedes non

os...

D. Xosé Crespo Iglesias. Recoñece que é un xogo político? Meter a alguén no xulgado é un xogo político?

Dª Lara Rodríguez Peña. É unha pregunta que forma parte da comparecencia tamén? Se é un xogo político ou non?

D. Xosé Crespo Iglesias. Non, non, eu pregunteille, cales son os motivos...Vostede é a voceira do seu partido, vostede e a representante do seu partido nesta corporación, e vostede e a que dou a cara. Eu pregúntolle a vostede: se vostede dixo publicamente que probablemente non teña moito recorrido penal: cales son os motivos que levaron a presentar esta denuncia política entón?

Dª Lara Rodríguez Peña. Os motivos manifesteiños xa no momento no que contestei á pregunta.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu estoulle preguntando, vostede é a representante do goberno deste pobo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Si, os motivos tamén os manifestei no momento no que realizamos a rolda de prensa, na que como saben todos e todas vostedes, non estaba eu nada máis porque foi unha decisión conxunta. Agora ben, si que lle vou responder a esa pregunta: No momento na que hai unha serie de irregularidades na contratación de persoal das que somos conscientes, imos poñelo nas mans da xustiza, punto. Así está establecido por lei. No momento no que saben que hai unha serie de irregularidades, nós imos actuar e punto, e non hai máis por onde sacar. Iso foi así, é máis: vostedes instaron a que fixeramos este procedemento, en abril, no mes de abril, e de repente, cando o facemos, parece que molesta demasiado. Pois as veces terán que pensar un pouco o que fan e o que din, porque esa moción foi aprobada en pleno, no mes de abril repito.

D. Xosé Crespo Iglesias. Infórmolle de que non ten nada que ver unha cousa. O que nós pedimos, co que vostede dixo, nada en absoluto. Nós pedimos en relación a unha comisión de investigación que levaba atascada no Concello moito tempo. Sígolle coas preguntas. Buscaba vostede única e exclusivamente minar a imaxe política do anterior goberno, e en especial a de Román Rodríguez e a miña?

Dª Lara Rodríguez Peña. En absoluto.

D. Xosé Crespo Iglesias. Se non é así, como acaba de afirmar: por que convoca vostede unha rolda de prensa ao día seguinte, en lugar de deixar andar a denuncia e que o xuíz faga o seu traballo e investigue?

Dª Lara Rodríguez Peña. Iso foi unha decisión tomada pola Plataforma Aberta Cidadá. É o único que lle podo dicir.

D. Xosé Crespo Iglesias. Da que vostede é a súa representante. É así?

Dª Lara Rodríguez Peña. Son representante, pero son unha membro máis da plataforma. Eu vou acatar o que a plataforma decida por maioría, punto. Entón

decidimos todos e todas facer o procedemento así, e facer unha rolda de prensa. É o único que lle vou dicir. Eu tampouco teño que darlle explicacións sobre o proceder da plataforma da que formo parte, porque repito que este non é o lugar para falar de agrupacións políticas, senón que é o lugar par falar da xestión política que estamos levando a cabo como goberno de Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias. Isto Sra. Concelleira é o lugar para falar de todo o que teña que ver co funcionamento municipal. Vostedes romperon as liñas vermellas que había de calquera posible relación cordial nesta casa; vostedes romperon as liñas vermellas; saltáronas. Polo tanto, si que é o lugar para falar inda que vostede diga que non.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Preguntas por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias. Está a recoñecer que o que realmente buscaba vostede, e o seu partido polo que di, e os seus compañeiros de goberno, por moito que digan o contrario, era utilizar os tribunais de xustiza dunha forma pouco ortodoxa, para desgastar e facerlle dano político ao PP?

Dª Lara Rodríguez Peña. É a mesma pregunta ca antes. Non. Repito, nós eramos coñecedoras e coñecedores dunha serie de irregularidades na contratación de persoal. Esas irregularidades están aí. No momento no que temos coñecemento delas, imos facer os trámites necesarios para poñelas en vía xudicial, punto. Se tiveramos máis información, ou se coñecemos outro tipo de casos similares imos proceder ao mesmo. Iso xa volo digo agora mesmo. Nós como agrupación non imos pasar por ese tipo de cousas. Dixémolo cando nos presentamos ás eleccións municipais e seguímolo dicindo agora, e punto.

D. Xosé Crespo Iglesias. Considera axeitado e lexítimo presentar unha denuncia aos rivais políticos co único fin, de calumnia que algo queda?

Dª Lara Rodríguez Peña. Non.

D. Xosé Crespo Iglesias. Fixo vostede ou algún compañeiro do goberno, ou algún asesor do goberno, algunha xestión con algún medio de comunicación de fora de Lalín para que a nova da denuncia tivese maior repercusión?

Dª Lara Rodríguez Peña. Para nada. Repito: vostede pedíume ser sincera e estouno sendo. Pode crelo ou non o pode crer, pero todo isto...

D. Xosé Crespo Iglesias. Iso créollo. Porque non o fixo vostede, probablemente o fixo o Alcalde, seguro. Non teño dubida ningunha. Aí créolle ves, aí créolle Sra. Concelleira, totalmente de acordo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Repítolle, repítolle. Todo este procedemento foi parte da Plataforma Aberta Cidadá. Estou sendo completamente sincera, e de verdade ao final estou falando do que non quero, porque realmente este é un tema para non debater no Pleno. Pero estoulle dicindo, que toda a tramitación, a decisión foi da Plataforma Aberta Cidadá, o contacto cos medios de comunicación tamén, e todo o proceder en relación á convocatoria da rolda de prensa tamén, foi unha decisión da

plataforma.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Fun eu. Como cando saín catro días seguidos na portada da Voz de Galicia polo caso do Corpiño. Tamén fun eu quen promocionou todo iso.

D. Xosé Crespo Iglesias. Considera vostede que a denuncia presentada é rigorosa?

Dª Lara Rodríguez Peña. A denuncia presentada levaba toda a documentación que tiñamos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu solo lle pregunto se considera que era rigorosa?.

Dª Lara Rodríguez Peña. Pois era rigorosa no momento no que a documentación que temos dispoñible é a que podemos levar ao xulgado. Dende logo son informes bastante sangrantes, porque supoño que vostedes serán coñecedores dos mesmos, coa serie de irregularidades na contratación de persoal que houbo neste Concello.

D. Xosé Crespo Iglesias. Elaborou vostede esa denuncia?

Dª Lara Rodríguez Peña. Elaborámola a Plataforma Aberta Cidadá. Si, da que formo parte, vaia.

D. Xosé Crespo Iglesias. Entón preparouna solo coa Plataforma Aberta Cidadá, e non lle axudou ninguén? Solo a Plataforma Aberta Cidadá?

Dª Lara Rodríguez Peña. Os compañeiros e compañeiras da Plataforma. É dicir, levamos con ese proceso uns meses, é dicir, en outubro de 2017, e iso si que foi algo que lles contestei nas preguntas. En outubro do dezsete temos esa documentación. Entón a partir de aí empezamos a proceder, empezamos a falar, nós temos reunións tódalas semanas, e fixemos ese labor, pero repítolles que foi algo da Plataforma Aberta Cidadá; foi algo que elaboramos os compañeiros e compañeiras que estamos traballando durante todo este tempo. Se me queren crer pois paréceme ben, e senón pois tamén.

D. Xosé Crespo Iglesias. Xa me imaxino. Por que na denuncia se asegura que a Xunta de Goberno de decembro do 2012, porque se asegura na denuncia, que a Xunta de Goberno en decembro de 2012, o Secretario Xeral advertiu ao goberno, cando iso é totalmente falso?

Dª Lara Rodríguez Peña. Iso comenteino tamén nas preguntas que me realizaron no anterior pleno. Por iso non entendo, porque mas están expoñendo agora mesmo no Pleno, porque esas preguntas respondinas, e respondinas. Considero rigorosamente, é dicir, foron unhas preguntas respondidas cunha coherencia e sinceridade que é o que solicitan agora, totais. Pero bueno, dígovolo, na acta da Xunta de Goberno do 12 de decembro, aparece un técnico da administración xeral, sen máis, non especifica se é persoal ou non, entón, nese caso e tal e como lles comentei nas preguntas, pois aí houbo ese erro por culpa de ser un técnico da administración xeral, pero...

D. Xosé Crespo Iglesias. Houbo un erro, cambiar o Secretario Xeral por un técnico da casa?

Dª Lara Rodríguez Peña. A historia non é esa.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede sabe a diferenza que hai?

Dª Lara Rodríguez Peña. Vostede se o sabe. Cando se leva algún tema por vía xudicial, pódese abrir investigación ou non. No momento en que se abre investigación, eles e elas o que van mirar é se existen esas irregularidades. Entón non intenten levar o tema a outro sitio. É dicir, aquí hai irregularidades e están patentes, e houbo irregularidades, sabémolo. Sabémolo nós e sábeno vostedes, porque vostedes saben como era a forma de contratación de persoal nesta casa na época do seu mandato.

D. Xosé Crespo Iglesias. Xa o dirá quen ten que dicilo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Vale. Iso por un lado, tamén é certo, pero o que quero dicir é que non desvíen o tema porque o que é sangrante o contido da denuncia e punto.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ou sexa, que pa vostede é igual dicir nunha denuncia ante o xulgado, unha falsidade, dicindo que o Secretario Xeral advertiu ao grupo de goberno cando iso é falso, para vostede iso é irrelevante?

Dª Lara Rodríguez Peña. Por suposto irrelevante non é, pero o que non é...

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero está posto por escrito.

Dª Lara Rodríguez Peña. O que non é irrelevante, é o contido da denuncia. Iso si que non é irrelevante. Os xulgados van a proceder a facer o que consideren, sexa favorable ou non sexa favorable; pero en todo caso son os xulgados os que deciden, co cal eu ante iso non teño nada máis que dicir.

D. Xosé Crespo Iglesias. É consciente vostede de que non se trata dun informe do Secretario Xeral, senón dun técnico de persoal incorporado nesa Xunta de Goberno a petición do propio goberno, mentiu vostede a sabendas sobre a autoría deste informe para xustificar a presentación da denuncia?

Dª Lara Rodríguez Peña. Non.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non?

Dª Lara Rodríguez Peña. Non, para nada, é dicir, non é unha mentira. En absoluto, e contesteillo nas preguntas. Non é unha mentira para nada.

D. Xosé Crespo Iglesias. Entón que é?

Dª Lara Rodríguez Peña. Pero non llo acabo de dicir? Acabo de dicirle...

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede...

Dª Lara Rodríguez Peña. Perdoe, poñía técnico de administración xeral, punto. E que non vou seguir respondendo a isto porque xa non ten máis por onde tirar.

D. Xosé Crespo Iglesias. Técnico de Administración Xeral non o pon na denuncia. Mire, un xuíz ve o que ten alí escrito, e na súa denuncia escrita e firmada por vostede, pon claramente: que o Secretario Xeral, advertiu ao goberno de irregularidades. E iso é falso, e vostede cree que poñer por escrito, o Secretario Xeral, ou outro técnico, ou calquera que é exactamente igual? Da igual? O fondo é o mesmo. E entón da igual?

Dª Lara Rodríguez Peña. Os xulgados decidirán Sr. Crespo.

D. Xosé Crespo Iglesias. No, claro, por suposto.

Dª Lara Rodríguez Peña. Xa está, eu agora non vou...

D. Xosé Crespo Iglesias. Faltaría máis, pero vostede considera que poñer iso por escrito, non é unha negligencia súa senón que é perfectamente normal.

Dª Lara Rodríguez Peña. Se é unha negligencia, xa o dirán.

D. Xosé Crespo Iglesias. No, pero é que...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Creo que... perdoa Sr. Crespo, creo que se lle contestou a vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdoe eu dareime por contestado... o bo e o malo da comparecencia é que cada un pode preguntar o que estime oportuno, e o comparecente pode responder tamén o que estime oportuno.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Eu tamén podoo aplicar o tempo e non o aplico.

D. Xosé Crespo Iglesias. No, perdóeme, nas comparecencias non hai tempo, o podes preguntar.

Dª Lara Rodríguez Peña. Si que hai tempo.

D. Xosé Crespo Iglesias. É sen tempo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Si que o hai, adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias. Quen lle informou a vostede da existencia dese acordo do ano doce?

Dª Lara Rodríguez Peña. A min hai algo que me parece profundamente mal.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pregunto.

Dª Lara Rodríguez Peña. E é esta pregunta, e dicir, porque cuestionar que eu non sexa capaz de mirar unha acta dunha Xunta de Goberno, paréceme bastante denigrante.

D. Xosé Crespo Iglesias. Do ano doce?

Dª Lara Rodríguez Peña. Iso poñíano no informe. É dicir, no momento no que eu vexo, Xunta de Goberno do 12 de decembro do ano 12, pois vou a secretaría e solicito a acta, que foi o que fixen. Foi o que fixen, é dicir, pode ter deficiencias, pero pedir unha acta sabendo que está nun informe, pois bueno, ata aí chego, ata aí pode chegar. É dicir, a miña capacidade iso pode soportalo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Xa, xa... entón por aclarar...

Dª Lara Rodríguez Peña. Pode preguntar en Secretaria se fun eu a que o solicitei...

D. Xosé Crespo Iglesias. Entón por aclarar, vostede...

Dª Lara Rodríguez Peña. Espere, pode preguntar en Secretaría se fun eu a que solicitei esa acta.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se preocupe que xa preguntei.

Dª Lara Rodríguez Peña. Pode preguntalo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Entón por aclarar: vostede está a asegurar que soubo buscar ese acordo, pero non soubo lelo, é dicir, non soubo interpretar ben o seu contido, ao poñer que o Secretario informaba, cando iso era mentira...soubo buscalo pero non soubo lelo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Volvo ao tema outra vez. Pode ser, si.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, vale, vale, xa vexo por onde vai. Contou vostede co asesoramento, ou polo menos mantivo algunha conversa, sobre o tema desa denuncia co avogado contratado pola alcaldía para facer RPT, e que segundo di un informe da anterior Interventora, adicouse a todo menos a facer o que foi contratado?

Dª Lara Rodríguez Peña. En absoluto, non. En ningún momento tiveron contacto con este avogado para tratar este tema. Si é certo, e como lle contestei nas preguntas, que me remitín a el cando foi o caso de Bran; pero con isto en absoluto. En absoluto principalmente polo que xa levo anunciando dende que empezou a comparecencia, e que isto foi un tema que traballamos como Plataforma Aberta Cidadá. En ningún momento solicitamos a axuda destes asesores.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non a creo, pero é igual, ten dereito a dicilo. O segundo documento que adxunta na denuncia, é outro documento elaborado polo citado técnico de persoal, documento que foi supostamente utilizado polo Alcalde, para pagarlle os trienios a ese persoal. Como tivo vostede acceso a ese documento, ó último?

Dª Lara Rodríguez Peña. Ese informe, é un informe feito na casa que estaba compartido por cincuenta persoas, por así dicir. Eu formo parte do goberno, teño acceso a determinados informes, nada máis.

D. Xosé Crespo Iglesias. É dicir, en que departamento solicitou vostede ese informe? Tesourería, intervención...

Dª Lara Rodríguez Peña. O informe foi elaborado polo técnico de persoal.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si no, en que departamento o solicitou? Porque o técnico de persoal non creo que llo dera a vostede.

Dª Lara Rodríguez Peña. Dedúzao vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias. O técnico de persoal elaboraría e metería nun departamento. En que departamento o foi buscar vostede? Secretaría, intervención...

Dª Lara Rodríguez Peña. Hoxe en día non hai que buscar expedientes en ningún sitio, porque están todos colgados nunha plataforma que utilizamos para traballar.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, no Gestiona non? Colocouno alí no Gestiona e vostede buscou de alí, non?

Dª Lara Rodríguez Peña. Pero esta pregunta, a que ven?

D. Xosé Crespo Iglesias. De onde o quitou, de onde quitou ese documento? Eu quero demostrar o que quero demostrar, que vostede está utilizando torticeramente a xustiza, para intentar invalidar a Román e a min. Iso é o que quero demostrar. Por iso lle pregunto: en que departamento solicitou ese informe do técnico de persoal, porque non creo que o técnico llo remitira a vostede, ou remitiullo?

Dª Lara Rodríguez Peña. Pero por que cree que o técnico...

D. Xosé Crespo Iglesias. Mandoulle un correo electrónico, un informe...

Dª Lara Rodríguez Peña. Por que cree que o técnico non remitiu... vamos a ver, este informe...

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu preguntolle.

Dª Lara Rodríguez Peña. Perdoe, este informe é un informe que se elaborou polo tema dos trienios, e eramos todos coñecedores e coñecedoras todos os membros do goberno, punto. E que non teño nada máis que dicir ó respecto. Eu formo parte do goberno municipal e entendo que moitas veces consideren que a miña inutilidade tal e como manifestaron en moitas ocasións, como o demostra o feito de que pensen que non son capaz de buscar unha acta. Vale?

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu non teño ningunha dúbida de que vostede é capaz de buscar calquera acta, non teño ningunha dúbida. Ata aí chego.

Dª Lara Rodríguez Peña. Pois menos mal, gracias.

D. Xosé Crespo Iglesias. O que si é, o que teño dúbidas é de buscar esa acta,. Iso é polo que llo preguntei e non por outra cousa.

Dª Lara Rodríguez Peña. Pero se poñía... bueno da igual, non vou volver con ese tema.

D. Xosé Crespo Iglesias. En definitiva, quen llo aportou en definitiva? Vostede pode dicirme quen lle aportou ese documento?

Dª Lara Rodríguez Peña. O documento tiñamos acceso a el todos e todas os que formamos parte do goberno, punto. Non lle vou dicir nada máis ao respecto. Ese é un documento ao que teñamos acceso todos e todas, porque no momento no que se elaborou o dos trienios todos e todas eramos coñecedores, é dicir, que máis dará que mo de unha persoa que outra. E que non entendo por onde quere tirar; en serio.

D. Xosé Crespo Iglesias. Xa llo explicarei. Sabe vostede que cando vin a nova da denuncia nos medios de comunicación, o luns seguinte, fun a Secretaría a preguntar polos documentos, dos que vostede falaba na prensa, para poder defenderme, polo menos mediaticamente, e díxoseme que alí non estaban, polo que non puideren velos. Eu preguntei, eu quería ver os documentos.

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu ante iso non sei que dicirlle, a acta en Secretaría está.

D. Xosé Crespo Iglesias. No, a acta si claro. Eu estou falando, estamos falando xa...xa pasamos da acta do ano doce.

Dª Lara Rodríguez Peña. Ao mellor tería que ir a persoal.

D. Xosé Crespo Iglesias. Estamos falando do informe de persoal, o que valeu para pagar os trienios.

Dª Lara Rodríguez Peña. Ao mellor tería que ir ao departamento de persoal, non o sei.

D. Xosé Crespo Iglesias. A explicación que vostede me da...como explica vostede isto?

Dª Lara Rodríguez Peña. Sr. Crespo, non o sei, podería ter ido ao departamento de persoal.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón, unha cousa, eu quérolle preguntar ao Sr. Secretario. Como é posible facer o dos trienios se non está a acta alí? É unha cousa curiosísima...non, non, perdón, o Presidente do Pleno está preguntando ao Sr. Secretario, porque di que está despistado tomando nota.

D. César López Arribas. Vamos a ver...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Como isto é posible, que facendo o tema dos trienios, que non o teña o Secretario en Secretaría. Unha cousa rarísima.

D. César López Arribas. Vamos a ver. En primeiro lugar, eu non teño o documento da denuncia, e non sei nin o contido nin os documentos que forman parte da denuncia.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Ah... da denuncia. Pero si ten a documentación para o tema dos trienios, verdade que si?

D. César López Arribas. Vamos a ver. Na documentación dos trienios, hai dúas partes: o do Padroado e o do Concello. O do persoal, os trienios, o cálculo, o técnico de persoal fixo un informe co dos trienios, e arriba entre María Brea e eu, corriximos e miramos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Ou sexa, que o tiña.

D. César López Arribas. Pero e que eu non teño o informe, a denuncia formulada, e non teño porque saber os documentos que están presentados xunto coa denuncia.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Pero unha cousa é a denuncia que fai APAC...

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero é que vostede...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón, perdón, perdón...

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero eu non estou acusando ao Secretario de nada. Todo o contrario.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón, nada. Xa o sei...

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu simplemente fun alí a preguntarlle: mira, a APAC acaba de poñer unha denuncia...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Respécteme o que vou falar neste tema...

D. Xosé Crespo Iglesias. No, pero por que me interrompe? Por que me interrompe a comparecencia? Eu non sei porqué.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Porque presido o Pleno.

D. Xosé Crespo Iglesias. A entón pódeme interromper cando lle dea a gana.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Si. O que quero é pedir unha aclaración, porque lle molesta que queira...

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se preocupe, que é a comparecencia, cando acabe a comparecencia pida a que queira, faltaría máis.

D. Rafael Cuíña Aparicio. No, perdón. Como presido o Pleno, o pido neste momento. É dicir, o Sr. Secretario di que unha cousa é que non ten os documentos da denuncia, pero si ten os documentos nos que se basea a denuncia. Son cousas diferentes.

D. César López Arribas. Eu non sei se a denuncia se basea neses documentos, eu dixen o que dixen.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Vale. Continúe Sr. Crespo. Digo porque aquí parece que hai quen quere fuxir da súa responsabilidade. Adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias. Terminou?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Bueno. Non é unha cuestión de responsabilidade, é de... non me expresei correctamente?

D. Xosé Crespo Iglesias. Non lle daría o Alcalde eses documentos, ese documento?.

D^a Lara Rodríguez Peña. Non.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu sei que si, pero non o podo demostrar.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Se vale de algo nas actas, eu tamén digo que non, pero bueno...eu mesmo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Claro, claro...

D. Rafael Cuíña Aparicio. E se fose que si, dicíalle que si, a estas alturas...

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede máis eu sabemos que si...

D. Rafael Cuíña Aparicio. No, no, eu a estas alturas diríalle que si sen problema ningún, pero é que non.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede asegurou que ao interpoñer esa denuncia contra o anterior goberno do PP, estaba a actuar segundo compromiso cos seus electores, de honestidade e transparencia, e de eliminar a corrupción política, e a política clientelar. Iso é o que dixo textualmente. Está recollido nos medios. Mantería o mesmo criterio de acudir ó xulgado, no suposto caso de destaparse algún caso no seo do goberno do que vostede forma parte?

D^a Lara Rodríguez Peña. Repito. Iso é unha decisión que tomaríamos coma Plataforma Aberta Cidadá que non podo tomar eu.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ou sexa, que a nós denúncianos porque lle parece que hai unha irregularidade, pero se ve unha irregularidade no seo do goberno...Aí iso xa é de traca, vale, vale.

D^a Lara Rodríguez Peña. A ver, no de traca non é. Sigo dicindo que...

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede dixo que o que quería era honestidade e transparencia na política, e acabar coa política clientelar, e eu preguntolle: Se o mesmo que veu contra nós, o vira no seo do grupo de goberno ao que vostede pertence: faría o mesmo?

D^a Lara Rodríguez Peña. A min paréceme ben que vostedes actúen en base a un liderado. Iso paréceme ben, e respecto o funcionamento de cada partido. Agora ben, o funcionamento da agrupación de electores da que formo parte, é asambleario,

no sentido de que as decisións que se toman, van ser tomadas en conxunto. Estoullo dicindo así, de verdade. Eu non vou tomar unha decisión que non estea respaldada polos meus compañeiros e compañeiras. No caso de que así o consideren, o que vostede acaba de dicir, pois procederase ou non se procederá, en relación ao que se decida en conxunto, punto.

D. Xosé Crespo Iglesias. Está vostede segura de que ningunha das súas actuacións como Concelleira e de que ningunha das actuacións dos seus compañeiros de goberno, excedeu nunca os límites da legalidade?

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu podo falar da miña xestión política. Iso si que por fin é unha pregunta que ten que ver, que é procedente neste Pleno. Eu pódolles asegurar que na miña xestión non hai absolutamente ningún tipo de ilegalidade e asegúrollo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Poñería vostede a man no lume polas actuacións de todos os seus compañeiros do goberno, comenzando polo Alcalde?

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu poño a man no lume por min.

D. Xosé Crespo Iglesias. Xa me respondeu. É consciente vostede de que a proposta súa, a proposta súa, de vostede, o Tenente Alcalde asinou un decreto para facer indefinidos aos membros do Padroado Cultural co informe en contra, aquí si, co informe en contra do Secretario e da Interventora?

Dª Lara Rodríguez Peña. Son consciente de que eu tamén levantei un reparo suspensivo. É dicir, aí si que ambos nos solidarizamos un co outro, porque fomos os dous os que levantamos o reparo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non. Eu o que digo é que... Eu non digo que non teña dereito a facelo, teñen dereito a facelo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Sexa legal ou non é unha decisión, mira...

D. Juan José Cruz García. Acábaste de contradicir. En minuto e medio acábaste de contradicir; Espectacular, espectacular.

Dª Lara Rodríguez Peña. Podes calar por favor? Podes calar?

D. Xosé Crespo Iglesias. É consciente vostede, é dicir, eu solo lle digo...

Dª Lara Rodríguez Peña. Sr. Crespo: perdoe un momento, perdoe un momento...

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede fíxolle unha proposta, e o Alcalde utilizou ao Tenente Alcalde para que fixera de testafarro, e entón fixo un rebatemento do reparo, en vez de facelo o Alcalde fixo o Tenente Alcalde.

Dª Lara Rodríguez Peña. Sexa o que sexa...

D. Xosé Crespo Iglesias. A proposta súa.

D^a Lara Rodríguez Peña. Tivemos que levantar un reparo, tivemos...

D. Xosé Crespo Iglesias. E o mesmo problema parecido ao que tivemos nós.

D^a Lara Rodríguez Peña. Tivemos que levantar un reparo, porque non nós quedou outra. Pola serie de irregularidades na contratación de persoal que viñan de atrás. Por iso tivemos que levantar o reparo. Se eu non chego a levantar o reparo como Vicepresidenta do Padroado, desaparecía o Conservatorio, porque non podíamos contratar. E por que? Por que? Que tipos de contratos estaban facendo no Conservatorio?

D. Xosé Crespo Iglesias. Nós non tiñamos o mesmo problema a verdade, era distinto, nos caemos no...

D^a Lara Rodríguez Peña. Era igual, e quizais vostedes terían que levantar o reparo suspensivo...

D. Xosé Crespo Iglesias. Se o facemos nós é presuntamente delito; e se o fan vostedes é perfectamente legal. Xa, xa. Mire...

D^a Lara Rodríguez Peña. Houbo que facelo, *Sr. Crespo* porque non quedou outra, e vostede sábeo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Considera que neste caso, o Tenente Alcalde e vostede poden ter as mesmas responsabilidades políticas e penais das que nos atribúen a nós?

D. Juan José Cruz García. Pero nadie vos levou a xuízo por facer esa ilegalidade.

D. Rafael Cuiña Aparicio. *Sr. Crespo* cortei a voz, pero non a vostede; acenda o micro se quere.

D. Nicolás González Casares. Eu vou falar por alusións. Se me está aludindo de xeito continuado. Isto foi hai dous anos, non? Nos avisa a Interventora e o Sr. Secretario de que, se non se levanta un reparo, pois que desaparece o Conservatorio, tal cal, é dicir, que todos os profesores se quedan sen contrato e desaparece o Conservatorio, porque todos veñen mal contratados dende atrás, e dicir, é certo, é certo...

D. Xosé Crespo Iglesias. No noso Concello solo verdade? No noso Concello solo...os outros concellos que tiñan o Conservatorio non tiñan o mesmo problema, non?

D. Nicolás González Casares. Pepe Crespo: Eu teño que responder por este Concello. Vale, é dicir, e o reparo respondeu por este Concello. Eu non sei o que fixeron nos outros concellos; eu podo dicir o que fixemos aquí. E entón cun informe conxunto do Secretario e da Interventora, que ben motivan o motivo do reparo, pero que ao mesmo tempo din que se non se levanta ese reparo, desaparece, desaparece a prestación de servizos do Conservatorio, e é algo, que eu a verdade, sebo vostede mellor ca min, nunca participei na selección de persoal de ningún membro do

conservatorio, nin nada que se lle pareza, porque, primeiro, xa nin estou nin no Padroado, entón...

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu tampouco.

D. Nicolás González Casares. Eu non sei. Vostede non sei se participou ou non. Como Alcalde Presidente. Logo si que tería que firmar os decretos dese persoal. Pero dende logo, ante o risco de, ou quedarnos sen Conservatorio, que era inminente porque tíñase que firmar ese día..Aparte dígolle firmeino eu...

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero eu coñezo iso todo perfectamente.

D. Nicolás González Casares. Si pero déixeme...

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu o que digo é: Nós denunciámoslos a vostede por esa ilegalidade?

D. Nicolás González Casares. Escoite, Crespo déixeme explicar claramente porque me aludiches, e quero explicalo. Neses días, o Alcalde collera uns días libres, catro creo que...

D. Xosé Crespo Iglesias. Colleu un día xusto, xusto.

D. Nicolás González Casares. Non, non, colleu máis días, colleu máis días que fora a Zamora ou por aí.

D. Juan José Cruz García. Que casualidade.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu funlle cociñeiro antes.

D. Nicolás González Casares. A verdade e que a min entón metéronma dobrada, pero eu levantei o reparo. Por que? Non, non, non é así o que quero dicir é que o Alcalde foi de vacacións, e eu collín, e dicían: se non se levanta este reparo entre hoxe e mañá, todos os profesores, ou practicamente todos, quédanse na rúa e para o Conservatorio. *Marta e César* faláron comigo e con *Lara* e dixeron; non se pode esperar uns días? E dixeron: non, non se pode, ten que ser xa, acabámonos de dar conta e ten que ser xa. Se fixeron os informes pertinentes e si levantamos ese reparo. Era elixir que en Lalín houbera Conservatorio ou que non houbera.

D. Xosé Crespo Iglesias. E vostede é consciente que nós, sabendo desa ilegalidade, entre comiñas, cun reparo de Intervención e Secretaría, é consciente de que nos se quixeramos podíamos denunciálo xudicialmente, e terían o mesmo problema que temos nós agora?

D. Nicolás González Casares. Son consciente. Agora tamén é certo que hai que mirar a motivación dos reparos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, vale, de acordo. Se o facemos nós, Sr. Tenente Alcalde, se o facemos nós é malísimo; como o fixeron vostedes, é boísimo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Por favor, orden.

Dª Lara Rodríguez Peña. Todos a vez non.

D. Nicolás González Casares. Creo que non me escoitaron falar disto aínda.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu quería acabar coa intervención.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Veña proceda.

Dª Lara Rodríguez Peña. Teño unha cuestión en relación a isto. En relación aos levantamentos de reparo, que non sei se saben, que había un requirimento para facelos indefinidos. Entón, nós estivemos obrigados a levantar ese reparo si ou si, se queriamos regularizar a situación deses traballadores por un lado; e por outro lado, déixeme acabar, se queriamos seguir co Conservatorio municipal, e dicir, non nos quedou outra.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero eu estou de acordo. Por iso non o denunciarei. Eu estou de acordo, pero non se da conta que a situación no Concello con respecto ao persoal contratado vindo de subvencións que daba a Xunta ao 100%, que logo pasou a dalo ao 50, e logo ao 30, e logo non dou nada, e cando tal tíñamos ao persoal ao lombo, que é un favor que lle debemos a Xunta de Galicia, con respecto aos concellos, haber dado subvencións durante...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Cal é a pregunta? Por favor, cal é a pregunta? Veña.

D. Xosé Crespo Iglesias. Mire, a diferenza sabe cal é? A diferenza é que nós tendo un informe de Intervención e Secretaría...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Cal é a pregunta? por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non os denunciarnos. Vostede por moito menos a nós denunciounos. Bueno, continuo coa comparecencia. Falando de política clientelar, considera vostede que a política clientelar, que é política clientelar contratarlle a dedo traballos a unha empresa cuxas facturas acumulan máis de trinta reparos de intervención? Iso veo normal? Trinta reparos. Están contados.

Dª Lara Rodríguez Peña. Non sei a que facturas se refire.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perfecto. Non sabe a que me refiro. Non está na Xunta de Goberno? Está na Xunta de Goberno vostede, non?

Dª Lara Rodríguez Peña. Si, si, estou, estou. Pero non contabilizo tódalas facturas que temos todas e todos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Debe prestar entón pouca atención.

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu confío no traballo do resto de compañeiros e compañeiras. É dicir, a quen contraten...

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben. Como define ou cualifica vostede o feito de que o Alcalde invente ó famoso Luís Madiñán Crespo, e unha suposta recollida de firmas,

para atacar a nosa Concelleira Eva?

Dª Lara Rodríguez Peña. Isto non forma parte da comparecencia.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero iso considérao normal. Niso non hai que actuar.

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu considero esta pregunta fora de lugar. Síntoo.

D. Xosé Crespo Iglesias. É fora de lugar. Vale. Como explica vostede ou o seu silencio cómplice, respecto da detención do Tenente Alcalde por parte da Garda Civil, pola comisión de dous presuntos delitos? Como xustifica que despois de oito meses, non teña ofrecido ningunha explicación da súa situación procesal? Iso parécelle normal?

Dª Lara Rodríguez Peña. Sigo dicindo que isto é unha pregunta que non é procedente nesta comparecencia Sr. Crespo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ou sexa, deteñen a un membro do goberno e vostede aí non dixo nada. Non abriu nin a boca. Iso é normal? Se fóramos nós?

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu non teño por que darlle explicacións...

D. Xosé Crespo Iglesias. Se detiveran a un membro do Partido Popular, calquera que fora, dende o último concelleiro ata eu, vostede ía estar calada?

Dª Lara Rodríguez Peña. Sr. Crespo sigo dicindo que esta pregunta non ten nada que ver co tema da comparecencia. O que fixen, fíxeno. Non teño porque dar explicacións, a non ser que teña que ver coa miña xestión pública como Concelleira de Cultura e Educación, e punto.

D. Xosé Crespo Iglesias. Mire. Se en lugar do Tenente Alcalde, fóramos un de nós os detidos; quen a vería saltar de alegría e máis pedindo a nosa dimisión. E vostede sabe que sería así.

Dª Lara Rodríguez Peña. Pero Sr. Crespo, é o tema de sempre e argumento que empregan sempre. Vale. Pode ser, como non pode ser, é dicir, a situación actual do Pleno municipal é esta. Agora, o que nós fariamos dende outro lado nunca o saberedes, porque polo menos de momento estamos deste lado. É dicir, pode ser que si, pode ser que non.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero están dese lado... ou sexa, que para vostedes se o fai un membro do goberno...

Dª Lara Rodríguez Peña. A min debater sobre algo etéreo, pois paréceme unha perda de tempo. Como me parece unha perda de tempo esta comparecencia.

D. Xosé Crespo Iglesias. Para vostedes se o é un membro do goberno trágala. Se o facemos nós, é delito.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón, perdón. *Lara* e Sr. Portavoz do Partido Popular: eu advirto; isto é unha comparecencia, e son preguntas e respostas. Se non

vamos por aí eu corto a comparecencia, e non o quero facer.

D. Xosé Crespo Iglesias. De acordo, pois eu remítome a preguntas e respostas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón perdón, entre outras cousas porque xa pasou, e dabondo, o tempo da comparecencia legal, e non o quero facer. Preguntas e respostas, por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdóeme. Non hai límite para a comparecencia.

D^a Lara Rodríguez Peña. Si que hai.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Si.

D. Xosé Crespo Iglesias. Cal é o límite para a comparecencia?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non sei. Non sei.

D. Xosé Crespo Iglesias. Se eu non teño límite de preguntas, como se quero preguntar de aquí a mañá. E que o problema é que non teño límite de preguntas, polo tanto eu podo preguntar... non hai un número de preguntas fixo, podo preguntar unha ou cen, ou mil.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Se non pregunta, si que lle podo cortar a comparecencia.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben. Niso si ten razón.

D. Rafael Cuíña Aparicio. De acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Considera que o Tenente Alcalde debe dimitir?

D. César López Arribas. Un momento, un momento, un momento. Di o regulamento de sesións que temos aquí: cando a parte propoñente realiza unha solicitude de comparecencia, o Presidente... tal, tal...terá un máximo de dez minutos, e logo nas preguntas correspondentes a parte interpoñente, terá unha quenda de resposta limitada a un máximo de quince minutos. Si que hai.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Eu mirei o ROF. Se non o sabe vostede que foi vinte e cinco anos Alcalde...

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Entón aplica o regulamento unhas veces, e outras non.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Aplico eu. O regulamento aplico eu Sr. Concelleiro. E non o estou aplicando.

D. Xosé Crespo Iglesias. Como no fondo, inda que o negue, vostede sabe que non dou ese paso, de presentar a denuncia contra nós, vai ser valente de dicir a verdade hoxe aquí? Por que a presentou?

Dª Lara Rodríguez Peña. Outra vez? En serio? De verdade outra vez?

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede fixo sola? Ou... a ver, a ver. Poñemos o seu grupo de traballo, ou como lle chame. O seu grupo ao que pertence, a Plataforma Cidadá...

Dª Lara Rodríguez Peña. Grupo de traballo non, por favor...

D. Xosé Crespo Iglesias. Fixo solo? Fixo solo vostede? O seu grupo solo?

Dª Lara Rodríguez Peña. Pero vostede...

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu pregunto. Vostede responda ao que queira.

Dª Lara Rodríguez Peña. No. De verdade, a ver... en serio. Repítollo outra vez?

D. Xosé Crespo Iglesias. Non axudou ningún membro do goberno non? E o que lle quero preguntar.

Dª Lara Rodríguez Peña. *Sr. Crespo:* de verdade, repítollo outra vez. Esta foi unha decisión da Plataforma. A Plataforma, obviamente comentouno, pero a decisión partiu de nós. É dicir, máis clara non podo ser. Vostede pódeme crer ou non me pode crer.

D. Rafael Cuíña Aparicio. El prefere que si. Que houbera algún máis.

Dª Lara Rodríguez Peña. No. É que de verdade. Dáme igual oi que pense. De verdade.

D. Xosé Crespo Iglesias. Continúo coas preguntas...

Dª Lara Rodríguez Peña. A decisión foi da Plataforma. Asegúrolo. De verdade.

D. Xosé Crespo Iglesias. Continúo coas preguntas, para que mas conteste si o estima oportuno. Os seus socios de goberno, ao día seguinte de coñecerse a denuncia, saíron publicamente no colmo do cinismo a dicir que eles nunca xudicializarían a vida política, que eles non denunciarían ao PP, e que practicamente se enteraran pola prensa primeiro, e logo despois da rolda de prensa que deron vostedes, que foi cando dixeron nos medios de comunicación que llo comunicaran. Poderíame aclarar cando lle contou aos compañeiros do goberno o da denuncia? Cando llo contou vostede? Despois da rolda de prensa? Antes da rolda de prensa? Cando a presentou no xulgado? Ten que pensar porque debe ser difícil a pregunta.

Dª Lara Rodríguez Peña. No, moi difícil... non é, nin sequera pertinente, e bastante estou facendo con responderlle a preguntas que non teño porque responder, porque sigo dicindo que foi unha decisión da Plataforma, e bastante ben me estou portando. Non é por nada. Sinto dicirlllo pero é así.

D. Xosé Crespo Iglesias. Iso dio vostede porque...

Dª Lara Rodríguez Peña. Iso é así. Eu non teño porque responder isto. Podía

estar calada en todo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero e que non ten porqué. Eu xa lle digo que non ten porqué. Eu o que lle digo e que responda, respóndame ó que queira. Eu preguntolle: cando lle dixo aos membros do goberno que vostede había posto unha denuncia contra nós? Cando llo dixo? Antes de poñela? Despois de poñela? Antes da rolda de prensa? Despois da rolda de prensa? Porque aquí hai algo que non cadra. Os seus compañeiros de goberno dixeron que se enteraran pola prensa, e despois xa dixeron que se habían enterado porque llo contou vostede despois de poñer a denuncia.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Unha cousa por aclarar. Está vostede faltando á verdade, porque nós o que dixemos é que despois da rolda de prensa, nos chama, que eu estaba tomando un café con Paco Vilariño e a poucos metros un concelleiro do PP, para informarnos de que se fixera iso sen sabelo. E isto é exactamente así. Agora vostede non diga que... non intente terxiversar o que nós dicimos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Bueno, pois entón aclarado isto, e aclarado que efectivamente o que acaba de afirmar o Sr. Alcalde, resulta, porque aos mentireiros sempre se collen nas trampas, resulta que o 7 de xullo un xornal, dous xornais, publican que Rafael Cuíña, ademais leo textualmente: *“Rafael Cuíña reiteró que nunca estuvo detrás de la denuncia de APAC contra Crespo, pese al ofrecimiento de este grupo a el y al PSOE”*. Entón aquí hai algo que non me cadra.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Pero iso explícollo eu en trinta segundos

D. Xosé Crespo Iglesias. Entón ofreceulle vostede... Non, pero que responda primeiro Lara.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non. Eu, porque fixo referencia...

D. Xosé Crespo Iglesias. Non, pero a pregunta fágolla a *Lara*. Se quere fágolle outra a vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non, perdón. Non me poña a min o orde que queira vostede...

D. Xosé Crespo Iglesias. Non, perdóeme. Eu estoulle preguntando a *Lara*.

D. Rafael Cuíña Aparicio. O aludido son eu.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, si. Vostede xa sei que é o capo, pero eu preguntolle a *Lara*.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Capo serás ti, capo. Capo serás ti, e mafioso serás ti, que xa me levas chamando mafioso á cara...

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu estoulle preguntando a *Lara* non a vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Bueno, pois como eu presido o Pleno e me sinto aludido, digo o seguinte: como o dixen vinte e cinco veces, si é certo que nos dixeron...

D. Xosé Crespo Iglesias. Dóelle verdade? Dóelle? Dóelle porque sabia da denuncia, e máis, vostede foi o instigador da denuncia, vostede, eu teño claro que foi o instigador da denuncia, eu teño claro.

Dª Lara Rodríguez Peña. Iso é completamente falso.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non, *Lara* da igual.

Dª Lara Rodríguez Peña. Pero é así.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Estou falando eu por favor. As túas paranoias son as túas paranoias. A min dáme igual a estas alturas, e o que digo claramente, e o que digo en prensa, é que meses antes desa rolda de prensa, que eu pensei que xa pasara o tema, dixeran claramente: se nos comentou se queriamos sumarnos a unha denuncia, tanto ó Tenente Alcalde coma min, e dixemos os dous que non. E despois cando nos enteramos de que se presentara foi despois da rolda de prensa. Isto é así e o dixeran vinte e cinco veces. Agora, nas súas paranoias, aí xa non me podo meter eu, iso son cousa súa.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu preguntáballe...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. É certo o que estou dicindo *Lara*?

Dª Lara Rodríguez Peña. Si. Ratifico absolutamente iso. É certo.

D. Xosé Crespo Iglesias. A ver. Pero vostedes pensan que somos infantís?

Dª Lara Rodríguez Peña. Pense o que queira. Pode pensar...

D. Xosé Crespo Iglesias. Xa somos maiores de idade.

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu tamén.

D. Xosé Crespo Iglesias. Mire, eu o que non me cadra é que os distintos membros do goberno, digan que se enteraron pola prensa e despois que vostede llo comentou ao poñer a denuncia. E iso sae nas hemerotecas, está a hemeroteca para buscalo alí. E logo despois o 7 de xullo en concreto, no Faro de Vigo e máis no Diario de Pontevedra: "*Rafael Cuíña reiteró que nunca estuvo detrás de la denuncia de APAC, pese al ofrecimiento de este*". Polo tanto, eu o que non me cadra é. Como pode dicir que se enteraron...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Acabo de explicalo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero e que esa explicación non é congruente.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Acabo de explicalo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Iso non é congruente.

D. Rafael Cuíña Aparicio. A min dáme igual o que penses, pero acabo de explicalo claramente.

D^a Lara Rodríguez Peña. Si que é congruente.

D. Rafael Cuíña Aparicio. É dicir, se nos ofrece e meses despois se nos comunica despois de presentar a denuncia, punto.

D^a Lara Rodríguez Peña. E que non vexo a relación que fan, porque unha cousa é avisar...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Lara, estanse intentando defender, e queren botar a culpa...

D^a Lara Rodríguez Peña. Pero a min tamén me da igual. O que quero dicir é que unha cousa é avisar de cando o imos facer, e outra cousa é avisar de que o imos facer.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Exacto.

D^a Lara Rodríguez Peña. No momento... avisar do momento non, pero avisar de que o imos facer si. É dicir, son cousas diferentes, de verdade...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón, perdón. Unha cuestión de orde, doulle dez minutos máis de esta comparecencia. De acordo?

D. Xosé Crespo Iglesias. Como?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Doulle dez minuto máis.

D^a Lara Rodríguez Peña. E aínda queda a segunda parte.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dez minutos máis. De acordo?

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se preocupe. Chéganme.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non sería... respóndame si ou non. Non sería máis ben Rafael Cuíña o que lle indicou o camiño a seguir?

D^a Lara Rodríguez Peña. Non.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale. A día de hoxe volvería a presentar a denuncia?

D^a Lara Rodríguez Peña. En plan... a mesma outra vez?

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu pregunto se a día de hoxe, despois de saber o que sabe...

D^a Lara Rodríguez Peña. Eu xa dixen no seu momento Sr. Crespo...

D. Xosé Crespo Iglesias. Despois de saber o que sabe, volvería? Eu preguntolle.

Dª Lara Rodríguez Peña. No momento no que consideremos que hai irregularidades, imos facer o que consideremos nese momento, e nós dixemos dende o primeiro momento. E vostedes se miraban un pouco o tipo de programa ou as premisas que nós levamos como partido político, é que este tipo de cousas iamos denuncialas, e que é así, non sei tamén porque lles colle de sorpresa. Dixémolo. E nós somos unha agrupación, que dende o primeiro momento sempre denunciámos a política clientelar e caciquil. É dicir, no momento no que existan irregularidades e nós teñamos constancia delas, pois mira, xa vos digo que vai ser así.

D. Xosé Crespo Iglesias. Apoiaría vostede ao PP...apoiaría vostede que o PP xudicializara algún aspecto de actividade do goberno, se tiveramos indicios manifestos da comisión de algún delito?

Dª Lara Rodríguez Peña. Estando eu tamén?

D. Xosé Crespo Iglesias. Se tiveramos indicios manifestos da comisión de algún delito. Apoiaríanos?

Dª Lara Rodríguez Peña. Pero estaría implicada eu tamén. E que non o entendo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non. Podía non ser con vostede. Podía ser un membro ou un grupo do seu goberno, do goberno ao que vostede pertence, non falo de vostede.

Dª Lara Rodríguez Peña. A ver, esta pregunta non ten nada que ver con esta comparecencia. Eu non sei o que vai pasar nin o que van facer, eu dende logo no momento no que pase considerareino.

D. Xosé Crespo Iglesias. Imos rematando...

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu falar así etéreamente non o sei. No momento no que o fagan, pois podemos estudalo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Comprométese aquí comigo hoxe, a que se a denuncia non ten maior percorrido, vostede presentará a dimisión?

Dª Lara Rodríguez Peña. Xa dixen que non. Mire, ademais a miña dimisión xa foi aprobada. E non dimitín, así que...

D. Xosé Crespo Iglesias. Entón xa vemos por onde van os tiros. Vostede pode acusar a un grupo, vostede pode acusar ao ex Alcalde, ó ex Tenente Alcalde e a toda Xunta de Goberno pode acusala de prevaricación, se iso non prospera resulta que vostede sigue sen ningún problema. Vale, xa vexo eu a conciencia que ten.

Dª Lara Rodríguez Peña. Si. A ver, repito; xa se aprobou a miña dimisión e non dimitín.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu considero que a súa actitude, a súa actitude ademais de covarde é completamente incongruente. Porque mire, eu podería... non vou a seguir coa comparecencia, porque non temos datos, porque nós pedimos sobre a factura de

Sabela López Pato, por aquel famoso anteproxecto de museoloxía, do Museo Galego da Marioneta, non lle vou a preguntar porque... fomos a Intervención onte buscar a documentación que pedimos e o Interventor non nola puido aportar, que dixo que non a tiña alí, e quedou de dárnola o luns. Polo tanto, non ma deron, polo tanto, non lle podo preguntar. O luns seica nola dan, preguntareille noutra ocasión, e preguntareille por escrito. Vostede contestarame, e se estamos de acordo coa contestación pois ben, e senón estamos de acordo... Nós pedimos pedimos por escrito ver ese traballo que se fixo, ver as ofertas que pediron, etc. Ver o porqué. En definitiva, saber dese tema para poderlle preguntar.

Onto xunto ao Interventor foi *Antonio Rodríguez* por alí, e dixo que non era posible, que non a tiña alí que a tiña que buscar, e que polo tanto que nola daría o luns. Cando o teña pois preguntareille, agora mesmo non teño esa documentación, e inda que sei máis ou menos, non quero preguntar.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias. Entendo que non hai máis preguntas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu o que simplemente vexo claramente, para rematar, que é unha denuncia totalmente política, e eu solicítolle ao Secretario se é posible, que dentro do posible, e por suposto respectando as normas que el poña para iso, que se... que transcriba o mellor posible, o máis literalmente posible esta comparecencia na correspondente acta, para poder aportala no proceso xudicial en caso de que sexa necesaria.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias. Si desculpa, si.

D^a Lara Rodríguez Peña. No, en relación ao expediente ao que aínda non puideron ter acceso, bueno, ata luns, daquelas tampouco había Gestiona, é dicir, que está en papel, unicamente tamén destacar que o anteproxecto vostede teno, é dicir, eu entreguelles o anteproxecto...

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, pero eu pedín a documentación, que nola ían a dar onte e non nola deron.

D^a Lara Rodríguez Peña. Xa, xa. Pero quero dicir, moito máis non hai, é dicir, unha proposta da Xunta de Goberno na que se autorizou o gasto no mes de agosto creo...tampouco estou segura.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu non a estou acusando de nada porque non teño datos, dígolle que fomos onte a Intervención buscalo e díxosenos que non a tiñan. Por certo, que tiñan que tela,pero non a tiñan

D^a Lara Rodríguez Peña. Pero quero dicir: non diga que non teñen acceso ó anteproxecto porque llelo entreguei. É dicir, se teñen tempo e o queren ler pois convidado a facelo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias. Xa excedemos...

D. Xosé Crespo Iglesias. Moi ben. Alá vostede, se vostede cre que ese é o camiño ideal: xudicializar a vida política ó goberno...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Quere dicir algo? Excedemos en moito a

comparecencia, fágollo por unha cuestión de corrección, de acordo? Adiante.

D. Juan José Cruz García. Moitas gracias Sr. Alcalde.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdón. Non é unha cuestión de orde. Na comparecencia pode preguntar... non solo o que pregunta senón tamén calquera concelleiro.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Díxenlle...

D. Juan José Cruz García. Non a min tamén me aburre a...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón, perdón, perdón. Díxenlle, pódollo repetir vinte e cinco veces, como lle repetiu argumentos a... non quere escoitar, que hai un límite de tempo que foi amplisimamente excedido. Eu non quero que estean os temas vinte e cinco horas. De acordo? Adiante.

D. Juan José Cruz García. Tranquilo que eu acabo antes. Eu non entendo como o informe remítese ao PP, a pedir o informe en Xestiona, cando é dunha década antes e agora mesmo acabas...si, si, díxechelo neste Pleno e vai quedar na acta, díxeches iso, e acabas de soltar agora mesmo que nese momento non había Xestiona. Que incongruente es. Es incongruente Lara?

Dª Lara Rodríguez Peña. E ti, a ver... no, non quero ser mal educada, non quero ser mal educada...

D. Juan José Cruz García. Bueno, pasamos. Díxechelo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Pero quéresme escoitar? Isto foi no ano 2016.

D. Juan José Cruz García. Xa pero díxeches que...para cando contestaches quen che dera o informe, díxeches... tódolos concelleiros temos Xestiona para traballar..

Dª Lara Rodríguez Peña. A ver, céntrate un pouco tío.

D. Juan José Cruz García. De que ano é o informe ese que pedides vós?

D. Rafael Cuíña Aparicio. A ver, perdón, perdón. Eu se non é pregunta e resposta, corto a comparecencia e punto. Ou sexa, que pregunte por favor.

D. Juan José Cruz García. Pregunta. Existía Xestiona cando... o informe este que polo que denunciades ó PP?

Dª Lara Rodríguez Peña. O informe é do ano 2017.

D. Juan José Cruz García. Estaba colgado en Xestiona ese informe?

Dª Lara Rodríguez Peña. O informe do ano 2017. É dicir: vostede calcule os tempos. Non vou dicir nada máis. A min, facer preguntas deste calibre...sinceramente, perder máis o tempo non me apetece nada.

D. Juan José Cruz García. Mira, volvo a empezar. Noxento é que non contestes ás preguntas. Iso si que é noxento. A empresa esta logo que... Iso si que é noxento , non contestar é noxento. A ver se contestas a estas. Ao mellor o PP non é valente, pero...

Dª Lara Rodríguez Peña. A ver Juan, desta vez non dixen noxento, por favor, tampouco... teño máis vocabulario do que parece.

D. Juan José Cruz García. Vamos a preguntar veña. Tranquilidade. A empresa esta á que lle contratas o anteproxecto do que citou agora mesmo o PP, que empresa é? Pódesme dicir a empresa?

Dª Lara Rodríguez Peña. Se o queres saber pide a documentación.

D. Juan José Cruz García. Esa é a vosa resposta de sempre. Ese anteproxecto que non deixa de ser un esbozo, podería facelo calquera técnico do Concello?

Dª Lara Rodríguez Peña. Non. E de feito, se vostede pedira a documentación, vería que no expediente incluso hai un informe dun técnico, no que expresamente di...

D. Juan José Cruz García. Está dicindo que non ten capacidade de...

Dª Lara Rodríguez Peña. Exacto pode solicitar información. Convido a facer iso.

D. Juan José Cruz García. Pois se está dicindo iso. Está vostede preparada, estalle dicindo que os técnicos do Concello non teñen a capacidade nin a posibilidade de facer...

Dª Lara Rodríguez Peña. Viva a terxiversación, si.

D. Juan José Cruz García. Vale. Veña, está dicindo iso, incompetencia técnica. Está dicindo que hai incompetencia técnica neste Concello. Por que non se encargou este anteproxecto aos responsables do Museo da Marioneta?

Dª Lara Rodríguez Peña. Respondín iso corenta veces.

D. Juan José Cruz García. Vólvemo responder.

Dª Lara Rodríguez Peña. Respondín iso corenta veces. É dicir, estou xa un pouco aburrida de responder a unha pregunta, de verdade, porque o Partido Popular nas preguntas, da outra vez o mesmo, porque non o fai... escóitame un momento, por que non os fai Viravolta? É dicir, algo que xa respondera hai tempo, é dicir, por favor...

D. Juan José Cruz García. Pero ao mellor nesta sala hai aínda quen non o escoitou.

Dª Lara Rodríguez Peña. Non, non. Vostede...Entendo. E iso que leva aquí bastante tempo. E respondino. É dicir, Viravolta en todo momento foi consciente da elaboración dese traballo. A persoa que fixo o anteproxecto reuniuse con Viravolta en numerosas ocasións, para saber como ía ser o proxecto do museo...

D. Juan José Cruz García. Vostede é filóloga e non entende o léxico dos verbos? Vostede, semanticamente xa dubido da súa intelixencia, pero lexicamente vostede non entende o significado dos verbos?

Dª Lara Rodríguez Peña. Mira...

D. Juan José Cruz García. Encargar é o mesmo que informar?

Dª Lara Rodríguez Peña. Mira. Falando de intelixencia, e agora isto non ten nada que ver...

D. Juan José Cruz García. A ver, respóndeme: a encargar...

Dª Lara Rodríguez Peña. Ler esta moción por parte dun mestre de educación é lamentable. Así que non me veñas falando de intelixencia, nin de se son filóloga, nin se deixo de ser filóloga. Así que, por favor, leccións as xustas. Por favor.

D. Juan José Cruz García. Encargou? Responda á palabra. Por que non se encargou? Responda ó verbo por favor, ó verbo, responda ó verbo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Responder a un verbo é complicado.

D. Juan José Cruz García. Por que non se... e logo a que se responde?

Dª Lara Rodríguez Peña. A un verbo en si nada máis? Ó mellor a unha construción sintáctica pode responder...

D. Juan José Cruz García. Eu non quero que me responda quen estaba informado e quen non estaba informado. Eu quero que se me responda. Por que non se encargou o anteproxecto ós responsables? Por que non se encargou?

Dª Lara Rodríguez Peña. A ver. Sigo dicindo; existe algo que se chama profesionalización de servizos.

D. Juan José Cruz García. Moi ben.

Dª Lara Rodríguez Peña. Iso para empezar. Vale?

D. Juan José Cruz García. Profesionalización.

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu con Viravolta falei para levar a cabo isto. As propias persoas que conforman Viravolta, elas mesmas, mo comunicaron, porque son unhas persoas coas que me reúno habitualmente, vale? Son conscientes de que ese traballo, ese anteproxecto, ten que estar elaborado por unha persoa especialista niso. É dicir, ese anteproxecto, non o pode facer unha persoa que non ten capacidade para facelo.

D. Juan José Cruz García. Iso tamén pasaba na Alemaña nazi; había persoas que estaban por enriba das outras

Dª Lara Rodríguez Peña. Bueno, por favor, a ver tío.

D. Juan José Cruz García. Prosigamos.

Dª Lara Rodríguez Peña. É ridículo. Es moi ridículo, eres moi ridículo

D. Juan José Cruz García. Está vostede dicindo que os técnicos do Concello non son capaces de elaborar ese anteproxecto, e está vostede dicindo que os de Viravolta non se sentiron capaces de elaborar ese anteproxecto.

Dª Lara Rodríguez Peña. Vostede sería capaz de facer un anteproxecto desas características?

D. Juan José Cruz García. Pode afirmalo?

Dª Lara Rodríguez Peña. Pregunto. Vostede sería capaz de facer un anteproxecto desas características?

D. Juan José Cruz García. Dende logo que non, muller, pero e que estou preguntando eu.

Dª Lara Rodríguez Peña. Por que non?. Pero vou preguntar eu: Por que? Por que vostede non sería capaz?

D. Juan José Cruz García. Prosigamos.

Dª Lara Rodríguez Peña. Por que vostede non sería capaz?

D. Juan José Cruz García. Non é o meu traballo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Precisamente por iso. É que me está dando a resposta vostede. O traballo de Viravolta, máis o traballo do técnico de cultura, non é facer ese anteproxecto, para facer ese anteproxecto fan falta coñecementos...

D. Juan José Cruz García. Vostede tiña capacidade de facer o bienal Laxeiro? Era capaz de facelo?

Dª Lara Rodríguez Peña. Por suposto que non.

D. Juan José Cruz García. Está demostrando vostede que é peor concelleira que a concelleira do PP. Estao dicindo en público. Está dicindo en público que non é competente para facer unha bienal Laxeiro.

Dª Lara Rodríguez Peña. Sigo dicindo...

D. Juan José Cruz García. Polo tanto.

Dª Lara Rodríguez Peña. Sigo dicindo Juan Cruz; profesionalización dos servizos, é dicir, as persoas estamos preparadas...

D. Juan José Cruz García. Estou de acordo que vostede non está preparada para facer certas cousas.

Dª Lara Rodríguez Peña. As persoas estamos preparadas para determinados eidos para os que fomos preparadas.

D. Juan José Cruz García. Estou de acordo...

Dª Lara Rodríguez Peña. Vostede sábeo porque é profesional nun sector. Eu podo ser profesional noutro sector e ademais son Concelleira de Cultura e Educación. Vale?

D. Juan José Cruz García. Vale.

Dª Lara Rodríguez Peña. Pois cada unha das persoas que estuda ou que leva a cabo un tipo de especialización nalgún eido, pois obviamente vaise contar con esa persoa para facer determinados traballos. Eu non vou contratar a un licenciado en economía para facer un anteproxecto museístico; é tan sincero coma iso.

D. Juan José Cruz García. Sr. Alcalde: se fala tanto, non me vai chegar o tempo a nada.

Dª Lara Rodríguez Peña. Podo responder no tempo que queira.

D. Juan José Cruz García. Pero computarán os dez minutos nas miñas preguntas e non nas súas divagacións? Poña o cronómetro nas miñas preguntas, por favor. Seguimos. Imos seguir. A que empresas se invitou a presentar oferta para ese anteproxecto? Cantas? Pódenolo dicir aquí xa?

Dª Lara Rodríguez Peña. Vostede estivo no goberno durante un tempo, non? Debería saber que determinadas contías para contratar teñen que ir simplemente por proposta por Xunta de Goberno e punto. Cando as contías superan unhas cantidades, pódese abrir o proceso. E xa está.

D. Juan José Cruz García. Está recoñecendo que solo se falou cunha empresa.

Dª Lara Rodríguez Peña. Sigo dicindo...

D. Juan José Cruz García. Está recoñecendo que solo se falou cunha empresa?

Dª Lara Rodríguez Peña. Vostede foi Concelleiro do goberno?

D. Juan José Cruz García. Estou preguntando. Está recoñecendo que solo falou cunha empresa?

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu estou dicindo...vostede fala de inutilidade...

D. Juan José Cruz García. Non contestas. É noxento non contestar ás preguntas.

Dª Lara Rodríguez Peña. Eu estou contestando. Estou contestando ó que quero.

D. Juan José Cruz García. Ah... é noxento non contestar as preguntas.

Dª Lara Rodríguez Peña. Pero e que eu podo contestar ao que queira. É dicir, no momento... nós levamos a cabo no Concello procesos completamente transparentes. No momento no que hai unha serie de traballos como pode ser este, que foron 3.650 euros, 3.650 euros, para o cal se fixo unha proposta á Xunta de Goberno. Eu falei en todo momento, para facer este proceso coa Interventora, que naquel momento estaba Marta...

D. Juan José Cruz García. Menos mal que falaches con ela, que senón... que senón...

Dª Lara Rodríguez Peña. Si. Faríao por libre, en plan...á Concelleira estupenda, marabillosa, que fai as cousas por libre sen ir a Xunta de Goberno. De verdade, pensa un pouco o que fas, o que dis?.

D. Juan José Cruz García. Podo seguir? Podo seguir?

Dª Lara Rodríguez Peña. Si, si, adiante, que me encanta. Que me está encantando.

D. Juan José Cruz García. Por que contrataches a esta persoa?

Dª Lara Rodríguez Peña. Contratei a esta persoa porque eu como Concelleira de Cultura, para determinadas cousas, podo contratar a quen me dea a gana. Así de claro.

D. Juan José Cruz García. Moi ben. Entón reconóciches que contrataches a esta persoa que imos descifrar quen é...

Dª Lara Rodríguez Peña. Porque me deu a gana.

D. Juan José Cruz García. E porque che deu a gana contratáchela e recoñeciches neste Pleno, de que non preguntaches a outras empresas. Seguimos. Esta persoa é a filla de Chus Pato?

Dª Lara Rodríguez Peña. Esa pregunta, que sentido ten?

D. Juan José Cruz García. Esa pregunta...é noxento que non contestes ás preguntas.

Dª Lara Rodríguez Peña. Son noxenta. Son moi noxenta.

D. Juan José Cruz García. Non contestas? É a filla de Chus Pato?

Dª Lara Rodríguez Peña. Si. E que?

D. Juan José Cruz García. Vale. Agora si que contestaches. Recoñecido está que é a filla de Chus Pato. Chus Pato xudicializou a vida política de Lalín?

Dª Lara Rodríguez Peña. Esta pregunta non ten nada que ver coa miña

comparecencia.

D. Juan José Cruz García. Seguimos. Chus Pato é a parella de Manolo Igrexas? O teu compañeiro sentimental.

Dª Lara Rodríguez Peña. Estásme tomando o pelo. Verdade?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Fin da comparecencia.

D. Juan José Cruz García. No, no, no. Teño que seguir.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Isto é unha falta de respecto inadmisibile.

D. Juan José Cruz García. No. Rafael, Rafael...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Pídalle desculpas inmediatamente.

D. Juan José Cruz García. Tranquilízate, tranquilízate. Pídolle desculpas por seguir preguntando, pero pídemme ti desculpas por...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Compañeira sentimental...

D. Juan José Cruz García. Tan pronto como me retires as preguntas, levántome e poño unha denuncia no xulgado.

D. Rafael Cuíña Aparicio. E a min impórtame iso... Mira...

D. Juan José Cruz García. No, no...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Préguelle desculpas inmediatamente por dicir que é o seu compañeiro sentimental, que é mentira. Aquí non vale todo.

D. Juan José Cruz García. Non é compañeiro sentimental? Non?

Dª Lara Rodríguez Peña. Esta pregunta non ven a conto neste Pleno. É dicir, a comparecencia e sobre...

D. Juan José Cruz García. Bueno, pois si non ven a conto, da igual.

Dª Lara Rodríguez Peña. A comparecencia e da contratación dunha persoa. Agora ben, súa nai e o compañeiro sentimental que poida ter, non ten sentido preguntalo neste Pleno.

D. Juan José Cruz García. Bueno, non ten sentido.

Dª Lara Rodríguez Peña. É dicir, me da igual.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Pero o que dixo foi compañeiro sentimental de Lara.

D. Juan José Cruz García. Non, non, non, non...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dixo iso. Dixo iso.

D. Juan José Cruz García. Bueno, eu non dixen iso pero da igual.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Claro, claro...interpretacións.

D. Juan José Cruz García. No, no. Rafa, Rafa...se o dixen, díxeno e asumo o meu erro. Gracias por corrixirme, pero non me quites o dereito.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Continúe. Ten.. mire, as once en punto voulle cortar, mire o tempo.

D. Juan José Cruz García. Pero si é ela quen está falando moito tempo, *Rafa*, Sr. Alcalde...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Continúe por favor. Continúe.

D. Juan José Cruz García. Pero tranquilízate home, que non che dixen nada.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Ou quíttolle... quere que lle quite a palabra? Continúe.

D. Juan José Cruz García. A min sempre me tratas así. Eu non sei. Debo ser aquí o parvo do Concello

D. Rafael Cuíña Aparicio. Iso o dis ti, e o pode pensar moita xente, non é o meu caso.

D. Juan José Cruz García. Que problema houbo con Intervención entón para vostede non poder contratar, non poder conceder un contrato menor, por contía de 5.000 euros... de 50.000 euros, dous contratos menores? Houbo algún problema?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Pedín vinte veces que se pechara a porta.

D. Juan José Cruz García. E ademais debeuse perder este contrato menor. Ese contrato menor... Vetou intervención ese contrato menor?

D^a Lara Rodríguez Peña. Mira Juan...

D. Juan José Cruz García. Ese contrato menor ía para esta mesma rapaza, filla de Chus Pato?

D^a Lara Rodríguez Peña. Non.

D. Juan José Cruz García. Non ía para ela.

D^a Lara Rodríguez Peña. Mira, escoita unha cousa por favor: a comparecencia ten un tema, é dicir, o que non pode ser, e xa o digo como algo construtivo, é empezar...

D. Juan José Cruz García. Se non me vas conceder... se non me vas contestar paso.

Dª Lara Rodríguez Peña. A comparecencia son dou temas concretos. Vale. Se fai o favor, atéñase aos temas concretos da comparecencia, porque eu non teño porque estar aquí perdendo o tempo, respondendo preguntas que non teñen nada que ver co que se solicitou neste Pleno.

D. Juan José Cruz García. O amiguismo é un mal endémico do PP?

Dª Lara Rodríguez Peña. Por favor...

D. Xosé Crespo Iglesias. Pregúntemo a min.

D. Juan José Cruz García. No voullo preguntar a ela.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Eh... perdón, perdón. En vista do caso...

D. Juan José Cruz García. Non. Teño que seguir, tan pronto me retires, poño denuncia no xulgado.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perfecto. Pois vai indo para alí. Fin da comparecencia evidentemente. Seguinte punto por favor. Veña. Sr. Secretario, seguinte punto veña. Perdón, está retirado de seguir a comparecencia por non ceñirse reiteradamente ao obxecto da comparecencia. Moitas gracias. Seguinte punto.

D. Juan José Cruz García. Aquí hai trato arbitrario. Ten que quedar en acta...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Seguinte punto, por favor. Gracias.

Con isto deuse por rematado a comparecencia.

11.- EXPEDIENTE 3865/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA COMPROMETER O SEU APOIO E O DO PLENO Á REFORMA INTEGRAL DA PRANTA BAIXA DA PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral o día 18 de xullo de 2018 (nº rex. 5496). A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 23 de xullo de 2018.**

O debate da presente moción realízase conxuntamente co do Expediente 3863/2018. Moción do PP relativa ao acondicionamento e reforma integral da Praza de Abastos, que figura no punto 12 da orde do día da sesión.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Adiante Sr. Concelleiro, e utilice o micro, se é tan amable. Ten oito minutos.

D. José Manuel Fernández Taboada. Bos días. Bueno, este tema xa o levamos falado durante...

D. Nicolás González Casares. Podemos discutir as dúas mocións...

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Podemos debater as dúas...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Como queiran.

D. Xosé Crespo Iglesias. Por nós non hai problema.

D. Nicolás González Casares. Votar separado...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Debatermos conxuntamente, e creo que estaría ben que empezara o Partido Popular entón se queren. Pero debatémolas conxuntamente. Temos este acordo non? Adiante Sr. Concelleiro: ten oito minutos. Teñan en conta que dende o punto de vista do ROF as contestacións son cinco minutos, digo que para que non haxa problemas neste sentido. De acordo? Adiante Sr. Concelleiro.

D. José Manuel Fernández Taboada. Vale. Xa levamos falado en todo este mes nos medios de comunicación, nas redes sociais ou mesmo neste Pleno, que podería parecer que, tanto o goberno, como a oposición compartimos as mesmas inquietudes, que non é outra que a reforma e a modernización da Praza de Abastos. Pero iso non é así e procedo a explicar o porqué: Antes do inicio deste mandato vostedes gobernaron neste Concello durante máis de vinte anos, creo que tempo máis que suficiente para mellorar unhas instalacións, que no caso da pranta inferior leva sen uso dende o ano 1995.

O pasado mes de marzo presentaron unha moción para pedir a dinamización da Praza de Abastos. Canto menos é curioso que en toda a súa mención, en ningún momento falaban vostedes de ningunha reforma. Moi curioso. Nese mesmo pleno de marzo eu mesmo lles anunciei que tínhamos un anteproxecto para a reforma da parte superior do mercado, parte onde agora mesmo se desenrola a actividade comercial. Ese anteproxecto sufriu importantes modificacións, atendendo a recomendacións tanto dos técnicos do Concello como dos propios encargados da redacción do proxecto, dadas as características especiais do edificio, protexido por patrimonio. Unha vez rematado o proxecto, duplicando á contía inicial dos propios praceiros e enviado a patrimonio para a súa conformidade, procedemos a presentar o proxecto na mesma Praza de Abastos. Nesa mesma mañá membros do seu propio partido, aos que eu mesmo chamei para que visen o proxecto no meu despacho, revisaron durante o tempo que consideraron o proxecto, e alí mesmo atendín a tódalas preguntas que me fixeron. Polo tanto, menten cando din que non tiveron acceso ó proxecto ata dous días antes do pleno; tiveron acceso a el quince días antes da celebración do pleno do mes de xuño. Curiosamente é aí nese pleno cando introducen un novo elemento no debate: a reforma da pranta interior da Praza. Cando menos sorprende que a pidan agora; tiveron vinte anos para facelo. Repito: cerrada dende o ano 1995. Nese mesmo pleno o goberno comprometeuse verbalmente a acometer o que vostedes solicitaban, a reformar a pranta de abaixo. Con todo, vostedes votaron en contra da reforma da parte superior. O argumento para xustificar o voto en contra da reforma integral da praza, da pranta inferior, é que se faga con remanentes de 2017, e non como sería máis lóxico con remanentes de 2018, que é a proposta deste goberno. Son vostedes conscientes de que a redacción e a elaboración do proxecto con cargo á superávit do 2017 faría imposible na practica a súa execución. Explícolles; os mesmos que en vinte anos non tomaron ningunha medida da pranta inferior da Praza de Abastos pretenden agora que fagamos en menos de un mes un proxecto para a súa reforma, que se licite,

que se adxudique e que se execute. Saben de sobra que administrativamente iso é imposible, máis tendo en conta que necesitamos autorización de patrimonio, e os propios técnicos do Concello din que é unha obra complexa. Pregúntome se en vinte anos visitaron algunha vez a pranta de abaixo da Praza, ou se saben como está.

No goberno comprometémonos a realizar de forma urxente a redacción e proxecto de mellora para a pranta inferior con remanentes de 2017 e executar unha vez tidos tódolos permisos con remanentes de 2018 ou a través de algunha subvención de outras administracións. Esa sería a lóxica, pero por desgracia parece ser que non a queren ver. Como ben dixo un referente do seu partido: *“cuanto mejor, mejor para todos, y cuanto peor para todos, mejor para mí, el suyo beneficio político”*. Prefiren interpor os seus intereses partidistas ao interese xeral do pobo de Lalín.

Queda demostrado que aos únicos que lles interesa a reforma da Praza é aos praceiros e a este goberno. Os seus feitos desmenten rotundamente as súas palabras, como tamén ocorreu no suposto proxecto que tiñan cos praceiros: que eles mesmos se encargaron de desmentir publicamente ó día seguinte.

En calquera caso fágolles un chamamento á súa responsabilidade política e pídolles que teñan altura de mira e acepten o ofrecemento que lle fai este goberno. Pola nosa banda, asumimos o 30% restante do custe do proxecto dos praceiros; asumimos tamén o compromiso de encargar con carácter de urxencia a redacción externa do proxecto para a reforma da pranta inferior da Praza e que traeremos a próximo pleno para que sexa financiada con cargo a remanentes de 2017, e a súa execución sexa con remanentes de 2018 ou con fondos de outras administracións. Ao mesmo tempo, adquirimos o compromiso para iniciar os trámites necesarios de Dirección Xeral de Patrimonio e obter os permisos necesarios para levar a cabo dita reforma. Voten a favor e demostren con feitos e non só con palabras que a reforma da Praza de Abastos é un obxectivo común e compartido por todos nós. Moitas gracias.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Moi ben. Partido Popular: ten cinco minutos. Gracias.

D. Xosé Crespo Iglesias. Canto teño?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Cinco minutos; xa llo dixen antes. Dous turnos, pero...

D. Xosé Crespo Iglesias. Cinco minutos da miña moción, cinco da de vostedes, convértense en dez.

D. Rafael Cuíña Aparicio. A ver Sr. Crespo, se vostede está pensando...

D. Xosé Crespo Iglesias. Non, pero non se preocupe, non se preocupe que me chegan cinco minutos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Escoite... se está pensando no Senado...

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se preocupe que me chegan cinco minutos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. No Senado por exemplo...

D. Xosé Crespo Iglesias. Que me chegan cinco minutos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. E non atende ao que digo que se debatemos conxuntamente hai este problema como dixer, e non me din nada.

D. Xosé Crespo Iglesias. Estoulle dicindo que chéganme cinco minutos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Vale gracias.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero déixeme os cinco minutos. Non me interrompa. Ben. O Concelleiro delegado dende logo é penoso, a súa actitude. Eu creo que leu por primeira vez o artigo que acaba de ler hoxe aquí, porque un artigo inda que un non faga a documentación, como mínimo ten que facer a súa. Unha persoa que se precie de defender a súa concellería non ten porque saber de todo, pero vostede non pode ler aquí unha carta, que parece unha carta feita por alguén, e que vostede creo que a leu por primeira vez agora mesmo hai cinco minutos. De feito inda se equivocou nalgunhas cousas. Precisamente pasa por lela a primeira vez. Se a lera tres ou catro veces, xa non lle pasaba iso. Eu creo que é o mínimo que se lle pode esixir a un Concelleiro delegado.... Mire, con respecto á Praza...con respecto á Praza, dicirlle que o que vostede di é mentira.

Nós preocupámonos e moito pola Praza. Pero sabe unha cousa: como ocorreu noutros concellos as prazas estaban bastante mortas en xeral e nós quixemos rehabilitala. Fíxose unha inversión no seu momento e ampliouse na ala sur, ampliouse toda aquela zona nova, que había alí coma un túnel, e que estaba sempre cheo de basura, e ampliouse aquela zona. Logo sacouse a licitación cando veu o supermercado, e mire, pódolle dicir que, se unha persoa tivo moito que ver coa Praza sen dúbida foi a Concelleira delegada do ramo na nosa etapa, *María José*. *María José* preocupouse porque esa praza funcionara, *María José* mimou a todo o persoal que alí había. *María José* cando nós nos marchamos do goberno, estaba a praza completamente chea, cousa que non está hoxe, e mire, é unha vergoña. Vostede como Concelleiro Delegado ten a responsabilidade, que despois dun ano e pico que cerrou o supermercado, que como vostede sabe era o motor económico, o motor económico non, era o motor que tiña esa Praza de Abastos, e hai un ano e pico máis ou menos que está cerrado, máis ou menos un ano; se non hai un ano e pico hai un ano ou case un ano.

O que é de vergoña é que vostedes dende que incumpriron totalmente a normativa, porque dende que unha persoa decide irse pola razón que sexa, non terá que dar explicacións, aquilo tiña que estar libre, e aquilo tiña que estar funcionando, e podelo volver sacar a licitación. Polo tanto, vostedes eran os que o tiñan que sacar se tiveran a máis mínima preocupación á licitación os postos que quedaron vacantes. A día de hoxe despois de moito tempo, a Praza está esmorecendo e dende logo non é gracias a súa brillante xestión. Nós deixámola razoablemente ben cando nos fomos hai tres anos e estaba ocupada ao cen por cen. Mire como está hoxe. E logo utilizan métodos moi pouco ortodoxos, por non chamarlle doutra maneira, cos praceiros, moi pouco ortodoxos, por non dicilo doutra maneira, que xa me entende o que quero dicir. Mire, cando vostedes nos fixeron a encerrona, por que iso é o que hai que resaltar, vostedes fixeron unha encerrona no pleno pasado, porque non son politicamente correctos, vostedes non son capaces, para nada, de respectar o mínimo que hai que respectar a oposición, porque nós a vostedes démoslle un voto de confianza en moitos asuntos; e vostedes con que nos volveron? Estampándonos nas narices os asuntos cos que nós estabamos implicados e queríamos sacalos a diante.

E mire, o feito de que vostedes xudicializaran a vida política dunha maneira tan vil

como fixeron, xa lle dixen no seu día que íase marcar un antes e un despois nesta casa, de vostedes non nos podemos fiar, de ningún do goberno, precisamente por iso. Porque mire, en trinta anos, en trinta e pico, en toda a democracia, nunca o goberno meteu á oposición no xulgado. Nunca. Vostedes a nós denunciarannos co que acabamos de ver, coa denuncia de APAC; pero é unha denuncia do goberno por moito que queiran disfrazala, e denunciaron ao Concelleiro non adscrito por calumnias...ata por un teléfono móbil. Pero se lle vale máis o avogado có que van recuperar o teléfono móbil, e que mellor iso no xulgado, nunca mellor dito, é de xulgado de garda. Vostedes xudicializan a vida política, para crispár... estou falando eu. A vostede non o interrompín na súa lectura do seu panexírico que lle fixeron. A min non mo fixeron, estouno facendo eu o que lle fixeron a vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Por favor, Sr. Concelleiro. Por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu non sei. Ao mellor equivócome eu. Pídlle desculpas se é así. Porque eu cando fago eu un apunte, leo doutra maneira. Eu podo lelo equivocándome, pero cando fago eu un apunte, leo doutra maneira. Normalmente se o fixen eu. Pero vostede ten dereito a facelo ou non. Eu o que lle digo. Mire: vostedes mentiron, pasaron as listas vermellas, ó intentar machacar ao seu rival político no xulgado. Porque mire, Román e máis eu podemos ser rivais políticos, pero fomos sempre uns rivais ortodoxos e non utilizamos nada, nada, que puidera prexudicar no político, pero tampouco no persoal. Nunca a oposición. Cousa que vostedes fan.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Por favor. Remate. Rematou o seu tempo. Doulle un minuto máis. De acordo? Gracias.

D. Xosé Crespo Iglesias. E aquí na Praza de Abastos, vostedes o que fixeron foi traer aquí a última hora, no último minuto, o último segundo, un expediente para que non nos dera nin tempo de velo, con alevosía, premeditación e nocturnidade. E inda ben non saíron de aquí e foron poñer os panfletos á Praza de Abastos. De pena, de pena, nunca iso se veu antes na historia. No, pero non se preocupe que isto traeralle as súas consecuencias. Non se preocupe, porque a verdade é coxa, pero ven atrás. Sempre foi así. E mire, teño a conciencia moi tranquila de que cando pasou iso eu funlle explicar aos cinco praceiros, que un está de baixa, aos cinco praceiros, expliqueille o que pasaba.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Bueno. Terá un segundo turno.

D. Xosé Crespo Iglesias. E levei alí, leveille unha proposta e firmárona voluntaria e libremente, voluntaria e libremente.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Si.

D. Xosé Crespo Iglesias. Home non me dirá que eu, que cheguei alí cunha escopeta para obrigarlles a firmar. Eu lin o documento da "a" a "z" e firmaron libremente. Non lle podo dicir o contrario. E esa é a moción que nós propoñemos: o que firmamos con eles. Nin máis, nin menos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias. Terá un segundo turno. Concelleiro non

adscrito: ten cinco minutos.

D. Juan José Cruz García. Mirade: Eu podería estar de acordo con case tódalas obras que fixestes. Obviamente que eu faga un traballo de esforzo para centrar o debate no rural está tendo os seus premios. Eu estou de acordo nas vosas obras en moitas delas, pero é que eu non estou de acordo na financiación nas vosas obras; non estou de acordo na vosa forma de facelas cousas. Obviamente ir onde os praceiros e vender que os remanentes, se non se fan agora, estádelo dicindo, non se dan feito, que é imposible... iso é a vosa incapacidade. Eu demóstrvos que calquera das obras que se están propoñendo neste Pleno son factibles de facer dende xa. Este proxecto é un proxecto moi delimitado para cinco persoas. Iso na rúa xa está totalmente vixente ese debate. Obviamente fixestes unha cousa mal: a présa e arrastro. Por que non están incluídos proxectos exteriores? Porque fixéstelo apresurado. Patrimonio non vos vai dar permiso, porque facedes as cousas apresuradas. Mirade: na financiación está o quid da cuestión. Coñezo casos, concretamente unha Concelleira do PP, conseguiu en certo sitio unha financiación do 70% na Consellería de Industria e na Consellería de Economía. Esa é a forma de traballar. Esa é a forma de xestión. Curiosamente, esa Concelleira foi xa non adscrito, e se repasamos en hemeroteca, esa Concelleira non foi tratada como son tratado eu. Pero curiosamente esa Concelleira está probablemente en Ciudadanos. Eu non sei onde estarei o día de mañá, pero aquí hai xente sentada que despois ten as narices de opinar dunha maneira e de terxiversar. Non. Vamos a centrar as cousas. O primeiro que hai que facer é xestión; o primeiro que hai que facer é que sexa un proxecto integral, un proxecto grande, un proxecto que poida traer máis xente aí. Para cinco persoas, pois obviamente vante criticar, porque van a dicir; outros establecementos, por que non teñen axudas ó comercio?

Por que non hai esas axudas tramitadas para outros sitios? Despois de debater isto, e de largas horas de falar co meu grupo de traballo, tamén co PP, con vós non porque non queredes, pois parece que hai un camiño para mellorar as cousas, un camiño de non terxiversar a información, ir onde unhas persoas e dicirlles: os remanentes, se non se dan feito agora, non se fan. O que lle tedes que dicir ós praceiros é; nós o que lle queremos é meter os dedos nos ollos ó grupo da oposición para que nos voten a favor, porque é no único momento no que teñen eles poder para vetar ou par facer obras que propoñen. Aí é onde teño eu o meu voto.

A min pódeme quitar a palabra e eu téñome que fastidiar, pero neste momento podo propoñer e estou propoñendo unha obra máis grande. Estamos propoñendo facer cousas para máis xente, probablemente para multiplicar por tres o número de praceiros que vai a estar aí. Vostedes fixeron unha proposta para ir alí e dicir: o grupo da oposición non vota a favor. Pois agora van ter que ir co rabo recollido, porque obviamente vai vir unha proposta moitísimo mellor para os praceiros e moitísimo mellor pois para facer da Praza, pois xa digo, polo menos o triplo de postos que hai alí. O que tiñan vostedes que facer é gastar os cartos do Plan DUSI, se querían, se tanto lle queren aos praceiros, e queda demostrado, quen non faga pedagogía e entenda isto... Queda demostrado que vostedes non querían arreglar a Praza; vostedes o que querían é chegar alí e sacar unha pancarta xusto ao ex presidente da Comisión de Festas, o tal *Crillin* este, e poñer, bla, bla, bla...votan en contra. Non, non votan en contra; votan para informar a xente do pobo de Lalín de que nos remanentes *Juan José Cruz* e o PP, teñen maioría. E se creen que hai unha cousa prioritaria, vaina haber, e os praceiros vanse ver beneficiados, gracias a Dios, pola xestión deste goberno.

Agora vostedes o están xestionando mal, e ademais están facendo un proxecto que non vai poder ter acceso ás subvencións da Xunta, porque eu xa me informei. Eu tamén no meu grupo de traballo. Hai técnicos especializados e din que o seu proxecto non vale para concursar en calquera subvención da Xunta. Esa é a forma de traballar. Vostedes teñen uns fondos DUSI, que tiveron as narices de dicir que os tramitaron vostedes. E eses fondos DUSI fixéronse gracias o PP. Non me rasgo as vestiduras, criticouse por activa e por pasiva. A petición desa subvención a través dunha empresa. Teñen os cartos, teñen o poder, tiveron os cartos do Plan Concellos, van ter os remanentes dos cartos do Plan Concellos, van ter os remanentes dos fondos da Deputación, van ter os fondos europeos, van ter os fondos propios. Téñeno todo pa facer.

Eu estou de acordo coas obras, pero non estou de acordo coa súa financiación, non estou de acordo con manipular a opinión pública, non estou de acordo con mentirille aos veciños. Aquí neste momento *Juan José Cruz* ten voto. Polo tanto, imos intentar promover unha obra mellor. Obviamente xa lle estou anunciando eivas...handicaps grandísimos no seu proxecto, para poder concursar a obras da Xunta. O PP vai quedar contento, porque vai dicir o día de mañá: non, non se nos deu a subvención porque xusto o primeiro proxecto do goberno non se ampara no que esa subvención nos demanda. Vostedes están facendo todo mal neste Pleno, todo, dende a moción do polideportivo, do pavillón, todo, e todo apresurado, todo mal feito, e despois van traer as súas consecuencias. Xa lle profetizo eu, profetízovos facilisimamente que vai haber choivas no pavillón. Despois, a culpa de quen vai ser? Pois a culpa vai ser vosa señores, e a culpa vai ser de non planificar. Repito, esa concelleira dun concello galego, que xusto é concelleira non adscrita, logrou o 70% nunha obra de 200.000 euros, ou de 180.000. Por que nós non puidemos facer iso? Por que nós non fixemos ese traballo de xestión? Estamos vivindo dos remanentes do pasado? Pois si. Por mal que vos pese, estades vivindo do traballo feito no pasado.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias Sr. Concelleiro. *José Antonio*: tes cinco minutos.

D. José Manuel Fernández Taboada. José Manuel.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Piki ou Manolito*: tes cinco minutos veña.

D. José Manuel Fernández Taboada. Bueno...unha que me fastidia que se me poña en dúbida a capacidade de saber ler, e que poña en dúbida outras moitas capacidades. Bueno... sempre o deixa no aire como aquí o noso amigo Juan; pero bueno, iso non llo vou a ter en conta. Eu tampouco fun alí cunha escopeta falar cos praceiros.

D. Xosé Crespo Iglesias. Fun eu?

D. José Manuel Fernández Taboada. Eu non o sei. Eu sei que o día seguinte os praceiros sacaron unha nota de prensa...

D. Xosé Crespo Iglesias. Ja, ja, ja... permítame que me ría...

D. José Manuel Fernández Taboada. O sorriso, igual a do Joker.

D. Xosé Crespo Iglesias. Por favor, por favor. Non me insulte tan sequera.

D. José Manuel Fernández Taboada. Non, non o insultei. Insúltame vostede a min, que xa o fixo varias veces, chamándome mafioso e determinado tipo de cousas. Creo que debería pedir desculpas, cando menos. Porque eu a vostede creo que en ningún momento o insultei, en ningún momento. Cos praceiros en todo momento falei con eles, non sei cantas veces nos últimos meses, que tampouco levo tantos meses no goberno como para... ao pouco tempo xa me dixeron que fora por alí máis veces eu que vostede en 20 anos. Non sei, igual menten tamén eles; igual menten non sei.

D. Xosé Crespo Iglesias. Asegúrolle que eu tiña unha concelleira infinitamente máis competente ca vostede.

D. José Manuel Fernández Taboada. Non sei. Seguramente, pode ser. Si, si. Despois que ao día seguinte se desmarquen dun suposto acordo, que firmen alí, pero que eles lle transmitan outras cousas e que queden comigo para ter unha reunión, e xusto saen de alí e van a ter unha rolda de prensa. Paréceme un pouco xogo sucio cando menos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Fala vostede de xogo sucio?

D. José Manuel Fernández Taboada. Primeiro quedan comigo para ter unha reunión para falar sobre iso. Despois saen de alí cun papeliño, que non sei...se lle queren chamar acordo; cháménlle acordo. Co que os mesmos praceiros non están de acordo, e van a prensa a vendelo como...bueno. Xa temos aquí un acordo cos praceiros que están de acordo. Non sei porqué ao día seguinte se desmarcan dese acordo e din que vostedes menten. *Sr. Juan:* paréceme todo perfecto o que di, pero polo menos teña a decencia de non insultarme tanto no eido profesional como no eido persoal. Moitas gracias.

D. Rafael Cuíña Aparicio. *Sr. Crespo:* ten tres minutos. Ou quen corresponda do Grupo Popular.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostedes: Sr. Concelleiro, son inmoraais, cando saben perfectamente que o noso voto é imprescindible para levar a cabo con cargo a remanentes calquera actuación. E son inmoraais porque sabendo actúan dunha maneira torticeira, porque sabendo, en vez de ter a humildade e sensatez necesaria para sentarse a falar e poder sacar os temas de mutuo acordo, asegúrolle que no caso da Praza non habería ningún problema. Actúan dunha maneira vil, pero coñecendo, cando son capaces de levarnos aos xulgados para fastidiarnos no eido político e no persoal, como non van a ser capaces de iso se é moito máis sinxelo? E que vostedes actúan dunha maneira rastreira. Nunca sei eu nunha corporación, e moito menos en minoría, unha forma de actuar coma a de vostedes. Vostedes pensan que son os xefes dun tinglado que nin sequera son capaces de saber como funciona. Entón, como mínimo permítame dicirlle que se eu non fun moitas veces a praza, asegúrolle que a Concelleira que tiña do ramo para iso, si foi, e se preocupou moito deles. Non creo que ningún praceiro lle dera ningunha queixa de *María José*, non creo. Pode ser, pero non creo. Polo tanto, nós si nos preocupamos e si deixamos aquilo funcionando, cousa que non está agora. Logo é certo que nós presentamos unha moción para que non esmorecera a praza, que estaba esmorecendo. Froito desa moción que presentamos,

activámoslos a vostedes, bendito sexa dios, porque se non presentamos a moción, nada que dicir, nin sequera farían nada. Polo menos a nosa moción valeu para actualos. Pero xa o colmo da vagancia, política me refiro, non persoal, non me tome os temas como persoal.

Eu critico á vostede en canto á súa delegación, non na persoa de *Piki*, en absoluto. A nivel persoal téñolle un profundo respecto. A nivel político é outra historia, que é do que falamos aquí. Polo tanto, mire, se tiveran preocupación, non lle deixarían que os praceiros fixeran eles o proxecto. Un edificio municipal... teñen que facer os praceiros o proxecto? Home non me tome o pelo. Eu vou onde os praceiros, e o que eles queren facer. Se estou de acordo, dígolle: mire, tranquilo, ningún problema, facemos nós o proxecto e máis a obra. Faltaría máis. Como que fan eles o proxecto? Onde se veu que nun anaco dun edificio municipal se poña un particular a facer unha obra, para o Concello. Encima, non, fágolle o proxecto para que o Concello me faga esa obra. Supoño que terán un correspondente convenio ou algo firmado con eles, ou fixeron o convenio e vostedes sen máis van licitar ese proxecto? Pregunto: Hai un convenio firmado cos praceiros e o Concello de Lalín, para darlle forma, para ter unha parte formal entre o Concello de Lalín e os praceiros? Hai un convenio firmado Sr. Concelleiro delegado? Si ou non?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Remate xa.

D. José Manuel Fernández Taboada. Vostede foi a parte de abaixo da Praza de Abastos?

D. Xosé Crespo Iglesias. Si. Fun alí. Teño aquí as fotos.

D. José Manuel Fernández Taboada. Pediu permiso a alguén? Pediu permiso ao Concello para entrar alí?

D. Xosé Crespo Iglesias. Mire. Con tódolos respectos...

D. José Manuel Fernández Taboada. Esa parte de abaixo creo que está cerrada.

D. Xosé Crespo Iglesias. É o colmo. Mire: voulle dicir, funa ver con dous praceiros, ca Presidenta e cun de alí. Eles tiñan a chave. Eu díxenlle se podía ver a parte de abaixo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón: rematou o seu turno. Grazas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non, non. Eu aquí si que non paso por esas. Quero acabar a miña reunión...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Doulle un minuto máis. De acordo?

D. Xosé Crespo Iglesias. Bueno. Porque senón preséntolle unha moción por urxencia. Non quere caldo, pois sete tazas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Me ten asustado con esa posibilidade.

D. Xosé Crespo Iglesias. Moi ben.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Veña un minuto máis.

D. Xosé Crespo Iglesias. Dígolle que, se realmente tiveran preocupación, que non a teñen, pola Praza, vostedes farían o proxecto e vostedes executaríano. Iso si, pactando cos praceiros o que queren. Pero que os praceiros teñan que encargar o proxecto, non me parece moi normal, por moito que vostede queira disfrazalo doutra maneira. E mire, eu fun onde eles, eu fun onde eles... pero que meteran a subvención noutras cousas, que meteran a subvención noutras cousas. Nós...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Por favor. Rematou a súa intervención.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non, non. Que non rematei.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Estoulle dicindo eu que si.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero é que se me está interrompendo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Doulle un minuto máis.

D. Xosé Crespo Iglesias. A ver mire unha cousa: aquí o regulamento non se cumpre. Solo se cumpre cando vostede quere que se cumpra. Aquí ou se cumpre para todo ou pa nada. Porque resulta que se falan os seus compañeiros non hai que cumprilos, e se falamos nós hai que cumprilos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Ou sexa. Dinlle corenta minutos de comparecencia e inda ten máis que dicir.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdón. Si, porque mire: eu podo pedir unha, dúas tres ou catro. Vostede non se acaba de dar conta de que está en minoría; non se acaba de dar conta diso.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Para presidir o Pleno non estou en minoría.

D. Xosé Crespo Iglesias. Polo tanto, se nós aceptamos debater as dúas mocións...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Remate de unha vez, non me rompa a cabeza coas súas películas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pois entón sexa xeneroso cos tempos, porque estamos debatendo dúas mocións nunha.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Sr. Crespo, que remate. Mire: Sr. Senador, Sr. *Crespo Iglesias*, Portavoz... estou dos seus rollos ata as narices. Remate o que queira home. Pesado, pesado, que tío máis pesado, de verdade.

D. Xosé Crespo Iglesias. E eu estou de vostede máis. Teño que aguantalo, non me queda outra. E vostede a min ten que aguantarme, non lle queda outra. Así de

sinxelo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Eu teño que marchar do Pleno ademais, ou sexa que... teño que ir ao médico. Teño que ir ao médico e despois de viaxe.

D. Xosé Crespo Iglesias. Faga o que queira.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Veña.

D. Xosé Crespo Iglesias. Faga o que queira.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Remate.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu non lle obrigo a estar.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Veña... Tes ti moito máis grande todo. Veña.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu o que digo, o que digo... este Pleno está posto dende hai moito tempo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Por favor. Veña. Si, algúns non queren madrugar. Veña.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu o que digo, eu vou a respectar o que firmei cos praceiros, porque considero que é o mellor para a Praza de Abastos, en primeiro lugar. Segundo; que se faga con remanentes do ano dezasete ou dezoito. A vostede deberíalle preocupar máis ben pouco, porque mire unha cousa: vostede sabe cando ten que estar adxudicado este proxecto? Eu creo que non. Mire cando ten que estar adxudicado. O proxecto hai que facelo. O proxecto hai que informalo e hai que adxudicalo. E mire unha cousa, perdón: se vostedes quixeran, sobra tempo para facelo. O que pasa é que vostedes converten un expediente de cinco meses en cinco anos. Home están adxudicando cousas que... acabamos. Nós o que pedimos na moción é, nin máis nin menos, exactamente o que eu firmei con eles, porque considero que está totalmente vixente e que é bo para a Praza. Polo tanto a súa moción ímola votar en contra e a nosa a favor.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias.

D. Xosé Crespo Iglesias. Polo tanto, vaise a facer o proxecto que queren os praceiros.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias Sr. Crespo.

D. Xosé Crespo Iglesias. E vaise acometer polo menos unha primeira fase, unha primeira fase, como verá despois na seguinte moción; unha primeira fase con cargo a remanentes, e senón demóstrano e fagan xestión coas outras administracións.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Sr. Cruz adiante. Ten tres minutos.

D. Juan José Cruz García. Empezamos por... cando os argumentos son solo os

de ir hacia os insultos e hacia non sei...

Creo que na miña intervención non faltei a ninguén. Durante estes días tiven que escoitar diferentes cousas, e cometedes erros como darlle a “me encanta” a que *Juan José Cruz* é o peor Concelleiro de toda a historia... Mira home por abriros os ollos: tíveno que facer con *Celia Alonso*; contigo, estouno facendo a diario.

O tempo danos a razón. Vós tedes que facer esta obra. Facéde-la perfectamente con estes remanentes. Tedes tempo de execución ata o 31 de decembro, e non tedes problema ningún.

Agora hai que criticar esta obra. Hai que criticar moitos procesos que houbo aquí. De repente aparece a decoradora, a decoradora volve a ser a prima de *Manolo Igrexas*. Manolo Igrexas está ata na sopa. Está denunciando a *Juan José Cruz*, está no tema da denuncia de *Crespo*. Está na obra da Praza de Abastos. *Manolo Igrexas* volve estar aquí con Cage, cun arquitecto e todo... xente do..., o arquitecto primo de *Alberto Granja*. Todo xente relacionada co independentismo ou relacionada cos partidos máis independentistas de Lalín. Home, se queredes seguir así, e despois dicir que vos fastidia que vos digan que vós lle dades o traballo ós vosos amigos... pois bueno, pois *Manolo Igrexas* volve a estar aquí. É primo irmán do carnicero que está alí. A súa irmá fai o proxecto de decoración e para poñer aí catro chorradas que poñedes de prantas, vídesnos vender aquí a este Pleno de que iso é prioritario: poñer unhas prantas. Cando tedes que mirar... por exemplo. Por que non mirastes pra facer o traballo con tempo, e porque non pedistes a Patrimonio o arreglo dos canalóns e de tódalas baixantes que están... Si que tedes razón. Están igual que estaban no PP. Están igual que cando estaba o pai de *Rafa*, igualiña de todo. Tedes que mirar que estades traballando para os vosos amigos. Iso non o podeades ocultar. É legal facer un convenio, Sr. Secretario? Houbo algún convenio para que pagaran parte do proxecto os praceiros? Ou ese convenio é para coller e dicirle aos praceiros: mirade estades atados por onde eu quero, como pagades algo, vades perder cartos, e ademais de perder cartos, pois tedes que criticar ao goberno da oposición porque non se faga ese proxecto se se perden os cartos. Sr. Secretario, ese convenio existe? Existe algún convenio?

D. César López Arribas. Imos ver. En relación coa moción, con esta, coa segunda do Partido Popular, hai algunhas cousas que clarexar, entre elas a que ti plantexas: En primeiro lugar o punto primeiro; aprobar o proxecto, que seguramente a competencia é do Alcalde, entón habería que cambiar o de aprobar por instar ou solicitar ao Sr. Alcalde que aprobe o proxecto ou pola Xunta de Goberno pola súa contía; o segundo punto, onde di que o goberno asume o 30 %, pode asumilo, pero claro hai que telo en conta que o Concello é o dono da Praza de Abastos, e que aí hai unha serie de praceiros, que se constituíron en asociación e que polo tanto haberá que facer un convenio; o mínimo.

D. Juan José Cruz García. E fíxose? Fíxose cando o denunciiei?

D. César López Arribas. E o terceiro punto o de encargar por parte do goberno local, con carácter urgente, a redacción dun proxecto de reforma integral, iso haberá que ver cal é o importe, haberá que ver de que órgano é a competencia, pero seguramente tamén será do Alcalde.

D. Juan José Cruz García. Doume por contestado.

D. César López Arribas. Hai que instar ou solicitar.

D. Juan José Cruz García. Non houbo nada. Doume por contestado. Non houbo nada e querenos facer crer que esas manipulacións que hai en prensa, son a boa intención. Non, home non. Ese convenio non existiu. Pois o mínimo que tiña que facer é facer as cousas legais. Se existira, pois podíanolo ensinar agora aquí; taparíanlle rapidamente a boca a este Concelleiro, traendo un convenio aquí firmado, a ver se despois era legal ou non era legal facer un convenio. A ver se era legal ou non era legal. Eu voume contento para a casa, porque non teño nada contra os pranceiros, que podería ter, porque para min esta Presidenta...Un cando perde a palabra polo negocio ao mellor perde o negocio, hai que ter coidado. Eu non sei onde está traballando o seu marido. Vou investigar esta temporada, pero é o de sempre, é o de sempre, que vou investigar onde está traballando o seu marido. Onde está traballando o marido da Presidenta da Praza de Abastos? Estou preguntando. Pódeme responder vostede Sr. Nicolás González? Non me sei o nome, o apelido.

D. Nicolás González Casares. Mire, non teño nin idea...

D. Juan José Cruz García. Non ten nin idea...

D. Nicolás González Casares. Pero é unha vergonza que vostede traiga estas cousas aquí a Pleno. Non teño nin idea.

D. Juan José Cruz García. Pero nunca podoo preguntar...

D. Nicolás González Casares. Non é nin competencia miña, nin do Pleno, nin de ningún, saber da vida persoal...e traer estas cousas a Pleno da vergonza.

D. Juan José Cruz García. Tranquilícese, que eu intento levar a vida con calma e asumir que me cortan o micro. Estean tranquilos que isto logo acaba. En maio todo acabou xa e non hai problema para seguir. Mire: o dito anteriormente. Eu non estou de acordo coa financiación. Estanlle mentindo aos pedáneos polas parroquias, estanlle dicindo que non é posible... que o *Sr. Interventor* diga, se é posible ou non é posible, en cinco meses, tramitar cinco pistas, ou tramitar o proxecto da Praza de Abastos. Teñen ata o 31 de decembro. Vostedes son os que fan mal as cousas, porque a ponte de Bustelos caeu pola culpa de vostedes. Fan proxectos... Dinlle aos veciños que non da tempo. Eu demóstrolle que da tempo, e vouto demostrar e ímosllo demostrar co Sr. Interventor. Se non o fan, pois haberá que recorrer a onde haxa que recorrer. Non lle mintan a xente, home. Sobra tempo, sobra tempo, e o que hai que facer é debater as cousas. Vostedes fixérono mal. Tráeno a debater neste momento aquí ao Pleno. Se o trouxeran antes, aforrábanse moitísimos problemas, e que lle leran a cartilla. Non vamos ter...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Gracias. Leva dous minutos máis dos que son.

D. Juan José Cruz García. Déixame... trátame... para que non sexa arbitrario desta volta...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Trinta segundo máis. Veña, trinta segundo máis.

D. Juan José Cruz García. Ve como hai trato arbitrario neste Concello? A min solo me da trinta segundos. Pois non os quero home. Non os quero.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón. Acábolle...

D. Juan José Cruz García. Que non os quero.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Acábolle de dicir que leva dous minutos máis. Dous minutos máis dos tres que tiña.

D. Juan José Cruz García. Non os quero home. Non os quero. Se estades contentos, quedade contentos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Vale. Gracias. Procedemos á votación.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdón, perdón. A moción é miña, e o Secretario fixo unhas alusións que quero aclarar. O Secretario di que o punto un, aprobar o acondicionamento, correspóndelle ao Alcalde, estou de acordo co Alcalde, perdón, estou de acordo co Secretario...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Perdón a moción non é súa, que estamos debatendo conxuntamente e iniciamos ca do goberno. Dito isto, aclare o que queira.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si. Pero falo con respecto a miña. As mocións votarémolas por separado. Ou tamén as quere que votemos por conxunto?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Si, si, si...

D. Xosé Crespo Iglesias. Ah, vale. Ben, digo que, a moción que nós presentamos, di o de aprobar. Se esa facultade lle corresponde ao Alcalde, como si, efectivamente é así, pois instar. Non hai ningún problema no que di o Secretario de cambiar o de aprobar por instar. E o mesmo tamén no punto dous, o trinta por cento restante do custo de elaboración do proxecto da reforma da Praza, pois que o faga o Alcalde en base a este acordo. É dicir, nós solicitámolo; obviamente o Alcalde pode facelo ou non. Entón tanto o punto un, coma o punto dous, nós o que facemos é instar a que o Alcalde o faga, non a facelo nós dende esta moción.

D. César López Arribas. Pero perdón, perdón, perdón. É o punto tres, o punto dous era o do convenio. Díxeno. Un convenio, un convenio coa asociación dos praceiros.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pois o punto tres. O punto dous é meterlle o do convenio. E o punto tres, en vez de encargar, instar ao Alcalde a que encargue. Con iso queda aclarado as anotacións correctas que fixo o Sr. Secretario. E eu preguntoulle ao Secretario, se un proxecto feito polos praceiros, se o Concello o pode executar sen ter firmado convenio ou algo. Como se fai iso?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non apague o micro. Encéndao.

D. César López Arribas. Bueno, vamos a ver. O normal é que antes de calquera

actuación houbera un convenio para determinadas actuacións...

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero haino? Haino? Eu pregunto se o hai.

D. César López Arribas. Eu non o vin.

D. Xosé Crespo Iglesias. Entón se o Secretario non sabe se hai ningún convenio, menuda chapuza. Unha vez máis vostedes entérranse no seu propio fango.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Bueno. Gracias. Procedemos a... Non, non...

D. José Manuel Fernández Taboada. Podo dicir unha cousa? Falar co Secretario...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dixen que non.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non hai ningún convenio. Eu un particular... eu vou facer un proxecto para remodelar alí onde estamos alí no galiñeiro. Si, si.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Procedemos... Por favor, por favor. Procedemos a votación da primeira moción.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pois o normal era non insultarnos a nós.

Na moción propúñase:

1. Solicitar o apoio do Pleno -unha vez aprobado o correspondente financiamento para a reforma e mellora da planta superior da praza de Abastos- ao compromiso do Goberno de asumir o 30 por cento restante do custo de elaboración do proxecto encargado polos praceiros.

2. Solicitar o apoio do Pleno -unha vez aprobado o correspondente financiamento para a reforma e mellora da planta superior da praza de Abastos- ao compromiso do Goberno de encargarse con carácter de urxencia a redacción do proxecto de reforma integral da pranta baixa do edificio da praza de Abastos, para que estea elaborado este mesmo ano.

3. Solicitar o apoio do Pleno -unha vez aprobado o correspondente financiamento para a reforma e mellora da planta superior da praza de Abastos- ao compromiso do Goberno para que o proxecto de reforma integral da pranta baixa do mercado sexa adxudicado con cargo aos remanentes de tesourería do ano 2018 ou con fondos procedentes doutras administracións, tal e como solicitan os praceiros.

4. Solicitar o apoio do Pleno -unha vez aprobado o correspondente financiamento para a reforma e mellora da planta superior da praza de Abastos- ao compromiso do Goberno para iniciar con carácter inmediato os trámites ante a dirección xeral de Patrimonio para obter os permisos necesarios para levar a cabo o proxecto de reforma integral da pranta baixa do mercado.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada,

obtivoise o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE A MOCIÓN.**

12.- EXPEDIENTE 3863/2018. MOCIÓN DO PP RELATIVA AO ACONDICIONAMENTO E REFORMA INTEGRAL DA PRAZA DE ABASTOS.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral o día 18 de xullo de 2018 (nº rex. 5495). A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 23 de xullo de 2018.**

O debate da presente moción realizase conxuntamente co do Expediente 3865/2018. Moción do Grupo de Goberno para comprometer o seu apoio e o do Pleno á Reforma Integral da Pranta Baixa da Praza de Abastos de Lalín, que figura no punto 11 da orde do día da sesión.

D. Rafael Cuíña Aparicio. O goberno abstense non? Quedamos niso? Nós abstémonos. Nós non vamos a votar nunca contra os intereses dos praceiros, evidentemente. Ten razón o que lle dixo antes... Vale. Seguinte punto por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, vale.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Por certo, que no primeiro expediente quedou aprobada a primeira... parte de arriba da Praza? Si. Ou sexa, que esa podémola executar xa non? E iniciar o expediente tal... Vale. Teñen boas noticias os praceiros.

D. Xosé Crespo Iglesias. Dende logo que morro ten. Dende logo que morro ten.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Digo que, afortunadamente os praceiros xa teñen a parte de arriba.

D. Xosé Crespo Iglesias. Que morro ten. Mire, non queira colocar o... Vamos a ver, mire, vostede sempre é o mesmo...

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non me deixa falar...

D. Xosé Crespo Iglesias. Solo vive para os medios. Solo vive para os medios, e para o facebook e para o twitter, e pae todo o que teña que ver coas redes sociais. O seu é iso: a xestión cero. Mire: faga un convenio. Que se tivera respecto por nós, tiña que haber feito un convenio cos praceiros antes de traer isto ao Pleno pasado, que é o mínimo, porque senón con que lexitimidade trae vostede aquí, un convenio, unha modificación de crédito, sen ter firmado o convenio cos praceiros?. Quéremo explicar?

Querédesme explicar? Pois sabe unha cousa? Vou pedir un informe xurídico a ese respecto. A ver si se pode aprobar no Pleno que vostedes traían, si se pode aprobar a execución dese proxecto, sen antes ter un convenio firmado. Un proxecto que non é feito, nin aprobado por esta casa.

D. Nicolás González Casares. Aquí non aprobamos proxectos...

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero terían que firmar un convenio con eles previamente para dicir que asumen o seu proxecto. Ou non?

D. Rafael Cuiña Aparicio. Non teñen a palabra. Garden as formas. Non me faga falar demais sobre o tema da Praza. Simplemente antes de marchar, quería felicitar...

D. Xosé Crespo Iglesias. Tes razón. Se fala demais, diría a verdade.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Veña Sr. Crespo, respecte un pouco ao Alcalde anda. Respécteo un pouco anda. Xa sei que lle doe, pero...

D. Xosé Crespo Iglesias. O mesmo que me respecta vostede a min: nada.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Xa sei que lle doe...

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu respecto...eu son proporcional

D. Rafael Cuiña Aparicio. Sr. Crespo Iglesias, xa sei que lle doe que o pobo de Lalín me escollera a min de Alcalde. Bueno, xa sei que lle doe. Eu simplemente quero transmitir ós praceiros...si estudei no Sagrado Corazón, si...Aos praceiros transmitirle parabéns, porque o seu proxecto sae pats diante, e isto é importante. Seguinte punto Sr. Secretario.

Sometida a votación ordinaria a moción e as emendas presentadas verbalmente polo grupo propoñente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor.**

A reforma e modernización integral da Praza de Abastos de Lalín é un obxectivo común compartido polos praceiros e polo Grupo Municipal do Partido Popular de Lalín, así como por moitos veciños.

Tendo en conta que o propio alcalde de Lalín manifestara en marzo de 2016 a súa intención de acometer dita reforma integral e que dous anos despois non se produciran novidades ao respecto, o Partido Popular presentou unha moción en marzo

do 2018 reclamando ditas melloras.

Naquel entón o goberno local asegurou dispor dun anteprojecto que non existía xa que foran os propios praceiros, preocupados polo futuro do recinto, xa que esmorecía, os que tiveron que asumir a responsabilidade de encargar un proxecto para a reforma dun edificio municipal con cargo a unha subvención da Xunta de Galicia. Dita achega financiaría o 70% do proxecto, mentres que o 30% restante deberíano asumir os propios praceiros.

Unha vez elaborado dito proxecto, e a sabendas de que non dispoñía da maioría suficiente no Pleno para sacalo adiante con cargo a remanentes, o goberno local levouno por urxencia ás Comisións informativas sen telo explicado con anterioridade á oposición e sen ter establecido ningún contacto ou negociación previa.

O Grupo Municipal do Partido Popular segue a compartir a preocupación dos praceiros pola reforma e mellora da Praza de Abastos e que avoga por unha actuación integral, que inclúa non só o acondicionamento da planta superior senón tamén a rehabilitación da planta inferior para o seu aproveitamento como zona comercial e/ou de restauración.

En base ao exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

1. Instar ao Alcalde a aprobar o proxecto “Acondicionamento Interior da Praza de Abastos de Lalín”, así como o expediente 7P/2018, que veu na orde do día do Pleno de Xuño, como un crédito extraordinario e suplemento de crédito, para poder executar dita obra con cargo a remanentes do ano 2017.

2. Que o Goberno Municipal asuma o 30% restante do custo de elaboración do proxecto de reforma da planta superior da Praza, toda vez que os praceiros teñen unha subvención para o 70% restante, para que así non teña custes para os mesmos.

3. Instar á Aalcaldía a encargar, por parte do Goberno local, e con carácter urxente a redacción do proxecto de reforma integral da planta baixa do edificio da Praza de Abastos e adjudicar o mesmo con cargo a remanentes de tesourería do exercicio 2017, tanto o proxecto como a execución da obra, salvo que o Goberno local consiga fondos de outras administracións que nese caso minoraríanse dos remanentes.

4.- Instar ao Goberno municipal a tramitar un convenio de colaboración coa Asociación de praceiros para regular as obras a realizar.

Sendo as 11:39 horas abandona a sesión o Sr. Alcalde, pasando a presidir o Pleno o Primeiro Tenente de Alcalde D. Nicolás González Casares, quedando así o grupo de CxG-CCTT composto por tres (3) membros e pasando a dezanove (19) o total de asistentes.

13.- EXPEDIENTE 3862/2018. MOCIÓN DO PP PARA ARTICULAR UN PROCEDEMENTO PARA O NOMEAMENTO DE CRONISTA OFICIAL DE LALÍN.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 18 de xullo de 2018, co número de entrada 5494. A continuación o Sr. Secretario

deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 23 de xullo de 2018.**

D. Xosé Crespo Iglesias. Sr. Alcalde, eu sei que se ten que ir. Alá vostede. Que saiba que vai haber mocións importantes hoxe fora da orde do día. Vale, ten todo o dereito do mundo. Inda que o adiantamos, non chegaba a tempo. Non, non se preocupe, non me vacile, estou vacilado xa abondo.

D. Nicolás González Casares. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben. Nós presentamos a moción porque entendemos que é un luxo perder por máis tempo a labor que pode facer de cronista oficial de *Daniel González Alén*. Cando se lle dou a *Folla de Carballo* no seu momento, o que glosou a memoria da mesma, dicía que realmente era o cronista oficioso de Lalín, inda que non oficial, e daba a entender que debería ser o cronista oficial.

Obviamente eu non son sospeitoso de haber feito esa memoria, senón que como vostedes saben, glosouna outra persoa. O feito de que lle chamemos cronista oficioso é sabido de todos, e inda que *Daniel González* nunca precisou dun nomeamento. Non é menos certo que moitos pobos, teñen precisamente no seu organigrama a figura de cronista oficial. Iso vale fundamentalmente para revestilo dunha certa solemnidade e tamén para facilitarlle recursos, mínimos por certo. Estamos falando de recursos mínimos, non estamos falando de dedicarlle ao cronista oficial unha cantidade de cartos, non, non. Utilizar practicamente os recursos que hai, non lle ten porque custar un euro máis ó Concello.

Eu propoño que unha persoa que ten unha valía extraordinaria, e que lle gusta e que o fai por vocación, e que ata agora lle custou cartos do seu peto para levalo adiante, propoño que para que faga moitas máis cousas, das que está a facer, e loxicamente, os anos pasan pa todos e Daniel hoxe inda pode, pero ao mellor dentro duns anos, pois se cadra xa non pode exactamente como agora, pois é unha pena que esteamos perdendo, porque eu teño que recoñecer que si o quería facer. O que pasa é que non tiveron a fortuna de continuar de Alcalde de Lalín, senón eu quería facer na figura de *Daniel González Alén* a figura do cronista oficial da vila, que nunca houbo en Lalín. Pero eu creo que el reúne as condicións axeitadas, sen dúbida, tan ben ou mellor que calquera outros. Pode haber algúns que realmente se parezan a el, pero eu creo que hoxe por hoxe, coñecendo a traxectoria de todos os que escriben, e de todos os que se preocupan do eido cultural, e polo tema patrimonial noso, sen dúbida o que máis méritos ten, eu creo, que é *Daniel González Alén*. E como digo cando se lle dou a *Folla de Carballo*, na Sección de Ouro, que obviamente non ten que ver unha cousa con outra, porque aquí realmente na Folla de Carballo, démoslle un premio a súa traxectoria. Na Folla de Carballo démoslle un premio á súa traxectoria, pero, o que é certo, que aquí lexos dun premio, o que lle damos é unha carga. Pero é unha carga que eu sei que fará con gusto. Polo tanto, nós o que pedimos aquí hoxe nesta moción, é que, por parte do Concello, se lle dean, para esa persoa polifacética, os mínimos medios que fan falta para facer unha labor importante, e que dende logo, redundará no beneficio de tódolos lalinenses, e incluso nos da Comarca do Deza sen dúbida.

O feito de que el poida ter un sitio onde ter os seus documentos, un sitio físico, e mire que esta casa ten sitios, sen ir máis lexos, ao lado de onde están os grupos políticos, hai dous despachos baleiros. Liñares seguro que tamén ten algún sitio baleiro, que podía valer perfectamente para el, ou calquera dos dous auditorios, na

zona do Auditorio creo que tamén podía haber alí un sitio para habilitar. En todo caso sería cuestión de buscalo e negocialo. E logo darlle unha liña de teléfono corporativo para que non lle custe do seu peto, e un ordenador. Digamos, o mínimo que poida haber para funcionar unha persoa desas características.

E logo aproveitando os distintos plans de axudas que hai da Deputación, cando nos outorga becarios, ou cando nos outorga empregados que podemos contratar por períodos, as veces de seis meses e as veces de nove meses e as veces incluso dun ano, aproveitar tirando deses becarios que puideran estar ao seu dispor, para poder facer traballos, ou sobre todo o máis importante, coller a documentación que está por aí escallada, e xuntala, e facer as correspondentes publicacións, ou senón polo menos catalogala, arquivala e podela poñer en valor para que a poidan desfrutar, non so os que agora estamos aquí en Lalín, senón os que veñen detrás.

Sen dúbida o que se perda cando **Daniel González Alén** falte, e que estea no seu poder, se non está ben organizado, é probable que ao mellor se perda para moito tempo ou para sempre. Co cal con esta solución, poderíamos, digamos, dar un paso adiante, en algo que en Lalín é moi necesario. Témosto sitio, porque sobran os sitios pa darlle.

Os medios que custaría serían mínimos e eu vexo lóxico que, se de repente hai un problema nun castro ou nunha mámoa, que poida ir un técnico municipal dentro do seu horario de traballo, acompañalo pa facer un levantamento topográfico ou o que faga falta. Ou se hai algún problema para ir a algunha propiedade, que teña algún valor patrimonial, que poida ir acompañado da correspondente Policía Local. Ou se hai que desbrozar nunha pena, par mirar que alí hai un achádego importante, pois que poida levar algunha brigada do Concello de Lalín, ou mesmo os de Protección Civil, para axudalo a levar material, etc, etc. En definitiva, nada que afecte ó normal funcionamento do Concello, senón que en todo caso ao contrario, mellorar o funcionamento, e poñer, o Seminario de Estudos do Deza a funcionar, que vostedes téñeno aí totalmente esmorecido, e tamén todo aquilo no eido cultural, todo aquilo que é recopilación das nosas tradicións.

No que *Daniel* sen dúbida é un especialista, podelo plasmar en documentación axeitada, tanto no eido visual como a nivel de gravación da mesma, como a nivel escrito con distintas publicacións. Creo que a eso se lle podería quitar un amplo rendemento social e tamén desde logo institucional desde esta casa. Creo que a figura de cronista oficial, lle ven como anel ao dedo a *Daniel González Alén*, o mellor para ese fin sen dúbida. Non lle custaría nada ó Concello sen dúbida. Estou seguro de que se se negocia con el, el estaría encantado sen dúbida. Cal é o problema para que iso non poida ser posible? Pois por iso presentamos esta moción. Buscar a fórmula axeitada, como dicimos aquí dotar dun despacho e habilitar a fórmula que poida utilizar o persoal municipal. Gracias.

D. Juan José Cruz García. Que se levante o Sr. Alcalde, nun Pleno de máxima importancia no Concello de Lalín, é unha deixadura de funcións grande. Gustaríame saber a onde vai...se vai a un médico?. Mira que non hai días para ir a un médico, e tardes, e ten cartos suficientes ata de ir por privado, porque cobran bo soldo tamén, que dixo que non ía cobrar.

D. Nicolás González Casares. Fale da moción por favor.

D. Juan José Cruz García. Falo do...

D. Nicolás González Casares. Pode falar despois en rogos, facer ese tipo de consideracións

D. Juan José Cruz García. Vades ter unha retala de preguntas, porque me cortades o Pleno. Vades ter unha boa.

D. Nicolás González Casares. Estás no teu dereito a facelo.

D. Juan José Cruz García. Efectivamente. Xa che dixen que ti tiñas outro talante...

D. Nicolás González Casares. Cínguetes á moción *Juan*.

D. Juan José Cruz García. Vale. Na moción paréceme que este Alcalde, que se marchou de aquí, pode ser tamén pois para non enfrontarse a ruptura do voto outra vez neste Pleno por parte do que é o seu goberno. Eu recórdolle ao Alcalde que a el non o elixiu o pobo de Lalín como Alcalde. El impúxose como Alcalde do pobo de Lalín, dende o momento que non negociou con ningún dos seus Concelleiros, ningún tipo de adicación, ningún tipo de competencia e ningún tipo de pacto cos outros grupos do goberno.

D. Nicolás González Casares. Cínguetes á moción Juan, outra vez.

D. Juan José Cruz García. Pois paréceme que este Alcalde se marcha para non estar comprometido. Xa as miradas que tiña con Paco Vilariño xa denotaban tensión. Eu solo digo que lle poderdes dar o meu teléfono móbil a *Daniel González Alén*, a miña liña, esa que me retirastes se queredes. Tamén lle poderdes dar o meu despacho que me retirastes. Podédeslle dar todo o que me retirastes a min, podédesllo dar. Non teño problema ningún e creo que vai ser mellor usado que con este Concelleiro, porque total por unha liña de teléfono...pois mira, eu mantiña as dúas, non loitamos por iso. Podédeslle dar o meu teléfono se queredes.

Vou votar a favor porque non teño especial interese en restrinxir certas cuestións que había para a cultura, nas cales non tiveron oportunidade de participar, porque xa digo que non participei no Padroado, creo que o Seminario de Estudos do Deza estaba no Padroado e debateremos máis adiante se foi oportuno ou non foi oportuno certas decisións co Padroado.

D. Nicolás González Casares. Ben. Vou intervir eu. En primeiro lugar, quería preguntarlle ao Sr. Secretario, da legalidade ou pertinencia, ou se existe, no réxime de distincións e honras do Concello de Lalín tal nomeamento?

D. César López Arribas. Vamos a ver. Está claro que no regulamento de honras e distincións non figura esta clase de distincións. Aquí o que se pide é, nomear inicialmente, como se pode nomear e como se poden facer outra clase de nomeamentos.

En principio non vexo ningún problema, unicamente vexo problema si houberse que habilitar algunha partida, se hai medios dispoñibles físicos, de locais, etc, etc. Pois non hai ningún problema. Se non houberse eses medios e houberse que habilitar partidas pois xa sería outro tema, pero así a simple vista non vexo ningún impedimento.

D. Nicolás González Casares. Ter un teléfono móbil entón unha persoa allea á corporación, sería legal? Por exemplo, que un cidadán pedira un teléfono móbil? Digo. Estou facendo unha consulta. De unha liña de teléfonos ou algo así...

D. César López Arribas. Estamos aquí a falar...

D. Nicolás González Casares. Eu estou pedindo, antes de intervir, saber o que me informa o Secretario.

D. César López Arribas. Eu estou falando no sentido de que se trata de que se nomee a unha persoa para que realice unhas funcións, e loxicamente esas funcións teñen que ter unha serie de medios, e se eses medios están, vale. E se non están, pois habería que habilitalos coa súa partida, o do teléfono, despacho e ordenador. Se os hai vale, e se non os hai, pois haberá que habilitar unha partida. Pero se o Concello acorda isto, non vexo ningún problema.

D. Nicolás González Casares. Non. Iso creo que non o pode acordar o Concello. Pode acordalo o Alcalde en todo caso. Quen usa os despachos da casa, non?

D. César López Arribas. Bueno, vale, vale. Pero en principio aquí o que pon... é un texto un pouco ambiguo, buscar a fórmula... non está tampouco circunscibíndose a nada.

D. Nicolás González Casares. Feitas estas aclaracións polo Sr. Secretario, en primeiro lugar dicir dende este goberno que mantemos un gran respecto por *Daniel González Alén*. Tanto que o mantemos, porque en todos estes anos de Goberno do Partido Popular, practicamente non recibiu recoñecementos. En cambio durante este mandato, foi nomeado coa Folla de Carballo e incluso un ano tamén foi Lalinense do Ano, nomeado por un xurado plural. Polo tanto é indubidable que esta corporación á cal pertence este goberno, ten un gran respecto por *Daniel González Alén* e polo seu traballo.

Eu creo que esta moción, está feita, dixo o *Sr. Crespo*, con ganas de meter o dedo no ollo. Pois si. Pois si, meter o dedo no ollo é o que pretende o *Sr. Crespo*, e esta vez o fixo, tamén, digamos, buscando un aspecto persoal, un aspecto persoal porque sabe da amizade de certos membros do goberno, non so con *Daniel González Alén*, senón tamén coa súa familia. Polo tanto, a min o que me parece esta moción, é que é un pouco escandalosa. Por que *Daniel González Alén* isto si? Por que outros fillos ilustres, outras Follas de Carballo non? Cal é a diferenza? Este Concello está disposto a colaborar con *Daniel González Alén* sempre que o sexa necesario. Non houbo unha sola vez, non houbo unha sola vez, que viñera aquí ou solicitara medios para realizar a súa labor. Porque, senón non sei. Eu supoño que vostedes falarían con el. Desde logo o goberno nunca falou para solicitar medios para facer labores de investigación, se non dee seguro que se lle terían prestado. Agora, que cidadáns, pasen a ocupar despachos, que xa estamos escasos, ou a ter a súa disposición persoal, como pon esta moción, creemos que é unha auténtica esaxeración.

Podemos estar de acordo en cambiar o regulamento de honras e distincións e habilitar a posibilidade de que exista, de que exista, de que se contemple isto de cronista oficial, pero a través dun regulamento e a través do proceso de honras e

distincións de instrucións, como teñen todos eses procedementos.

Creo que á moción en Pleno de; nomeemos cronista oficial a *Daniel González Alén*, non tería máis que unha declaración de intencións. Non Sr. Secretario? Porque realmente como tal, non existe esta figura no Concello de Lalín, non existe, non?

D. César López Arribas. Como calquera outra declaración que non forma parte do regulamento de honras e distincións...

D. Nicolás González Casares. Exactamente. Entón esa honra, esa distinción...calquera podería vir mañá e dicir: non, este non é cronista oficial porque non me obriga a nada. Entón non está en ningún regulamento.

Polo tanto, eu creo, o que lles pido, é que retiren esta moción. Pídolles que a retiren, porque realmente en certos aspectos, e en certas peticións, é disparatada. E dende logo non serei eu sospeitoso, de ir contra *Daniel*, porque precisamente cando foi a entrega da súa Folla de Carballo fixen eu o discurso, e creo que ese discurso está aí para escoitar e ver co cariño que llo fixen. Pero hai cuestións que non teñen sentido, e que hai que articulalas ben, porque se non, podemos incluso caer nos ridículos e danar á persoa á que queremos conmemorar. Polo tanto, eu pídolles, rógolles encarecidamente, que retiren esta moción e que nos poñamos a falar de cambios no regulamento, e de si é competencia ou non é competencia. Se non, pois este Pleno, este grupo de goberno, terá que votar en contra dos intereses desa moción, porque nos parecen, en certa medida se plantexan, disparatados.

A día de hoxe estamos moi escasos de persoal. Este mesmo ano solicitáronse catro becarios á Deputación, e resulta que non houbo suficientes en toda a Provincia de Pontevedra, e en Lalín de catro conseguimos un, quedaron tres prazas vacantes, fomos a unha segunda ronda, é dicir, o Sr. Secretario está pedindo tódolos días xente para a Secretaría, precisamente o único becario, está alí facendo as actas. É dicir, temos unhas necesidades de persoal tremendamente esixentes, como tamén para andar dotando de persoal noutras áreas ou facilitando persoal para outras cuestións.

D. José Antonio Varela Quntela. Así colocades persoal.

D. Nicolás González Casares. Bueno. Ao que íamos. Esa é a nosa proposta. Se fan o favor retírena; máis que nada, para poñernos a falar de como se deben facer estas cousas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Se non retiro a proposta vaime levar ao xulgado, por prevaricación? Como non se axusta á dereito, levárame ao xulgado, é o que se leva nesta corporación. Unha vez que pasaron a liña vermella xa lle debe dar igual.

D. Nicolás González Casares. Entendo a broma retórica Sr. Crespo, pero creo que non vai por aí.

D. Xosé Crespo Iglesias. E o que se leva nesta casa por parte do goberno. Ao xulgado, por teléfonos móbiles, que vale máis a corda ca vaca. Levan a o xulgado a Juan José por un teléfono móbil e cando lle paguen ao avogado vai valer bastante máis que vale o teléfono que pretenden recuperar dunha maneira torticeira, pero bueno, esa é fariña doutro costal. Mire, obviamente eu compadezo ó Secretario, porque aguantarnos a todos non é fácil, e sobre todo nunha situación crispada como hai en Lalín, orixinada polo mal facer do goberno, por ningunear á oposición, e por

quererlle negar ata o pan e a sal. E non contentos con negarnos ata o pan e a sal e sendo un goberno en minoría inda por enriba nos meten no xulgado pa destruírnos na dobre faceta, na política e na persoal, e iso non llo vou a permitir Sr. Tenente Alcalde, non llo vou a permitir, porque me parece inmoral. En todo caso, eu non lle quero complicar máis a vida ó Alcalde e o que vou cambiar é a parte dispositiva final, en vez, facendo alusión ao que vostede me dixo, e o que dixo o Secretario, o que vamos poñer no acordo en vez de estes tres puntos que tiñamos aquí, o que vamos a propoñer é...pois o acordo vamos a propoñer, que se busque a fórmula axeitada, que se busque a fórmula axeitada, por parte do Concelleiro delegado, quen sexa, para crear o antes posible, a figura de cronista oficial, ben sexa modificando o regulamento de honras e distincións, ou ben creando...facer un expediente para crear a figura de cronista oficial da vila. Entón, eu cambio nese sentido, como iso é unha instancia, é instar, e quitámoslle eses tres puntos e o que facemos é instar, é dicir, nunha palabra, Sr. Tenente Alcalde; quere que llo pinte de verde? Píntollo de verde. Quere que llo pinte de amarelo? Píntollo de amarelo. Píntollo como queira vostede. Eu o que quero é que haxa un cronista oficial de Lalín aínda que sexa quen sexa. Se vostedes ven que hai algunha persoa que pode reunir mellores condicións, ningún problema, que haxa un cronista oficial de Lalín para que a documentación que temos escagallada en moitos despachos por aí, que se poida poñer en orde, porque iso é algo irrecuperable, e si, hai que facelo o antes posible, porque é tempo que estamos perdendo, e non me diga vostede que a moción ten que ver con quitarlle ó persoal, collerlle o pouco que hai e utilízalo pa outras cousas. Non, non, eu non dixen iso. Eu dígolle que mire. Agora mesmo vostede non ten subvención, porque non existe a figura, pero si vostede crea un cronista oficial, se o propio cronista, pide a Deputación ou a Xunta becarios, asegúrolle que llos dan. Haberá que pedir tres para que dean un. Pero asegúrolle que llos dan. O que pasa é que tiña que haber o departamento de cronista oficial de Lalín. E asegúrolle que a Consellería de Cultura ou a Deputación de Pontevedra, terá axudas para iso, tanto no económico, porque aí pódense pedir axudas, mire, aí pódense pedir axudas, aquí hai algún... os concellos de rancio abolengo, que teñen cronistas oficiais, algúns máis pequenos ca nós, porque eu recordo que creo que tiña cronista oficial, agora non sei se o ten, Tui, porque era unha cidade destas que viña de vello. Tamén A Estrada, é dicir, A Estrada tiña por exemplo cronista oficial. Esa xente, eses departamentos, nótrense eles mesmos, non hai que lle dar fondos propios do Concello, porque simplemente aquí, non me diga que non hai un despacho para... pero si ao lado de onde estamos nós hai dous baleiros. Perdón, perdón, ese é o departamento que se fixo no seu día, ben feito, para os grupos da oposición, aquilo non é pa vostedes, non é para os grupos políticos, é para os grupos da oposición, é distinto, o que pasa é que grupos da oposición hai dous nada máis.

D. Nicolás González Casares. E se temos que volver ocupalos, botamos ao cronista?

D. Xosé Crespo Iglesias. Naquel momento fixéronse tres despachos, pero aqueles despachos non son para os grupos municipais. Vostedes xa teñen o despacho onde o teñen, no seu respectivo despacho. Aquelo é para os da oposición...

D. Nicolás González Casares. Digo que si temos que volver ocupalos, botamos ó tipo?

D. Xosé Crespo Iglesias. Aqueles cubículos...perdón, aqueles cubículos que

hai alí. Aqueles tres cubículos. Eran para os grupos da oposición, non para os grupos políticos. Nos grupos políticos non hai. Polo tanto aquilo é para a oposición. Que ocorre, na oposición neste momento está o Partido Popular, e está Juan José, e Juan José ata non lle tedes nin sequera... eu creo que non ten nin onde facer unha fotocopia, pero ese é un asunto del, que xa se defende el bastante, non teño porque defendelo.

D. Nicolás González Casares. Hai concelleiros e concelleiras que non teñen despacho propio xa llo digo eu.

D. Xosé Crespo Iglesias. Bueno, pois non sei. Poden telo. Poden telo, porque eu recordo concelleiros como *Antonio Rodríguez* onde estaba mezclado alí cos propios técnicos. Polo tanto onde están os técnicos, onde traballan, pos alí unha mesa máis e xa ten despacho o Concelleiro.

D. Nicolás González Casares. Como *Celia*.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu o que lle podo dicir é, que despachos en Liñares, no concello, e no auditorio, sobran, sobran. E o resto ó Concello non lle custaría nada. Entón, para respectar a parte formal, Sr. Secretario cambie a parte dispositiva, si llo parece, dicindo: instamos ao goberno a que arbitre as medidas pertinentes, para poder crear dun xeito inmediato a figura de cronista oficial, ben sexa modificando o regulamento de honras e distincións ou creando algo totalmente novo que creo que é o que debería. Porque iso realmente non é unha honra e unha distinción, ser cronista oficial da vila é un traballo, é un traballo porque non vas a cobrar, e polo menos que non che custe cartos do teu bolsillo. É o mínimo ao que se pode aspirar. Entón cambiamos a parte dispositiva e poñémoslle: que se faga instar ao goberno...Por certo gustárame ver algo no mes de agosto, no pleno de agosto. Ao mellor, se cadra, é precipitado, un mes raro; pero se queren no mes de setembro traer unha proposta aquí. Tamén me comprometo. A vostedes é a quen lle toca facela. Se non a queren facer, facémoslla nós. Unha proposta que se adapta á legalidade vixente, é dicir, se vostedes queren facela, fana vostedes. Eu encantado da vida. Se queren que a fagamos nós, porque vostedes non teñen tempo, facémola nós. Pero que se adapte. Podémola pactar co Secretario para que non haxa ningún problema dende o punto de vista legal.

D. Nicolás González Casares. Propóñolle que no mes de agosto que o Secretario non está, deixémolo para setembro.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben, ben... ningún problema. Pero se vostedes queren traela... e comprométense a traer no mes de setembro unha proposta?

D. Nicolás González Casares. Si, si, si.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pois si se comprometen pois...

D. Nicolás González Casares. Juan?

D. Juan José Cruz García. Non existe distinción. *Lalinenses do Ano*. O goberno

defendendo as súas mentiras cos argumentos de Juan José Cruz. É de risa. Isto é un esperpento.

Vos mesmos fostes os que tivestes que buscar unha serie de asociacións, para intentar despois darlle un matiz un pouco legal aos lalinenses do ano. É fácil facelo. Sodes do que non hai. É para rir. Tiñades todo arranxado facilmente co regulamento orgánico do Concello, que ese si que é bastante importante, pero ese non o fixestes, máis hai unha moción aprobada por este Concelleiro, e hai moita xente en Lalín a cque ao mellor lle gustaría ter certas cousas reguladas para que non pasen as cousas que están pasando. Se o Alcalde pode, xa está. Poder, pódese. Entón que se pronuncie o Alcalde. Estadese dándome a razón e campades tan anchos. Facedes o que queredes.

Mirade, aclarar que o do teléfono, outra vez, eu a min... non son nada pesetero, levo sen teléfono dous anos. Dáme igual, pero eu teño que garantir a confidencialidade da xente que falou comigo, e da xente claro, que me está pasando información e me está axudando. Pero ademais, informavros que é corporativo, e que estadese facendo o auténtico ridículo. Está firmado onde eu collín o teléfono de que é corporativo. Non sei para que gastades eses cartos.

D. Nicolás González Casares. *Juan...* a moción home, por favor.

D. Juan José Cruz García. Pero el pode falar do que queira e eu non. Ti tes outro talante Nico. Ti non es teu cuñado.

D. Nicolás González Casares. Non, pero el fixo a modo de introdución e ti a modo de argumento que son cousas diferentes.

D. Juan José Cruz García. Bueno, pois veña. Simplemente iso: que estadese perdendo o tempo e os cartos. Por que? Porque vos apetece dicir que eu quero un iPhone. Eu xa tiña un iphone, xa tiña un coche, xa tiña moitas cousas antes de entrar no concello. Eu non necesito de nada de vos. Dádelle o meu teléfono, se queredes a *González Alén*. Sodes mentireiros e despois tedes que vir a darme a razón. E non ma ides dar. Agora vas dicir; non, non tes a razón, *Juan José*. Arranxade o dos Lalinenses do Ano, arranxade o Regulamento Orgánico do Concello, que é bastante importante. E bueno, outra vez o tempo dáme a razón.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Si. Bo día. Vamos a ver: nós neste tema eu creo que, bueno, que realmente, fíxose o contrario exactamente do que se tiña que ter feito, si se quere sacar isto adiante. Por iso, a min, cando se fala de negociación, chócame, despois que veñan mocións deste tipo. Podemos quedarnos coa seguinte proposta, pero non vinculada nunca a unha persoa. Que quero dicir con isto, eu creo que é antítese, como xeito de funcionar un partido político, que traia unha proposta con nome e apelidos, e para ocupar, lle chamamos como queirades, un cargo, unha función, un traballo, que desde logo entendo que ten que ter un papel de consenso importante nun pobo, se dende logo queremos que cumpra pois ese papel, porque ademais todos sabemos que quen escribe a historia, a escribe dun xeito en función cara onde pensa. Verdade? E isto é aquí e en China exactamente igual. Polo tanto nós non entramos no que é en si a persoa, como dicía o Tenente Alcalde, que eu si que quero destacar, porque se non ao final isto se fai porque digo que é antítese do que ten que ser.

Faise moi desagradable falar de nomes, de xente concreta, porque claro, a ver

se agora parece que nós temos algo en contra cando se lle deu a Folla de Carballo, ou cando nese argumento que acabo de escoitar, de chanchulleo dos Lalinenses do Ano, pois tamén esa persoa recibiu ese premio. Polo tanto non será ese o problema. Para min; o problema situase, clarisimamente, xa non nunha cuestión ética ou legal, respecto a medios que podíamos falar expresamente disto, pero si da forma de traer. Non sei que entendemos. Eu por iso xa nas comisións informativas pois votei en contra desta proposta, porque isto si que tiña que vir como unha proposta unánime, como se fixo con calquera tipo de distinción de calquera persoa.

Eu tamén quería unha pregunta: se esta persoa é coñecedora e avala esta proposta? A min si que é un dato que me interesa, para ser capaz de entender a moción ou non. Polo tanto, eu creo que nace moi mal esta moción, cando, insisto, un partido político a fai dun xeito unilateral e sen falar en ningún momento co resto. E respecto á segunda proposta de modificación que facía o voceiro do PP, a min si que... bueno, me parece asumible, pero nunca ligada, nunca ligada, a unha persoa.

Eu creo que en todo caso, se entendemos, que crear pois esa figura, respecto ao que pode ser un traballo, que aí si que coincido, importante', de recompilación de datos. Pero miren vostedes: todos aquí teremos dereito a facer propostas, e o conxunto da cidadanía abrir un prazo. Pero dende logo facer un paripé de configuración dun cargo deste tipo e pola porta de atrás pensar que vai ser unha persoa, eu aí si que dende logo non me van atopar no consenso.

Insisto, creo que é a antítese de como tiña que tramitarse; vostedes que ademais moito nos falan a nós disto, como tiña que tramitarse esta cuestión.

D. Nicolás González Casares. Ben, pois, imos proceder á votación. Eu entendo que con esas...

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu se queres por alusións contéstolle a *Paco Vilariño*.

D. Nicolás González Casares. Pero non sei que alusión che fixo *Paco*.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non pero... a ver, concho, di que el considera que non é a forma de facer as cousas. Pero eu se queres non contesto.

D. Nicolás González Casares. Si, contesta si

D. Xosé Crespo Iglesias. Efectivamente ten razón o *Sr. Vilariño* porque eu recoñezo que niso é hábil e ten dous dedos de fronte, cando di que non é a forma de facer as cousas. Si, ten vostede razón, porque unha proposta deste tipo, debería vir consensuada ó Pleno ou polo menos preconsensuada, pero e que non afixeron vostedes así. E que vostedes connosco que fan? Métennos un dedo nun ollo e despois pídennos desculpas, dende que xa nos meteron o dedo no ollo. Pero e que ao día seguinte volven a facer o mesmo, e ao día seguinte volven facer o mesmo. Entón, vamos a ver, claro que o normal é nestes casos intentar quitar alguén por consenso, senón obviamente ten menos valor.

Cando non hai posibilidade de consenso, hai que impoñer a maioría, pero si se pode facer con consenso mellor. E eu non escapo dese razoamento, pero e que se vostedes non respectaran.

Mire, eu pedín o de cronista oficial, díxeno nun pleno, hai por aí dous anos e medio, e díxoseme que si, que se ía facer, como tamén se me dixo que si naquel mesmo pleno, que se lle ía dar unha distinción a *Rafael Abeledo*, que gracias a el temos a comisaria

aquí, a unha persoa que se non fora por el, que naquel momento acompañoume a min como Alcalde a falar con *Cosidó*, hoxe brillante portavoz do Senado, e que me acompañou...E como foran compañeiros, eu sei que inda que tiña o apoio político de *Ana Pastor* naquel momento e máis do Ministro. Eu asegúrolle que se non fose por esa labor, nós non teríamos aquí esa comisaría.

Eu pedín que houbera unha distinción, precisamente para non pisa-lo procedemento. Díxoseme que si, é máis, volvíno reclamar ó cabo de dous meses. Volvéuseme dicir que si, e logo mándaseme unha carta ou un correo, pedíndome que nomee instrutor a quen eu queira. Eu pídolle o favor a *Daniel González Alén*, e dígolle; “Oe, podes ser ti o que glosa a figura de *Rafael Abeledo*, que está a piques de xubilarse, e eu quería que antes de que se xubilara tivera unha distinción, porque nos fixo un favor á colectividade grande de Lalín e do Deza? E díxome: Pois eu non teño inconveniente.

Eu coñezo á súa filla que é xornalista. Falo con ela e podo facer unha cousa bonita. Pedínlle ese favor e eu mandei un escrito aquí dicindo; tal e como se recolle no escrito tal, propoño a *Daniel González Alén*, para que glose a figura de *Rafael Abeledo* no expediente de honras e distincións...

D. Nicolás González Casares. Pepe, ao grao, ao grao.

D. Xosé Crespo Iglesias. Quero dicir, que se nós non estiveramos escaldados, non traeríamos isto aquí desta maneira *Paco*, seguro. Pero é que estamos escaldados porque se nos dixo que o do cronista oficial ía ir para adiante, pero se nos dixo que *Rafael Abeledo* ía ter unha distinción, e que a día de hoxe pois non a ten porque o Alcalde non quere, por moito que poña desculpas; porque ademais eu fixen a miña parte, inda que me toureou durante medio ano, eu deixei tourear, porque me interesaba. Entón, bueno, eu como non quero, complicarlle nada a vida ao Secretario, de acordo que deixamos isto en instar, e queda o compromiso recollido por parte do Tenente Alcalde de que en setembro... O que si lle digo unha cousa, é que se son tan amables, se en setembro traen algo, que nolo digan a nós antes; non que nos enteremos na comisión informativa pertinente. Que se poida negociar algo, e por suposto, que eu creo que *Daniel González* é o que me reúne mellores condicións, pero pode haber outro mellor, faltaría máis. Aquí trátase de ter un cronista oficial, e polo tanto eu se o poño a el, ben o poño... a propia moción fala dun xeito provisional, para ter a alguén, para ter a alguén que recopile todo o que despois non vai ter recuperación. Por iso propuña a figura del porque é unha persoa sobradamente demostrada, vostede sabe a súa valía. Sabe como funcionan os xuízos do cuarto turno non? Collen algúns avogados de recoñecido prestixio e fanos xuíces. Iso pois... eu o que propoño pois é algo parecido provisionalmente, claro. Porque se non, mire: eu a verdade é que recoñezo que era un tema que eu quería facer cando perdín a alcaldía, é certo, eu non o oculto. Tiña falado con el, no sentido...oe tes que pringar aquí. Pedíndolle o favor, non dicíndolle: voute louvar e converter... Non, non, ao revés, pedíndolle o favor. Faleino con el e dixo: pero eu non sei se o saberei facer. Pero por favor *Daniel*.

Tiven algunha conversa, pero eu non digo que sexa *Daniel*. É dicir, se vostedes topan un mellor, sen dúbida. O caso é que o haxa. Obviamente, lóxicamente o que hai que poñer é que haxa xente imparcial decidindo iso. Eu quero que opinen colectivos, pero non só os colectivos que vós queirades; colectivos, e que opinemos os grupos políticos...e dicir, facer unha comisión plural.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Entón, eu deduzo que el avala esta moción do PP, e que acepta ese papel que o PP lle propón.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non, non. Non o queiras enfocar por aí *Paco*. Porque **Daniel González Alén...**

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Non, pregunto. Me parece unha información valiosa.

D. Xosé Crespo Iglesias. Se algo é, un espírito libre, e sabe vostede que nunca se pronunciou politicamente, aparte de gobernar durante moitos anos nós.

D. Nicolás González Casares. *Pepe*. Coñecía a moción ao detalle?

D. Xosé Crespo Iglesias. Non. Non, non, pero é que vamos a ver: eu xa digo que o que quero é poñelo enriba da mesa, porque se non acaba a lexislatura, perdón o mandato, e non vamos ter nada, por que sabe cal é o problema? O problema é que nos vacilades, un día e outro tamén.

A min non me parece normal que no ano dezaseis se nos diga que nomee un instrutor para facer homenaxe a *Rafael Abeledo*, que recoñece que é moi meritorio, e que ten tódolos haberes e por haber, que lle fixo un favor a Lalín, e que me diga iso, que eu nomee á persoa esa, porque mo pide o Alcalde. Se non podía nomear o Alcalde a quen lle dera a gana, e que dous anos despois non se haxa movido nin unha palla, nin unha palla... Entón agora que xa está xubilado, a verdade é que xa se pode facer cando se faga, cando se queira, pero xa está xubilado. Pero eu as veces cando o vexo, cando ven de vacacións, ven a Lalín, cando o vexo por aí, xa me meto con el; que, chamoute o Alcalde para o tema da distinción? Xa vale un pouco de sorna e de cachondeo.

Eu o que non quero é que as cousas queden en saco roto. Si vostedes... miren, vostedes tráeno po Pleno de setembro. Se non da vido para o Pleno de setembro, ven po de outubro, pero ven unha cousa consensuada, ningún problema. Eu o que quero é que haxa vontade, e non que nos digan, como nós ten acostumados o *Sr. Cuíña*: isto tranquilo que se fai; douche a miña palabra. E logo despois ven a súa palabra, e canto vale a súa palabra?

D. Nicolás González Casares. Inda segue sendo o Alcalde.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdón?

D. Nicolás González Casares. Que inda que non estea aquí agora, sigue sendo o Alcalde.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdón, perdón. Que si. Vexo que marchou, que por certo: a min vostede, cando me pediu cambiar o Pleno, non me dixó que tiña que ir ó médico; díxome que tiña que ir de vacacións. Olo, se me di que ten que ir ao médico acéptolle o cambio sen dúbida...

D. Juan José Cruz García. Unha vez que falades iso, eu quero pronunciarme.

D. Xosé Crespo Iglesias. El saíu agora dicindo...

D. Nicolás González Casares. Hai cousas...

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdón, el saíu agora dicindo que ía ó médico. Vale. Nós temos concelleiros de vacacións e díxenche claramente; mira, adiantar o Pleno... os nosos concelleiros colleron as vacacións contando que hoxe tiñan que vir ao Pleno, porque ademais, pois agora non se pode faltar. Entón, pois contando que tiñan que vir ao Pleno. Entón hai xente da nosa que está de vacacións e viña expresamente para agora. E algún se está lonxe, para chegar aquí teríase que levantar ás cinco da mañá, e diche: non me parece procedente adiantalo unha hora. Pero ti dixéchesme que lle marchaba un avión a unha. Entón, *Nico*, eu se me dis que vai ao médico, se me dis que vai ó médico, e que asegúroche que... ou alguén me toma o pelo...

D. Nicolás González Casares. Non, hai cousas que a veces non se poden contar...

D. Xosé Crespo Iglesias. Perfecto, pero entón non mo digas, non me digas que ten que coller un avión.

D. Nicolás González Casares. E logo xa che dixen...

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero entón non me digas que ten que coller un avión.

D. Nicolás González Casares. E díxenche que, aparte o temos recollido, e sábelo, díxenche; e temos outro problema máis. Agora, eu non sabía a dimensión do problema e por iso non che dixen nin de quen, nin porqué, vale? Porque a semana pasada nós xa sabiamos que tiñamos un problema.

D. Xosé Crespo Iglesias. *Nico*, ti cando me chamaches a min para negociar comigo o cambio de Pleno, dixéchesme...

D. Nicolás González Casares. Falamos por whatsapp máis ben.

D. Xosé Crespo Iglesias. E?

D. Nicolás González Casares. Por whatsapp máis ben fíxeno.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, moi ben. Cando falamos por whatsapp, é o mesmo. Ti primeiro propuxéchesme cambialo para o xoves. Díxenche que non era posible porque a nós faltábannos concelleiros, porque hai xente de vacacións.

D. Nicolás González Casares. Si, e dixéchesme entón... díxenche; o venres as oito. E dixéchesme; si. Dixéchesme si.

D. Xosé Crespo Iglesias. O venres ás oito da mañá en principio si...Díxenche; ás oito da mañá pódeme valer, pero déixame falar co meu equipo. Díxenche así, ou non? Díxenche así. Déixame falar. Eu creo que está no whatsapp.

D. Nicolás González Casares. Si, por iso.

D. Xosé Crespo Iglesias. Entón, se non o borraches creo que está aí. E entón díxenche eu; déixame falar coa nosa xente. E ti dixeches: ningún problema. Á tarde mandeiche un WhatsApp dicindo: non é posible porque hai xente que está fora e ven para aquí. E entón dixéchesme ti: é que márchalle un avión á unha e non vai chegar a tempo. E dígolle eu: pois se queres falamos. Eu creo que falamos de poñer outro día no mes de agosto, pero tamén non valía ou non sei como era. Falamos de poñelo na semana que ven ou algo así. Resumindo: que a min o que me dixeches é que marchaba de vacacións. Se non me queres contar a verdade, dime que ten que marchar e non me digas para que.

D. Nicolás González Casares. Hai cousas que as veces non se poden contar. É dicir, é un asunto persoal.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero non me estás entendendo. Pero dime que é un asunto persoal, non para coller un avión. Vale?

D. Juan José Cruz García. Eu creo que se fora no coche oficial, *Lara* non lle ía berrar. Podía ao mellor chegar dentro dunha hora...ou que vai.... é moi grave?

D. Nicolás González Casares. O que?

D. Juan José Cruz García. Vai a Santiago ó especialista?

D. Nicolás González Casares. Anda *Juan*, veña.

D. Juan José Cruz García. Non? Podería perfectamente ir ao médico e volver.

D. Xosé Crespo Iglesias. Cambiamos a parte dispositiva

D. Nicolás González Casares. Cambiamos a parte dispositiva, é dicir, realmente o que se vai votar, é instar ao goberno... queres dicir algo máis?

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Si. eu non me quero quedar na anécdota. Entón, a parte eu non teño problema en aceptar o tema, como se di. Pero si que... vamos a ver, están escaldados... non sei que... correcto, vale, pero e que se aquí non se senta alguén a negociar é imposible que se saquen as cousas, digo nisto ou en calquera outro. Entón, miren vostedes: hoxe é venres. Se queren hoxe a tarde, nos sentamos a negociar o que son os remanentes. Se queren hoxe a tarde, o sábado, o domingo, a semana que ven, os acordos que vostedes queiran, por nós non é.

Eu tamén presumo de cumprir os acordos aos que este goberno chega. Entón, deixémonos xa de esta leria, deixémonos xa de esta leria. Eu creo que efectivamente á situación á que se está chegando non é, non só doada, senón...eu si que coincido que é bastante desagradable para o que é o día a día dos que conformamos esta corporación municipal. E a verdade é que nesta situación seguramente ninguén nos atopamos cómodos.

A cuestión non é atoparse cómodos, senón que a cuestión é sacar cousas para os

veciños. Polo tanto eu si que creo que iso é importante; pero que isto non sexa escusa para certas actitudes. Insisto, o outro implica... nós somos goberno, temos a responsabilidade de gobernar, e temos a responsabilidade de traer aquí propostas, propostas porque obviamente este Pleno as ten que aprobar. E iso non supón un xeito de querer meterlle o dedo no ollo como din, nin dende logo de tensionar a corda. Vostedes entenderán de sobra que, se non se sentan con nós a negociar, nós o que non imos facer é mirar cara outro lado e facer unha deixación das nosas funcións.

D. Juan José Cruz García. Ti estás de chiste. Ti estás de chiste. Non te sentas con nós a negociar. Aquí vense a negociar un paquete de obras...

D. Nicolás González Casares. *Juan* non tes a palabra.

D. Juan José Cruz García. Déixame dous minutos.

D. Nicolás González Casares. Non, agora non.

D. Juan José Cruz García. Bueno, perdón. Despois déixame dous minutos porque...

D. Nicolás González Casares. Tes rogos e preguntas. Vólvocho a dicir.

D. Juan José Cruz García. Pero si estamos de acordo. Todos os do Pleno todos sen facer. Todos os da oposición.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Non llo fago por alusións...

D. Juan José Cruz García. Pero e que mentes, tes suficientes acordos para facelos sen necesidade de vir aquí a negociar.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Eu non me dirixo a vostede en ningún momento. Polo tanto, e que vamos?. Non perdo un segundo. Estoume dirixindo e ofertando como goberno municipal que como noutras ocasións o Partido Popular, e iso que quede ben claro. Polo tanto, vostede non se sinta o máis mínimo aludido nas miñas palabras, porque dende logo distan moito de que iso sexa o sentido das mesmas. Iso quede claro. E respecto a este tema, insisto: me parece unha proposta que nace moi morta precisamente nesa cuestión.

Quería aclarar de esta persoa coñecía esta proposta, e esta persoa acepta esta proposta. A min nunca se me ocorrería facer unha proposta con nome e apelidos sen telo previamente falado coa persoa e coa autorización da persoa.

Entón, calquera das dúas situacións é antagónica, no sentido de... vamos, de que non é un xeito de facelo. Entón, eu creo e así se está vendo que a proposta si se chega a facer, como agora vostedes a propoñen, teña visos de facelo, porque claro, se non o que ten todos os visos é de facer o mesmo que se fixo cos gobernos de vostedes. Neste sentido, absolutamente nada, porque nin esta figura existía, nin había o respecto non?

D. Juan José Cruz García. Podo falar?

D. Nicolás González Casares. Se é relacionado coa moción pode ser.

D. Juan José Cruz García. Por alusións. Claro que me afectan os acordos plenarios que están... estáste dirixindo a min. Estás dicindo que cumpres tódolos acordos...

D. Nicolás González Casares. *Juan*, non ten que ver coa moción.

D. Juan José Cruz García. Implicitamente estás mentindo...

D. Nicolás González Casares. *Juan*...

D. Juan José Cruz García. Estáste dirixindo a min como Concelleiro...

D. Nicolás González Casares. *Juan*. Non ten que ver coa moción. Fai o rogo despois home.

D. Juan José Cruz García. Si que ten home, si que ten.

D. Nicolás González Casares. Non. Con esta moción nada.

D. Juan José Cruz García. Ten máis morro ca espalda. Como que non se está dirixindo a min? Logo os acordos todos plenarios que se aprobaron? Non son propostos por min?

D. Nicolás González Casares. Non sei.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Pero hai algún acordo contigo deste goberno? Hai cero. Eu estou falando de acordos políticos. Con vostede hai cero.

D. Juan José Cruz García. Non. Hai o do Corpiño por exemplo, que o tedes sen facer.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Con vostede hai cero.

D. Juan José Cruz García. O do Corpiño.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Polo tanto...

D. Juan José Cruz García. E vostede ten as narices de dicir neste Pleno que cumpre tódolos acordos? Vostede non cumpre nin o primeiro acordo. E vostede di que non se dirixe? Si que se dirixe.

D. Nicolás González Casares. Bueno. Pasamos á votación. O que imos votar, para aclarar despois deste debate que dou tantas voltas, imos aclarar que se vai instar ao goberno, a digamos, acometer o traballo necesario para ter unha figura ou dotar unha figura do Concello de Lalín, denominada cronista oficial, ou por outra figura. Logo esa provisión, esa provisión do cronista será vía un expediente de diferentes grupos políticos e asociacións, ou que forme parte da comisión encargada da avaliación,

tomará as decisións en base a candidatos, propostas... Igual non hai ningún candidato, igual hai un interesado ou igual hai tres. Pero iso é creo como ten que ser. Entón esa é a idea.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **MAIORÍA** dos asistentes, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezanove (19) concelleiros, sendo tres (3) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito,

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningún.

Xa que logo, APROBOUSE A MOCIÓN do seguinte tenor:

Dende hai tempo no noso concello, tal e como recollía a memoria presentada ao pleno para a concesión da Folla de Carballo o día 21 de Abril de 2016, e cito textualmente “Vense dicindo que Daniel González Alén é cronista oficioso do Concello de Lalín e pode estenderse ademais o seu ámbito a toda a comarca do Deza. Se un cronista é aquel que documenta feitos e costumes, está claro que Daniel González Alén responde perfectamente a esa definición por ter feito esta labor de xeito extraordinario ao longo de décadas.”

Sen dúbida esta labor, a parte de facelo de xeito extraordinario tamén podemos afirmar que o fixo dun xeito totalmente altruísta poñendo recursos do seu peto para levalo a cabo. Ademais cando comezou con esta teima, había moi pouco feito sobre a nosa vila e comarca, no que a traballo se refire, e tivo que facelo case sempre dende cero.

O feito de que lle chamemos cronista oficioso, é sabido de todos, e aínda que Daniel González nunca precisou dun nomeamento, non é menos certo que moitos pobos teñen no seu organigrama a figura de “cronista oficial”, para revestilo de certa solemnidade e empaque e tamén para facilitarlle recursos.

Esto non xeraría excesivo gasto municipal xa que o contar con dita figura poderíamos acollernos a axudas doutras administracións, como a Deputación de Pontevedra ou a Xunta de Galicia, que doutro xeito non se terían, como por exemplo publicacións de diversos tipos que teñan que ver coa nosa historia, cultura e tradicións.

Ademais valería para organizar toda a información e documentación que temos ciscada, de distintas materias, e poñelo en valor, xa que é unha persoa moi polifacética, como amosa tamén na súa traxectoria tanto en prensa escrita, como na radio e televisión.

No xénero da crónica xornalística traballou recopilando fontes en temas de interese cultural e humano, falando cos maiores de cada lugar para reter as vivencias de tempos pasados, actuando como un escritor costumista que trata temas de interese humano. Grazas á súa labor permítenos que pervivan no tempo as tradicións ancestrais do noso concello para que queden para a posteridade. Tamén é de

destacar que posúe persoalmente un gran arquivo fotográfico de centos e centos de fotografías así como de temas audiovisuais galegos.

Cabe recordar que *Daniel González Alén* sempre tivo a gala de ser unha figura independente, e sempre movido polo altruísmo, e dando o mellor de si mesmo aos seus paisanos, ademais de contar cunha longa e indiscutible traxectoria que continúa a día de hoxe; polo que entendemos que sería pouco intelixente que o pobo de Lalín non se aproveitase do que este ilustre lalinense pode darnos.

Sen dúbida, contar con *Daniel González Alén* como cronista oficial do concello permitiríanos aos lalinenses contar cunha figura de primeiro orde que valería para comezar unha andaina frutífera en aras de ter organizado o que temos, e o mesmo tempo traballar en novos proxectos que con poucos recursos económicos podería sacárselle unha rendibilidade maiúscula.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

1. Buscar a fórmula axeitada para nomear, aínda que inicialmente sexa de forma interina a *Daniel González Alén* Cronista oficial de Lalín.

2. Instar á Alcaldía a dotar dun despacho nun edificio municipal (Consistorio, Pazo de Liñares ou Conservatorio-Auditorio) e un teléfono corporativo e un ordenador ao citado cronista.

3. Habilitar a fórmula para que poida utilizar persoal municipal para o desempeño da súa labor, como poden ser becarios da Deputación ou puntualmente algún técnico ou membro da policía local e protección civil.

14.- EXPEDIENTE POR URXENCIA 3953/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 12-P/2018.

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía de 26/07/2018.

Sometida a votación ordinaria a urxencia do expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose a seguinte resultado:

Votos a favor: dezanove (19) concelleiros, sendo tres (3) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito,

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningún.

Xa que logo, APROBOUSE a urxencia do expediente.

D. César López Arribas. Por urxencia. Vamos a ver está isto do grupo de goberno, o suplemento. A renuncia de Tomás, unha moción de Juan Cruz. E outra

moción do Partido Popular. Formalmente hai que chamarlle mocións, se non non entran no regulamento.

D. Nicolás González Casares. Vamos entón, creo eu, César, que pola orde do día e pola orde cronolóxica, a que toca é a modificación de crédito relativa a dotar a APALC dunha subvención de 8.200 euros para que poida arranxar o...adaptar o seu vehículo que usa no asilo. Entón é esa non? Tena a man?. Pois vamos empezar por esa. Xa comezo eu.

No anterior Pleno, curiosamente, nós trouxemos aquí esta mesma proposta. Unha proposta que pedía modificar crédito pola mesma cantidade para que a APALC, Axencia de Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca, se dotara de 8.200 euros para adaptar un vehículo que recentemente acaban de comprar e que en parte lles foi doado por unha entidade bancaria.

Viña con outro expediente que era de ampliación de crédito xunto coas subvencións, todos eses expedientes relativos a melloras nos servizos sociais de Lalín, co cal, outra vez ponse de manifesto.

É a segunda proposta de subvencións no ámbito do benestar social de Lalín que se trae a este Pleno. Suman máis de 30.000 euros, e a anterior houbo outra de 8.000, é dicir, cerca de 40.000 euros nos dous últimos Plenos para mellorar o traballo das asociacións locais. Ben, pois aquí trouxemos de novo esta moción, porque, Sr. Secretario... bueno, continuo e ides recuperando material.

A ver *Paco*. Ben. Entón no anterior pleno o Partido Popular e creo tamén o Concelleiro non adscrito pediron que se retirara esta subvención, porque dicían que ían ter máis, que nós acordáramos máis cartos con eles, o cal era totalmente falso.

Eu a verdade é que neste mes, neste mes non quixen facer nin ruído nin *casus belli* con esta cuestión. De feito non o vistes nos periódicos, pero si falei cos responsables da residencia, e díxenlles o que acontecera no Pleno. Díxenlles que no Pleno, o que tiñamos acordado eles máis eu, e o expediente que se creara nesta casa, para dotarlles de cartos para esa moción, levouse a cabo tal cal tiñamos acordado. De feito entregáronnos un presuposto polo cantidade exacta que se vai dotar a subvención. Sorpresivamente chegamos a este Pleno e o Partido Popular dixo: non, é que quedárase en máis, imos a votar en contra. Unha cousa nunca vista. Eu a verdade, non quixen facer guerra disto, pero si que me puxen a funcionar e falei co representante e dixen; mira, nós como goberno temos unha palabra, e levaremos nesa palabra o que toca, o expediente que xa está feito.

Entón, imos levar eses 8.200 euros, de feito se me queixaban: claro, e que agora nos atrasas na rotulación do coche. E díxenlle; pois iso non é cuestión nosa, porque xa o ían a rotular á semana seguinte do anterior pleno, iso non é cuestión nosa, nós xa tiñamos todo preparado, e votouse en contra. Bueno, máis que votouse en contra, pediuse que se retirara iso.

Aquí volvemos coa mesma cantidade, o cal demostra tamén, que despois de falar con eles, están de acordo en que ten que ser a mesma cantidade. Non sen antes lembrar, que a APALC, ademais de eses 8.200 euros, ten outra subvención para facer un programa de Alzheimer, o cal eu lles agradezo moito, porque aí colaboraron, e o máis probable é que reciban a maiores outra subvención, porque é unha entidade sen ánimo de lucro, que participa na bolsa de subvencións en concorrencia competitiva para ese tipo de entidades, que agora mesmo xa temos dotadas en case 25.000 euros.

Polo tanto, eu creo que hoxe non cabe outra opción, que aprobar esta modificación de

crédito, que dixemos que ía vir por urxencia, porque nas comisións informativas, pois tamén falei co grupo Popular, díxenlle; ides apoiar isto ou non? Porque senón, xa nin o traía. Entendo que si, *Paz* dixo si, ímolo intentar; imos emendar ou facer as nosas consideracións, como é lóxico e lexítimo por parte do seu grupo, pero dende logo nós non nos imos mover nin un ápice do expediente que traemos a este Pleno.

Dª Paz Pérez Asorey. Efectivamente, nós no anterior Pleno rexeitamos esta moción porque tiñamos a igual que vostedes, conversas cos membros do Padroado da residencia Nosa Señora das Dores.

Somos conscientes de que a contía que se acordou, efectivamente así era pactada cos membros da directiva, pero tamén somos coñecedores de que as necesidades que presentan, pois superan este importe. Por iso naquel momento, no anterior Pleno, quedou rexeitada.

O argumento que vostede emprega, de que ademais desta subvención, pois tamén que son beneficiarios do reparto das axudas de entidades sociais, ou mesmo do programa de Alzheimer, non nos gusta ese criterio, porque vostedes mesmos decidiron, efectivamente, co seu consentimento, o dos membros da residencia, de levar a cabo alí o programa específico para persoas e familiares con Alzheimer. Vostedes foron quen rexeitaron que o seguise levando a AFAPO, que era a Asociación Especializada en Atención a Persoas con Doenzas de Alzheimer. Entón, que mínimo, que se están levando un programa, pois que teña a súa compensación económica. Nós, ante esta proposta, que traen agora a este Pleno, imos apoiala co noso voto a favor, pero si xa lles adiantamos, que traeremos en sucesivos plenos, probablemente xa no seguinte, unha proposta de ampliación desta subvención.

D. Nicolás González Casares. Bueno, pois...estaremos de acordo, polo menos neste punto inicial. Pero lembrar que non creo, que ningún ano de goberno do Partido Popular en Lalín, esta asociación levava tanta axuda do propio Concello. É dicir, eu entendo que no do Alzheimer podes ter algo de razón, é dicir, eu recorrín a eles porque o vía máis lóxico, unha saída máis lóxica, pero non deixan de ser 5.000 euros. E nas subvencións a entidades sen ánimo de lucro, sempre presentan boas cousas. Entón andarán cerca do máximo, de 4.000 a 6.000 euros, agora 8.000, co cal estamos falando dunha asociación que está levando xa cerca de 18.000, 19.000 euros.

As asociacións de Lalín antes, antes de chegar eu como Concelleiro de Benestar Social tiñan axudas mínimas, ti o sabes, solo estaba Aspadeza con 7.000. Agora ten 10.000. O resto de asociacións, dende que chegamos nós, teñen axudas en concorrencia competitiva e axudas continuadas e mantidas tódolos anos. O Mecer, Carabelo, Aranes, esas nunca levaban nada do goberno do Partido Popular, e agora en concorrencia competitiva si que o levan. O Sáhara si, o Sáhara si que levaba. Polo tanto, creo que, o compromiso deste goberno é serio. Pero fíxate nunha cousa *Paz*, e isto creo que é moi importante: vos mesmos falastes do color político da Residencia, da boa relación que vos une coa residencia. Non en van, *Pepe Crespo* foi o Presidente do Padroado, e ao mesmo tempo estades vendo que este goberno non fai distincións cando se tivo. É importante. E non o estamos facendo. Porque podían vir aquí e dicir; danos unha subvención para tal... E mirar cara outro lado. E podía vir unha moción vosa e dicir; si, si, e non dala.

En cambio dende o primeiro momento nos puxemos con eles a traballar nestas cuestións. Polo tanto eu creo que no ámbito social, non se pode nin por asomo insinuar calquera tipo de parcialidade por parte deste goberno. Eu quero sinalalo claramente aquí. É dicir, vostedes saben que é unha asociación próxima a vostedes, e

inda así, posiblemente este ano vai a ser a asociación que máis reciba. Tamén ten os seus méritos e fai traballos importantes. Eu quero que isto quede medianamente claro antes de empezar a votar.

Dª Paz Pérez Asorey. De verdade que teño que corríxilo. Aquí non falamos de identificación política de ningunha asociación. Vostede quere mesturar un pouco todo. Dende logo, o traballo do Partido Popular con moitas das asociacións que vostede mencionou, foi un traballo consensuado cos integrantes de moitas das asociacións, pero propiciouse que se crearan esas asociacións.

Vostedes cando chegaron, a maioría das asociacións xa estaban creadas, e creadas cunha participación do goberno anterior, e que en moitos casos, en moitas das asociacións creadas se impulsaron, se impulsaron dende o anterior goberno. Non mesture, porque ademais, vostede o sabe, e foi un acordo adquirido no inicio deste mandato, no que dixemos, e o estamos creio que cumprindo, que en temas sociais, que nunca íamos mirar a etiqueta política. Faltaría máis.

A prioridade é que as persoas estean cubertas, e que teñan as súas necesidades maioritariamente cubertas. Vostede está incumprindo nas súas palabras, e me retomo á moción que recentemente aprobamos neste Pleno, que deixaron transcorrer o exercicio dezaseis e dezasete, sen sacar o programa de infravivenda municipal. Non lle preocupa na situación que poidan estar vivindo moitas familias, carentes de habitabilidade ou simplemente dunha adaptación que poidan asearse ou acceder á súa vivenda, nunhas condicións dignas e cómodas?

Non mesture, non poña a etiqueta política sobre os membros. Os que teñamos boa relación podemos presumila, como grupo político, podemos presumila de tela con tódalas asociacións do noso Concello.

D. Nicolás González Casares. Paz, en canto ao que dis, lembra tamén o que fai...

Dª Paz Pérez Asorey. Quizais ao mellor a palabra presumir non sexa a correcta, pero que somos dialogantes, e que nos sentamos a traballar con tódalas asociacións si. E recoñezan que a maioría das asociacións, e falo en termos das asociacións no ámbito social, a maioría vostedes xa se atoparon con elas constituídas e funcionando.

D. Nicolás González Casares. Home, e que o tecido social, supoño que non ten que ver directamente coas vontades políticas. En todo caso...

Dª Paz Pérez Asorey. Por suposto que non, pero a implicación política...

D. Nicolás González Casares. Quero pensar iso. Por outra banda, o que falas de infravivenda, xa temos discutido sobre isto unhas cantas veces, e está ben claro, que aquí os concellos estamos facendo traballo que lle corresponde á Xunta de Galicia, e está nas competencias, vale? E de feito non podo dar axudas a un discapacitado, non se poden dar a xudas para un discapacitado que teña unha vivenda mal, se non está en risco de exclusión social. É dicir, se ten uns bos ingresos non o podes axudar, porque a propia lei de bases que vostedes reformaron, e lle quitou competencias aos concellos en benestar social, que iso vostede non o sabe solo deixa actuar cando hai risco de exclusión social, o cal se da en gran parte de discapacidade, pero non en toda, e iso é a lei recortadora, a lei da racionalización e sostibilidade...

D^a Paz Pérez Asorey. Non abras a brecha, porque vostede coñece...a Xunta de Galicia que non quixen mencionar, si que ten habilitadas axudas de emerxencia social. Non abra. Non abra ese debate.

D. Nicolás González Casares. Non falo de axudas de emerxencia social, falo de axudas de infravivenda, de infravivenda.

D^a Paz Pérez Asorey. Podemos falar moito deste tema, pero non é motivo desta moción, a cal vamos...

D. Nicolás González Casares. E o que si é certo...

D^a Paz Pérez Asorey. Adiantando que traeremos unha moción para ampliála.

D. Nicolás González Casares. O que si é certo Paz, e que foi o goberno do PP? O que limitou as competencias en servizos sociais aos concellos, e sábelo ben porque sufríchelo, sábelo ben porque sufríchelo. Entón, sexamos serios.

D. Xosé Crespo Iglesias. Podo intervir un minuto? Si. Un minuto. Imos ver. Por alusións ao que dixo o Tenente Alcalde. Se ben é certo que moitas asociacións pode parecer que teñen máis subvencións agora que na nosa etapa por parte do Concello, pode parecer digo, na realidade é distinto. Simplemente puntualizar que nós non vivimos unha época de vacas tan gorda como a que hai agora, a nivel económico, vivimos épocas de restricións. E mire: eu pódolle asegurar que asociacións como Aspadeza e por aí, por moito que lle dean agora vostedes, o que si daba o Concello era mínimo, pero a xestión que se facía con eles era inmensa. Entón, eu que facía? Eu pactaba por exemplo, cos do Rali, que ao mellor para darlle o mínimo posible do Concello, dígolle eu: ti canto necesitas para facer isto? Eu necesito tanto. Moi ben. E imaxínese que diga de repente que necesita pois 5.000 euros, por poñer un exemplo, Eu dicíalle: bueno, ti si consigues... se tes 5.000 euros da administración dáche igual verdade? Vale moi ben. Eu íame a Deputación, conseguía 4.000 da Deputación. Estou poñendo un exemplo. Consegua 4.000 da Deputación, e dáballe 1.000 para que Lalín aforrara. ASPADEZA: necesitamos un local. Moi ben, se che consigo o solar en vez de che pagar dende o Concello, váleche igual? Voume á Deputación, segregamos Mouriscade e facemos alí. Non é unha cacicada. Facemos alí unha xestión e quedamosnos cunha parte para o Concello de Lalín, e pedimos alí dúas parcelas, que por certo, inda hai alí unha de sobra, dígollo por se non o saben. Alí inda hai unha parcela, porque naquel momento era para facer Aspadeza un centro de día como o que fixeron, e COGAMI facer o outro. Ese inda está libre. Entón, que ocorre? Nós en vez de darlle cartos do Concello, nós facíamos unha xestión en especie, pero o colectivo salía sempre o mellor parado, porque nós non lle podíamos dar ao mellor pois 50.000 ou 100.000 euros. Entón, eu asegúrolle que, tanto para a consecución do solar, como para a construción, nós negociabamos sempre ca Xunta. Pero era eu quen o ía pedir, era eu quen o ía pedir como Alcalde de Lalín para un colectivo. Entón, iso tamén quero que quede claro, porque senón parece que vostedes se colgan as medallas todas, dicindo que agora lle dan máis. Si, pero non. Eu quero deixalo aclarado.

D. Nicolás González Casares. Cada un cólgase a súa medalla.

D. Xosé Crespo Iglesias. Xa. Pero e que parece que cada un cólgase as súas... eu estoulle dicindo que non pode comparar o número absoluto. Eu dígolle unha cousa, vostede cando queira coller calquera colectivo de Lalín, salvo os que se crearon dende hai tres anos para aquí, que entón eu non pinto nada, cando queira coller calquera colectivo de Lalín, calquera colectivo, e queira mira as axudas que tivo desta casa, meta no mesmo saco as axudas que tivo, Deputación, Xunta, Concello, e as que teñen agora con vostedes, Deputación, Xunta, Concello, e entón faremos un balance obxectivo. Por que? Porque o colectivo pon o que pon, e a Dios o que di Dios, e ó César o que di César.

D. Nicolás González Casares. Pois iso. Ía dicir algo máis, pero voume coutar. Non. Voume coutar. Imos votar. Cada un ten os seus estilos. É verdade que é urxente, primeiro votemos a urxencia.

D. Nicolás González Casares. Agora a moción. Votos a favor.

Sometida a votación ordinaria a urxencia do expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívoase o seguinte resultado:

Votos a favor: dezanove (19) concelleiros, sendo tres (3) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito,

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningún.

Xa que logo APROBOUSE A MOCIÓN do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 12P/2018, a financiar con cargo a Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de libre disposición, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades: Proponse dotar a correspondente aplicación orzamentaria para a concesión de subvención nominativa á Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC) para o cofinanciamento da adquisición dun vehículo adaptado para o servizo de transporte de persoas usuarias do centro residencial e centro de día xestionado pola citada asociación, especialmente daquelas con mobilidade reducida. Polo Concelleiro delegado de Benestar Social proponse a concesión de subvención por importe de 8.200 €, sendo necesario modificar o orzamento municipal vixente neste momento, correspondente ó do exercicio 2017 prorrogado para o 2018, achegándose a este expediente a solicitude de APALC así como o informe técnico xustificativo do interese ou finalidade pública que se pretende conseguir coa concesión directa desta subvención.

Esta modificación supón, ademais, modificar as Bases de Execución do Orzamento 2017 prorrogado para o 2018, no que se contemplan as subvencións nominativas (Base 27).

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, financiado con baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
0.231.780.08	Asistencia Social Primaria. Subvención APALC adquisición vehículo adaptado traslado persoas con mobilidade reducida.	8.200,00
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		8.200,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: A financiación da modificación presupuestaria farase co uso do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, na parte que corresponde á libre disposición. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

REMANENTE DE TESOURERÍA DE LIBRE DISPOSICIÓN		
Saldo dispoñible	Concepto de ingresos: Remanente de Tesourería para gastos xerais	Uso do remanente coa actual modificación
561.451,50 €	870.00	8.200 €

Segundo.- Modificar a Base 27 das de Execución do Orzamento para incluír a seguinte:

- Subv. APALC para “Adquisición de vehículo adaptado para traslado de persoas con mobilidade reducida”. Importe: 8.200 €

Terceiro.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas

Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Cuarto.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

15.- EXPEDIENTE POR URXENCIA 3992/2018. RENUNCIA DE TOMÁS VILARIÑO FIDALGO (CXG-CCTT) AO SEU CARGO DE CONCELEIRO.-

O Sr. Secretario, a petición da Alcaldía, deu conta do escrito presentado por D. Tomás Vilariño Fidalgo, concelleiro do grupo municipal Compromiso por Lalín-Concellos Transparentes (CXG-CCTT), presentado o día 26 de xullo de 2018, con rexistro electrónico de entrada nº 808, no que indica que por motivos persoais presenta a súa **RENUNCIA ao cargo de concelleiro deste Concello**.

Sometida a votación ordinaria **a urxencia do expediente**, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezanove (19) concelleiros, sendo tres (3) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningún.

Xa que logo APROBOUSE DITA URXENCIA.

D. César López Arribas. Expón no escrito que por motivos persoais que me impiden atender os deberes propios do cargo de Concelleiro, coa dedicación que tal responsabilidade conleva. Véxome no deber de presentar a miña renuncia ó cargo de Concelleiro, o que comunico a corporación municipal de Lalín, co fin de que se proceda ao relevo mediante candidato seguinte da lista polo que foi elixido.

D. Nicolás González Casares. Bueno, pois... eu simplemente dicir que lamentamos moitísimo esta baixa, pero máis que a baixa, lamentamos profundamente o motivo dela. A verdade é que estamos todos sobrecolidos. Onte cando nos enteramos, sobre todo os compañeiros e compañeiras de Compromiso por Galicia, que a verdade...sobre todo o que queremos é darlle moitísimos ánimos e forza a Tomás, que saia adiante canto antes, é un home forte, sobre todo é un home moi intelixente, e estamos seguros de que vai a estar connosco dentro de pouco en todas as súas facultades.

D. César López Arribas. Bueno, pois que se vote a urxencia..

D. Nicolás González Casares. Votos a favor da urxencia.

O Pleno do Concello de Lalín quedou enterado de devandita renuncia e por **UNANIMIDADE DOS ASISTENTES ACORDOU:**

Primeiro.- Aceptar a renuncia de D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO ao seu cargo de concelleiro do Concello de Lalín (Pontevedra) polo grupo municipal Compromiso por Lalín-Concellos Transparentes (CxG-CCTT).

Segundo.- Solicitar á Xunta Electoral Central que designe o máis axiña posible a o/a novo/a concelleiro/a de este Concello de Lalín, que corresponda por número de orde da candidatura de CxG-CCTT publicada no BOP de Pontevedra, núm. 79 de 28 de abril de 2015.

16.- EXPEDIENTE POR URXENCIA 3959/2018. MOCIÓN DO CONCELEIRO NON ADSCRITO EN RELACIÓN AO PADROADO CULTURAL DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada presentada no rexistro electrónico o día 26 de xullo de 2018, co número 817.

Sendo as 13:07 auséntanse da sesión D^a. Lara Rodríguez Peña (APAC) e D. Miguel Medela Dobarro (CxG-CCTT) quedando o Grupo de CxG-CCTT con dous Concelleiros e o de APAC sen ningún Concelleiro e quedando o número total de asistentes en dezasete (17).

Sometida a votación ordinaria a **URXENCIA** da moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún

Abstencións: oito (8), sendo tres (3) de CXG-CCTT, con unha ausencia, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC, por ausencia da súa Concelleira.

Por elo, APROBOUSE A URXENCIA DA MOCIÓN.

D. Nicolás González Casares. Adiante *Juan*.

D. Juan José Cruz García. Cando entramos no Concello fixemos espectáculo co tema do Padroado Musical. Fixérono porque de nada valeu a opinión deste Concelleiro nunca. Fun atacado neste Pleno. Houbo xente que dixo que eu tiña cargo no Padroado. É totalmente mentira. Nunca entendín como non puiden chegar a ter cargo no Padroado, porque obviamente a miña traxectoria e a capacidade de unificación que podería xerar a miña persoa, pola experiencia e por haber participado no mundo das asociacións municipais e das formacións municipais, tiña completamente demostrado, que para nada a miña figura se centraba só no traballo cunha agrupación, senón que estiven colaborando con todas e intentando unificar iso. Parécenos que o Padroado Musical a día de hoxe está descontrolado. Pode que se aproben facturas ou que non haxa suficiente control sobre o mesmo organismo, porque obviamente a representación, pois case que é nula nel por parte da oposición.

A miña inquietude sempre foi que no Padroado Musical, participaran músicos. Obviamente descoñecía antes de entrar en política que no Padroado existían outras cousas, como son a radio, ou como son tamén o Seminario de Estudos do Deza, pero a opinión pública o que che transmite, é que nunca entenderon como neste organismo pois estaban referentes que non eran moi vinculado a estes eidos. Polo tanto, durante o tempo que estiven no goberno, tamén tiveron ocasión de falar e de intentar dinamizar este espazo, e de escoitar as inquedanzas de diferentes cargos, das diferentes agrupacións. Obviamente eles queren participar tamén, e eu non creo que sexa malo que participen, sobre todo para que vexan as posibilidades que hai, e para que se desmitifique un pouco tamén. Iso creo que lle interesaría tanto ao goberno como ó desgobierno, ao goberno como á oposición. Que lle interesaría darlle entrada a esta xente, pois para que poida... pois intuír, ou ver, que aí non se pode facer moito máis do que se está facendo. No futuro, dirá se tiramos cara un lado ou cara outro. Iso dependendo de quen estea neste salón plenario. Que si queríades facer un Consello de Cultura Local no máis amplo espectro, bueno, iso supoño que xa o é O Naranxo.

O Naranxo é unha asociación que eu respecto. Creo que ten un transfundo político. Pero bueno, levan aí facendo un traballo, que boamente se pode facer dende esa asociación, e podíanse xerar convenios a través dese Consello da Cultura. Eu creo que aquel Consello da Cultura, pois era darlle cabida á inquedanza dun sector, para min minoritario de Lalín, moi minoritario, que é un sector de tendencias de esquerdas, e con gustos non moi comerciais as veces, e con gustos pois máis culturais cara certos ámbitos culturais. Eso mesmo era o que me parecía ese Consello da Cultura. Nunca tiveron oportunidade de opinar. Por iso tiveron que deixar o goberno, porque non me sentía a gusto co poder que me concedera o Alcalde, e paréceme que tampouco estaban a gusto os representantes destas asociacións, porque hai o mito, hai ese transfundo de que creen de que aí hai moito poder e de que aí se está centralizando todo.

Contra iso, contra esa centralización, eu creo que se podería traballar, e que poderíamos estar dentro xente que demostramos que podemos facer outro tipo de traballo, e que poidamos criticalo. Entón, hoxe aquí, criticouse fondamente as formas cas que se regularizou o Conservatorio. Poñer desculpas é moi fácil, pero nós tivemos bastante tempo para facer as cousas ben feitas, probablemente xente que está fora deste goberno se marchou porque non puido facelas correctamente, e estabamos ben informados por Intervención. O que digo: todos os procesos pódense facer e pódense abrir. Eu son partidario, mal que me pese, dun Padroado aberto e dun Padroado no que flúan as persoas. Ben é certo que hai certos funcionarios do Padroado, que son case que imprescindibles neste momento, porque fan o traballo de administrativo total, que merecen un gran apoio, entre outras cousas tamén por posuír, por ter neste momento a peor Concelleira de Cultura de tódolos tempos, Lara. Non fai nada de traballo administrativo alí, nin ten nada de apoio a esta xente, e están solos, noutros momentos. Si que algúns se levaban tódolos méritos e ao mellor non eran tantos, pero si que había un seguimento, máis concreto por parte da política. Obviamente non podo estar a gusto sen participar nestes órganos, teño escoitado ao PP de que quere entrar. Entón creo que o PP non tería problema por apoiar esta moción. Concretamente pídese que dos cinco vocais que son nomeados con cargos políticos, pois que o reparto sexa máis equitativo e máis proporcional coa representación do Pleno. Eu propoño unha serie de repartos, pero tamén propoño a elección dun representante...

D. Nicolás González Casares. Un minuto *Juan*.

D. Juan José Cruz García. Síntome coma nunha oposición. Un minuto... nunca se pode falar o que quere un. Os demais sempre están falando aí largo e tendido, e despois inda se interrompe. Bueno, solo un minuto teño? Entón paréceme importante, que se lle ofrezca e que sexa rápido, que alguén dos colectivos interesado entre rapidamente e con carácter de urxencia. Con máis inri cando vemos que, xente na que eu tiña depositada unha total confianza, e pensei que realmente quería traballar polo mundo das bandas populares, e das bandas de Lalín, pois está desaparecido en combate. Iso pois os seus compañeiros veno e non poden asumir esta falta de implicación.

Obviamente que a xente non chegue a entender, que non chegue a informarse dos posibles candidatos, do que dicíamos da regularización, pois paréceme tamén un handicap, pois paréceme tamén que ao mellor algo fixemos mal pedagoxicamente e politicamente, porque hai xente que estaría perfectamente habilitada para traballar, e dende logo os mesmos que están aí non poderían ser os que estaban. Pero incidirvos que no seu momento había formas legais de facer a cousa e de continuar, e non poñerse nesa hipérbole magnificada que facedes...

D. Nicolás González Casares. Juan sabes que levas bastante máis do minuto. Verdade?

D. Juan José Cruz García. Que o Conservatorio...

D. Nicolás González Casares. Vinte segundos e rematas.

D. Juan José Cruz García. Pois déixame trinta segundos para finiquitar ben o tema. Paréceme que sempre vos queredes poñer na hipérbole de que todo se ía a rematar e que non había forma.... Estabamos suficientemente avisados e, se algunha cousa tivestes que facer, tedes que darnos grazas a nós, aos que non xudicializamos este tema, e por culpa de non ter feito o traballo antes ou tamén por culpa de non querer enfrontarse á realidade cruda, que tampouco se enfrontou o PP, e tampouco sería grato para min enfrontarme; porque hai xente aí que non podería estar, obviamente, e que teríamos que facelo doutra maneira. Polo tanto, eu creo que é importante que esteamos aí no...

D. Nicolás González Casares. Juan remata

D. Juan José Cruz García. Polo tanto, creo que é importante que esteamos nos órganos de control e que se lle ofrezca a un representante elixido entre todos, para substituír a estas persoas que non están asistindo ás reunións de Padroado, e que se pode demostrar coas actas perfectamente.

D. Nicolás González Casares. Lara? O PP?

D^a Eva Montoto Méndez. Nada. Nós pouco que dicir porque a moción acabamos de vela agora, que non se nos entregou. Bueno vímola en prensa. Era simplemente engadir, como xa se ten comentado noutras ocasións, que sería importante, se non che importa, engadir unha transaccional, na que se permita poñer un substituto cando a persoa que estaría no Padroado non puidera acudir, porque deuse o caso por exemplo, nunha das reunións, que ía ir Pepe, acudín eu, e logo se nos dixo que, claro, que non contaba porque realmente non hai substituto. Entón meter

como unha transaccional para que realmente esas reunións teñan asistencia e si poidan ser un pouco máis útiles.

Por outra parte, dicir por parte nosa que o falamos agora aquí por atrás, de que en caso de que esta moción, tal e como está, esta proposta non sexa apoiada por parte do goberno, polo que se di de facer unha representatividade do Pleno, que nós pola nosa parte, gracias pola parte que nos toca, se ten que ser cun membro menos do PP para que aí o goberno mantexa a maioría, inda que non nos parece xusto, si ten que ser para que poida entrar el e polo menos un máis de nós, que pola nosa parte estaría aceptada.

D. Nicolás González Casares. Ben. *Lara*?

Dª Lara Rodríguez Peña. Ben. A parte... Bo día outra vez. A parte de que me custa bastante entender o discurso do Concelleiro non adscrito por caótico e incoherente, a parte diso, a min moléstame profundamente, que non entenda ou non chegue a comprender, o funcionamento do Padroado, sabendo que formou parte do goberno de Lalín, e non só iso, senón que eu como Vicepresidenta do Padroado, e como enlace, tanto do Conservatorio como do Padroado en si mesmo, máis de unha vez tivemos varias reunións nese lugar, e non vou a dicir o tipo de propostas que Juan José Cruz facía, porque...dende logo si que denotan unha inutilidade patente. Estou falando eu, cando eu remate de falar poderás falar ti.

D. Juan José Cruz García. Tes que facer as propostas. A ver...

Dª Lara Rodríguez Peña. O Padroado Cultural, eu voules comentar un pouco, inda que xa o falamos moitas veces, que unicamente continúa existindo para poder... facer permanecer o Conservatorio. É dicir, o Conservatorio Municipal, vostedes sábeno, porque se formou o Padroado Cultural, bueno, para outras cousas, pero tamén para manter o Conservatorio, existe precisamente para que este poida continuar existindo. No momento no que nós como goberno, que aparte dende un primeiro momento, o que queríamos facer, e así o establecemos ó principio do mandato, era eliminalo. Pero eliminar o Padroado Cultural, queredes dicir, queredes implicar, deixar sen financiamento o Conservatorio Municipal. Os orzamentos do Padroado Cultural, son uns orzamentos que fundamentalmente manexo eu como Vicepresidenta do mesmo, de feito nos últimos orzamentos, estes foron modificados xunto coa anterior Interventora, *Marta*, de acordo comigo, e fundamentalmente todo o que se pensou neses orzamentos foi para o Conservatorio. De feito, si que me gustaría destacar, que esta modificación dos orzamentos do Padroado Cultural, foron tamén consensuados co Conservatorio, en base ás necesidades, que a comunidade educativa que forma parte do Conservatorio, tiña, cousa que nunca pasou aquí, nunca. É dicir, no momento no que hai un conservatorio ao noso cargo, e ten un financiamento por parte dun Padroado Cultural neste caso: que menos que saber as necesidades que teñen no Conservatorio Municipal.

Así que a min, mocións como esta a estas alturas, parécenme cando menos esperpénticas, e xa non digo, o feito de que o Concelleiro non adscrito, faga fincapé, no feito de que ten que ser o Partido Popular, o que teña outro tipo de inclusión neste Padroado. Tamén quero destacar, que ultimamente nos Consellos de Administración, aos que non acode case ninguén, o que facemos é levantar reparos. Dígollo, por se acaso non lles gustaría estar involucrados nese tipo de asuntos. Estou falando eu, por favor...

D. Juan José Cruz García. O que non queira estar no Padroado, haberá que quitalo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Estamos levantando...

D. Juan José Cruz García. Se non queren estar...

Dª Lara Rodríguez Peña. No Pleno Municipal estamos levantando unha serie de reparos e os Concelleiros do Partido Popular prefiren marchar.

D. Juan José Cruz García. Es espectacular.

Dª Lara Rodríguez Peña. No Padroado Cultural, ocorre o mesmo. É dicir, os Consellos de Administración, como poden saber os concelleiros do Partido Popular, o único que funciona é para iso. Así que, se tanto interese teñen en presentar propostas maravillosas, como se viñeron presentando durante todos estes anos para o Conservatorio Municipal, obviamente están aí e poden asistir e poden presentar algún tipo de proxecto. O Concelleiro non adscrito, coa cantidade de proxectos que puido presentar cando estivo no goberno, a verdade e que non me podo imaxinar, cales poden ser os que poida presentar agora mesmo.

D. Juan José Cruz García. Non os sabías? Non chos presentara xa? A ti si que me costa entenderte... e que a ti entenderte...

Dª Lara Rodríguez Peña. Moitísimo Juan.

D. Juan José Cruz García. Seica os ías a dicir. Agora xa non sabes cales...

Dª Lara Rodríguez Peña. Presentaches moitísimos proxectos, e sobre todo moitas solucións que administrativamente se podían facer. Moitas, moitísimas.

D. Juan José Cruz García. Pero non están...

D. Nicolás González Casares. A min contáronme un, de compra de instrumentos para pagos de non sei que...

D. Juan José Cruz García. De compra de instrumentos para?

D. Nicolás González Casares. Para pagar actividades...

Dª Lara Rodríguez Peña. Para contratacións un pouco estranas.

D. Juan José Cruz García. O que?

Dª Lara Rodríguez Peña. Si Juan, si.

D. Juan José Cruz García. Que valentes sodes.

Dª Lara Rodríguez Peña. Tes un pouco de amnesia me parece a min.

D. Juan José Cruz García. Que?

Dª Lara Rodríguez Peña. Sofres ou padeces un pouco de amnesia, creo eu. Falta de memoria e moita inutilidade, iso pódoocho asegurar.

D. Nicolás González Casares. Se queres subimos cen metros por aí arriba e preguntamos.

D. Juan José Cruz García. Que boisimos sodes inventando. Que recursos tan sublimes. Primeiro dime que teño unha serie de proxectos, e agora di que xa non fixen ningún proxecto. Primeiro dixo: non os podo contar porque... non eran de contar. Eran demasiado esaxerados.

Dª Lara Rodríguez Peña. Eran administrativamente imposibles.

D. Juan José Cruz García. Pero non ves que xa te ris sola?

Dª Lara Rodríguez Peña. Porque non tes nin idea de administración.

D. Juan José Cruz García. Pa ser política pa mentir, hai que poñer outra cara. Non se pode mentir así con esa cara. Nico... ese Sr. Ten as narices de dicir que o Alcalde se marchou ao médico. E que bueno, agora nin mentir sabedes. Nin mentir.

D. Nicolás González Casares. Que vai a o médico eu non teño que dubidalo nin...

D. Juan José Cruz García. Eu xa dixen que *Rafael Cuiña* era o único que valía para mentir. Que ten peito para dicir calquera cousa e cara para dicila onde faga falta. Pero vós non tedes nin peito non cara. E que mira, ríndose aí, dicindo calquera cousa. Queres acabar? Despois pronúnciome eu. Queres falar do contrato de *Bram*? Como tiveches a *Bram* once meses ou doce? Como lle permitiches marcharse a Venezuela e ter substituto alí? Como lle permites a *Bram* marcharse a Venezuela a dirixir unha orquestra sinfónica? Como lle permitiches iso?

Dª Lara Rodríguez Peña. *Juan José Cruz.* Quen permitiu iso? Quen permitiu iso máis que vostede?

D. Juan José Cruz García. Eu non che estaba no goberno.

Dª Lara Rodríguez Peña. Estabas no goberno, estabas no goberno.

D. Juan José Cruz García. Eu non estaba no goberno.

Dª Lara Rodríguez Peña. Como que non estabas no goberno?

D. Juan José Cruz García. Logo non marchou en decembro do ano pasado? Non marchou de vacacións?

Dª Lara Rodríguez Peña. Alucinante. No momento no que *Katía* máis eu, no

momento no que Katia máis eu...

D. Juan José Cruz García. E *Katia* porque deixa o goberno? Pola vosa regularización ilegal do Conservatorio?

Dª Lara Rodríguez Peña. Retírese do mapa, de verdade.

D. Juan José Cruz García. Hemeroteca.

Dª Lara Rodríguez Peña. É lamentable escoitalo. Lamentable.

D. Juan José Cruz García. Hemeroteca. Hemeroteca. *Bram Sniekers* dirixe a orquestra sinfónica de Venezuela en el año 2016 y 2017. En 2017 eu non estou no goberno señores, e eu non estou no goberno.

D. Nicolás González Casares. *Juan*. Ten *Lara* a palabra. *Lara*.

Dª Lara Rodríguez Peña. Definitivamente, definitivamente, vostede si que ten cara para mentir, pero moita, pero moita. É dicir, os papeis, a documentación, están aí para mirar. No ano 2017 quen se puxo ao cargo diso fomos *Katia* e máis eu. No momento no que *Bram Sniekers* tiña que marchar a algún lugar. El pretendía facer como facía antes con vostede, cando vostede tamén lle estaba ofrecendo 20.000 euros. É así, é así. Estou falando eu. E é así, no momento no que *Katia* máis eu nos fixemos cargo da contratación desta persoa...

D. Juan José Cruz García. *Katia* deixou o goberno porque non se sentía suficientemente pagada para responsabilidades. Non ía comulgar...

D. Nicolás González Casares. *Juan*, non tes a palabra.

Dª Lara Rodríguez Peña. *Juan*. Un saúdo e moita sorte na túa carreira política.

D. Juan José Cruz García. Mirade: a hemeroteca está aí para revisar. Fostes quen de permitirle a *Bram Sniekers* traballar once horas, tendo un contrato de corenta horas. Fostes capaces de deixalo marchar e pagarlle a un músico, con fondos "b", porque pagou do seu bolsillo, e deixásteo marchar...

D. Nicolás González Casares. Repite iso, como é?

D. Juan José Cruz García. El pagou do seu bolsillo, el pagou do seu bolsillo o seu substituto. Ese substituto non tiña contrato co Conservatorio...

D. Nicolás González Casares. Que dixo fondos "b"?

D. Juan José Cruz García. Eses cartos non están regulados para ese rapaz. De onde os recibiu? Inda que estean declarados polo *Sr. Bram Sniekers*... *Bram Sniekers* tivo a valentía de...

D. Nicolás González Casares. Pero vostede sabe dese fondos "b"?

D. Juan José Cruz García. Deses fondos “b”, cando unha cousa non tributa... Ese rapaz cobrou do propio soldo de *Bram Sniekers*; pagoulle el directamente.

D. Nicolás González Casares. E como o sabe vostede e non dixo nada?

D. Juan José Cruz García. Eu sei todo iso, porque eu son músico e sei que esas persoas querían ter un mínimo de un contrato. Coñezo a ese músico que veu dar clases aquí, e ese músico e calquera pai do Conservatorio de Lalín, pode acreditar que *Bram Sniekers* fixo todas estas operacións, despois de marchar eu do goberno. E vos tivestes as santas narices de permitirllo. Ademais de todo iso, se non entendes, eu explícocho claramente, porque...

D^a Lara Rodríguez Peña. Eu non quero que se refira a min en ningún momento porque directamente non lle vou a facer caso ningún. É dicir, pode falar ou facer o que sexa.

D. Juan José Cruz García. Apaga o micro xa.

D^a Lara Rodríguez Peña. Estouno advertindo, porque vou marchar.

D. Juan José Cruz García. Marcha, marcha, marcha xa. Proseguimos, eu coido que senón se entende unha moción, pódese explicar. Aquí tedes...

D. Nicolás González Casares. *Manolo*, que algúns estades... pero... Sigue *Juan*.

D. Juan José Cruz García. Pois seguimos. *Bram Sniekers* é agora unha persoa que nin sequera pon no seu currículo...non pon, acaba de coller unha banda, a Lalín, por algo é. Por algo será. Unha persoa que renega do Concello que lle dou poder acadar os máis altos logros que se poden acadar no mundo bandístico. Iso foi o voso, non saber utilizar á xente, non sabela poñer no seu sitio, e deixarlle a un colectivo que non ten nada que ver co Padroado, que fora quen de manipular totalmente ao Padroado. Señores: as bandas son colectivos independentes, que por iso loitaron para ser independentes do Padroado. Vós, como queredes ter contentos a dous ou a tres amigos do voso ramo, fixestes esa regularización. Ninguén se vos meteu nela, nin ninguén vos xudicializou. Cando unha persoa non quere estar, marchase de onde está. Eu cando non quería estar no goberno porque vía todo iso, eu non podo estar nun goberno que fai esas actuacións. Non, deixa andar, que xa se arranxará, deixa andar, deixa andar. Iso non é a forma de gobernar señores. Por iso me marchei. Non teño nada máis que dicir, que *Bram Sniekers* tocou en Venezuela, e a hemeroteca está aí para ver, despois de que eu deixara o goberno.

D. Nicolás González Casares. *Juan*, vai a túa moción.

D. Juan José Cruz García. Déixame seguir falando. A miña moción é que iso é unha casa sen control. É unha casa na que mandan técnicos, e os políticos teñen que mandar, e os políticos teñen que sentarse diante das bandas, e dicir, ata aquí é a vosa competencia e de aquí para adiante a seguinte. Por iso quero que participen nela, e que non participen solo os mesmos de sempre. E aquí a forma de que participen os diferentes é descentralizar. Cando unha persoa non quere estar nun sitio, levántase e

marcha. Pero non estar, non ir, como acaba de recoñecer, aos órganos de goberno do Padroado, non di nada en positivo das persoas que nomeastes. Eu nunca estiven no Padroado. *Katia* deixou o Concello de Lalín porque non se sentía suficientemente pagada...

D. Nicolás González Casares. Iso o di vostede

D. Juan José Cruz García. E porque non fixestes o reparto como tiñades que facer. E ti cobras un soldo moi bonito, e podes rascarte a barriga e ao mellor durmir as túas juergas por aí adiante, pero hai xente que se marchou e non ía ser cómplice das vosas actuacións deste goberno, que eran totalmente aleatorias. Esta chica, esta *Lara*, agora levántase e marcha. Bueno, pois tivestes aí unha pataca quente, e teredes outra pataca quente no seu momento, que será intentar modificar os estatutos do Padroado para darlle máis acceso á xente. Ese Consello da Cultura non deixaba de ser máis do mesmo. Mencionei aquí a *Manolo Igrexas*, tamén estaría *Manolo Igrexas* neste novo Consello, estou segurísimo. *Alberto Granja* seguro que ía estar. Ían estar os mesmos de sempre, os vosos que considerades entes superiores, para ditaminar que é cultura e que non é cultura. Non señores, o Padroado xa sabíamos que era...

D. Nicolás González Casares. *Juan*, vai rematando que levas dez minutos seguidos.

D. Juan José Cruz García. Bueno. O Padroado obviamente ten que ser para...

D. Nicolás González Casares. *Manolo*, non se fala no Pleno por teléfono.

D. Juan José Cruz García. Eu véxovos tremendamente hastiados, cansados. Polo menos, poñédelle un pouco de espírito a isto. Son eu o único aquí que lle teño que poñer un pouco de espírito. Bueno home, un falando parece que drogado; o outro durmindo, esta que se marcha, o outro vaise tomar unhas vacacións dúas horas antes de rematar un Pleno. E despois somos... Se non queredes estar, marchádevos xa. Xa volo estou dicindo, os do Padroado, os políticos, marchádevos, se non queredes gobernar e estar aquí e escoitar o que vos din, marchádevos. A ver o que di o votante...

D. Nicolás González Casares. *Juan*. Vai á moción.

D. Juan José Cruz García. Vou á moción. Vou á moción. O PP, non quere ter tres Concelleiros dentro dos órganos? Paréceme perfecto.

D^a Eva Montoto Méndez. Se aceptan a proposta, obviamente claro que si.

D. Juan José Cruz García. Preferides ser dous?

D^a Eva Montoto Méndez. Eu entendo...

D. Xosé Crespo Iglesias. Con suplentes.

D. Juan José Cruz García. Con suplentes?

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu non puiden ir aos dous últimos, pero é que me cadra case sempre con Pleno no Senado. Entón, o problema está que eu non podo mandar ningún suplente polo que me dixo o Secretario. Entón hai que mirar de cambiar algo nos estatutos. Que poidamos mirar de mandar suplentes, e como mínimo ter dous, que somos o grupo maioritario.

D. Juan José Cruz García. Eu na miña postura non podo presionar máis. A min gustaríame máis que estiverades vós que estiveran eles. Pero bueno, se non o queredes, alá vós.

D. Nicolás González Casares. Iso é cousa vosa. Se iso...bueno...

D. Juan José Cruz García. Iso dádelo por descontado? Sorpresaza.

D. Nicolás González Casares. Eu creo que está todo dito. É dicir, o Partido Popular pide unha transaccional...

D. Juan José Cruz García. *Nico.* Pero si vos estades marchando dos órganos de goberno máximos deste Pleno. Marchades porque vos sae das narices. É que non queredes estar. Marchádevos.

D. Nicolás González Casares. Ti me viches marchar a min?

D. Juan José Cruz García. Eu que queres que che diga. Parécesme boa persoa, pero dando bandazos por Lalín adiante eu non vou confiar en ti, e en xente que está... Teredes que poñervos as pilas.

D. Nicolás González Casares. Mira *Juan*. Vai rematando. Non vas ir rematando. Imos votar, porque acumulaches... salvo que *Eva* que ía poñer unha transaccional, e queira explicar claramente cal é. Esta moción, levas falando quince minutos, sen parar, e xa está ben.

D. Juan José Cruz García. Pero interrompédesme moitísimo.

D. Nicolás González Casares. Moi pouco. Claro, cando hai que interromperte. Cando o estás pedindo a berros. *Eva*, por favor.

D^a Eva Montoto Méndez. Eu quería no meu segundo turno da intervención, simplemente dicir que sinto que non estea *Lara*, pero bueno, quedou claro na súa comparecencia, que obviamente ela non vai fiscalizar este goberno, e a Plataforma Cidadá, non vai fiscalizar este goberno; vai fiscalizar unicamente o que fixera o Partido Popular é o que faga. Polo tanto, entendemos que no Padroado Cultural, a día de hoxe non se pode facer esa labor de fiscalización, tendo en conta que estades seis do grupo de goberno, soamente un do Partido Popular e sen suplentes, coincidindo sempre o Pleno co Pleno no Senado. Entón, entendo que ela dicía que, se queremos estar para facer propostas: unha para facer propostas e dúas porque entendo que é un órgano que hai que fiscalizar, exactamente igual que hai que fiscalizar outra labor...

D. Nicolás González Casares. *Eva*, ímolo falar...

D^a Eva Montoto Méndez. E está claro que APAC, non o vai a facer. APAC vai a fiscalizar só o que queira.

Incorpórase a sesión D. Miguel Medela Dobarro de CxG-CCTT quedando o grupo municipal de CxG-CCTT con tres (3) membros e sendo o total de asistentes de dezaoito (18).

D. Nicolás González Casares. Eva, ímolo falar, e non hai problema.

D. Juan José Cruz García. Téñome que pronunciara acerca da petición do PP. Paréceme mal que o PP non queira acceder con tres, porque a representatividade tédela sobradamente ganada, e *Lara* está mandando moito máis que os seis mil votos que representades. Paréceme mal.

D^a Eva Montoto Méndez. Está claro que o PP, representa...

D. Nicolás González Casares. *Eva*, ímolo falar. A ver, que aquí governa quen governa. A ver, nós aceptamos a proposta de *Eva*. Se non non vamos a ter en conta nada diso.

D. Juan José Cruz García. Síntome que teño que dicilo: por parte do meu grupo de traballo, que lles parece mal esa postura vosa de non querer asumir as responsabilidades.

D^a Eva Montoto Méndez. Desculpa, desculpa. Nós queremos asumilas, e precisamente estamos a favor, estámosche botando a ti un guante, por dicilo dalgunha maneira. Nós estaríamos encantados de que a representatividade sexa real. E que realmente a día de hoxe o Partido Popular representa máis veciños que por exemplo...

D. Juan José Cruz García. Pero non me das a razón de que *Lara* está mandando máis...

D^a Eva Montoto Méndez. Obviamente nós dámosche a razón. Eu entendo que ao mellor eles como goberno, non van a deixar que fagamos... ou sexa, perder a maioría. Entón nós, a cambio de que eles o fagan, porque ten que ser ao fin e o cabo unha bondade política, e sobre todo do Alcalde, para que poidas entrar e par que polo menos poidamos ter nós outra representatividade, e ter unha suplencia, pois entendemos que se temos que perder diso un representante, pois facémolo, a cambio de polo menos ter dous, de que poidas entrar ti e de que ese traballo poida ser fiscalizado.

D. Juan José Cruz García. Entendede a miña crítica política, que debiades coller máis competencias.

D. Nicolás González Casares. Nós, o ofrecemento do goberno é sentarnos co Partido Popular, atopar algún camiño para que aumente a súa responsabilidade, e para que non teña ese problema que é certo que o ten, e que o temos o resto dos grupos. Porque do meu grupo a veces *Celia* creo que non pode ir, e non pode ir outro.

D^a Eva Montoto Méndez. De feito, eu a vez que acudín, estabamos *Paco Vilariño* máis eu, e eu non valía, polo tanto solo era *Paco*.

D. Nicolás González Casares. Polo tanto...

D. Juan José Cruz García. Estades recoñecendo que non ides.

D. Nicolás González Casares. Ese é o noso ofrecemento *Eva*. Procedemos a votar a moción que non ten moito máis. Primeiro a urxencia. Urxencia da moción?

D. Juan José Cruz García. Eu acepto a proposta que fixestes.

D. Nicolás González Casares. E agora a proposta do Concelleiro non adscrito, que ten aí unha transaccional. Unha emenda que di...

D. Juan José Cruz García. Está aceptada. Efectivamente, si se pode aceptada.

D. Nicolás González Casares. Votos a favor?

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún

Abstencións: oito (8), sendo catro (3) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC por ausencia da súa Concelleira, D^a Lara Rodríguez Peña.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción xunto coa emenda transaccional do PP do seguinte tenor:

O Alcalde Rafael Cuíña caracterízase reiteradamente polas súas mentiras e falsas promesas, alá polo 30 de Xuño do 2015 a prensa recollía como unha das primeiras propostas do executivo a supresión do Padroado Cultural, ó parecer quería sustituílo por un “Consello da Cultura local de máis amplo espectro” do cal aínda non se sabe nada a día de hoxe, igual que da renuncia ó seu soldo de alcalde, que seguimos esperando.

Tendo en conta que este organismo se mantén, tendo en conta que nunca entendín porque non tivo a ben o alcalde cando estaba no grupo goberno propoñerme para estar dentro dos órganos de goberno do mesmo, e despois de escoitar varias peticións verbais por parte do Partido Popular para modificar a composición do Consello de administración non escoitadas por este goberno, entendo que estes últimos non terán problema en apoiar esta proposta. Polo tanto analizamos os estatutos vixentes dende o ano 1998. Neles recóllese que o Consello de Administración renóvase co cambio da Corporación, e ó longo destes tres anos sucedéronse unha serie de acontecementos como foron as renuncias ou a entrada e saída do goberno de algúns concelleiros, o que xerou un cambio importante na composición do pleno; polo que entendemos que o alcalde como presidente do Padroado debe actuar en consecuencia; ben presentando una nova proposta de vogais a este pleno ou mediante modificación do artigo 4 dos estatutos tendo en conta

escenario político actual.

A día de hoxe, dos 7 membros deste Consello que son políticos, 6 pertencen ó grupo de goberno fronte a 1 do Partido Popular, mostrando a total falta de representatividade da corporación, así como a clara postura sectaria deste goberno, que pon todos os seus medios para limitar a miña labor de concelleiro non adscrito, non só impedíndome o acceso á documentación, senón chegando a agachar informes ou vetando a miña participación neste órgano cultural no cal podería aportar moito máis, pola miña formación e traxectoria, que algún dos actuais membros, sempre en favor da cultura e os veciños de Lalín. Sempre dixen e escoitei que no Padroado Cultural debían participar os músicos, a xente destes colectivos quere verse representada, non excluímos outros nas nosas valoracións, aínda que a día de hoxe a función case na súa totalidade do Padroado é xestionar o conservatorio. A estas alturas da película, creo que ninguén dubidará da miña implicación a favor das nosas formacións musicais e das súas escolas tanto defendendo a implantación, concesión de fondos para as mesmas (que Cuiña sempre paralizou) na súa obsesión de "ao tráfuga nin auga", deixando moita da gran labor das escolas de música do rural en mans do altruísmo dos nosos grandes músicos como tamén na defensa dun Padroado Cultural integrador no que nunca tiveron a ocasión de participar para facer a labor de control e prepositiva propia do cargo que ocupo. Obviamente unha vez que modificamos este artigo 4, tamén me gustaría que se concedera nos postos non políticos dar acceso a un representante de tódalas formacións musicais, proposto e ratificado polas mesmas mentres non modificamos os estatutos actuais para acoller a un representante de cada, cumprindo así a miña palabra coas formacións e involucrándoas neste e órgano así como abrindo novas portas para o debate co obxectivo de dinamizar e sexa por exemplo entre outros unha realidade as axudas mencionadas paralizadas polo goberno de Cuiña desde fai dous anos polo seu capricho contra o non adscrito. Tendo en conta que o Pleno é o órgano que nomea os vogais propostos polo alcalde e tamén o que aproba as modificacións dos Estatutos.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Que o Alcalde, Don Rafael Cuiña, presente no pleno ordinario do mes de agosto unha nova proposta para que os 5 vogais que deben ser concelleiros no Consello de Administración do Padroado sexan: tres concelleiros do Partido Popular, o concelleiro non adscrito e un concelleiro do goberno, que se sumaría ó presidente e vicepresidente que xa son do grupo de goberno. Nomear nos postos non políticos a un representante proposto e elixido de entre as nosas formacións musicais (corais, bandas e escolas de música).

Así mesmo, o cordo de nomeamento dos vogais designados poderá incluír a designación de substitutos ou suplentes de cada un deles.

Segundo.- Que de non aceptar esta proposta, presente a ese mesmo pleno, unha modificación dos estatutos cambiando o artigo 4 punto 1 en base a nova composición do pleno; garantindo a participación dos concelleiros con representación única e de todos os grupos políticos en número suficiente para manter a distribución goberno-oposición proporcional á corporación do pleno.

17.- EXPEDIENTE POR URXENCIA 4008/2018. MOCIÓN DO PP RELATIVA Á

REDISTRIBUCIÓN DE PARTE DOS REMANENTE DE TESOURERÍA DO EXERCICIO 2017 RECOLLIDOS NA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 8-P/2018.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada presentada na sesión.

Sometida a votación a urxencia da moción, por unanimidade dos asistentes acordouse ratificar a mesma e pasar ao debate da dita moción.

D. Nicolás González Casares. Voceiro do Partido Popular.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si. A verdade é que, visto o debate que houbo no anterior punto, ao mellor hai que investigar algunha cousiña. Se cadra a Lara tanto que lle gusta investiga e meter as cousas no xulgado, ao mellor hai que investigar algunha cousa que está pasando no Padroado. Porque a verdade é que eu sen entender moito dese tema, chócame bastante a discusión que houbo entre *Juan José Cruz* e a Concelleira de APAC, a Concelleira de Cultura, que obviamente, non sei, como Concelleira de Cultura, deixa moito que desexar. En todo caso, aquí porque esteamos de acordo ou non, ninguén debe levantarse do Pleno, eu moitas veces non estou de acordo co que aquí se di nin tal, e aguanto como teño que aguantar.

D. Nicolás González Casares. Levantádesvos para cousas máis singulares.

D. Xosé Crespo Iglesias. Porque o *Sr. Cruz* lle diga a Concelleira que mandou a Bram de vacacións a non sei onde e tal, non ten que lle parecer mal. Iso ou é, ou non é.

D. Juan José Cruz García. Ti non me entendiches ben. Non foi de vacacións. É alguén que en período lectivo se ausenta do seu traballo e lle pagan...

D. Nicolás González Casares. Estamos coa moción do Partido Popular.

D. Juan José Cruz García. Calquera alumno de trompeta, e pai de trompeta, cho vai a testificar.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, vale. O que quero dicir deste tema é que é suficientemente grave. Miraremos o que hai por aí xa que son tan exquisitos. O que é exquisito para un lado terá que ser exquisito para o outro.

D. Nicolás González Casares. Míreo todo. Míreo todo ben.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben. Que poña a Plataforma Cidadán a traballar. Eu creo que a Plataforma ten aí uns traballadores estupendos, que os poña a traballar todos alí no Padroado, a ver se fan algo, porque é un desastre, aquilo non foi nada a mellor con respecto a nós, foi a peor todo. Ben, imos centrarnos, ten razón o Tenente Alcalde, vamos a centrarnos na moción que nós presentamos. Mire, como é unha hora razoablemente intempestiva, vou a procurar ser telegráfico neste tema, no, me refiro... podes cronometrar, vou a procurar a ser telegráfico neste tema para dicir o que quero dicir, e non máis do que quero dicir. Polo tanto, mire, vamos a ver, esta moción ven a colación, porque vostedes non pactaron connosco para nada os fondos. E non pactaron connosco porque teñen un sentimento de culpa, porque vostedes teñen o sentimento de culpa, porque mire, cando nós sabiamos que ía haber uns grandes

remanentes este ano, por certo, Sr. Tenente Alcalde, sabe por que se producen tres millóns e pico de remanentes? Lonxe de ser unha loanza para o goberno, é un descrédito, porque iso quere dicir que non foron capaces de executalos. Entón, algún saca peito dicindo: e que nos sobraron tres millóns a pico de euros. Olle amigo meu, o que hai que dicirche é que es un administrador nefasto, vaite para a casa, porque non fuches capaz de executar o que ti mesmo metiches nos orzamentos. Entón, os remanentes, o ideal sabes que sería? O ideal, que é imposible, o ideal sería terminar o ano, e que o Interventor cando fai o balance dixera: este Concello ten cero remanentes. Nese momento, había que dicir, aquí está un diploma para os mellores xestores do mundo mundial. Pero non ocorre iso, dun orzamento razoablemente prudente, ter tres millóns e pico de remanentes, tres e medio creo que eran, non Sr. Interventor? Perdón.

D. Fidel García Martul. Cuatro millones.

D. Xosé Crespo Iglesias. Catro millóns... escuridade... catro millóns. Bueno, pois que un Concello teña catro millóns, sobre un orzamento, perdón interventor, sobre un orzamento de? Doce?

D. Fidel García Martul. Dieciseis.

D. Xosé Crespo Iglesias. Dezaseis. Mire, sobre un orzamento de dezaseis millóns de euros, catro de remanentes. Iso demostra unha capacidade de xestión máis ben cativa. Eu diría que mala. Eu iso de quitar peito cos remanentes, e de que digan que aforro moito.... Diría; eu aforro porque son incompetente á hora de executar o que eu poño nos orzamentos. Así que, aclarado iso, eu sabía que ía haber unha boa partida de remanentes, e díxenlles a vostedes: mire, vai haber unha partida importante de remanentes, porque vostedes non executaron a metade do que puxeron. Polo tanto nós brindámonos a negociar un paquete de remanentes e máis o Plan Concellos, que era un plan importante, porque saben vostedes que no Plan Concellos que xuntaron dous anos nun.

Politicamente hai que recoñecer que a Deputación fixo con intelixencia, porque no ano que ven, dificilmente se poderían gastar. E polo tanto foi unha boa xogada da Deputación, pero que si lle dou a tódolos concellos. Polo tanto, inda que as obras despois se aproban antes as dos concellos deles que as dos nosos, pois me refiro politicamente, pois hai que recoñecer, que a verdade sexa dita, xúntanse dous anos nun e polo tanto é un paquete importante. E eu díxenlles nun Pleno, ó acabar: oia mire, vai haber unha partida importante de remanentes e máis do Plan Concellos, sentámonos? E nós se dicimos sentámonos non vai ser para pedirlle o cincuenta por cento nin moito menos, nós íamos pedir o que nos parecía razoable. Catro cousiñas, que no cincuenta por cento íamos coincidir. No cincuenta por cento íamos coincidir, ou máis do cincuenta por cento. Ao mellor coincidíamos ata no sesenta por cento, e logo o corenta por cento restante, por meter algunha cousa que a nós nos parece razoable, e meter outras que a vostedes lles parezan razoables. Iso é o que é a xestión, ou é que vostede cree que cando un goberno está en minoría ten que negociar... como se di vulgarmente non ten que ceder, entre comillas máis da conta, pa que lle voten a favor. Si claro, e eses votos valen ouro no Parlamento, si. Pois aquí vostedes téñeno moi fácil: ou convencen a *Juan José* ou a nós, nada máis. Téñeno fácil. E se o teñen difícil e porque vostedes queren, porque nós sempre fomos persoas razoables. Naquel momento, creo recordar, que *Paco Vilariño* dixo algo así como: paréceme ben.

Asegúrolle... Mire, eu non sei como é a súa vida interna, pero asegúrolle que si vostedes o falaron, máis algún do goberno, eu asegúrolle, que eu polo menos creo, que o Alcalde e o Tenente Alcalde dixeron: nin de coña imos deixarlle algo de baza ao PP? nin de coña, nin de coña creo. Pero eu creo, que a Concelleira de Medio Ambiente, a de Facenda...

D. Nicolás González Casares. A Concelleira de Medio Ambiente tamén...

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, si, pero estoulle dicindo que creo...eu creo, que a Concelleira de Medio Ambiente, a de Facenda, e *Paco Vilaríño*. Seguro que estaban a favor de negociar connosco un paquete. Seguro. Estou seguro porque non é que sexan máis listos nin moito menos, son menos etéreos. E podíamos sacar o tema para adiante. Pero como non nos queredes dar...

D. Nicolás González Casares. Ti tes unha capacidade imaxinativa...

D. Xosé Crespo Iglesias. Por iso ocorren estas mocións *Nico*.

D. Nicolás González Casares. Tes unha capacidade imaxinativa.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, vale.

D. Nicolás González Casares. Dios mío.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non son bo psicólogo, pero tonto de todo non son. Asegúrollo. Eu dígolle que eu por mencionar esas persoas, podía mencionar algunha máis, ou por exemplo a última que entrou do PSOE non a trato moito. Entón... pois ao mellor son inxusto con ela, porque non a coñezo. Entón, pois ao mellor paréceme dunha maneira distinta da que é. Pero tamén teño que dicir, que cando nunha persoa tes unha imaxe estereotipada previa, despois cando a tratas ao mellor cambia, ao mellor cambia para ben e ao mellor cambia pa mal. Pero moitas veces cambia. Polo tanto, eu o que quero dicir é que esta moción e que esta moción ven aquí precisamente por iso, porque vostedes podía negociar isto nunha patada, nun santiamén. Claro, fixeron a allada do Plan Concellos. No Plan Concellos non nos deron nin os bos días, nin a *Juan Cruz*, nin a nós; non nos deron nin os bos días. E logo chegan os remanentes, e que fan? A xogada do chepas. Colle e di: imos meter obras que non poidan dicir que non, etc. E se din que non, demagoxicamente collemos ao *Piqui* de turno, e montámoslle un cristo coma o da praza, que de padre moi señor meu. E nós, como somos tontos, chupámonos o dedo. Aquí xa vos dixen máis de unha vez: nós somos veteranos de guerra, e aos veteranos de guerra hai que tratalos con respecto, pero non respecto con que o merezan máis ou menos, senón porque antes de frailes foron cocifeiros. Entón a min, se me estás facendo unha putada, despois non me aloumiñes, non me digas: "Pepe, e que non pasa nada". Non, porque eu sei as intencións. Entón aquí, o que máis sofre, é o capador, e polo tanto, debemos xogar politicamente, pero con honestidade. Ten que haber honestidade. E vostedes a día de hoxe non son conscientes de que teñen minoría no Pleno, é como si fosen parvos. Deben saber que a nós para negociar algo, non nós queda máis que sentarnos con *Juan José Cruz*, porque entre el e nós xuntamos a maioría absoluta. Sabe unha cousa? O tan denostado por vostedes *Juan José Cruz*, eu prefiro verme con el as doce da noite, que con *Cuíña* nas doce do día. Iso asegúrollo, iso prométollo pola miña

honra. Quero mellor verme con *Cruz* as doce da noite, que con *Cuíña* as doce o día, e sido igo polo sentido figurado, obviamente eu de noite non me vou a ver con *Cruz*, nin con *Cuíña*, nin con outro, pero o que quero dicir, é que me fío máis de *Juan Cruz*, que de *Cuíña*, como de aquí a Roma.

D. Nicolás González Casares. *Pepe*, levas sete minutos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale. Remato. O motivo é que nós como nos... Permíteme a expresión inapropiada, como nos chuleastes, con este plan de remanentes, con varios, presentamos unha proposta alternativa, que a falamos con *Cruz*, para manter unha das pistas que vós metiades aí, e meter outras que nós consideramos que son necesarias. Que ocorre? Como as vosas están feitas co proxecto, sabes o que vale cada unha, polo tanto para non augar a festa, que fixemos? Nós pedimos que este proxecto, que este proxecto non, que este plan... que este... a ver como se chama, o número 8-P, a modificación de crédito 8-P/2018, pedimos que o que viña no punto dous, pedimos que eses novecentos mil, por certo, xa sei que non é mala intención de ninguén, pero vacíamos o Pleno e volve a vir o primeiro que colgástedes. É dicir, seguen vindo. Se miras aquí o Pleno, seguen vindo, aquí o está, descargase o Pleno e seguen vindo 890.000. Iso é porque o tedes mal no xestionado, cando é 907.000. Pero bueno, eu aclareino co Interventor, pero que saibades oue iso está inda sen cambiar, bueno, nas tripas do Concello.

D. Nicolás González Casares. Nove minutos *Pepe*.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si. Entón, nós o que collemos, é que eses novecentos e pico mil euros, o que facemos é dividilo en catro proxectos. Un proxecto é o proxecto das pistas que vostedes propoñen e que a nós nos parecen razoables. Hai algunha como a de Praduxao, que a pedimos nós... perdón, si, si, agora o explico, e que o estaba explicando. Si, digo, claro que sacamos varias pistas. É dicir, nós o que fixemos, en canto vimos a proposta da comisión informativa, eu funas ver todas. Fun ver as pistas todas. Non me poden dicir que non fun ver ningunha. Nalgúns casos falei cos pedáneos para cerciorarme de certas cousas, na maioría, por certo, falei coa maioría dos pedáneos. Os pedáneos foron utilizados vilmente traéndooos aquí a firmar isto. Se é unha obra do Sr. Medela, que ao final vai a ser certo que o Luís Madriñán Crespo inventou isto. Inventouno el, e pensei que era cousa de *Cuíña*, e vai ser certo que foi el o artífice intelectual do tema, porque montan aquí unha do Chepas, traendo aquí aos pedáneos: firmade aquí, que mirade... se firmades aquí...

D. Nicolás González Casares. *Pepe*, levas dez minutos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, bueno, pero...

D. Nicolás González Casares. Ás ser breve e levas dez minutos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Bueno. E que eu teño que explicar o porqué.

D. Nicolás González Casares. Si. Pero tes un tempo para facelo.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale. De acordo. Pero sabes que ese tema é flexible dependendo de quen.

D. Nicolás González Casares. Bueno é flexible...pero eu...

D. Xosé Crespo Iglesias. É unha moción moi importante.

D. Nicolás González Casares. Eu no do tempo sonche menos inflexible.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale. De acordo.

D. Nicolás González Casares. É o que está aquí sentado o que é flexible.

D. Xosé Crespo Iglesias. Nós o que propoñemos é... esa proposta que fai o goberno. Nós non estamos de acordo con ela. Por iso a botamos abaixo e votamos en contra, e facemos unha alternativa de catro proxectos, que como vos digo, faleino con *Juan José Cruz*. Unha primeira, que é respectando parte das pistas que vostedes...que veñen aquí como anexo 1, parte das pistas que meteron. Nos quitamos algunhas pistas, porque nos parecen algún insulto. Nós quitamos por exemplo a pista da que se queixaba antes a Concelleira de Facenda, non porque non lle faga falta, que é un anaquiño pequeno, seguro que lle fai falta, é máis. Eu pasei polo valado e seguro que lle fai falta. Pero vamos a ver, nós quitamos unha pista en Madriñán que ben sabedes para onde vai, a unha granxa exclusivamente. Perdome, fun alí, fun alí e estiven coa pedánea. Non mo contes, que eu fun alí e estiven coa pedánea. Non se preocupe que eu sei facer as cousas tamén, tonto non son. Quitamos esa pista tamén. Home, meten unha pista en Cristimil, que esa pista en Cristimil...mire as fotos, e que se esta pista o necesita, e que entón o necesita... Vostede veu esa pista Sr. *Medela*? Mire. Mire como está esta pista. Esa pista está mellor que a maioría das pistas de Lalín, ca gran maioría, e vanlle botar unha capa de aglomerado a esta pista...Pásalle para alí o chisme e que mire as fotos. Entón a isto faille falta unha capa de aglomerado?

D. Nicolás González Casares. Bueno. Ten unha segunda intervención. Levas doce minutos, levas doce...

D. Xosé Crespo Iglesias. Remato. Nós quitamos unha serie de pistas, propoñémolas no anexo 1. Iso pódeno facer inmediatamente, porque xa teñen o proxecto feito. E logo propoñemos nun anexo 2, a outra serie de pistas. Logo metemos 200.000 euros para sumidoiros, nas parroquias de Corpiño, bueno, de Losón, e máis de Botos. Obviamente, dicimos que a Avenida Xosé Cuíña, que para nós non é prioritaria neste momento, porque creemos que hai outra bastante peor. Aquí hai un trociño malo, que é o que vai, aí dende a rotonda, ata o Lalín Arena, e o resto botarlle unha capa de aglomerado é un luxo, é un luxo. Ao mellor, alá na entrada tamén algo, pero o resto é un luxo, mirando como hai outras rúas en Lalín, déanse unha volta por elas, e logo mirando a como está o rural. Entón metemos 150.000 euros para a primeira fase, calculando que vostedes fagan algunha xestión, e traian algo doutra administración. Tamén unha primeira fase da pranta baixa da Praza de Abastos, tal e como nos comprometemos cos praceiros. Metemos unha parte para aí, 150.000 euros; 200.000 para alcantarillados, que non fixeron practicamente ningún, solo o de Zobra que van facer nesta lexislatura e aquí non meteron ningún, co cal tampouco se faría ningún máis; e os dous proxectos de obras. Os proxectos de obras, eu se me permite, como antes a Concelleira os leu, pois non fai falta que lle dea a relación...

D. Nicolás González Casares. Todo o que sobre... todo o que se está pasando, voulo a quitar da segunda.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, vale.

D. Nicolás González Casares. Van catorce minutos.

Sendo as 13:21 horas reincorpórase á sesión D^a Lara Rodríguez Peña (APAC) quedando o grupo municipal de APAC composto por un membro, e sendo o número total de dezanove (19) asistentes.

D. Xosé Crespo Iglesias. De acordo. Remato isto dicíndolle á Concelleira: eu entendo que ao mellor a pista do Valado hai que facela. Entendo, eu faríalla. Se eu fose o Alcalde, faríalla sen dúbida. Estoulo dicindo. A da Granxa teño a miña dúbida. A de Cristimil, vendo como está a que propoñemos nós en Sanxurdo, é como se a vostede lle falta un ollo e lle van poñer... Home, hai que mirar polo menos as parroquias. E digo eu unha cousa, se vostedes queren facer iso, non deberían ter metido iso no Plan Concellos? E que nós non pintamos nada. No Plan Concellos hai unha partida de pistas, porque non meteron esas, entre comillas, conflitivas, no Plan Concellos, e non traernos aquí ás nosas narices, nun Plan que nós temos que dar o visto bueno, e tráeno aquí e restrégannolo por diante das narices, cando vostedes teñen o Plan Concellos. Fixeron da súa capa un saio. Rematei Sr. Tenente Alcalde.

D. Miguel Medela Dobarro. Mira, perdona un segundo. E que, que diga que son conflitivas...

D. Xosé Crespo Iglesias. Conflitivas non.

D. Miguel Medela Dobarro. Home, e que voulle dicir unha cousa, que diga que son conflitivas. Logo conflitivas, hai máis conflitivas. Damos os nomes tamén?

D. Xosé Crespo Iglesias. Si.

D. Miguel Medela Dobarro. A da Saborida tamén é conflitiva. É conflitiva ou non é conflitiva a da Saborida?

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero mire unha cousa...

D. Miguel Medela Dobarro. Vostede me dirá.

D. Xosé Crespo Iglesias. Quen a propuxo foi vostede.

D. Miguel Medela Dobarro. Pero por iso mesmo. Eu entendo...

D. Nicolás González Casares. Medela, Medela. Non, non, deixa. Ó final. Agora vai *Tere*, que tivo unha alusión claramente velada... Medela: Tere tivo unha alusión claramente velada, e que creo que ten antes...

D^a Teresa Varela Fisteus. Nada. Eu simplemente dicir que: "*Crespo*, fuches Alcalde vinte cinco anos e da pista non te acordaches". Dáme exactamente igual, no

sentido de que se viviron sen arreglala, poden seguir vivindo. Dicer que a miña forma de facer política non vai co signo político, é dicer, se hai unha necesidade, e a min chega esa necesidade, faise. Independentemente de que previsiblemente nas urnas se vote PP, Compromiso ou Soe. Os meus feitos quedan aí e pódense demostrar.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu creo que che fixen un favor. Faime caso.

D. Nicolás González Casares. Bueno. Pois agora, tócame a min facer a intervención.

D. Juan José Cruz García. Non.

D. Nicolás González Casares. Ai perdoa *Juan*, tes razón. Perdoa, desculpa.

D. Juan José Cruz García. Insistíanme dende o grupo de traballo que enfaticese. Tres meses arriba e abaixo na vida de un home pouco son. Tres meses para facer a pista de Sello, pouco son. Tres meses para facer calquera cousa desas que creedes prioritarias coma a de Cristimil, pouco son. Se poñemos nunha balanza Cristimil, con deixar a metade unha pista....; como é a que vai de Carballeda ás Lamas, que é penoso o estado desa pista...

D. Nicolás González Casares. Acabas de votar contra ela.

D. Juan José Cruz García. Que despois levades o Rali sempre por alí. Home, conflitivas ou non conflitivas, aí xa non nos sentamos. Aquí o bonito desta negociación que houbo é que o PP por primeira vez puido confiar na miña palabra, e ten o dereito a poder propoñer. Gracias por deixarme propoñer as miñas inquiredanzas, e ademais a primeira vez para poder demostrar que si que estabades en contra deste goberno que estaba deixando ó rural un pouco de lado. Para min é importantísimo que a Avenida Xosé Cuíña non se faga, é importantísimo. No seu momento era importantísimo que o parque do Concello non se fixera...

D. Nicolás González Casares. Repita, repita, repita...

D. Juan José Cruz García. Para min é importantísimo que neste momento a Avenida Xosé Cuíña non se faga, por non ser prioritaria. Se non, dígalle vostede aos veciños...

D. Nicolás González Casares. Non, non, non quero saber máis.

D. Juan José Cruz García. Aos veciños de Carballeda, dígalle aos veciños de Carballeda que levan ás súas vacas despois do Rali por unha pista totalmente de pedra, dígalle vostede a calquera veciño que fai o traxecto dende Lamas... ou dígalle a calquera condutor do Rali, que tanto vangloriades, de que o Rali ten que ser nacional. Se caemos en incongruencias...paréceme importantísimo este orde de prioridades, esta prelación, esta relación secuenciada, que é a primeira vez que se fai fincapé nela, para poder poñer en primeiro orde a que nós consideramos. Paréceme importante dicer que en tres meses non se lle morre a cría a ninguén, e polo tanto, con todos os respectos, o Sr. Interventor, se ten a ben dicer, desmentir que é posible facer todo isto, que temos tempo administrativo de sobra para poder facelo. Témolo?

D. Nicolás González Casares. Bueno Sr. Interventor, hable si es posible acabar todo esto antes del 31 de diciembre.

D. Juan José Cruz García. Si es posible, teneis... Sr. Interventor, ademais enfatizar que hai catro pistas que se quitan. Hai 431.000 euros que están xa traballados. Non sei porque tanto vos queixades? Porque esta é outra cousa de facer pedagogía coa prensa...

D. Nicolás González Casares. Bueno, a ver, queres que che conteste o Interventor ou non?

D. Juan José Cruz García. Si, por favor.

D. Fidel García Martul. Vamos a ver, ya es la segunda vez que se me pregunta sobre si es posible ejecutar una obra en plazo. Yo no soy arquitecto ni urbanista ni ingeniero. Entonces eso es una cuestión que tendrán que preguntar a los competentes que saben si se puede ejecutar esa obra en los plazos establecidos. Yo, cuando veo los proyectos de obra, veo cual es la duración de la obra, y la duración de la obra no la pongo yo, la pone el redactor del proyecto.

D. Juan José Cruz García. Moi ben. En teoría temos un proxecto que é o alcantarillado de Botos, que ten que haber proxecto. Ou nos mentiu este goberno ou ten que haber proxecto. Quedo contento, moi contento que o Corpiño leve alcantarillado, nesta negociación. Eu represento a moitísimos veciños, máis dos que pensades. Sempre me dixestes aquí, que non represento a ninguén. Ídello explicar vós aos veciños do Corpiño se os represento hoxe aquí. Vídeme explicar vós, se represento hoxe aquí aos veciños de Cadrón, de Carballeda. Vídeme explicar vós se represento a todos estes veciños que están aquí, que eu accedín ata as vosas propostas, todas as que están postas aí. Eu represento a eses veciños. E eu veño aquí a este Pleno, para dicir que a próxima Concelleira que vai entrar, probablemente neste Pleno, quería facer unha pista, por unha pista de terra para a súa granxa, para o seu uso exclusivo. Iso é criticable, e quen o pon nun papel ten que asumir as consecuencias da crítica política. Porque eu asumo as competencias que me pode traer facer estas declaracións. Asumín sempre as competencias e representei a moitísimos veciños. Moita xente quería ver esa pista íntegra feita e hoxe está aí posta. Moita xente quería ver o alcantarillado de Botos, e vaise empezar a facer, se vós queredes. Se non queredes, pois teremos que recorrer a outros métodos. O mesmo vós que decides da Praza de Abastos, pois aí está. Saíuvos a xogada mal, e saíuvos porque entre outras cousas, esta é unha xogada moitísimo máis coherente. Por que? Porque se queremos axudar a emprendedores, eu teño a confianza de que aí se poidan asentar no futuro o triplo de emprendedores e non estar axudando a esa xente que está sinalada, e tédela sinalada.

Antes preguntei polo emprego da Presidenta da Praza de Abastos, do seu marido. Estadés vós autodirixíndovos á hecatombe. Estádesvos tirando dunha ponte con *Rafael Cuiña*, ca corda posta na soga, na cabeza. Tirádevos vós. Aquí hai xente que non estamos dispostos a iso. Tres meses non son moito na vida dunha persoa, para que unha pista que non é prioritaria...Vós se o queredes, e o considerades, colledes fondos propios ou colledes fondos do Plan Concellos que veñen do ano seguinte, e que o fagades. Pero tedes que asumir as consecuencias da crítica política. Pois si,

aquí hai un cambio neste momento, hai un cambio. A Avenida Xosé Cuíña vale para ver, vale para transitar.

Poderíase ter que facer algunha pequena actuación, pero este é un cambio político, e é un titular, é un titular. Miren señores: os cartos da Avenida Cuíña pois van para o Corpiño e van para Botos. E así está, e non vos tedes que queixar, cando o que se vos quitou nas vosas pistas é un montante de 150.000 euros. Non tedes argumento ningún para dicir que nós paralizamos o Concello, e que paralizamos as obras necesarias, non o podedes ter. Máis inri aínda; os pedáneos, como vos atrevedes a manipular aos pedáneos? Os pedáneos dixeron textualmente; firmabamos iso ou non. Porque se non firmabamos iso, a contestación era que non existía tempo para facelo. Eu afirmo diante de todos estes compañeiros que estamos aquí, que existe tempo matemático, non só porque o afirme eu, porque tamén no meu grupo de traballo hai xente especializada en política local e en política autonómica, e fiándome da súa palabra, e fiándome do seu asesoramento. Afirmo que é posible facer estas novas pistas que fixemos a maiores, que son catro ou cinco, ou seis ou sete, despois outras que se irán facendo con resortes de... Ogallá que cheguen os cartos pa ser sete ou oito, aí non sei as que poderán ser. *Antonio* saberá mellor, pero as outras que están ordenadas e que eu accedín a esa ordenación, ogallá que as poidades facer, e que cumprades cos cartos dos fondos dos remanentes, que poida haber deste propio plan, como que poida haber de outros plans, que poidades facelas.

Agora, a culpa non vai a ser nosa, se non facedes a pista de Cristimil. Ídello explicar vós a ese veciño que tanto vos abanica, e dicídlle que non fai falta, ou decidelle que o ides a facer con fondos do plan da Deputación. Pero que saibades que a este Concelleiro polo de agora ninguén lle tapa a boca. Nin lla vai tapar *Manuel Igrexas*, nin lla vai tapar “x” persoas que me están levando a xuízo como este Concello, nin ninguén. Vou dicir sempre o que me apeteza. E remato dicindo: hoxe síntome aquí, representando a milleiros de cidadáns.

D. Nicolás González Casares. Millóns.

D. Juan José Cruz García. Milleiros, miles. Síntome... porque parte das obras que estou aprobando, estounas aprobando cun grupo maioritario, e eu teño os meus apoios e a xente que fala comigo e que me pide cousas. Polo tanto, mal que lle pese Sr. Tenente Alcalde: este Concelleiro, con toda a humildade do mundo, hoxe levántase do Pleno, dicíndolle que representa a moitos lalinenses.

D. Nicolás González Casares. Rematou non? Ben, a verdade é que resulta chamativo, bueno. A coalición xa coñecíamos non? É dicir, a coalición estaba máis que coñecida, a coalición é clara, o PP con tráfugas. Agora que falan de rexeneración; pero a min o que me deixa alucinado de todo isto... si, si... sen agochala, ilexítima...

D. Juan José Cruz García. Pero que problema hai para que eu pacte pistas co PP? Se vós as pactastes anteriormente.

D. Nicolás González Casares. Ningunha

D. Juan José Cruz García. Minto en algo se digo que o goberno pactou con vós 600.000 euros en pistas? Estou mentindo en algo, oposición?

D. Nicolás González Casares. Vou intervir eu. A cuestión de orde éche moi

fácil. Non, non, vouno explicar eu que o entendo moi ben. Eu entendo perfectamente. En primeiro lugar, a estratexia é moi clara, xa seguistes o ano pasado, incluso cando estabamos negociando e nos sentamos a negociar, vós o único que queredes é atrasar, atrasar a posibilidade de que se fagan estas obras. Xa o fixestes nos últimos...

D. José Antonio Varela Quintela. E a vosa cal é? A vosa cal é? Por que non falastes con nós?

D. Nicolás González Casares. A ver, *Pincho*...

D. Juan José Cruz García. A responsabilidade executoria recae agora mesmo no goberno.

D. Nicolás González Casares. Silencio. O primeiro en retrasar, como acabades de retrasar a Praza de Abastos un mes, que o mes pasado votastes en contra...

D. Juan José Cruz García. Pero, que máis da un mes arriba, un mes abaixo, home...

D. Nicolás González Casares. Por favor, que te calles. Agora estou falando eu. Vale. Non, porque te deixei falar nove minutos. Entón agora vas calar que falo eu, creo que teño dereito.

D. Juan José Cruz García. Se te pos así, calo. Se te pos así, si que calo.

D. Nicolás González Casares. Entón, despois, o mes pasado veu aquí a Praza de Abastos. Votouse en contra. Pasou o que pasou, e agora vótase a favor, no tempo case necesario para trincar os prazos acordados cos praceiros. Supoño que despois de vinte cinco anos saben que unha vez aprobado isto, ten que ir ao BOP a aprobación inicial, ten que haber quince días de exposición pública, e despois unha aprobación definitiva, e despois da aprobación definitiva, xerar o crédito e iniciar o proceso de contratación, e despois diso dar un prazo as empresas para que se presenten, e unha vez que se presenten adxudicar, e despois de adxudicar, facer a obra no prazo establecido.

Iso todo hai que facelo en dous meses. A min paréceme matematicamente imposible, coa nova lei de contratos. Bueno, vostede é un experto na nova lei de contratos, xa o sei. Pero é matematicamente imposible a día de hoxe facer iso antes de que empece a temporada de Nadal. Vai ser moi moi difícil. Pois o mesmo coas pistas: canto máis as retrasemos, mellor, porque así as pistas en vez de facelas en outubro ou novembro, que inda pode haber algo de bo tempo, non, ímolas facer en decembro, no mes de decembro. Sabémolo todos, sabemos todos cal é o obxectivo. A min o que me sulfura e me saca das miñas casillas, teño que dicilo, chama moito a atención, é que non estamos falando de facer un Concello de dezaseis millóns, ou de novas infraestruturas que poden ser discutidas, ou dunha nova piscina; o que estamos falando é de manter os servizos básicos da cidadanía, de que se unha pista está mal, hai que arreglala, podemos discutir que unha está mal e outra está ben, podemos discutilo pero por...

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero a cuestión... por que non nos chamaron a nós ao Concello? Son uns caraduras...

D. Nicolás González Casares. Pero si os chamamos, si o chamamos, e non hai moito.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si. Ao xulgado si me chamaron.

D. Nicolás González Casares. Tes un correo chamándote a negociar

D. Xosé Crespo Iglesias. Chamástesme ao xulgado. Si, si, si, ao xulgado si me chamastes.

D. Nicolás González Casares. Eu ao xulgado nunca te chamei; igual a min do voso lado si. Do voso lado. Non digo vós, digo do voso lado.

Agora sorpréndeme que haxa veciños de primeira ou de segunda categoría, segundo as pistas. Sorpréndeme que aí *Juan José Cruz* diga que a circunvalación non hai que tocala, cando o técnico municipal, cando eu lle digo ao técnico municipal, que é un técnico municipal que coñecen vostedes perfectamente, dígolle: mira, hai que mellorar a circunvalación que está en moi mal estado, e ademais vai haber agora as obras da rotonda, e é probable que tamén co tráfico de camións se poña peor.

Na baixada desa rotonda hai moitos accidentes, porque hai un deslizante malo que hai que arranxar, na de esa rotonda que está aí de Donramiro. Logo está todo aquilo desfeito, e fixeron os testigos e estaba mal. Eu pregunteille ao técnico: canto hai que gastar? E dixo: mira, para que quede ben, para que quede ben, o mellor é facer isto. Pódenlle preguntar a el cando queiran. Para que quede ben...

É que deteriorouse cun inverno de choiva. O Plan Concellos hai catro meses que tiña que estar pedido cos proxectos feitos. Ou vostedes pensan que se poden mandar as cousas sen facer os proxectos? Porque moito falar aquí, pero os proxectos custan, hai que facelos e hai que levalos a cabo, e sobre todo hai que redactalos. Hai que ter técnicos que os redacten, e algúns técnicos mentres están facendo isto...o que vostedes queren e que o mes que ven o técnico, en vez de facer cousas novas, estean reformando isto, de que o Sr. Interventor, en vez de facer cousas novas, estea cambiando estes expedientes, todo para retrasar, retrasar, retrasar e obstruír a xestión do goberno, cando o único que trata, é de dotar de servizos básicos á cidadanía, como é reparar unha pista.

Como é? Cando os baches están mal, poñelos ben. Iso é o que están votando vostedes en contra. Sacando pistas para fora e metendo outras. Si, no, eu estou falando da súa...diga.

D. César López Arribas. Vamos a ver...

D. Nicolás González Casares. Bueno, primeiro que non é dispositivo, xa sei, isto...

D. César López Arribas. Non, non, vamos a ver. O punto, o expediente modificación de crédito número oito, foi rexeitado no punto tres. Non? Ben. Se foi rexeitado, agora, a proposta é da Alcaldía, e aquí non hai ningunha proposta da Alcaldía.....

D. Nicolás González Casares. Claro, e que isto é unha moción de declaración de intencións. Eu xa lle entendín.

D. César López Arribas. Eu entendo. Eu entendo...

D. Nicolás González Casares. A ver, esa parte entendina, César, non é dispositiva, saben que non o é. É dicir, non executiva.

D. César López Arribas. Escoite. Escoite, eu entendo que cando estabades nese punto, no punto número oito, expediente e modificación de crédito, o que se podía haber feito era unha emenda de modificación...

D. Nicolás González Casares. Non se quixo, non se quixo...

D. César López Arribas. Entón isto, non hai unha proposta do Alcalde aquí para volver a retomar o expediente de modificación de crédito. E que non hai.

D. Juan José Cruz García. Se estivera o Alcalde aquí, xa podía facela agora aquí.

D. Nicolás González Casares. Non se pode.

D. César López Arribas. E a convocatoria de Pleno tampouco cumpre os requisitos que marca o artigo corenta e seis, para celebralo dentro dos quince días e senón o Secretario convoca dentro de dez días. Ou sexa, eu entendo que o primeiro punto tiña que ter ido como unha emenda, cando se estaba debatendo. Eu non vira ata agora a parte dispositiva, a verdade é que non vira a moción.

D. Nicolás González Casares. Bueno, eu entendín perfectamente César. Cando a intención é a que lle estou dicindo, que é de retrasar e obstruír. Está moi claro cal é, e eles sábeno perfectamente. É dicir, saben moi ben o que escribiron. Vale? É dicir eles no se levan unha sorpresa co que lle está dicindo vostede porque saben perfectamente que isto non é executivo, que aprobemos agora aquí. Sábeno perfectamente. O que eu quero dicir é que son servizos básicos, e están votando en contra de servizos básicos, e *Juan José Cruz* está votando en contra da pista que vai de Carballada a Muimenta. Está votando en contra e *Raquel* está votando en contra da pista da Saborida. Está sacándolle a pista a un veciño de Barciela. Estalle sacando a pista, que nas pistas que están aquí que se propoñen novas. *Pincho* quere que lle levan novo asfaltado diante da súa casa. Iso está aquí, pista da Igrexa, Goiás, pista da Igrexa, Goiás...

D. José Antonio Varela Quintela. Non se escoita. Micro apagado.

D. Nicolás González Casares. O teu grupo, o teu grupo.

D. José Antonio Varela Quintela. Estaba de Concelleiro nesta casa e tiña a pista igual. Eu non pedín nada diso, e sábeo o Sr. Medela, que non cale. Sábeo o Sr. Medela. Eu non pedín iso.

Comentarios en voz baixa. Non se entende. Falan Crespo y Medela.

D. Nicolás González Casares. A ver, *Pincho*, esta é a súa proposta.

D. José Antonio Varela Quintela. Comentarios en voz baixa. Non se entende. Micro apagado.

D. Nicolás González Casares. Non, aquí é unha proposta do Partido Popular Pincho.

D. José Antonio Varela Quintela. Comentarios en voz baixa. Non se entende. Micro apagado.

D. Nicolás González Casares. Bueno, pois especifica, porque aquí pon Partido Popular. Estou de acordo, é máis Pincho, estou de acordo en que se faga, porque eu non quitaría, eu non quitaría de aquí ningunha destas pistas. Non quitaría ningunha. Pero podemos traelas todas, que ides tratar de dilatar igual, podemos traelas todas, porque a maioría das que traemos, foron pactadas previamente con vós. É igual que o do campo de fútbol. Aquí veñen moitísimas pistas que foron pedidas por vós, moitísimas. E a circunvalación, xa estabades pedindo que estaba mal, e que estaba en mal estado, porque o sabe...

D. José Antonio Varela Quintela. Non se entende. Micro apagado.

D. Nicolás González Casares. Que o sabe... Por favor...

D. José Antonio Varela Quintela. Non se entende Micro apagado.

D. Nicolás González Casares. *Pincho, Pincho*, no tienes la palabra.

D. José Antonio Varela Quintela. Claro, claro, agora non lle interesa.

D. Nicolás González Casares. Non ten a palabra que estou falando eu. Estou falando eu. Estou falando eu. Estou presidindo o Pleno. Eu deixei falar a José Crespo practicamente quince minutos, e non o interrompín nin unha sola vez, solo para lembrarlle o tempo que levaba. Agora, parece que non gusta escoitar, que non se está pensando de verdade nos veciños e nas súas necesidades. Iso é o que non gusta. E eu por min asumo todos e cada un dos puntos que vostedes traen, todos e cada un, sen negociación, pero vamos chegar aquí con eses puntos, e van a votar que non, porque tal día, chovía moito e houbo unha tronada, e a tronada cambiounos a todos as ideas. Sempre haberá unha escusa, sempre haberá unha escusa. Tamén lle digo que os proxectos non se fan de un día para outro, nin a lo loco. E eu creo que algún destes proxectos haberá que habilitar crédito, haberá que habilitar crédito, para que se poidan facer. Para facer a redacción externa deses proxectos, haberá que habilitar crédito. Espero que tamén estean por esa labor, porque non só é facer obras, hai que facer os proxectos, e non hai técnicos suficientes para facer todos os proxectos, e ao mesmo tempo estar vendo as licenzas. Vale? Non da o tempo para facer todo iso. Entón, queren negociar? Como dixo *Paco*; mañá? A semana que ven? cando? Pero con seriedade, con seriedade, con seriedade e non buscando retardar. Vostedes saben ademais que hai un procedemento de contratación, que vai levar meses. Ou é, porque tamén se escoita falar, de que se tarda moito a rotonda de Montserrat... Iguá pensa que é un capricho noso? Dicía; no, por acercarse eleccións. Pois non, pois non, porque ao estar a liquidación, non se pode adxudicar o superávit do ano anterior. E este ano a liquidación tardou, porque tiñamos unha Interventora,

que se foi, estivemos un tempo sen Interventora, tivo que vir outro, e tivo que facer de novo a liquidación, e a partir de aí puidemos adxudicar, e agora se van facer as cousas. E como vostedes son coñecedores diso, non son alleos a iso. Están nesa dinámica de retardar, retardar e retardar. E mire *Sr. Crespo*, fala de superávit, de execución. O superávit pode ser por moitas maneiras, por moitos xeitos, por inexecución, é ben certo, pero tamén por aumento dos ingresos, é dicir, que aumenten os ingresos máis do esperado, iso tamén pode suceder. Pero dende logo proporcionalmente non temos nós maiores superávits que os que tiñan vostedes. E por último, voulle dicir unha cousa de que negociaban, e da súa visión da democracia. Eu estiven lendo os plenos do ano catorce e parte do quince, de antes de chegar nós ao goberno, e vía que, en practicamente todas as modificacións de crédito con remanentes ou superávit, sen negociar nada, porque era un ben para os veciños, a oposición votáballes a favor, saían todas por unanimidade, revisen. Ademais, voulle ler o que dicían algúns Concelleiros de aquelas, cando levaban remanentes de tesourería ou superávit. Neste caso era para melloras no local de Cercio, e dicíalle *Manuel González Aller*: polo grupo socialista, *D. Manuel María González Aller* explicou, que se quedou na sesión da comisión informativa, en entregar a memoria das obras antes do Pleno (aquí se non o entregamos, xa na comisión; arden chispas) antes do Pleno, pero que non se lle entregou, pero inda así sendo unha obra importante, íalle votar que si. Esa altura de miras, non a teñen vostedes, non a teñen vostedes, porque non están mirando polos veciños, senón están mirando en clave única e exclusivamente electoral e de obstrución ó goberno e a cidadanía. Grupo Popular?

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben, despois desta perorata, que eu entendo que vostede se poña nervioso, porque lle damos no vivo, non queira cambiar as cousas. Vostede non respecta o básico de calquera principio de acordo, e é que aquel que non ten a maioría suficiente. Ten que humildarse en vez de poñerse chulo, e ten que intentar negociar. Vostedes nunca tiveron intención de negociar, nada máis que aquilo no que nós podemos decidir, e nin así, nin sequera iso, porque eu lle advertín que vostedes tiñan uns paquetes de obras e que as negociabamos todos. Non me veña aquí coa perorata de que é moi necesario, ou deixa de ser... claro que é necesario e moitas máis cousas. Mire: a vostede a Avenida Cuíña máis a Avenida de Madrid pódelle parecer moi necesaria, pero e que hai outros sitios máis. Mire, nós miramos as obras todas e cada unha que vostedes propuxeron, e ver por exemplo a pista, que teño aquí as fotos, a pista que propoñían votarlle unha capa de aglomerado en Cristimil, é de xulgado de garda, pódese ir ver, non se da conta que o que é medible non é opinable? Imos alí se quere, collemos un coche, vémosla, e vemos se a aquilo lle fai falta unha capa de aglomerado en quente ou non. E sen embargo vemos outras, que menuda desfachatez por parte do Concelleiro de Rural, o *Sr. Medela*, ter esta pista no Val do Carriño... no colleron esta pista. Sr. Tenente Alcalde, esta non é necesaria...que va, colleron outra que non ten nada que ver con esta, esta déixana porque esta está ben, esta está ben, esta está ben... Por favor, un pouquiño de seriedade. Mire: a Avenida e Madrid e máis a Avenida Cuíña, dixo vostede nunha flamante rolda de prensa, que lle ía meter do Dusi 400.000 euros, vale, vale, perfecto. Entón, resumindo, que vostedes métenlle con cargo ao plan, que nós temos que decidir, métenlle case 400.000 euros, a asfaltar o solo, onde fai falta como é alí, e onde non, e logo a maiores inda urbanizan. É dicir, vostedes meten nunha sola obra aquí diante do Concello máis que lle meten a todo o rural en camiños, 800.000 euros, porque da igual que veñan do Dusi, que que veñan doutro sitio, son oitocentos e pico mil euros que ían meter para aí. Polo tanto, arreglen o que poidan co Plan DUSI en

vez de meterlle a urbanización, métanlle se queren o asfalto, que nós aí xa non imos dicir nada, se vostedes o consideran. Eu solo sei que se vostedes suman na Avenida Cuíña, se suman os 400.000 euros do DUSI, máis iso, estamos falando de oitocentos e pico, case 900.000 euros. Dixérono vostedes na prensa, e vendérono a bombo e platillo. E logo resulta que para o rural, nun plan de obras para o rural, como é este, métenlle 500.000 euros e non meten nin sequera un alcantarillado. A vostedes non lles da vergonza ver estas pistas como están? Por exemplo esta do Val do Carrio que nin a incluíron sequera, ou outras que temos, non é solo esa. Estanlle aquí para ver. Nós tamén sabemos andar polo rural, non solo o Sr. *Medela*. E mire unha cousa, o Sr. *Medela* tiña que ser unha persoa medianamente respectuosa coas mentiras que conta, porque as mentiras teñen as patas moi curtas. Non pode ir a xunto a pedánea de Madriñán, e dicirlle que a pista da Grela non se pode meter porque é da concentración. Oiga, vostedes, vostedes sabe cando lle cedeu a concentración as pitas ó Concello de Lalín en Madriñán? Eu solo... vostede sabe cando foron cedidas? A pista da Grela, a pista da Grela... permítame pensar que entre crer a un ou crer a outro, inda hai categorías. Eu solo lle digo unha cousa, vostede informoulle a pedánea que a pista da Grela non se podía meter porque era da concentración parcelaria, foi feita pola concentración parcelaria, pero pasou ao Concello de Lalín no ano 2013. Iso quere dicir, que se o sabía actuou de mala fe, e se non o sabía inda actuou peor. O Concelleiro de Obras ten que saber, cales pistas son do Concello e cales non son propiedades do Concello. Entón, resumindo, que nós o que facemos é, para que non teña ningún tipo de atraso, a Avenida Cuíña metémola, collemos os cartos que había para aí e metémolos en alcantarillados no Corpiño e máis en Botos, metemos 150.000 euros para a praza de abastos, e o resto que queda, cento vinte e seis mil euros e pico, para o segundo plan de camiños, que lle leo a relación dos que nós propoñemo. Non queda nada, son xustos setecentos euros.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Xosé Crespo Iglesias. A ver. Explícollo claramente, pono aquí na moción, voulo dicir exactamente, propoñemos, léovos os acordos e así xa está. 1: redistribuír e destinar a totalidade do importe correspondente ao expediente de modificación de créditos 8-P/2018 que ascenda a cantidade de 907.591'72 euros, a execución de catro proxectos, en vez de dous, catro. Proxecto 1.1: proxecto de afirmado de camiños no rural, que xa conta co proxecto redactado polo técnico municipal, menos catro pistas ou cinco está xa redactado, por importe de 431.000 non de 509. 000, 431.420'98 euros cuxa relación se aporta no anexo 1, o anexo 1, que son practicamente as que había menos as que nós quitamos. Proxecto 1.2, e o segundo proxecto: proxecto de afirmado de camiños no rural, pendente de redactarse, xa poño aquí, pendente de redactarse por importe de 126.170'74 euros, cuxa...

D. Nicolás González Casares. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pendente de redactarse, que non está redactado, non o sei...

D. Nicolás González Casares. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non, e que non me está entendendo ben. Mire,

dígolle, o proxecto de afirmados, o segundo proxecto de afirmados de camiños rurais, pendente de redactarse, porque eu non sei se está redactado, se está redactado xa perfecto. Pero non creo que estea redactado cas obras que nós propoñemos, estará con outras. Por 126.000 euros, 126.170'74 cuxa relación apórtase no anexo 2 desta moción, incluíranse... pedimos, pedimos, que se inclúan as obras recollidas no anexo 2, ata... seguindo a orde de prelación que nós poñemos, ata esgotar a citada cantidade, porque nós non sabemos o que vale cada pista, calculamos que iso pode dar pa sete ou oito máis ou menos, deixando...e logo propoñemos aquí, deixando as restantes, deixando as restantes...

D. Nicolás González Casares. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Xosé Crespo Iglesias. Hombre... despois do brillante negocio que fixeron vostedes connosco, queren que nós sexamos inda contradicentes con vostedes, e que fixémolo a propio intento. Solo faltaría. Vostedes non contan con nós nin para ir dende aquí a porta de tal, e queren que nós contemos con vostedes? Home, fixémolo mesmo que vostedes, exactamente o mesmo, despois de que o fixeran vostedes, iso si. Primeiro...

D. Nicolás González Casares. Non se entende. Fala co micro apagado.

Neste ingre abandona definitivamente a sesión Dª. Eva María Montoto Méndez, sendo as 14 horas e 3 minutos. Queda con dez o grupo popular e con dezaoito o número total de asistentes.

D. Xosé Crespo Iglesias. Primeiro déronnos... non, non, non, perdón. Iso é o que quere vender vostede. Pero agora vou votar a favor, porque entón o que dicimos no proxecto 1.2 é que se faga un camiño con ese importe de 126.000 euros, das obras que nós damos na prelación, deixando as que non entren, porque obviamente son dezaseis obras, non van entrar dezaseis, entrarán moitas menos, a metade máis ou menos, deixando as restantes para acometer con cargo a distintas baixas, que se poidan producir nas adxudicacións dos distintos plans de obras. E aí pódense meter, se quere *Teresa Varela*, tódalas que queiran meter vostedes. Pode incluír a dela sen ningún problema, que nós estamos dispostos...é máis, eu estou seguro de que non hai ningún problema, como se quere que lla propoñamos nós en calquera plan alternativo. Ningún problema. Isto fixémolo para que saiban en carne propia o que doe que non conten con un, e por enriba que o chuleen, que llo pasen por diante das narices. Iso é o que doe, e sobre todo... que parece, que digamos que se insulte á intelixencia. O proxecto que pedimos, o terceiro, sería de sumidoiros, e sería: proxecto de sumidoiros no rural, pendente de redactar, se o teñen redactado, encantado da vida, de Milleirós Souto e Outeiro, son tres aldeas, que aí faltan sete, pero son tres, que por certo, entregaron as firmas hai catro anos, entregaron as firmas os veciños. Son tres que virían nun único canal, virían nun único canal, e polo tanto sería facer un bombeo, sería meter Milleirós, Souto e Outeiro nun único canal, que iría por gravidade, no fondo poñer un bombeo e traelo aquí a zona do santuario, para que xa vaian para a depuradora que temos a medias entre Lalín e Vila de Cruces e que pagamos conxuntamente. Iso na parroquia de Losón e dos lugares de Fontao, Somoza e Ateán, na parroquia de Botos, que tamén ten o mesmo, Fontao, Somoza e Ateán, cóllense nun único colector, e ó chegar aquí a Ateán, que é o fondo, pónselle un bombeo, bombease uns cantos metros á xeral e xa vai para a depuradora. É dicir, e que ningún dos casos hai que facer depuradoras. Serían tres lugares, que inda quedan outros catro como digo, no Corpiño, en Losón, e outros tres lugares en Somoza, en Fontao,

Somoza e Ateán, que inda quedan outros tres ou catro tamén, por importe de 200.000 euros. Como aí non sabemos o que vai custar, cando se fagan os proxectos, se o tedes a ben, falar connosco. Falade connosco. Se non tedes a ben falar connosco, pois non faledes connosco. Nos pedimos que se metan 200.000 euros, nesas...digamos, é unha parte por así dicilo, unha sección de Milleirós, Souto e Outeiro. E enriba, como ven vostedes, poñémoslle unha cantidade de 200.000 euros co cal o procedemento pode ser infinitamente máis rápido que o outro, pero podemos pedir que vai por concurso se non queren levalo doutra maneira. A relación do anexo 1... non, non, que a teño aquí Antonio. O que digo é... non, peor ao Secretario deilla ben, fáltanos unha folia nas copias que fixen. O punto... o proxecto 1.4, que sería o cuarto proxecto, que serían catro, un está feito, e tres habería que facelos, proxecto de remodelación integral da praza de abastos, redacción do proxecto global e adxudicación dunha primeira fase, por importe de 150.000 euros, ademais do que poida conseguir o goberno local, doutras administración, como Xunta de Galicia ou Deputación de Pontevedra, iso iría no punto 1.4, pero búsquenlle unha solución porque nós estamos dispostos a negociar. Se vostedes o meten con cargo a outro plan, quitámolo de aí. Eu solo quero garantir que se faga, punto. Despois dáme igual que vaia contra este plan, ou contra este outro. Pero sabe por que o metemos neste plan? Porque neste temos voz e voto, noutros non temos voz e voto, por iso o metemos neste plan. Porque se houbera negociado con nós o Plan Concellos, aí con facer algo que eu lle ía pedir, era suficiente, pero non quixeron, entón non nos dan outra alternativa. O punto 2...ese é o punto 1, redactar eses catro proxectos. Punto 2: encargar os proxectos referidos dos puntos 1.2, 1.3, 1.4, á maior brevidade posible, para poder adxudicar ditas obras, antes de finalizar o prazo o vindeiro 31 de decembro. Hai cinco meses para facelas. Hai cinco meses. Miren, certas cousas pódense solapar. Hai cinco meses dende agora, agosto, setembro, outubro, novembro e decembro, cinco meses. Teñen cinco meses onde poden facer o proxecto, aprobalo e adxudicalo, e poden ir licitando.

D. Nicolás González Casares....5:07:53. Fala co micro apagado.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdoe, perdoe. Para iso vai o punto tres, para iso vai o punto tres.

D. Nicolás González Casares. Iso está ben para dicirillo a xente de fora, pero administrativamente é imposible.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdoe, perdoe. Oia, eu antes de cociñeiro fun fraile. Eu asegúrolle que o proxecto de camiños este que propoñemos, en tres meses está saído do forno, se quere vostede. Outra cousa é se vostede o quere levar encargando o proxecto e esperando *ad vitam aeternam*, como fan con moitos proxectos, si. E logo mire unha cousa, saiba vostede, que por exemplo no da praza, que necesítase de Patrimonio, pódese iniciar a licitación, e esperando... perdón, o informe de Patrimonio... o que non se pode é adxudicar, o que non se pode é adxudicar.

D. Nicolás González Casares. Aquí... Sr. Secretario, Sr. Interventor...

D. Xosé Crespo Iglesias. Mire unha cousa. Perdón, perdón. Deixei-me acabar de falar. Estou facendo uso da palabra, estou facendo uso da palabra.

D. Nicolás González Casares. Faga a consulta. Faga a consulta que está dicindo unha barbaridade.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero despois cando interveña vostede facemos as consultas que queira. Interrómpame despois cando interveña vostede. Mire, eu o que lle digo é que; vostede encargue o proxecto da praza de abastos, encargue o proxecto da praza de abastos, nun tempo razoable, e cando o mande á Xunta para Patrimonio, se quere, se quere vostede, pois eu explícolle como dentro da absoluta legalidade se pode axilizar iso. Dentro da máis absoluta legalidade. Se quere vostede, pero se non quere alá vostede. E entón o que pido no punto 3 é: convocar o antes posible, se queren mañá mesmo, un Pleno extraordinario, para darlle trámite formal, de acordo cos requirimentos de intervención á propostas desta moción, quero dicir, que o Interventor ao igual que fixo a modificación de créditos para dous proxectos da Avenida de Cuíña e máis do rural, soamente ten que facer o mesmo, solo que en vez de dous proxectos catro proxectos. Suman a mesma cantidade. É repetir o punto dous, como se é legal e queren metelo fora da orde do día por urxencia, esa modificación, e xa non temos que convocar outro pleno. Se é legal, e se poden, non teñen que convocar outro pleno. Se din que o pleno ten un custo para o Concello, si, nós comprometémonos pola nosa parte a non cobrar se vostedes queren, non se preocupen. Non lle poñan a pega a que vai ter un custo para o Concello. Non ten custo. Convoquen un pleno, collan os 907.000 euros, collan ese 907.000 euros, métanos para outro lado. E tamén lles digo outra cousa, tamén lles digo outra cousa; se vostedes, porque tivemos que traer esta moción porque non nos deron alternativa, non nos deron alternativa, senón xa ía todo debullado no Pleno de hoxe, no Pleno de hoxe debullaron o cen por cen dos remanentes, sen contar connosco para nada. Polo tanto isto non está feito con mala fe, está feito, porque nós entendemos que non nos podedes ningunear. Polo tanto, todo isto, tamén lle digo que é negociable. Antes de que se convoque o Pleno, que teñen que facer para xerar crédito para poder publicar o decreto de modificación de crédito, pero mire unha cousa, nós temos boa vontade, que vostedes ven que van moi pillados para o tema da praza, comprométanse connosco, por escrito, que eu da súa palabra fíome tanto como a de ninguén. Por escrito, comprométase con metelo nun plan, comprométase con metelo con cargo a resultas das baixas das obras, por exemplo. Entón estes 150.000 euros, en vez de metelos na praza...

D. Nicolás González Casares. Pero, por que son 150.000? ten vostede... a lo loco?

D. Xosé Crespo Iglesias. Non, non, non me está entendendo. Que va home, vale moito máis. Estoulle dicindo unha primeira fase. Porque é o que quedaba, é o que quedaba. Mire, nós ao quitar o proxecto de camiños e o proxecto de alcantarillados, queda esa cantidade. Non é por outra cousa. Iso si vostedes queren, cando o Interventor estea negociando a proposta da modificación de crédito, é dicir, facer o que fixo no punto 2, pero para esta moción, cando o estea preparando, se vostedes queren que quitemos o da praza, e entón en vez de haber para alcantarillados, en vez de haber para alcantarillados 200.000, pode haber 350.000.

D. Nicolás González Casares. Canto cres que se tarda en redactar un proxecto de alcantarillados?

D. Xosé Crespo Iglesias. A ver, pero vós, contádeslle logo unha película á prensa? Eu acórdome cando o Sr. *Cuíña* saíu dicindo que estaban facendo o proxecto de Botos, que habíades aprobado aquí unha moción. Xa foi unha moción que se aprobou aquí.

D. Juan José Cruz García. Seguides mentindo.

D. Nicolás González Casares. Non, pero estás pedindo outros aí diferentes de todo, non o de...

D. Xosé Crespo Iglesias. Quedaron de traer unha valoración, e non nola trouxeron para que non poidamos falar. Ese non é o problema. E que o problema é, que non ve que nos chulean? É dicir, mire vostedes dixo *Cuíña* un día que encargaran o proxecto do alcantarillado de Botos, e máis o da zona de Cadrón. Moimenta, Cadrón. Iso hai un ano, aprobamos a moción. Unha moción que propuxo *Juan José*, e que nós votamos a favor, e outra que propuxemos nós hai un ano. Non din nada, non meten ningún sumidoiro no Plan Concellos.

D. Nicolás González Casares. Si.

D. Xosé Crespo Iglesias. Meten un, meten un. O de Zobra, porque tiñan xa feita a allada. Se non nin o de Zobra metían.

D. Nicolás González Casares. Vilar do Río, Vilar do Río.

D. Xosé Crespo Iglesias. Bueno, vale. Pero quero dicir, meten case nada. E resulta que o que nós pedimos, e que está aprobado por maioría, e algún deles por unanimidade. Ese non o meten...home, é unha falta de sensibilidade. O que está aprobado por maioría debíano meter, pero inda así, acepto pulpo como animal de compañía. Non metan os que están aprobados por maioría. Metan os que están aprobados por unanimidade, xa nos chegaba con iso. Pero nin así, porque non son nada xenerosos, e para negociar hai que ser xenerosos, o que está gobernando pa negociar ten que ser xeneroso. E mire unha cousa, estoulle dicindo, e repítolle, é unha oferta que lle fago. Se cando o Interventor estea elaborando a proposta quere que nestas cantidades, salvo o dos camiños que iso non é negociable, salvo o dos camiños, por exemplo, me di: o da praza de abastos imos moi pillados. Pero facemos un documento, e firmamos un documento de compromiso por escrito, para facelo, por exemplo, calquera outra, con cargo ás baixas dos distintos plans que adxudiquen, xa me vale, e co cal quitámolo de aí con máis tempo. Estou sendo xeneroso. Gozan de máis tempo. Pero eu quero un compromiso, para que as baixas das obras se metan por exemplo aí. Co cal gozan de seis meses máis, e pódeno vender incluso para as eleccións. Mire, ata o dan vendido para as eleccións, porque calculando que adxudiquen agora todo... E entón o que facemos é que 150.000 euros que hai para a praza, sempre e cando haxa un compromiso por escrito, podémolos meter para camiños ou para sumidoiros. Logo para a Avenida Xosé Cuíña podémolle meter o parche ese se quere. Metémolle o parche ese se quere, e podemos meter tamén algunha outra deficiencia que poida...

D. Nicolás González Casares. Que non che pareza mal, pero estás parecendo un vendedor de alfombras coa negociación agora.

D. Xosé Crespo Iglesias. Por que? Eu digo se queren. Nós o que propoñemos é iso.

D. Nicolás González Casares. Bueno. Vai intervir *Paco* agora.

D. Juan José Cruz García. E logo que ten vostede en contra dos vendedores de alfombras? Non sei se se estará columpiando un pouco.

D. Juan José Cruz García. Non votei en contra de nada home non. Se non vos da tempo a facer as cousas é culpa vosa. Aquí as cousa veñen a este Pleno hoxe, e hoxe débense aquí porque vós non as debatestes antes. É verdade ou é mentira? Traede as cousas antes, negociade antes, sentádevos con calquera antes e xa está. Tedes aí suficiente... a ver, está feito, ou non está feito o proxecto do alcantarillado de Botos? Está ou non está? E verdade que do DUSI lleva 1.000.000 de euros para aí. O problema teu *Nico* é que estás mentindo por tódolos lados. Levades todo o Pleno mentindo, é normal, non hai outra saída, mentir. Pero o de non saber ler de Lara xa paso, pero o de non saber sumar ti...manda carai. Este plan mete 850.000 euros no rural. Estás dicindo que metemos menos no rural. Dicides tremendas burradas. Mira, a única vontade de apurar as cousas, levantarse e facelas. Porque ademais, porque se quiten catro pistas das vosas, que importancia ten? Non ten ningunha importancia. Para min non ten ningunha. Suma ben e ves os cartos que dan. Ademais, que negociación? Pois é correcta. Se sabes repartir, dividir, se sabes dividir, dáste conta de que nun millón que hai aproximado, 500.000 euros van a ser para as vosas propostas, e 500.000 euros para as propostas da oposición. A ver se aprendemos a dividir tamén, porque... Dime que non tiveches tempo suficiente para negociar? Decídesme que non tivestes tempo para negociar? Chamástesme a algo a min? Ao tráfuga nin auga, non? Vale. Pois o tráfuga nin auga é o que vos trae agora aquí. Quen para a administración? Quen trouxo a liquidación tarde por cuestións, probablemente por cambios de funcionariado. Que nos estades dicindo? Que este Concello se paraliza porque ese Secretario marche, ou porque este Interventor... non haberá xente suficientemente válida para ser... eu vin funcionar concellos con outros funcionarios que non foran os dous que están aquí. Teñen que funcionar igual, non? Os titulares. Haberá outras persoas que poden desempeñar e firmar certos documentos. Antes que o Secretario non estaba aquí... xa é un impedimento...bueno, agora calo, esta que ía dicir xa era demasiado. Xa o falarei por privado. Mirade, está claro que metestes cacicadas as que vos saíron das narices. As cacicadas metédeas no Plan Concellos, collédela e metédela no Plan Concellos. Levamos aquí eu creo que máis de un ano coas mocións dos alcantarillados aprobadas, eu creo que xa van por enriba do ano e pico. E que isto é serio. E somos os demais os que paralizamos a administración? Non, para nada. Os remanentes hai que negocialos, pois hai que negocialos, e mal que che pese. Se quedan sen gastar, quedaron sen gastar, que problema hai? Xa haberá quen os gaste, ou é que agora xa non hai débeda para metelos? Canta débeda temos agora? Non estivestes metendo remanentes para a débeda?

D. Nicolás González Casares. Non se entende. Fala co micro apagado

D. Juan José Cruz García. Bueno, paréceme correcto, por que? Porque non quixestes construír. Iso é falar en contra do voso proxecto político e do voso programa, porque nós sempre propuxemos aumentar o gasto. Agora que podeades aumentar o

gasto, vós preferistes metelo na débeda. Que culpa temos os demais? Puidestes perfectísimamente negociar moitísimos remanentes que non negociastes. Non puidestes? Inda vou ter eu a culpa aquí, non? Inda vou ter eu a culpa de que veñan liquidado o presuposto cando veu. Inda vou ter eu a culpa de que veñan aquí hoxe as obras a este Pleno. Que traedes todo a este Pleno sodes vós. Nós solo vos poñemos unha serie de deberes, e eu creo que, probablemente se pode empezar...o voso plan que tedes tódalas obras, poderase empezar mañá. O Pleno Extraordinario? Mañá. Empezade xa con iso, o resto non da tanto traballo. Externalizar, aquí si que externalizades, e noutras cousas non queredes, non? E ademais, non dades gastado os cartos, isto teno que saber o pobo. Non os dades gastado. Mirade, hai 4.000.000 de presuposto de remanentes, e vós sodes quen de dicirle as agrupacións musicais que non hai 60.000, sodes uns mentireiros, uns mentireiros. Todo vos vale con tal de non facerlle nada aos demais, das propostas dos demais, e así vos vai. Quen non negociades sodes vós. Estadades facendo o ridículo e hai xente que o entende.

D. Nicolás González Casares. Vai rematando Juan.

D. Juan José Cruz García. Vale. Rematado está, que xa non che vou ler máis a cartilla porque é aburrido.

D. Nicolás González Casares. Paco.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Bueno, cando alguén admite que si os remanentes quedan sen gastar, pois que problema hai... Pois eu creo que escenifica precisamente a estratexia que aquí se ten, non? Eu creo que esas son as palabras que escenifican o que aquí está pasando, por parte dun Concelleiro, clarísimamente, e a min isto...

D. Juan José Cruz García. A culpa de non os gastar é vosa. Se os traedes aquí... son vosas, tedes 4.000.000...

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Corta a este que é un auténtico mal educado. Entón claro, isto é como estamos, estamos ante a tesitura de evitar que este goberno faga o que ten que facer, que é gobernar. Entón, bueno, iso non ten un perxudicado, como o tráfuga...bueno, xa non está, como o tráfuga pensa que é o goberno, ten un único prexudicado como son os veciños e veciñas de Lalín. Un único insisto. Mire, eu teño a sensación de que aquí nos estamos medindo unha parte do corpo, e iso si que é algo que realmente me crea unha sensación de indignación tremenda. Non estamos facendo unha partida de xadrez, de a ver quen é máis listo, ou a ver quen a gasta máis, non? E eu si que teño esa sensación, que está acontecendo, non? E eu creo que estamos falando dunhas cantidades importantes, cuns prazos moi concretos, e que dende logo tíñamos que distanciarnos moito da irresponsabilidade, non? E eu digo o seguinte...claro e que todo é... non pactan con nós, pero a ver, cal é a negativa deste goberno a negociar con vostedes? Eu fago esa pregunta. Cal? Se llo mandamos por escrito. É dicir, non vaian a ese argumento. Ese argumento non é real, non é real, non, non, non, non é real. Nós aquí tivemos negociacións, e o que lles está falando tivo unha, que nesa negociación, levaron vostedes o 70% que está agora...a ver se dunha santa vez sae, para poder executala, de varias obras, desa negociación, vale? Entón, non digan vostedes o contrario, que se teñen negociado cousas, unhas veces, entende, foron para un lado e outras para o outro. Digo en termos de

prioridades de execución, vale? Porque a ver se algún tamén, cun descerebro importante, colle estas palabras por onde non son. Entón, esta é a cuestión, e a cuestión é que aquí non temos marxe de manobra, para xogar esta partida ou para seguir medíndoas. Entón, eu digo o seguinte, vostedes se cargaron... son conscientes, non veñan agora de ofendidos, e é unha decisión política única e exclusivamente, o paquete de pistas que nós traíamos a este Pleno. O que estamos aquí debatendo é o lavado de cara que vostedes presentan para intentar xustificar iso, exclusivamente. Porque eu... eu de verdade, eu no goberno, alí cada un tiñamos a nosa idea, eu lle digo a miña, eu dicía que bueno, que non caía, e que non, de verdade, que nós na oposición, cando non pintábamos nada, eramos bastante máis responsables, moito máis que vostedes, e sen experiencia de goberno. Porque tamén vostedes, e me preocupa iso moito, que vostedes teñen experiencia de goberno, moita máis. Saben que a proposta que están facendo, cos problemas que hai aquí de persoal, e de carga de traballo, que se está agora con moitas desas obras, que vostedes lle leve o demo, sen ser capaces inda de poder sacalas en temos de traballo administrativo, que isto dende logo peta o Concello. Isto sábeno vostedes de sobra, e poden facelo, exercen unha maioría que é o que dende logo buscan hoxe. Visualizar que teñen unha coalición de once, fronte unha coalición de dez. Vale, ata aí queda máis que evidenciado. Porque mire, eu non creo que o problema sexa dese paquete de pistas, que haxa dúas ou tres que non convenzan. Se hai algunha que non lle fai falta supoño que todos non teremos aquí ningún problema en retirala. Agora, vostedes fan algo que é vomitivo, que é vomitivo, que é sinalar, sinalar co dedo persoas no tema das pistas. É vomitivo, vomitivo. É vomitivo. Permítanme que o fagan. E de xente, e de xente que pódemo crer tamén, que non o merece. É vomitivo. E eu isto tamén o quero dicir, e eu isto tamén o quero dicir, e nós cando miramos as pistas, podeades crer que varias pistas das que van aí, polo que eu sei, vos benefician a algúns dos que estades enfrente miña, e tedes todo o dereito, e non por iso non van, porque supoño que calquera dos que estamos aquí andaremos por pistas, e queremos que as nosas pistas estean ben. Entón, iso dista moitísimo de querer disfrazalo, dese caciquismo tan noxento, e tan doado, que agora empregades esa palabra...e que de verdade, eu admito que se poida xogar a moitas cousas, e eu son o primeiro, agora, o que fixestes hoxe, con ese tema das pistas, de verdade...vos falades que todo ten consecuencias, e eu tamén coincido con vós, que as cousas teñen consecuencias, eu tamén as entendo. Agora, hai cuestións que pasan esas liñas que a vós tanto vos ofenden, vós tamén hoxe fixestes dende logo... bueno, unha demostración do que nunca se debe facer. Mirade, e que parece que vos estamos falando... se alguén ten pouco interese en gastar tantos cartos en arranxar a circunvalación, será este goberno, porque lle vemos mil prioridades, que se visualicen un millón de veces máis, entendedes do que estamos falando? Verdade? Perfectamente. Nós se levamos esta proposta, é porque o técnico... e permitídemme que me salte rapidamente isto, o sitúa aí. Porque claro, se arranxar a circunvalación, como dicides hoxe vale 20.000 euros, temos un serio problema de ... eu lino hoxe na prensa, que con 20.000 euros chegaba. Si, eu lino hoxe na prensa, que diciades vós; con 20.000 euros chega o arranxo da circunvalación. Iso pono a prensa e lino nos dous ademais. Entón, claro, nós non temos ningún problema. Se a circunvalación vale 20.000, este goberno, ipso facto gasta 20.000 na circunvalación e o resto o mete en pistas. Nós... e chapó, e vos aplaudimos. Se sabedes como se fai iso... Nós tal, e senón temos un serio problema ao cuantificar o arranxo. Non nós, senón os técnicos á hora de cuantificar o arranxo. Mirade, é unha auténtica tristeza esta situación, supoño que para as dúas partes, pero dende logo para quen ten a responsabilidade de xestionar os cartos públicos vos

aseguro que si. Eu creo que tedes que falar claro, nun sentido, quedan aí...moitos, bueno, moitos... quedan cartos, dende logo que se van a traer aquí propostas, porque a ver, non vos esquezades, quen ten que gobernar é o goberno, e que a veces ata parece que nos sentimos mal por iso. Pois hai unha forma de facer oposición, e vós optastes por unha, pero digo o seguinte, nós temos obrigación de traer propostas, temos obrigación de traer propostas, con eses cartos, para inversións para este Concello. E claro, e vós, podeades xogar á demagogia de que calquera proposta que traíamos, contraprogramar outra. E nós podemos seguir o enfrontamento total, o enfrontamento total, igual que vós, pero nós tamén sabemos xogar a iso. Entón, propostas que traíamos, e despois vós as chimpades, lío cos veciños, onde sexa. Eu creo que isto é unha tristeza, é unha tristeza. Polo tanto, mirade, eu insisto, porque non me creo que queirades, eu o digo abertamente, non mo creo, e creo que estades nesa máxima, que hoxe se dixo aquí fai uns minutos, que se quedan sen gastar, que problema hai? Iso alguén que o di, é sumamente indigno...

D. Xosé Crespo Iglesias. Iso dirao vostede?

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Non, dixo aquí. Non o dixo vostede, non dixo vostede esas palabras. Se acaba de dicir aquí; se non se gastan, que problema hai?

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu non o dixen.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Claro. Pero non o digo por vostede.

D. Juan José Cruz García. Díxeno eu.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Non se sinta ofendido que non o dixen por vostede. Pero digo que resume de sobra a estratexia política que aquí hai. Polo tanto, como vostedes din, que é un problema, se queren, de que non nos sentamos, que non é certo, eu creo que hasta se lles citou por correo, para que tamén ate constara iso. Eu o que lles digo é; séntense xa, pero que isto non da para xogar moito máis e os prazos son os que están. E non nos culpen...

D. Juan José Cruz García. Para sentarnos hai tempo, para facer os proxectos non. Quen carallo entende isto?

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. *Nico* tío...eu de verdade...

D. Juan José Cruz García. Non, non...

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Es un maleducado e punto. Eu creo que non te interrompín en todo o Pleno.

D. Juan José Cruz García. E ti un cacique.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Si, non...as poucas pistas que pides as acabas de votar en contra, no punto anterior. Mira o fenómeno que es. Entón, eu digo, non da a situación, nin os prazos, para ter marxe, para ter marxe de sacar adiante polos prazos, e vostedes son coñecedores de sobra como funciona esta

administración. Se o queren, se o queren, sentémonos xa, e senón teñamos tódolos plenos...que é o que vai pasar, onde nós traeremos propostas, e se van votar en contra. Votaremos así dous plenos porque despois xa será imposible nos seguintes plenos, como moito eu estimo que un pleno máis, e polo tanto esa será a situación. Un prexudicado? De verdade, crédeme que se a estratexia vai ser que o prexudicado vai a ser o goberno, eu estou convencido e volo digo sinceramente, eu creo que non. Eu creo que ides perder vós en termos políticos moitísimo máis, e segundo, quen vai perder dende logo son os veciños de Lalín. Polo tanto, non fagades este xesto de irresponsabilidade tan grande. Insisto, se esta proposta era a que tiñades, que problema había a sentarnos a falar?

D. José Antonio Varela Quintela. Cando?

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Pero como que cando?

D. José Antonio Varela Quintela. Que morro.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Pero como que morro?

D. José Antonio Varela Quintela. Xoves?

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Pero como que xoves? Pero cando...

D. Nicolás González Casares. O martes, o mércores.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Pero cando se vos mandou a convocatoria para falar destes temas?

D. Juan José Cruz García. Iso é manipular. Se hai tempo para falar, estamos en tempo de facer as obras.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben. A verdade é que o Sr. Vilariño argumenta...

D. Nicolás González Casares. Lembra que é un turno extra.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, si claro, pero bueno...

D. Nicolás González Casares. Vamos a ser severos. Son as tres, e aquí inda nos queda traballo sen facer.

D. Xosé Crespo Iglesias. A verdade é que á hora de argumentar... pódese argumentar unha cousa e a contraria. Todo se pode argumentar. Pero aquí, non se vai a eiva máis grande, que é a razón de todo isto. De dezaseis millóns de presuposto, catro de remanentes, porque vostedes non gastaron o que a min me propuxeron vostedes, se vostedes gastaran no que vostedes quixeran, xa non tiña que vir aquí a remanentes. Iso é como o que lle dixo a pota ao caldeiro: sácate de aí que me lixes. Vamos a ver, vostedes tiñan catro millóns para gastar nun orzamento que fixeron vostedes, perdón tiñan dezaseis millóns, e deixaron catro sen gastar, e agora ven aquí os remanentes e bótannos a culpa a nós. Oia, houberan feito modificacións de crédito internos en tempo e forma, e houberan feito eses camiños, e todo o que propoñen

aquí.

D. Nicolás González Casares. Internos? Como é a modificación de crédito interna? Como é iso?

D. Xosé Crespo Iglesias. E que vamos a ver, e que o *Sr. Vilariño* argumenta, pero é un argumento que se cae polo seu propio peso, porque os remanentes veñen precisamente de aí, na acción do goberno. Iso é o que realmente subxace. E mire unha cousa, nós queremos aclarar...queremos aclarar que, para facer proxectos, non teñen porque ser os técnicos da casa, pódense contratar externos. Conforme o fixeron para traer cousa do tiroliro, tamén poden facelo para isto. Porque para moitas cousas do tiroliro contrataron asesorías externas.

D. Nicolás González Casares. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdóeme, perdóeme, o que vostede queira, pero pódese facer de moitas maneiras, e vostede sabe como, polo tanto... e se non sabe preguntelle aos técnicos que para iso están. Mire, para facer proxectos, pódeos facer unha consultaría externa. Igual que cando as consultan... ata para facer as festas, encárganlle a consultarías externas. Segundo, nós para sentarnos con vostedes hai un handicap grande, e é que despois da denuncia do goberno contra nós, non de Lara, do goberno, representado por Lara contra nós, dixémolo xa publicamente no outro pleno, salvo que Lara dimita, nós non nos sentamos con vostedes, xa llo dixemos. Agora ben, iso non quere dicir, iso non quere dicir...xa o dixemos no outro pleno, xa o dixemos no outro pleno, polo tanto non hai ningún problema. Pero iso non quere dicir, que se a min se me manda un correo, por escrito que eu con vostedes prefiro non falar, me refiro de palabra, porque despois cómenme a palabra. Se me mandan un correo dicíndome que hai ese problema ou tal, eu contéstolle, doulle solucións. Non se preocupe que eu son un tipo razoable. E todo o noso equipo é un equipo razoable. Polo tanto, se queren aos veciños, deberían ser vostedes, que son o goberno, quen tiveran a humildade de pactar connosco, se queren aos veciños, e non queiran... non ve, unha vez máis volve *Paco Vilariño* a botarnos a nós o morto enriba. Mire, isto ven pola inacción do goberno, por activa e por pasiva. Así que mire, a circunvalación, eu non digo que se arranxe con 20.000 euros, digo que aí ten un bache grande, unha zona grande, que é entre a rotonda e o Lalín Arena, e punto, iso está mal, hai que cavalo, hai que quitalo, hai que sanealo e volverlle botar outra capa. O resto? O resto claro que se pode, se lle botas unha capa queda estupendamente. Pero de cero a dez, a circunvalación pode estar ao mellor coma un cinco, e outras de cero a dez están coma un tres ou un catro. Mire, mentres haxa pistas coma esta do Carrio, non me fale de arranxar, botarlle segundas capas a carreteras como a de Cristimil, como a que traían aquí de Cristimil, etc. Vostedes teñen a obrigaición, e iso ten razón o *Sr. Vilariño*, de traer propostas, e as que nós traemos, e que vostedes nos votan incluso a favor? Esas non son propostas que vostedes poidan facer súas? Se aquí nós traemos unha proposta, e vostedes nos votan a favor, pódolle ensinar as mocións, pódolle ensinar as mocións...

D. Nicolás González Casares. Cantas trouxemos hoxe que eran vosas? Cantas? Infravivenda, pavillón...

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdóame. Perdón, a ver, pero... e non lle votamos a favor? Trouxeron a infravivenda, e non lle votamos a favor? Pero vamos a ver, e que é

o que lle estou dicindo, vostedes trouxeron hoxe aquí a de infravivenda e votámoslle a favor. Era unha proposta nosa? Votámoslle a favor. Trouxeron a do pavillón? Abstivémonos, sabendo que o proxecto é unha merda. O que fixeron aí é unha merda, pero inda así abstivémonos para que fora para adiante, para que non nos boten a culpa a nós. Ese proxecto por certo, reconvértano, está mal feito, xa llo dixo Pincho, fagan o que queiran, alá vostedes, é a súa responsabilidade. Entón, a min o que me parece mal, é que das propostas que nós trouxemos aquí... vós tedes todo o dereito do mundo a traer propostas, e nós tamén, ou é que o goberno que non ten maioría no Parlamento, cando legisla o Parlamento, o goberno pode facer caso omiso? Non pode facer caso omiso. Mire, agora mesmo, tíñamos un pleno convocado para o luns, polo teito de gasto, e estase producindo tal follón no Parlamento, que se non se aproba no Parlamento xa non hai pleno. Por que? O goberno propuxo un teito de gasto, e agora ten problemas cos seus socios de goberno, ata cos seus socios de goberno, e senón o sacan, hai que negociar. E que non queda outra, e que non queda outra. O PP e Ciudadanos xa dixeron que votaban en contra, de acordo, pero e que agora están polo visto... non faga demagogia, iso é fundir o país, unha cousa é tirar cartos e outra estirar o pé máis que da a manta. Sabe o que é estirar o pé máis do que da a manta? Iso é o que fan vostedes os socialistas. Cada vez que gobernan, gastan máis do que hai, e despois quedamos en banca rota, e ten que vir o PP ou as dereitas a repoñer o tema. Polo tanto, mire, vostedes teñen toda a obrigaición do mundo *Sr. Vilariño* a traer propostas, e nós temos todo o dereito do mundo a votarllas en contra, pero polo menos é un xesto... aquí aprobáronse dous alcantarillados por unanimidade e non se fixo nin un.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Eu dígollo co corazón na man, explíquenno como temos que facer para que non se sintan...eu vou...eu teño propostas para o seguinte pleno, evidentes, e eu non teño ningún problema en ensinarllas, porque para min non teñen ningún problema, de melloras para os veciños do noso Concello. Se llas ensino, non queren sentarse con nós. Se llas traio aquí se cabrean...

D. Xosé Crespo Iglesias. É cuestión de formas...non, non, é cuestión de formas. E vostede sabe moi ben como se pode facer. Polo tanto, é cuestión de formas. É cuestión de non meterlle ao contrario o dedo no ollo. É cuestión de non tomar aos demais por parvos. Solo iso, porque mire, nós ata o de aquí sempre fomos xente razoable, e inda agora coa espada de *Democles* que nos puxeron enriba da cabeza para intentar eliminarnos politicamente. Vostede viviu un período no que nós fomos bastante elegantes con vostede, non me faga arrepentirme. E sabe unha cousa? Non me faga arrepentir, porque vostede sabe como se pasa, cando tes no xulgado un tema pendente e non sabes como vai saír. E iso, que o faga un particular, está mal, pero que o faga un grupo político é fatal, e que o faga un grupo político respaldado polo goberno. Porque vostedes coa boca pequeniña, dixeron: non me parece ben, non me parece ben. E fixeron algo ao respecto para que lle parecera ben? Non. É máis, inda lle deron leña ao lume por detrás. Aquí coñecemos todos, aquí coñecemos todos. E o PSOE ben que se encargou de poñer nas redes sociais que nós tumba que taramba. Polo tanto, mire, unha cousa é predicar e outra é dar trigo. Eu, as persoas gústanme as que son serias, e as que cando dan unha palabra, como dicía meu avó, é un documento, e se iso fose así, non habería ningún tipo de problema...

D. Nicolás González Casares. *Crespo*, levas nove minutos falando.

D. Xosé Crespo Iglesias. Bueno, resumindo, resumindo...

D. Nicolás González Casares. Cal é? Dinos cal é a proposta, e sobre todo o procedemento. O procedemento estanos volvendo tolos, polo menos a Paco e a min, de como chegar a falar con vós.

D. Xosé Crespo Iglesias. O procedemento é: que convoquen un Pleno extraordinario, o antes que queiran e poidan. Un Pleno extraordinario, senón pedirémolo nós, xa llo digo tamén, senón pedirémolo nós, onde leven a modificación de crédito pola mesma cantidade que levaban hoxe no punto dous, e o metan para estes catro proxectos, e cando estean nese tema, facéndoo, se ven que hai algunha pega, dende o punto de vista técnico, chámennos. Nada máis. E entón, unha vez que se habilita o crédito... pois, sabe canto é o atraso con respecto ó proxecto de hoxe? O atraso con respecto ao proxecto de hoxe? Pode ser unha semana ou menos.

D. Nicolás González Casares. Ou mes e medio, que está dicindo que hai que redactar un proxecto para a praza de abastos. Está poñendo aí.

D. Xosé Crespo Iglesias. Mire unha cousa...

D. Nicolás González Casares. Como se redacta un proxecto nunha semana? E que tenme alucinado. Vostede fai así... e aparece un proxecto. Non había contratación nin nada.

D. Xosé Crespo Iglesias. Mire unha cousa, eu non lle vou ensinar a vostede a facer xestión. Ten que sabelo vostede.

D. Nicolás González Casares. Vale, si.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ten que estar aprendido, eu non teño inconveniente en dicirlle como se fai.

D. Nicolás González Casares. O proxecto da Praza de Abastos faise nunha semana.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu non teño inconveniente en dicirlle como se fai. Como nunha semana? Pero quen lle dixo unha semana?

D. Nicolás González Casares. Dixo vostede agora.

D. Xosé Crespo Iglesias. Quen lle di nunha semana? Eu digo, nunha semana, ter o acordo plenario para facer a modificación de crédito.

D. Nicolás González Casares. Pero para facer a modificación de crédito, teremos que saber máis ou menos canto costa o proxecto. Non se pode traballar no aire.

D. Xosé Crespo Iglesias. Mire...pero mire, vamos a ver, vostede quere...

D. Nicolás González Casares. Eu fágolle outra proposta.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede quere que eu lle demostre...

D. Nicolás González Casares. Eu co da Praza de Abastos, fágolle outra proposta, para iso, para esa ampliación.

D. Xosé Crespo Iglesias. Solo aceptamos propostas por escrito.

D. Nicolás González Casares. No bueno, pero aquí queda por escrito. Hai un señor aquí, que se chama Secretario, que vai recollendo todo por escrito. Entón, vai quedar por escrito. Eu fágolle unha proposta, que é traer, non conforme ao superávit, senón aos remanentes de libre disposición, unha cantidade que nos permita facer a redacción, é dicir, externalizar a redacción do proxecto da praza de abastos. Porque a parte, o que dixo vostede, hai cousas que se poden contratar fora, e contratámolo fora, os procedementos...

D. Xosé Crespo Iglesias. A ver, explíqueme como é a proposta. Pero seme claro.

D. Nicolás González Casares. A miña proposta é... co da praza de abastos, é moi simple, é dotar crédito, pedirémoslle a un arquitecto municipal que diga canto estima que costa a obra, en termos grosos, e a redacción do proxecto, porque iso nunha semana non se fai. El estima a obra e a redacción do proxecto. Dálle un custe a honorarios de redacción e a dirección de obra, e nese custe, o que sexa, dez, doce, quince, se vai por quince xa é licitación...

D. Xosé Crespo Iglesias. E entendendo facer unha...

D. Nicolás González Casares. E externalizamos o proxecto, e logo o que sexa, o que salga de aí, a cantidade que salga do proxecto...

D. Xosé Crespo Iglesias. Onde se mete?

D. Nicolás González Casares. Traémola a superávit ou pedimos unha subvención.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero o superávit se xa o gastamos todo...

D. Nicolás González Casares. Non que inda queda. Polo que estou vendo queda moito. Estou vendo que queda superávit home. Non teño as contas na cabeza, pero sei sumar. Vostedes tiveron hai un mes...

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale. Non, pero vamos a ver...

D. Nicolás González Casares. Claro, e que sen sentarnos e que...

D. Xosé Crespo Iglesias. Vamos a ver. Se hai un compromiso por escrito, de que con cargo a remanentes, en vez e ser desta modificación de crédito, de outra distinta, se mete, con cargo a remanentes de 2017, se mete, nós aceptamos.

D. Nicolás González Casares. A redacción do proxecto.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, a redacción do proxecto, pero despois se hai cartos para o proxecto, tamén se mete...

D. Nicolás González Casares. Si, pero...

D. Xosé Crespo Iglesias. Os cartos para o proxecto pódense meter, de remanentes se hai, ou senón das baixas das adxudicacións de obras tamén se poden meter. Ou non se poden meter? Aquí vai haber baixas importantes, ca cantidade de obras que ides sacar.

D. Nicolás González Casares. Hai que sumar moitas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, perfecto. Pero, é dicir, métense con cargo a remanentes, e se non houbera remanentes, con cargo as baixas das obras. E entón eu acéptolle...

D. Nicolás González Casares. Bueno, eu creo que isto está moi ben así...

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu acéptolle. O que si, eses 150.000 euros, que ían para tal, nós o que propoñemos é que vaian para sumidoiros, que van facer falta de sobra.

D. Nicolás González Casares. Si, pero, tamén lle digo...

D. Xosé Crespo Iglesias. Tamén pa eses mesmos que propuxemos.

D. Nicolás González Casares. Vailla facer falta proxecto e todo, e a min paréceme moi importante, é dicir, non sei, creo que antes da obra...

D. Xosé Crespo Iglesias. En teoría está feito. Non sei, nós non o vimos. En teoría, *Cuiña* dixo que nos ía mandar un avance que estaba feito

D. Nicolás González Casares. Creo que antes da obra é a idea, e a idea é un proxecto. É dicir, iso creo firmemente, e sen unha cousa falar da outra, normalmente é meter a pata. Como dicía antes no da praza de abastos...

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero entón, resumindo, na praza de abastos...

D. Nicolás González Casares. Pero mire, eu resumindo fágolle esa proposta, pero o que eu quero, e o que eu vexo, é que isto está moi ben aquí, pero sentándose dúas ou tres persoas, igual se arranxa moito antes. E esa é a proposta que lle fago.

D. Xosé Crespo Iglesias. De acordo.

D. Nicolás González Casares. E que creo que Paco e os compañeiros de goberno tamén van estar...

D. Xosé Crespo Iglesias. Vamos a ver, a praza de abastos, se hai garantías, de que se redacta o proxecto, traia aquí a modificación que lle votamos a favor para facer unha redacción externa, traíao aquí. Se a praza de abastos, hai garantías de que se acomete, unha vez que se faga o proxecto, cando se termine a execución do proxecto, cando estea o proxecto redactado, se hai garantías, se vostedes se comprometen no Pleno, a que se mete en remanentes, e se non houbera remanentes, dos remanentes...non son remanentes, pero das baixas que hai das obras, ningún problema. Pero eses 150.000 euros van para sumidoiros.

D. Nicolás González Casares. Eu creo...

D. Xosé Crespo Iglesias. Ou para pistas, doulle a escoller, sumidoiros ou pistas, danos igual.

D. Nicolás González Casares. Eu creo que témonos que sentar.

D. Xosé Crespo Iglesias. Inda mellor para pistas.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. A ver, para non andar aquí como... eu digo, non lle vexo problemas á negociación, partindo de que aquí, obviamente se levante o veto a algunha pista que eu creo que tiveron un gran desacerto, como noutra igual teñen un gran acerto, non o sei. Pero o gran desacertos estou seguro que o tiveron. Entón, eu o que non entendo é que isto pase cada quince días, se hai un Pleno extraordinario cada mes. Así non se pode funcionar. Entón, eu creo que hai acordos moi factibles...

D. Xosé Crespo Iglesias. De quen é a culpa? É nosa?

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Hostia! Eu de verdade, eu non me sinto...

D. Teresa Varela Fisteus. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu díxenlle, dende que pasou o da denuncia. Dende que pasou o da denuncia.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. A ver *Antonio*, o Plan Concellos, o Plan Concellos... claro e que o que non temos que negociar, porque temos... claro, e que o Plan Concellos, era o que faltaba *Antonio*. Pero vós que vos credes? Home non te pases, que vós vides da maioría absoluta, de toda a historia.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Pero como que non? Pero isto si, isto claro que hai que... estades diario co Plan Concellos. E o Plan Concellos? Ademais, que problema había en negocialo?

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdón, inda non está claro. Inda non está claro, Sr.

Vilariño. Inda non está claro, e se quere especulamos no tema, que o Plan Concellos. Cando nós trouxemos aquí unha proposta de facer unha obra con cargo ao Plan Concellos e se aprobou por maioría, non está claro que non tiveran que metela. Non está claro.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Mire, eu a proposta que nós facemos...

D. Xosé Crespo Iglesias. E eu falei con técnicos tamén, non está claro, vamos aceptalo, pero non está claro. Porque eu falei cos do CEPAM, e dixéronme que niso había dúbidas. Se hai dúbidas, non está tan claro que vostedes poidan facer solos... se o Pleno di unha cousa distinta, que poidan facer solos o Plan Concellos. Non está claro, que se nós planteamos un contencioso, ao mellor inda había que ver esas obras.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Pois planteeno. Cando o resolvan xa está.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pois precisamente para non paralas, porque se nós lle planteamos un contencioso, parámoslle as obras. E precisamente se nós aprobamos aquí...

D. Nicolás González Casares. Creo que vai suficiente tempo de moción. Levamos hora e pico debatendo esta moción. Creo que *Paco* vai facer unha proposta e rematamos a moción, sen máis.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. A ver, eu digo o seguinte, eu digo, igual que caeron no punto anterior estas cousas, eu digo que se retire isto, e sentarnos hoxe, o fin de semana ou o luns, poñede vós o día, agora non. Que a xente poida asistir, é evidente non? É dicir, eu a certas horas non podo. Falemos do paquete se queredes en global, sen ningún problema. Intentámolo. Igual non chegamos á acordo, punto, e nos levantamos, pero non teñades... O que non podemos estar como goberno é a diario é así. Entendedes? Aí hai cartos e se están facendo certas memorias para traelos aquí. Pero é que isto é o que temos que facer como goberno, e vos, se non queredes decídeo tamén, a ver...

D. José Antonio Rodríguez Fernández. A ver. Nós o que non queremos é que nos culpes da inactividade deste goberno. Porque mira *Paco*. *Paco*, se chegades a esta situación, por que é? Por que chegastes a esta situación?

D. Nicolás González Casares. Por inactividade non é, que propostas hai unha restrita delas.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Pero espera, déixame acabar. Estas pistas poderíanse arranxar co que está presupostado e metido nos orzamentos que tendes prorrogados?

D. Nicolás González Casares. Non.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Non? Cos millóns que quedaron de inversión real...

D. Xosé Crespo Iglesias. Algunhas cousas si e outras non.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. De inversión real, que non se executou? Co que non se executou?

D. Nicolás González Casares. Estás dicindo unha barbaridade *Antonio*.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. A ver *Toño*, e que non é certo.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. E entón, por que nos estades...e que sempre queredes levar todo a este lado. Entón, no orzamento...

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Pero che estamos dicindo, perdoa *Toño*, estamos dicindo que nós...e que eu a postura que estou dicindo, non variei un ápice. Estamos dicindo, nos sentamos a negociar, e unha negociación é para os dous lados, vale? Como se fixeron aquí varias. Entón, sentémonos. O que non me digades é, que non, que non, que non, e despois vindes aquí e dicides, chimpamos todo abaixo, porque non quixestes... e que non é certo, non é certo.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. E que nós o que non queremos é que nos culpes, quen tes que gobernar es ti.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Claro, e que por iso. Entón, hai dúas situacións. Como nós temos que gobernar, exacto, pero para gobernar non podemos ter unha maioría que bloquee ese goberno.

D. Xosé Crespo Iglesias. Home claro. E que pasa cando os gobernos non teñen maioría parlamentaria? Negocian.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. E que che estamos propoñendo?

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero vamos a ver...

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Pero que é o mesmo...pero vamos a ver...

D. Nicolás González Casares. Pero non queres.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Claro.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Falamos...

D. Nicolás González Casares. Que non quere.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero como que non quero? Como que non quero? Vós o que queredes é negociar...

D. Nicolás González Casares. A ver, o luns... a ver, eu fago...vou quedar de Alcalde uns días, entón...

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se enende fala co micro apagado.

D. Nicolás González Casares. Non. Vai ao médico e de vacacións.

D. Xosé Crespo Iglesias. As dúas cousas?

D. Nicolás González Casares. As dúas cousas. Fixo coincidir. Pero que quero dicir... bueno, creo que un Alcalde ten dereito a coller diso.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Nicolás González Casares. Bueno, é igual, foi ao médico. Hai que ter coidado tamén co que se di. Ben...

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se enende fala co micro apagado.

D. Nicolás González Casares. Dixo que ía ao médico. Eu díxenlle a vostede que un ía de viaxe, non lle dixen quen. Porque se xa lle digo quen, non cambia a hora nin de coña, con perdón...

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se entende fala co micro apagado.

D. Nicolás González Casares. Xa está, non? Cada un... de feito voules propoñer que o próximo Pleno...

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Nicolás González Casares. Non vou botarlle a culpa de nada, eu voulle dicir, eu voulle dicir o seguinte, o luns, poñan vostedes a hora da tarde, o luns pola tarde, sentámonos quen vostedes decidan. Se quere. Se non quere, falamos destas cousas

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Nicolás González Casares. Bueno, entón non quere.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Non. A ver, *Crespo*, o que non podemos é...

D. Xosé Crespo Iglesias. A proposta que vostede fixo... nós mantemos a moción, no proxecto da Praza de Abastos, acéptolle o que vostede dixo. Traia aquí a modificación de crédito ó próximo Pleno. E os cartos que tiñamos para a praza de abastos, 150.000. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Nicolás González Casares. Ata aquí. Mire, iso falarémolo. O que está claro é que nós ofrecemos o luns ás cinco, as seis, as sete, máis adiante non que temos Xunta de Goberno.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu acéptolle a proposta que me fixo, de o punto... o

proxecto catro, polos problemas que pode ter con Patrimonio. Deixalo pendente co compromiso aquí ante o Pleno de que o traia ó próximo pleno cunha proposta de modificación de crédito pa encargar o proxecto. Eu acéptolle iso. Entón quitamos o proxecto 1.4, deixámolo para máis adiante, con ese compromiso aquí en Pleno, e os cartos que pedíamos para a praza, 150.000 euros, métenselle á maiores ós camiños, punto. É o que aceptamos, e votamos así e listo. Porque así vai haber máis camiños. Cando queiran saben vostedes as formas de facelo.

D. Nicolás González Casares. Ademais...

D. Juan José Cruz García. Eu teño que falar un ratiño.

D. Nicolás González Casares. Ti xa non tes... xa consumiches os turnos *Juan*. Déixoche falar pero tes os turnos consumidos.

D. Juan José Cruz García. Bueno, pero iso está ben home.

D. Nicolás González Casares. Tiñamos previstas dúas mesas de contratación.

D. Juan José Cruz García. Xa che dixen que ti tes outro talante.

D. Nicolás González Casares. Bueno, pois tes un minuto. Veña.

D. Juan José Cruz García. Mira, obviamente hai moitos máis remanentes, non hai o problema. Cando digo que os remanentes poden quedar aí, a min non me preocupa que queden aí os veciños de Botos e os veciños de Dozón, de Losón, e os veciños que queren as súas obras, dálle igual que se fagan agora ou en xaneiro. Se vós cos vosos presupostos, que firmastes vós, e que vós mesmos redactastes, non sodes capaces de atender ás necesidades do pobo, ese é o voso problema. Se metestes máis para un lado, ou máis para o outro, e non o destes tramitado, iso é o voso problema. Isto é negociar, a min dáme igual que os remanentes queden parados, e así o volvo dicir, estades asumino...espera...estades asumino, posme nervioso, xa non dou dito todo nun minuto, como vou dicir todo o que teño na cabeza? Estades asumindo vós mesmo...

D. Nicolás González Casares. Non fai falta que digas todo o que tes na cabeza. Non fai falta.

D. Juan José Cruz García. Non fai falta, porque se non búscome algún problema, e bastantes...Van saíndo todos os problemas... que inda todo, con todo o que dixen de cabeza e inda nunca me tumbastes. Que estou aquí, representando a veciños e temperando da miña vela, e outros non sei se poderán dicir o mesmo. Ao mellor outros botaron a lingua a pacer moito máis ca min. Se está neste Pleno, *Vilariño* recoñecendo de que se senta a negociar esta semana, é antitética súa afirmación, de que non da tempo a acabar e de que nos sentamos a negociar os novos remanentes. É antitético, polo tanto...

D. Nicolás González Casares. Juan, remataches a túa intervención, creo que a moción está máis que debatida. Sr. Secretario, procedamos...

D. Juan José Cruz García. Si, e paréceme moi ben que se pare o proxecto da Praza de Abastos e que se adapte ás...

D. Nicolás González Casares. Ben, finalmente, finalmente...

D. Juan José Cruz García. Non deixas falar home. O proxecto da Praza de Abastos claro que me parece...

D. Nicolás González Casares. Juan, xa debatemos isto suficientemente. Quere o Interventor facer unha puntualización e posteriormente vamos a votar.

D. Xosé Crespo Iglesias. Sr. Tenente Alcalde, como queda? Queda o punto 1.4 que o retiramos, e que esa cantidade que ía...

D. Nicolás González Casares. Non, falamos despois, porque se non isto parece unha feira e non me entero...

D. Xosé Crespo Iglesias. Como despois? É o que imos propoñer nós para votar.

D. Nicolás González Casares. Pero propoñan...

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu fago esa proposta...

D. Nicolás González Casares. Di o Secretario que non é válida.

D. Xosé Crespo Iglesias. Que non é?

D. César López Arribas. Xa o dixen antes. Imos ver. Esta proposta, cando o expediente de modificación de crédito número oito se rexeitou; non ten sentido traela agora.

Neste intre auséntase da sesión a Concelleira D^a Teresa Varela Fisteus (CxG-CCTT) quedando o grupo de CxG-CCTT con dous (2) membros e sendo o total de asistentes de dezasete (17).

D. Xosé Crespo Iglesias. Bueno, pero en vez de chamarlle 8-P, que lle chamen como queiran. A min iso dáme igual. É dicir, nós pedimos que esa cantidade que viña con cargo a ese crédito, que se faga con cargo a outros créditos. Que hai que facer os proxectos? Pois fáganos e métanos, porque se o da Praza de Abastos é un problema, se o da Praza de Abastos é un problema, quitámolo. Quitamos o da Praza de Abastos, e entón facemos un proxecto de camiños, por ese valor, e un proxecto de sumidoiros por ese valor. Despois tráese a modificación de crédito aquí igual, porque con tal de estar adxudicado antes do 31 de decembro, é máis que suficiente.

D. Nicolás González Casares. A ver, o que vos quere lembrar o Interventor e o Secretario, é que nisto estades instando...

Sendo as 14 horas e 55 minutos abandona definitivamente a sesión D^a Teresa Varela Fisteus, quedando con dous o grupo CxG-CCTT e con dezasete o número total de asistentes.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, si, claro. Bueno, por favor, e que nós instamos. Vostedes pódeno facer ou non. Claro, iso dámolo por sentado, como fixemos ata agora. Nós instamos, quen o ten que ordenar é o Alcalde. Pero se quere ter o noso voto a favor, fai estas pistas, e se non quere ter o noso voto a favor, cando volva con outra modificación de crédito, votarémolle en contra. E se trae isto non hai ningún problema en votarlle a favor.

D. Nicolás González Casares. Bueno, pois procedemos á votación. Procedamos á votación.

Sometida a votación ordinaria a moción, con algunhas aclaracións anunciadas, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún

Abstencións: oito (8), tres (3) de CXG-CCTT, coa ausencia de D^a. Teresa Varela Fisteus, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC.

D. Nicolás González Casares. A diferenza de outros, non votamos en contra das pistas dos veciños.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non, parécenos ben. Iso quere dicir que nolas van a meter. Pois parécese moi ben.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

O grupo Municipal do Partido Popular considera que os remanentes de tesourería correspondentes ao exercicio de 2017, que figuran na modificación de crédito 8-P/2018 e que foron incluídos no segundo punto da orde do día da sesión plenaria de hoxe co expediente número 3819/2018, son excesivamente contiosos debido, fundamentalmente, ás carencias de xestión do actual goberno municipal. A existencia deses altos remanentes de tesourería, lonxe de ser froito dunha administración dilixente dos recursos públicos, derívase da falta dunha axeitada xestión dos orzamentos do 2017, que foran aprobados mediante unha moción de confianza unicamente co apoio en exclusiva do goberno. Aínda así, os integrantes do cuatripartito, evidenciando a súa incapacidade de xestión, nin tan sequera conseguiron investir e gastar o que eles mesmos propuxeran, privando á cidadanía lalinense de diferentes obras e servizos que serían, ademais de desexables, necesarios.

Cando o goberno aprobou os orzamentos de 2017 mediante unha moción de confianza, desde o PP advertimos que non ían ser capaces de executar nin a súa propia previsión económica. O tempo volveu darnos a razón e, froito desta situación, no punto segundo do Pleno de hoxe debateuse un expediente para destinar a cantidade de 907,591,72 euros dos devanditos remanentes a dous proxectos: un de 519,472,70 euros para obras no rural, fundamentalmente camiños, e outro de 388,119,02 euros para o casco urbano, denominado Rehabilitación superficial e reforzo da avenida Xosé Cuíña e Avenida de Madrid.

Como é sabido, ao tratarse de remanentes de tesourería, para poder aprobar o correspondente expediente de modificación de créditos é necesario, de acordo coa normativa vixente, que sexa o propio Pleno da Corporación o que se pronuncie para a súa aprobación, polo que resulta obvio que para sacalo adiante é necesario dispor de maioría absoluta.

Na actual conxuntura política, o goberno de Lalín semella non ser consciente aínda de que non dispón da maioría suficiente no Pleno para sacar adiante as súas propostas de forma unilateral. Semella non ser consciente de que, cando menos, debería dialogar e negociar coa oposición, cousa que non só non ocorreu, senón incluso todo o contrario, posto que a pesares das advertencias previas, incluso se pretendeu enganar e desprezar a oposición. Por estes motivos, desde o Partido Popular queremos presentar mediante esta moción de urxencia unha proposta alternativa á elaborado unilateralmente polo goberno.

As orixes desta decisión remóntanse á advertencia realizada hai uns meses cando, nun Pleno ordinario, informóuselles por parte deste voceiro que se querían chegar a un acordo co Grupo Municipal do PP para pactar un paquete de obras que englobase o Plan Concellos, actuáramos en consecuencia. Naquel entón, por parte do goberno local respondéusenos que nos chamarían, feito que nunca a producirse, faltando á súa palabra unha vez máis.

O goberno local chegou a anunciar a través dos medios de comunicación un proxecto de afirmado de camiños por importe de 519,472,70 euros, con obras que elixiron ao seu antollo, de forma totalmente unilateral, sen dirixirse ao Grupo Municipal do PP en ningún momento e organizando unha encerrona aos pedáneos dalgunhas parroquias para tentar escenificar que eran eles os que escollían as obras, cando a realidade era moi distinta. Por parte de Grupo Municipal do PP visitamos nós últimos días as zonas das obras incluídas en dita relación e tamén falamos coa meirande parte dos pedáneos para aclarar o noso posicionamento respecto a esas actuacións e sobre o modo de proceder do cuatripartito, posto que observamos que algunha das obras xa a pedíramos nós con anterioridade e que outras non nos parecían tan urxentes e mesmo algunha entendemos que é pouco ortodoxa.

En canto ao proxecto de Rehabilitación superficial da Avenida Xosé Cuíña e da Avenida de Madrid por importe de 388,119,02 euros, desde o Grupo Municipal do PP entendemos que se ben é certo que ten un anaco deteriorado no carril dereito subindo –entre o Lalín Arena e a glorieta fronte ao concello- que se debería reparar con urxencia, cremos que o resto deste vial está mellor ca outras moitas rúas de Lalín, polo que consideramos que hai outras necesidades máis importante e urxentes en Lalín a día de hoxe. Asemade, se lembramos que o goberno informou nos medios de comunicación que na Avenida Xosé Cuíña xa ían destinar preto de 400.000 euros a través do Plan DUSI, cremos que é excesivo destinar arredor de 800.000 euros para arranxar un tramo dunha única rúa do casco urbano.

En todo caso, visto que nin sequera houbo intentos de negociar absolutamente nada co Partido Popular, unha vez convocado o Pleno decidimos manter unha reunión de traballo co Concelleiro non adscrito para tentar elaborar unha proposta alternativa, que se traduce nos seguintes

O Pleno da corporación municipal ACORDOU:

1. *Redistribuir e destinar a totalidade do importe correspondente ao expediente de modificación de créditos 8-P/2018, que ascende a 907,591,72 euros, á execución de catro proxectos:*

1.1- Proxecto de afirmado de camiños no rural (que xa conta co proxecto redactado polo técnico municipal) por importe de 431,420,98 euros cuxa relación se aporta no anexo I desta moción.

1.2- Proxecto de afirmado de camiños no rural (pendente de redactarse) por importe de 126,170,74 euros, cuxa relación apórtase no anexo II desta moción. Inclúranse as obras recollidas no anexo ata seguindo a orde de prelación ata esgotar a citada cantidade, deixando as restantes para acometer con cargo ás distintas baixas que se poidan producir nas adxudicacións dos distintos plans de obras.

1.3- Proxecto de sumidoiro no rural (pendente de redactar) de Milleirós, Souto e Outerio, na parroquia de Losón, e dos lugares de Fontao, Somoza e Ateán, na parroquia de Botos, por importe de 200,000 euros.

1.4- Proxecto de remodelación integral da Praza de Abastos: redacción do proxecto global e adxudicación dunha primeira fase por importe de 150.000 euros, ademais do que poida conseguir o goberno local doutras administracións, como Xunta de Galicia ou Deputación de Pontevedra.

2. *Instar ao Alcalde a encargar os proxectos referidos nos puntos 1.2, 1.3 e 1.4 á maior brevidade posible para poder adxudicar ditas obras antes de finalizar o prazo o vindeiro 31 de decembro.*
3. *Instar ao Alcalde a convocar o antes posible un pleno extraordinario para darlle trámite formal de acordo cos requirimentos de Intervención ás propostas desta moción.*

Anexo I:

Proxecto: Medición Camiños 2018.

Capítulo	Importe
Capítulo 1. Pista campo de fútbol Cercio	4.623,03
Capítulo 2. Acceso da pista de cello a ctra. de Brántega	2.857,98
Capítulo 3. Pista de Cangas a pista de Cancelas	17.160,44
Capítulo 4. Pista de Vilamea- Igrexa de Sello	13.584,10
Capítulo 5. Pista de Castro de Abaixo a pista de Sampaio	6.593,23
Capítulo 6. Pista de Castro de Arribas	27.565,58
Capítulo 7. Pista de Saborida	4.271,03
Capítulo 8. Hormigón en Bustelos	2.386,77
Capítulo 9. Pavimentación hormigón camiño Casa do Monte-Bustelos	4.888,19
Capítulo 10. Reforzo pavimento en Cotarelo	13.307,00
Capítulo 11. Afirmado tramo camiño Montserrat	2.999,72

Capítulo 12. Recrecido pavimento pista Moneixas (Local Social e entorno Igrexa)	9.251,87
Capítulo 13. Pista estación de Botos-Casa de RENFE	7.285,99
Capítulo 14. Recrecido con hormigón camiño en Carballude-Donsión	8.371,41
Capítulo 15. Reforma tramo pista de Medelos a Botos	31.897,88
Capítulo 16. Reforzo firme tramo pista en Porto-Botos	6.039,99
Capítulo 17. Rampa en Gondariz Grande-Vilatuxe	5.890,67
Capítulo 18. Acceso Pradoxao-Prado	21.382,42
Capítulo 19. Muro de sostenimiento pista de Madriñán	8.391,52
Capítulo 20. Pista dende a estrada das Cruces a pista de Camposancos (local...)	4.598,80
Capítulo 21. Pista de Barcia a Outeiro	33.210,79
Capítulo 22. Pista de Carballeda a Muimenta	48.171,69
Capítulo 23. Reforzo firme tramo antigo PO-902 (Barreiro- Vilanova)	10.805,62
Capítulo 24. Gestión de residuos	583,00
Capítulo 25. Seguridad y salud	3.500,00
<hr/>	
Presupuesto de ejecución material	299.618,72
13% Gastos generales	38.950,72
6% Beneficio industrial	17.977,12
<hr/>	
Suma	356.546,27
21% IVA	74.874,71
<hr/>	
Presupuesto de ejecución por contrata	431.420,98

Anexo II:

Obras a incluír no proxecto afirmado de camiños no rural

Capítulo
Capítulo 1. PISTA MUIENTA - LAMAS DE CADRÓN (DOBRE TRATAMENTO).
Capítulo 2. PISTA MADRIÑÁN - GRELA (DOBRE TRATAMENTO).
Capítulo 3. PISTA IGREXA - CRUCEIRO - ANZO (AGLOMERADO).
Capítulo 4. PRAZA DA IGREXA EN GOIÁS (AGLOMERADO).
Capítulo 5. ACCESO SUR DE SAN XURDO - CRISTIMIL (AGLOMERADO).
Capítulo 6. PISTA CIMA DE SELLO - FONTECABALOS (AGLOMERADO).
Capítulo 7. PISTA OUTEIRO - HERMIDA - FILGUEIRA (DOBRE TRATAMENTO).
Capítulo 8. CRUCE EN RAMIL - GRESANDE (AGLOMERADO).
Capítulo 9. PISTA CANTEIRA DE ALPERIZ -VAL DO BOI (DOBRE TRATAMENTO).
Capítulo 10. PISTA MACEIRA - LÍMITE RODEIRO (AGLOMERADO).
Capítulo 11. PISTA DA CASETA - XAXÁN (DOBRE TRATAMENTO).
Capítulo 12. PISTA LEBOZÁN - IGREXA (AGLOMERADO).
Capítulo 13. ACCESO IGREXA DE BENDORIO. NORTE (AGLOMERADO).
Capítulo 14. MURO DE CONTENCIÓN EN GALEGOS.
Capítulo 15. PISTA CHARES GRANDE-CERCIO-CHARES DO OUTEIRO-CAMPOSANCOS. (AGLOMERADO).
Capítulo 16. ACONDICIONAMENTO CAMIÑO DE CASTRO-A LAGOA (FIRME ORDINARIO).

1.2. Relación de pistas priorizadas ata esgotar o orzamento previsto para o proxecto

18.- EXPEDIENTE 3924/2018. ROGOS E PREGUNTAS. PLENO 27 07 2018.-

D. Nicolás González Casares. Veña, rogos e preguntas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdón, eu simplemente quería dicir que eu tiña preparada... nós, por parte do Grupo Popular, tiñamos preparada aquí unha moción de urxencia, que non a imos tramitar por tratarse dun día raro, onde o Alcalde tívose que marchar e Tomás non está. Podía parecer que aproveitamos esa debilidade do goberno para facer fincapé, e non o imos facer. Polo tanto, xa a traeremos para outro Pleno ou cando estimemos oportuno. Si que rogos e preguntas, si temos.

D. Nicolás González Casares. Vale. Pois adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben. Rogos.

ROGO.- Eu prégolle que non utilice vostede a técnica de *Cuíña* comigo, que sabe que non lle dou resultado.

D. Nicolás González Casares. *Pero eu non teño ningunha técnica.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Cando queira negociar algo comigo, como o cambio de un Pleno, non me engane. Vale? Non me engane, porque despois ao final é peor. Se me di a verdade...

D. Nicolás González Casares. *Non me engane vostede, que me dixo as oito, e logo díxome que non.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Perdóeme. Si, si, foi certo. E foi certo cando eu che preguntei: pero que problema pasa? Porque iso falámolo persoalmente, non por whatsapp, e disme: e que marcha o avión a unha. Mire, son as tres, inda que estiveramos no Pleno as oito, se lle marcha o avión a unha, é imposible que non se teña que ir do Pleno, porque marcharía de aquí as doce.

D. Nicolás González Casares. *E se lle conto que sei que a súa familia marchou nun avión, e el colleu outro para marchar máis tarde...*

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale. Pero, pero, non ve...pero entón non me engane, cando sae pola porta dicindo que teño que ir ao médico.

D. Nicolás González Casares. *E foi, e foi ao médico.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Nico, eu solo che pido, que se realmente queredes...

D. Nicolás González Casares. *Aquí pon: el paciente, D. Rafael Cuíña Aparicio...*

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, por favor, non mo leas...

D. Juan José Cruz García. Pode ir no coche oficial? A que hora? Le a hora...

D. Xosé Crespo Iglesias. Non mo leas que inda é peor.

D. Juan José Cruz García. LeA a hora que rematou iso home.

D. Xosé Crespo Iglesias. Olle, non o leas que é peor.

D. Juan José Cruz García. A que hora rematou a consulta? E onde foi?

D. Xosé Crespo Iglesias. Non queiras facer coma Cifuentes.

D. Juan José Cruz García. Que volva. Que volva para o Pleno cumprir co seu cargo. Aquí...marcharse de aquí. Se non quere ser Alcalde que marche.

D. Xosé Crespo Iglesias. *Nico*, pero vamos a ver, quen di iso? Eu o que non quero é que me engane. Pero vamos a ver, vamos a ver, a min... *Nico*, a min díseme... porque eu non quero quedar de malo na película que non son. A min díseme, que algunhas persoas, máis dunha, queren marchar antes, e dígoche eu, vale pois entón xoves as oito, pero vou falar co meu equipo por se teño algún problema. Poño no noso grupo de WhatsApp, e dime unha persoa... que eu necesito o voto del, eu non sabía que non estaba *Tomás*. Eu necesito o voto del, e dime unha persoa: eu as oito non dou chegado, eu incorpórome as nove. Pero claro, obviamente o punto dous é o crédito que queremos votar en contra, co cal xa che digo, non pode ser por isto. E dígoche: pero é un tema moi importante? Non, que marcha o avión... vamos a ver, a min se me chegas a dicir, que non é porque a ninguén lle marcha un avión. Se me chegas a dicir que é un tema de saúde, ti cres que che ía poñer eu algunha pega? Ti cres que che ía poñer eu unha pega?

D. Nicolás González Casares. *Vale, escoita, de saúde había un, e non o podía dicir.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, pero, vamos a ver. O que non me podes dicir, é unha cousa cando é outra. Dime a verdade que non pasa nada, porque eu asegúroche que se o problema, era un problema de ir ao médico, a min disme en vez de as nove as oito, e non che poño ningunha pega. Como se temos que empezar...eu diríache: olle, mira, eu as oito non teño unha persoa, déixame un voto máis para iso, punto. Era o único que che pediría. Co cal non había ningún problema. Polo tanto...

D. Nicolás González Casares. *Non se entende. Fala co micro apagado.*

D. Xosé Crespo Iglesias. A ver. *Nico*, mira, todo o mundo ten dereito, todo o mundo ten dereito a ir de vacacións. Vale. O que pasa, é que eu non sei porque esa... a min se me marcha un avión, e voume de vacacións coa familia, pa min é unha causa de forza maior. Polo tanto a min paréceme normal irse, perfectamente, paréceme normal. O que non me parece normal, é que engane unha vez máis.

D. Nicolás González Casares. *Non se entende. Fala co micro apagado.*

D. Xosé Crespo Iglesias. Vale, de acordo. Non perdamos un minuto. Eu solo che pido que cando haxa que facer calquera cambio, e sexa por un tema de saúde, que se me diga, punto. Aí cedo en todo. Agora ben, igual pido o comprobante correspondente. Pero eu pídeme, eu nun tema de saúde cédoche sempre, sempre,

como se queres cambialo dun día para outro.

D. Nicolás González Casares. *Ti me dixeches claramente; non podemos porque algún de nós está moi lonxe, de vacacións...*

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, certo.

D. Nicolás González Casares. *Non vou dicir quen, e amárgalle...*

D. Xosé Crespo Iglesias. Ten que levantarse moi cedo...

D. Juan José Cruz García. E preguntáchesme a min? E preguntáchesme a min? E pódese ter o Pleno sen o meu consentimento? Preguntáchesme a min?

D. Nicolás González Casares. *Non, se dez non poden, xa non falo contigo home. Primeiro teño que falar con eles e despois contigo.*

D. Juan José Cruz García. Se non falades nunca home.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben, sigo coas miñas...eu é o rogo que che fago, que se nos diga a verdade cando haxa que facer unha cousa destas. Eu creo que hoxe debeu quedar claro, que a denuncia que se nos puxo por parte de APAC, é unha denuncia política, e iso, obviamente lonxe de facilitar, enturba a vida política. Eu o que vos pido, é que por parte do goberno, con esta situación, onde nos metestes no xulgado, onde nos metestes no xulgado, porque nos metestes no xulgado e máis cousas, e máis cousas que xa supoño, que se vos xogades con esas ferramentas, tamén sodes conscientes de que nós podemos xogar con esas ferramentas. Eu simplemente fago ese rogo, como un rogo. Alá vós, se vós xogades con esas ferramentas, nós podemos xogar con esas mesmas ferramentas. Porque nós non somos máis parvos que ninguén. Unha tontería menor, pero que me incomoda cada vez que me pasa, unha cousa da que eu fun fundador, de que Lalín entrara nos *Linden*, fan aí un acto nunha praza, onde lle adicades unha praza aos *Linden*. Chéganos un correo as doce da mañá, para unha cousa as tres e media da tarde. A vós parécевos de recibo... iso é... eu cando recibo ese correo, prefiro non recibir nada porque me cabreo, me cabreo. Non estaba aquí. É dicir, os eu fun fundador cando empezamos con esa historia dos *Linden*. Eu houbera vido, non houbera faltado. Pero o que non é normal, a min que se me diga, por parte do goberno; e que nós non o sabiamos antes. Eu sencillamente non o creo. Non o creo, porque non pode ser que haxa un acto as catro da tarde, e que a nós se nos mande unha invitación, pa cumprir protocolariamente que non poidamos dicir nada, as doce. Están de testigos os meus compañeiros todos. Entón, oia, tede un pouco de respecto concho, tede un pouco de respecto, ou non nos invitedes, case o prefiro. Cando sexa así, se tedes un acto para dentro dunha hora, e non nos invitastes..."ai, concho non invitamos ao PP", non nos invitedes, non pasa nada. Protestamos algunha vez porque non nos invitarades a algún acto? Home, eu procuro, porque eu son membro do Padroado, que haxa ó final do curso do Padroado e que a Concelleira *Lara*, que non me invite, a un membro do Padroado, a clausura do curso, iso é de traca. Eu estou no Consello de Administración, xa non digo que invite a corporación, pero eu estou no Consello de Administración, por iso pedimos estar máis e ter suplentes. Polo tanto, claro que me queixo dalgunhas cousas. Ben. E logo un rogo xa menor, e remato. Mire, isto

chamoume a atención porque nós fomos ver as pistas todas que propuxeron vostedes, entón ao andar cos coches por alí e por aquí, pasamos un pouco por todo, e fomos ao Navallo, miren como está a pista do Navallo. O coche é vello, xa o raiei todo, ou sexa...isto son toxos, pero son toxos bravos, non colle nin un coche. Non é que incluso collan dous coches, non colle nin un coche. Pista de Navallo, pista de Navallo. Unha pista asfaltada, e ten toxos dun lado e doutro. Intenten pasar por alí e non le ven pantalón curto se é posible.

D. Nicolás González Casares. Non se entende. Fala co micro apagado.

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, si, si, si. Ben, nada mási pola nosa parte. Gracias.

Dª Paz Pérez Asorey.

PREGUNTA.- Si, non. Eu teño unha pregunta. Si, é unha pregunta en relación a que o pasado 21 de xullo deste ano, o grupo de baile e música tradicional A Carballeira de Cercio a súa habitual mostra de baile. Con dito motivo foi presentada, rexistrada, o día 2 de xuño unha solicitude relativa a que pedían o uso do pavillón, dende o venres 13 ata o domingo 22, ambos inclusive, e concretamente tamén para o día 21 de xullo o préstamo de 200 cadeiras. Bueno, pois en Xunta de Goberno, celebrada o día 9 de xullo se autoriza o uso do pavillón, pero se desestima o préstamo de esas 200 cadeiras, por considerar que estaban solicitadas e comprometidas con anterioridade para outros eventos. Posteriormente na Xunta de Goberno da semana seguinte, se fai unha corrección de erros, pero se mantén o mesmo, se desautoriza ese préstamo das cadeiras. Polo tanto, queremos preguntar, que actos ou actividades precisaron o uso desas cadeiras solicitadas. Pode que o número de cadeiras dispoñibles no Concello, que minimamente triplica o número das solicitudes, non fixese posible esa cesión? En que data e con que número de rexistro consta a petición autorizada previamente? En que sesión de Xunta de Goberno se autorizou o préstamo desas cadeiras? No caso de que non fose unha petición externa, e que se empregasen para unha actividade municipal, queremos saber para que actividade se tratou. Consideran vostedes con que con estas lamentables actuacións, carentes de todo tipo de rigor, e de responsabilidade cultural e política, é como se fomenta a cultura do noso pobo? Nada máis. Gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

D. Juan José Cruz García. Eu vouvolas pasar por escrito para non aburriros.

D. Nicolás González Casares. Bueno, pois, rematado o Pleno. *Dicirvos que o seguinte Pleno, que coincide o 31, normalmente o Pleno de agosto pasaba para setembro, verdade? Pero coincidindo o 31, non vale a pena, vale? Creo que mantemos o día, porque se non pasa a ser o sete, e é un cristo.*

E, sendo as **quince horas e dez minutos** do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas